

Antonio
FRAGUAS FRAGUAS

1905-1999

Antonio Fraguas Fraguas

1905-1999

Un home que traballou sempre
por e pra Galicia

Ofrenda no seu Centenario

Edición

Carlos García Martínez
María-Xosé Fernández Cerviño
Xosé-Manuel González Reboredo

Documentación

David Conde Lourido
Rosa M^a Méndez García
Belén Sáenz-Chas Díaz

Tradución e normalización lingüística

Xosé-Ramón Fandiño Veiga
Alexandra S. García Pose

CRÉDITOS FOTOGRÁFICOS

Arquivo Manuel Beiras García – Museo do Pobo Galego
Arquivo Antonio Fraguas Fraguas – Museo do Pobo Galego
El Correo Gallego
Instituto de Estudos Galegos P. Sarmiento
Instituto Lucus Augusti, Lugo
Instituto Rosalía de Castro, Santiago de Compostela
Museo do Pobo Galego
Real Academia Galega
Real Sociedad Económica de Amigos del País, Santiago de Compostela
Clodio González Pérez
Margen fotografía
Xenaro Martínez Castro
María del Carmen Ríos Panisse
Manuel Vilar Álvarez

Deseño

J.M. Gairí

Impresión

Agencia Gráfica

© dos textos: os autores

© desta edición Museo do Pobo Galego

ISBN-10: 84-88508-39-5

ISBN-13: 978-84-88508-39-5

D.L. C-3275/2006



ÍNDICE

- 9 Presentación de Ánxela Bugallo, Conselleira de Cultura e Deporte
- 11 Presentación de Isaac Díaz Pardo, Presidente da Fundación Antonio Fraguas Fraguas e do Padroado do Museo do Pobo Galego
- 13 Presentación de José-Carlos Martínez Cimadevila
- 15 Limiar dos editores
- 18 O galeguista de Cotobade
Francisco Fernández del Riego
- 24 Antonio Fraguas Fraguas, 1905-1999. Vida e obra
Clodio González Pérez
- 90 O etnógrafo Antonio Fraguas
Xosé Manuel González Reboredo
- 118 O profesor Antonio Fraguas e as súas achegas á historiografía
galega do século XX
Antonio Eiras Roel
- 146 A xeografía na obra de don Antonio Fraguas
Lois Guitián
- 152 Don Antonio Fraguas: unha vida dedicada á docencia
M^a Xosé Enríquez Morales
- 180 O soldado fiel
Justo Beramendi González
- 196 Na rodeira do Seminario de Estudos Galegos
Carlos García Martínez
- 226 Os doce mil fillos de don Antonio (e unha manda de afillados)
María-Xosé Fernández Cerviño
- 246 A relixiosidade de don Antón Fraguas
Manuel Xesús Precedo Lafuente
- 256 Bibliografía
Rosa M^a Méndez García
coa colaboración de Patricia Gómez España e Sandra Vázquez Gómez

Falar de don Antonio Fraguas é referirse á entrega ao estudo científico de Galiza como parte imprescindible para a súa definición como pobo e como nación. Home dunha extraordinaria capacidade intelectual e de traballo, a vida de Fraguas está marcada de xeito determinante polos lugares que consideraba seus e polo empeño por documentar, transmitir e reivindicar a cultura popular galega; lugares como Santiago de Compostela, cidade na que viviu desde mediados do século pasado logo do exilio interior sobrevido pola depuración posterior ao golpe militar de 1936 como pago pola súa militancia galeguista.

A súa orixe rural na Terra de Montes plasmouse en todo o seu traballo como etnógrafo, xeógrafo, historiador e, de por parte, como docente, tomando conciencia da vocación que o guiará sempre ata o final da súa vida para investigar, defender, impulsar e difundir todas as facianas da nosa cultura. Este coñecemento profundo e meditado da realidade galega foi unha ferramenta de autodefensa e de cohesión en momentos difíciles, e foi unha axuda vital para dotar ao nacionalismo dun discurso complexo, rico e integrador dentro da realidade plurinacional da Península Ibérica.

Falar de don Antonio Fraguas é explicar como se pode encarnar nunha persoa unha total entrega ao seu país e unha permanente bonhomía cos seus compatriotas, sen rancores nin vinganzas, con agarimo e pracer por ensinar e compartir o seu tempo e os seus saberes. De Fraguas destácase sempre ese consenso arredor do seu carácter afable que o personalizou e que o fixo ser apreciado en todas partes e por varias xeracións, ao longo dunha vida dilatada de compromiso coa cultura galega. Destaca o seu amigo Francisco Fernández del Riego nestas mesmas páxinas que “foi notable profesor, conferenciante distinguido, galeguista respectado, historiador ameno e etnógrafo de agudo pensamento”, unha definición incontestable pero, quizais, incompleta porque en Fraguas todos os que o coñeceron salientarían, sobre todo, a súa exemplar condición humana, humanitaria, que representa con pureza o espírito que inspirou a creación do Seminario de Estudos Galegos en 1923 para traballar sobre Galiza desde unha óptica complexa e multidisciplinar.

O Seminario de Estudos Galegos, as Irmandades da Fala, o Partido Galeguista, a Real Academia Galega, o Museo do Pobo Galego ou o Consello da Cultura Galega foron algunhas das entidades, institucións e partidos políticos que contaron co traballo honesto de Antonio Fraguas. A súa figura simboliza a evolución ata os nosos días do galeguismo cultural, e en menor medida do político, desde aquela xeración de vitalidade inigualábel que representou a Xeración Nós e o Partido Galeguista. O seu labor a prol da reivindicación de Galiza como pobo, enchoupado ademais dun profundo amor, ha ser determinante na configuración da Galiza actual e futura.

Ánxela Bugallo Rodríguez
Conselleira de Cultura e Deporte

RELEMBRANZAS DE D. ANTONIO FRAGUAS

Dizer algo logo do que dixo de don Antonio Fraguas a nosa fraterna Conselleira Anxela Bugallo, e do que dirán os mestres e profesores que escriben neste caderno non é cousa doada, se o que quixer non fose repetir o mesmo que con maior erudición dirán os meus amigos. Aínda así, o feito de que este galego sabio, bo e xeneroso fose un integrante do Seminario de Estudos Galegos, en cuxa sección de xeografía, presidida por Otero Pedrayo, traballou ao lado de Martínez López, Vicente Risco, Xurxo Lorenzo e Álvaro de las Casas, é toda unha garantía do seu saber e do compromiso coas causas xustas sen as que o saber tería pouca utilidade para a vida dos pobos.

Limítome, pois, a recordar algo dos tempos idos. O recordo no taller do meu pai, pode ser de cando ingresou nas Irmandades da Fala, da que meu pai instalado en Santiago dende o ano 20, traía a Santiago a voz promotora da Irmandade coruñesa. Tamén o recordo no Seminario de Estudos Galegos, onde ía con frecuencia acompañando o meu pai. E alí a quen máis viamos era a Álvaro de las Casas, que me daba a impresión de que non saía de alí e que el e meu pai queríanme meter no dos Ulteira, mais que non perderan o tempo en tratar de convencerme. Non sei de onde me viña, con trece anos, a intuición de que por aí non se ía a parte boa algunha.

Logo lémbrome de coñecelo no Instituto da Estrada a onde fixeramos unha excursión os alumnos da Academia Gelmírez, co seu director don Xosé Teixeira, outro dos perseguidos do franquismo. No Instituto da Estrada reunímonos con Fraguas e con Bouza Brey.

Na América temos falado moito de Fraguas con Núñez Búa, pois os dous se atopaban vinculados por Cotobade, lugar no que pensaban que se atopaban as esencias da Galiza, que baixaban co Lérez a Pontevedra. A un iluminábanselle os ollos con Carballedo e ao outro con Tenorio. Por certo que con este topónimo sucedeu algo insólito. Nunha das miñas viaxes a América tocoume a carón dun profesor que exercía en América, natural

de Cotobade. Falando de que eu traballaba cun de Tenorio, ou Río Tenorio, díxome que ese tiña que ser un señorito que aceptara o nome que lle puxo á bisbarra a garda civil, que o nome desa comarca é Ritanoiro, con base de ritus. Non me lembro do nome deste profesor que en principio cabreou moito a Núñez Búa, cando llo contei, máis logo de recapacitar dixo que podía ser que tivese razón. Este incidente toponímico conteillo a Fraguas, que se limitou a dicir que estaba todo sen estudar e que podía ser.

Se hai un ser exemplar que soubo perdoar cunha elegancia infinita, disculpando todo o que lle fixeron facer na cadea da Estrada, este é don Antonio Fraguas. Entre as moitas cousas que están por facer, está unha biografía que conte como aconteceron as vidas dos homes en xullo do ano 36, sobrevoando a elegancia dos homes como Fraguas, o que nos condicionaron os corenta anos que seguiron, pois se non reconstruímos esta historia sen pretensións de pedir contas a alguén ficarán as raíces cortadas e o noso comportamento sufrirá das eivas que nos corresponden a cada quen.

Isaac Díaz Pardo
Presidente da Fundación
Antonio Fraguas
e do Padroado do Museo do
Pobo Galego

A maneira de ser de Antonio no seu entorno familiar era practicamente a mesma, salvo na confianza, que no seu trato cos demais: afable, sinxelo, disposto a escoitar, cun segundo plano de sensatez, realismo e equilibrio nos seus xuízos e opinións.

Fillo excelente, do que o seu pai antes de morrer gabábase de que nunca lle dera un desgusto na vida, moi cedo lle tomou afecto á familia de Teresa, tanto que nos anos nos que conviviu con ela na posguerra, era el quen estaba pendente de sacar a pasear á súa sogra.

Ao recordalo, a memoria condúceme aos meus tempos de estudante, nos que recorría a el para facer os traballos de redacción, que para min eran ben dificultosos. Non se cansaba de dicirme que me soltara, que escribise como se se tratase dunha carta, con naturalidade e sinxeleza, pero ante a miña insistencia acababa por facer el o relato. Nunha ocasión o tema era describir unha casa de aldea: fíxoo pensando na dunha súa veciña de Loureiro; a sorpresa veu na nota obtida: “7, por ser copiado de Valle Inclán”. Moito nos temos rido, aínda anos despois con iso.

Esta anécdota subliña una faceta da súa persoa: a de estar sempre disposto a prestar a axuda requirida, sen estridencias, pero non só aos seus, senón tamén a próximos ou lonxanos, sempre que esa axuda non prexudicase a ninguén.

Como bo galego era amante da boa mesa, pero sen excesos, e os meus irmáns e máis eu participabamos dela, pois todos os xoves íamos comer á súa casa de Doutor Teixeiro, onde a nosa tía Teresa, experta en entrantes e saíntes, como a el lle gustaba dicir, sorprendíanos con algunhas habilidades culinarias.

Encantáballe viaxar e, aínda que só puido facelo de xeito limitado, botaba en falla as viaxes a Portugal pero con certa tristura, pois deixou de ir aos congresos que alí se celebraban despois de que no último ao que asistiron, un policía español lle rexistrase o bolso a Teresa.

Nembargantes, do que gardaba un especial cariño era da que el chamaba “a experiencia francesa”. Foi unha viaxe en autobús organizada pola Alianza Francesa de Santiago a París, en abril de 1966, e que tan gratas anécdotas compartiu cos composteláns que íamos.

Cando, anos máis tarde, lle amosábase as fotos dalgunha viaxe a outros países, gustáballe que llas describíramos activamente, coma se fose unha película da mesma, por dicir así que lle parecía que tamén el fora.

Como amante da familia que era, sendo nenos, instounos a pasar unha tempada a finais de curso en Lugo. O afecto que lle tiña a esa cidade, onde puido exercer de novo plenamente a súa vocación innata de mestre, contaxiounolo a nós, pois coñecemos Lugo da súa man, e tanto el coma Teresa colmáronnos de caprichos e atencións, ocupando para sempre esa cidade un lugar especial na nosa memoria.

Das vexacións que sufrira no 36 apenas falaba, só nos últimos anos contaba algo solto; nós fómonos apercebindo ás pingueiras ao longo dos anos, pero sabiamos que lle resultaba moi penoso e humillante recordalo e endexamais lle pedimos que nolo relatara.

Ao longo da súa vida non perdeu un ápice dos seus ideais; como a tantos outros, tocoulle vivir unha gran parte da súa existencia nunha época onde os seus principios e pensamento político víanse obrigados a envolverse nunha néboa, mantendo un difícil equilibrio coa súa dignidade.

Tiña Antonio unha natureza forte, tanto que durante os anos que Teresa estivo impedida, era el quen a coidaba de noite, sen que en ningún momento se queixara o máis mínimo, precisando só das imprescindibles cabezadas despois da comida.

Posuía un xenio vivo pero fugaz, que só vimos en moi contadas ocasións e case sempre a causa da impotencia fronte a enfermidade, como cando se apercebiu do irremediable mal da súa querida cuñada, e deu unha puñada na mesa que nos asustou a todos os presentes.

Nos derradeiros días da súa vida, ao seu enfado ante as limitacións que lle ocasionaba a enfermidade sucedíalle outro máis grande por telo feito; Elena e máis eu deixábase que se calmase e cando o acariñábase dicía: Pero por que serei así!

Antonio foi para todos nós moito máis ca un tío e padriño querido e admirado, e debemos agradecerlle ao destino que Teresa e el se amaran e por iso coincidiran as nosas vidas.

José Carlos Martínez Cimadevila

LIMAR

Cando, o 28 de decembro de 2005, se cumpriu o centenario do nacemento de don Antonio Fraguas Fraguas, a Fundación que leva o seu nome e mais o Museo do Pobo Galego impuxéronse o deber de dedicar un libro e unha exposición na súa homenaxe. Homenaxe obrigada a quen entregou boa parte da súa vida e do seu legado a ambas as institucións, e tamén recoñecemento querido polas persoas que tivemos a honra e a fortuna de compartir con el estas arelas.

Un ano de labor cúmprese agora coa presentación do libro e a exposición. Non foi doado concertar tantas colaboracións como requiría o amplo perfil do noso mestre. Mesmo é probable que ese perfil non estea tan acabado como quixeramos. Mais a xenerosidade dos participantes neste volume fixo por fin posible dar á luz este tributo de admiración e de afecto, porque unha achega á personalidade de don Antonio, por máis que se pretenda obxectiva e científica, non pode prescindir desa dose de cariño que o seu modo de ser suscita en cantos o coñecemos.

Aínda que o lector pode atopar cumprida información sobre a vida e obra de don Antonio nas páxinas que seguen, parece oportuno salientar aquí, no limiar deste libro, algunhas cuestións que planean sobre o conxunto da súa biografía. En primeiro lugar, destacamos a súa orixe rural, de neno criado nunha aldea do municipio de Cotobade, onde tivo unhas vivencias que o acompañarán durante todo o seu longo percorrido vital, con evidentes pegadas tamén nos seus escritos e no seu estilo narrativo. Abandonada a súa primeira vocación de emigrante no Brasil, camiño seguido por moitos paisanos seus, acabou consagrado á construción e difusión dun ideal de Galicia. Acaeríalle de medida, parafraseando as semblanzas dos frades ilustres que aparecen nos atados e documentos dos nosos mosteiros: galego de nación, natural de Loureiro de Cotobade.

Profesou, en verdade, desde moi novo no galeguismo, ao que serviu con afouteza e entrega. Varón ilustre, honorable, humilde e sapientísimo, traballou sempre con abnegación, *por e pra Galicia*, como tantas veces afirmou, fiel a un ideario galeguista que agroma dende os seus anos mozos en Pontevedra, e que se consolida en Compostela, para continuar sen interrupción ata o seu pasamento, como facendo garda permanente a unha frase incluída nun primeiro escrito seu, publicado no periódico *A Nosa Terra* en 1929, onde dicía:

“David continúa tocando na viola con máis ledicia, ollando chegar logo o día da redención en que ás portas da eirexa compostelá ouvirase o Himno da Nosa Terra”.

Como home do vello Seminario de Estudos Galegos, foi seguidor do ronsel de persoeiros como Vicente Risco, Florentino Cuevillas ou Ramón Otero Pedrayo, pero tampouco deixou de salientar a pegada que nel deixaron os seus primeiros mestres en Pontevedra, Castelao e Losada Diéguez, ou o sempre amado compañeiro de inxerencias xuvenís, Sebastián González García-Paz. Comprometido sen reserva co que a terra demandaba naquel momento histórico, non circunscribiu a súa procura a un só eido do coñecemento, senón que abrangueu moi diversos saberes. Igual que outros compañeiros de xeración, incidiu en case todas as facianas que caracterizan a nosa cultura e historia. Don Antonio Fraguas foi etnógrafo, arqueólogo, historiador, comentarista de arte, xeógrafo, home político... Todos estes aspectos da súa vida analízanse no presente volume. Os seus traballos, como todo o que sae das entrañas do pobo, son sinxelos no seu rigor, interesantes e asequibles para todos. Pero foi, ante todo, mestre. Docente e mestre que nos ensinou a todos, coa súa vida de home de ben, as virtudes xenuínas do galego. Por iso non podía faltar nesta obra un apartado dedicado ao seu labor docente na Universidade Compostelá, en Institutos da Estrada, Lugo e Santiago, ou na Academia “Menéndez Pelayo” desta última cidade. En todos estes centros de ensino contribuíu a formar a moitas xeracións de alumnos e alumnas que sempre o consideraron non só un ameno profesor, senón, sobre todo, unha especie de pai agarimoso que sabía comprender e mesmo escusar as torpezas dos comezos da vida.

A bondade profunda e a xenerosidade de don Antonio foron as manifestacións públicas do seu carácter. Un home de corazón san, sen envexas, é hoxe, aquí, algo extraordinario. Nin os desacougos e sacrificios, que non foron poucos na súa andaina vital, trocaron o seu xeito de ser, a súa excepcional calidade humana. No seu plano máis íntimo gardaba, porén, o pouso de amargura que deixaron no seu ánimo a persecución, o desleixo, as decepcións que son o contrapunto inevitable da existencia. Sentimentos que sempre gardou para si e que nunca exhibiu, que nunca utilizou como coartada nin como chantaxe para conseguir os seus obxectivos. A súa afabilidade de trato xunguíase á sinxeleza natural, á modestia e a un moi particular sentido dun humor retranqueiro. Esta actitude seguramente veuse reforzada por outro aspecto da persoa que non se pode pasar por alto. Referímonos á súa fonda relixiosidade, manifesta na devoción que sempre lle tivo ao Apóstolo Santiago, patrón da súa parroquia natal de Loureiro de Cotobade, e tamén da cidade de Compostela, na que desenvolveu a maior parte da súa vida.

Sinalaba don Luís de Hoyos, a quen tanto admirou o noso personaxe, que “sempre está por riba do sabio o home, e sobre do mestre que predica o exemplo vivo que ensina”. O dito acáelle cortado. E don Antonio Fraguas cumpríuno decote: espallou liberalmente a riqueza do seu saber, a mans cheas, con largueza e xenerosidade. A súa colaboración foi sempre farturenta, pero dun xeito calado, continuo, humilde, con teimosía e afastado de todo deveso de protagonismo e notoriedade. Compreendeu que a vida ensina de vagar, e por iso, ata os anos derradeiros da súa vida, amosouse como home de espírito novo, eterno estudante e sempre aberto e receptivo a todas as innovacións que sobreviñan nos

eidos que cultivou. Quizais por iso atopou os seguidores máis incondicionais entre a xente moza, esa xente que hoxe, ao reclamo do proxecto didáctico Antonio Fraguas, realiza nos centros escolares de Galicia programas de pescuda sobre o patrimonio etnográfico, antropolóxico, xeográfico, histórico e artístico do entorno inmediato; un traballo sistemático orientado á educación patrimonial, ao coñecemento do medio e á posta en valor dos máis diversos elementos do noso acervo cultural. Mesmamente como don Antonio ensinaba aos seus alumnos: un sentido da terra, da historia e do pobo que se concertan nunha vontade irrenunciábel de ser galego.

Non podemos pechar estas liñas sen reiterar o intenso labor levado a cabo por don Antonio no Museo do Pobo Galego, institución á que lle dedicou os últimos 25 anos da súa vida, e da que foi o seu primeiro director. Tamén aquí soubo engaiolar a todos os que nesta empresa cultural participamos, deixando entre os seus muros un outeiro de bens bibliográficos, mais tamén, e sobre todo, un exemplo de *bonhomie* que foi lección permanente para aprender a estar na vida facendo o ben. Por iso, este tomo de homenaxe non é unha sinxela mostra da súa biografía e obra, é, antes de nada, obra do amor á terra e á persoa que don Antonio soubo facer medrar en todos nós.

Os Editores



*O galeguista de
Cotobade*

Francisco Fernández del Riego

Imaxinamos sempre ao vello amigo de tantos anos vencellado nas raíces á aldea natal. Aquela parroquia do concello cotobadense que se chama Santiago de Loureiro. Antón Fraguas sempre gostaba de lembrar o lugar do seu nacemento e das súas primeiras andainas. Moitas veces téñolle escoitado a evocanza dos ríos Almofrei e Calvelle que bañaban a comarca na que viviu os días infantís. Ou a dos montes que nela se erguían: o dos Coutos, o Cabeiro, o Calvo e o que levaba o nome do seu mesmo apelido. O Lérez viña ser a corrente principal da rede hidrográfica coa que o escritor se sentía tan familiarizado. Compraciáse en memorar a toponimia das terras de Couto do Abade, do cenobio bieito de Tenorio. Falábanos unha e outra vez de que o mundo rural no que decorrera a súa nenez acadara sona por ser berce dos “barrosos”, os máis famosos canteiros de Galicia. Canteiros que reflectiran a súa arte na labra do granito nunha chea de cidades peninsulares.

Cando Fraguas deixou o ambiente da aldea natal foi para encetar os estudos de bacharelato en Pontevedra. A súa estada nesta cidade marcoulle un rumbo decisivo, orientado ao servizo da cultura e a lingua galegas. El mesmo confesou que nesta nova andadura foran factor determinante os ensinamentos do seu profesor de Lóxica no Instituto Antón Lousada Diéguez. Despois viñeron os anos de estudos universitarios na Facultade de Filosofía e Letras de Santiago. E do seu achegamento á laboría desenvolvida polo “Seminario de Estudos Galegos”.

Por entón o ilustre cotobadense comezou a se interesar pola literatura popular coa que se sentía identificado. Considerábaa propiedade común do pobo. Sabía moi ben que o galego, lingua da Corte e da cortesía, fora reducido a fala proletaria. Pero tamén se concienciara de como xurdira parellamente un progresivo arriquecemento da literatura popular. Evidenciada nas máis diversas manifestacións: na dramática, na narrativa, na poesía, ... A cantiga espaxada pola voz do pobo, transmitida de boca ou ouvido, conservaba o herdo da máis enxebre lírica autóctona. Á súa análise adicou Fraguas longas horas de traballo. Igual cós bailes, o conto, a lenda. Ou ao culto dos mortos, ao folclore do casamento, ás farsas do entroido. Fraguas atinou a pór en descuberto as pegadas de Vicente Risco na nosa etnografía, pero soubo engadir-lles aportes salientables de pescuda propia.

Nembargante, o labor de Fraguas non se limitou ao mundo etnográfico. Amosouse tamén nos eidos da xeografía. Era devoto admirador do maxisterio de Otero Pedrayo na especialidade. Entre todo o que escribiu sobre o particular salienta a súa versión do corpo de Galicia. Ou seña, da terra e do mar. Do seu perfil, o seu anchor, a súa fondura, a súa luz. No tratado da xeografía que

publicou sinalou os macizos do país, as cadeas de montañas que o cobren, as comarcas naturais, as correntes dos ríos. Sentiu afervorado amor pola paisaxe sobre a que flúe a historia de Galicia. Coñecía ben a terra galega e as xentes que a habitan. Describiu polo miúdo a paisaxe xeográfica: os vales e as serras, a beiramar e os variados horizontes. Ofreceu a imaxe do país non só a través dos aspectos fisiográficos, antropoxeográficos, económicos, administrativos. Tamén mesmo os da súa cultura e do seu pasado histórico.



No souto de Trasalba, o 19 de xuño de 1983. De esquerda a dereita, Fdez. del Riego, Fraguas, Martínez López, Paz Andrade, Lorenzo e Ossorio F. Tafall.

Pero Fraguas non foi só un cualificado etnógrafo que seguiu con acento propio as pegadas de Vicente Risco. Ou un xeógrafo que segundou o maxisterio de Otero Pedrayo. Foi ademais un docente que prodigaba o seu saber en variados centros de ensino. Rememoramos a súa presenza na aula de Xeografía da Universidade, onde exerceu como profesor auxiliar da disciplina. Despois como catedrático do Instituto de Ensinanza Media da vila de A Estrada. Os anos de represión, de inhabilitación durante a guerra civil determinaron o longo refuxio na docencia privada. No período de enfeblecemento represivo foi repostado na cátedra. Ditou entón as súas leccións, primeiro nun dos institutos de Lugo, finalmente nun de Santiago.

Vén á nosa memoria a vella amizade, nunca Interrompida, que mantivemos co escritor cotobadense. Encetouse no outono do ano 1931 na aula universitaria na que el era xa profesor e eu estudante. Pero, sobre todo, na asistencia cotiá aos locais do “Seminario de Estudos Galegos”. Nada definía mellor a Fraguas có amor ao seu país e a consagración ao estudo da súa cultura. Esta dobre paixón soubo vivila e ilustrala ao longo da súa vida cunha total entrega. Polo demais facía gala no seu falar dun humor aldeán moi de seu, que tanto nos gorentaba.

Na súa conduta como na súa obra batiamos de cote co esforzo incansable, a marcha prudente. Sabía que non abundaba con ensinar a Historia. Cumpría exercitar arreo, tentar vivir o que un pensa. Ao mesmo tempo que tratar de pensar axeitadamente na propia vida e no seu tempo.



Homenaxe a don Antonio no seu 90 aniversario, no que Fernández del Riego actuou como mantedor; á esquerda da foto Rafael Baltar, vicepresidente do Padroado do Museo do Pobo Galego (foto Margen).

Nesta hora de celebración centenaria é ocasión de lembrar que Antón Fraguas queimou en Galicia e por Galicia toda a lapa do seu rendemento intelectual e humano. Levaba en si a experiencia fiel ás raíces da súa orixe aldeá. A actividade que desenvolveu ten, en certo xeito, calidade de exemplarismo. Tanto como membro de institucións científicas ou académicas cómprenos cualificar ao vello amigo como eximio galego. O seu nobre proceder fíxolle adoitar en significativas circunstancias

actitudes de gran dignidade. Coa súa obra, cos seus actos, contribuíu a reivindicar para Galicia un posto cultural importante.

Cábenos dicir nesta data conmemorativa, que foi notable profesor. Conferenciante distinguido, galeguista respectado, historiador ameno, etnógrafo de agudo pensamento. Polo demais, era a súa entrañable humanidade. Home recatado, sereo. Chamado a ser unha das salientables figuras da cultura galega. Pertenceu a unha xeración que se veu envolvida en sintomáticas loitas, non sempre incruentas. Nunca deixou de cumprir os seus deberes. Por imperativo da circunstancia histórica na que lle tocou vivir, conci-

liou a actividade cultural coa militancia política galeguizadora. Foi sempre home preocupado e ocupado, actitudes que caracterizaban a súa personalidade.

Pensamos que Fraguas no só se singularizou por ser un gran estudioso. Polo espírito de pescuda nos eidos da etnografía galega historia ou da xeografía . Como tal pódese aliñalo na cohorte doutros mestres que lle deron lustre á cultura do país. Na lembranza do amigo de tantos anos, non podemos deixar de evocar o seu afervorado galeguismo. Como servidor do ideal galeguista facía honor a unha frase célebre: A moral en acción. Poucos coma el sumaban tantas cualidades de serenidade, de equilibrio. O seu historial vén ser un historial de rectitude de conduta.

Imaxinamos moitas veces a conduta de Fraguas como unha conduta heroica. Pero non interpretada no sentido usual da palabra heroísmo. Porque o verdadeiro heroísmo consiste, ao noso entender, en saber servir cada día e cada hora da vida, fiel e firmemente a unha causa nobre e xusta.

Antonio Fraguas Fraguas



*Antonio
Fraguas Fraguas*

*Vida e Obra
1905-1999*

Clodio González Pérez

LOUREIRO DE COTOBADE: O BERCE

En la Iglesia parroquial de Santiago de Loureiro, distrito municipal de Cotovad, provincia de Pontevedra, a treinta de Diciembre de mil novecientos cinco, Don Antonio Celestino García Otero, párroco de la misma, bauticé solemnemente y puse los Santos Oleos, y por nombre Antonio a un niño que nació al amanecer para el día veinte y ocho de este mes, hijo de Teresa Fraguas, soltera, natural¹ y vecina de esta de Loureiro, nieto de Miguel Fraguas y María Vázquez. Fueron padrinos Benito Fraguas y Garrido por si y a nombre de su esposa Concepción Rodríguez, vecinos de esta parroquia de Loureiro, a quienes advertí el espiritual parentesco y más obligaciones. Y que conste lo firmo, Antonio Celestino García Otero².



A casa natal de Antonio Fraguas, reformada logo que o pai volve de Brasil (Foto: CGP).

O neófito, Antonio Fraguas Vázquez, era fillo natural de Teresa Fraguas e nacera na aldea de Insuela, onde ela residía, no lugar coñecido por Quinteiro de Baixo. Viñera da parroquia de Armeses, concello ourensán de Maside, pero dende nena residía cuns tíos na casa dos avós paternos, falecidos xa cando ela nacera, como fará constar anos despois o párroco na partida de casamento: *de treinta y siete años de edad natural de Listanco, en el obispado de Orense y vecina de esta hace más de treinta años...*

Era unha casa de labradores na que cando naceu don Antonio tamén vivía o tío avó Santiago (xa viúvo da tía avoa Manuela). Ao pouco xuntouse con eles Antonia Pérez Estraviz, natural de Sobrado dos Monxes, que estivera algún tempo en Monterroso e Mondariz, pero ao quedar viúva pedíralle a Santiago que *viña de moi boa gana alugada*, e coa familia botou ata o pasamento. O tío morreu cando o neno tiña tres anos, quedando en adiante na vivenda só a nai, el e a señora Antonia,

¹ Espazo en branco.

² Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela (AHDSC): *Santiago de Loureiro*, Bautizados, 1905. En moi mal estado de conservación, en parte case ilexible.

[...] a quen polo moito que lle quería e ela me quería a min chameille sempre Mamá Antonia [...]³

Teresa foise recuperando do parto, e o día once de xaneiro decide inscribir ela mesma o neno no rexistro civil xa que o tío estaba enfermo, que era o único home que vivía na casa, para o que baixa a pé ata Carballedo, desculpándose de non telo feito antes polo mal tempo⁴.

Unha chegada ao mundo non moi prometedor: fillo natural dunha pobre muller labradora que viñera vivir cuns tíos para herdalos porque os pais non dispoñían de recursos, pero o tempo demostraría o contrario: aquel día dos Santos Inocentes de 1905 nacera un sabio, un dos “bos e xenerosos”. Ante tales antecedentes non é de estrañar que ao longo de toda a vida amosase enorme afecto polos desherdados da fortuna e, no caso en particular dos alumnos, polos procedentes do rural, como el o era, que no instituto de Pontevedra coñecíanos os compañeiros por “Antonio o da aldea”:

[...] Fun o máis distinguido “da aldea” e endexamais me molestou e chegou a ser o meu garboso “seudónimo” [...]⁵



Igrexa parroquial de Loureiro de Cotobade (Foto: CGP)

³ Museo do Pobo Galego (MPG): *Antonio Fraguas Fraguas*: “Notas da miña vida e do meu tempo”.

⁴ *En Cotovad a las once del día cinco de Enero de mil novecientos seis, ante D. Manuel Cerviño, Juez municipal y mi Secretario; compareció con su cédula personal que exhibió, expedida por la Alcaldía de este término, Teresa Fraguas Vázquez natural de Listanco término municipal de Maside, provincia de Orense, de treinta años de edad, de estado soltera, de profesión labradora, domiciliada en Loureiro, de este término con objeto de que se inscriba en el Registro civil un niño y al efecto como madre del mismo declaró:*

Que dicho niño nació en la casa de la declarante á las trece del día veinte y ocho de Diciembre último.

Que es hijo natural de la declarante, que no pudo hasta hoy concurrir á consignar esta partida debido á distar mas de seis Kilometros y al temporal de la estación.

Que es nieto por línea paterna de abuelos incognitos y por la línea materna de Miguel Fraguas, natural de Loureiro y María Vazquez, natural y vecinos ambos de la citada de Listanco.


Y que al expresado niño se le habia puesto el nombre de Antonio.

Fueron testigos presenciales D. Manuel Vidal y Dn. Miguel Calvelo, mayores de edad, propietarios y vecinos de Tenorio.

Leida integramente esta acta é invitados los que la han de suscribir á leerla por si mismo, si así lo deseaban, se estampa en ella el sello del Juzgado municipal y la firma el Sr. Juez, la declarante y los testigos, de que certifico [Sinaturas de Manuel Cerviño Lois, Teresa Fraguas, Manuel Vidal, Miguel Calvelo e Antonio Vidal.] (Rexistro civil de Cotobade (RCC): Nacementos, t. 30, f. 196).

⁵ MPG: *Antonio Fraguas Fraguas*: “Notas da miña vida e do meu tempo”.

Como mostra abonda o feito que conta o mestre Manuel Dourado Deira: no mes de decembro de 1953 don Antonio fixo de secretario dun tribunal de reválida no instituto “Rosalía de Castro” de Santiago de Compostela, do que anos despois sería profesor:



Inscripción de nacemento (Rexistro civil de Cotobade)

POLA NAI: “DEPUTADO POR LISTANCO”

María Teresa nace na aldea de Listanco, pertencente á freguesía de Armeses, pero levaba residindo en Loureiro dende os sete anos. O pai, Miguel Fraguas García, coñecera á nai, María Carmen Vázquez Gómez, durante unha tempada que traballou de canteiro en Listanco, coa que casa o 17 xaneiro de 1873 na igrexa de Armeses⁶, necendo a filla só 14 días despois:



Na eira estaba o canastro... (Grial, 1999) (Foto: CGP)

En la iglesia parroquial de San Miguel de Armeses, Diócesis y Provincia de Orense, a primero de Febrero de mil ochocientos setenta y tres, yo el Br. D. Camilo Pastor Rodríguez, Cura Párroco de San Miguel de Armeses, bauticé solemnemente a una niña, nació a las once de la noche anterior, hija legítima de Miguel Fraguas y María Vázquez de Listanco, siendo sus abuelos paternos Antonio Fraguas y Josefa García, difuntos de Santiago de Loureiro, provincia de Pontevedra, y los maternos Manuel Vázquez y Úrsula Gómez de dicho Listanco, todos labradores. Púsele el nombre de María Teresa, y fueron padrinos Dámaso Gómez y su muger Teresa González del mismo lugar, tíos maternos de la niña, a los que advertí lo necesario. Y que conste lo firmo, Camilo Pastor Rodríguez⁷.

No momento de concederle el premio, el tribunal atopouse con dous avantaxados alumnos rivais ben cualificados: un fillo dun ben relacionado e influínte personaxe santiagués, e outro fillo de pobres labregos descoñecidos, pero con algo máis de medio punto de nota media global por riba do seu rival.

Un membro interesado do tribunal estaba a piques de inclina-la balanza a favor do fillo do poderoso, pois, ó fin e ó cabo, argumentaba, atenderían o compromiso sen que ninguén reclamase por aquel outro alumno desvalido. Entón, Don Antón interveu coa súa sabia humildade:

- Señores: Vostedes son varóns sabios e xustos. E eu estou certo de que van actuar coa equitativa xenerosidade que os honra. Aquí hai, en efecto, un alumno que non nos é tan coñecido coma o que vostedes propoñen; pero sácalle máis de medio punto na media global. Aínda que ninguén reclamará por el, clamarán as nosas conciencias o resto dos nosos días...

Etódolos membros do tribunal inclinaron o seu veredicto a favor do desvalido. Así foi como un servidor recibiu o cuarto premio extraordinario (O Correo Galego, 17-XII-1994).

⁶ En la iglesia parroquial de San Miguel de Armeses, Diócesis y Provincia de Orense, á diez y siete de Enero de mil ochocientos setenta y tres, yo el Br. D. Camilo P. Rodríguez cura párroco de la misma desposé y casé en facie ecclesiae por palabras de presente á Miguel Fraguas, soltero de cuarenta y dos años de edad, hijo de Antonio Fraguas y Josefa García de la parroquia de Santiago de Loureiro, partido de Pontevedra, Arzobispado de Santiago, y á María Carmen Vázquez, soltera de treinta y un años de edad, hija de Manuel Vázquez y Úrsula Gómez, labradores y vecinos de Listanco, habiendo precedido cuanto en derecho se requiere para la balided y legitimidad de este contrato sacramental, siendo testigos José Gómez del Outeiro, Carlos González de la Touza y Benito Francisco de Listanco. En el mismo día recibieron las bendiciones nunciales. Y que conste lo firmo. Camilo P. Rodríguez (Arquivo parroquial de Armeses (APA): Matrimonios, 1873).

⁷ APA: Bautizados, 1873.



Igrexa parroquial de San Miguel de Armeses (Maside) (Foto: CGP)

A nai de María Teresa, María Carmen, naceu e finou en Listanco, o 4 de febreiro de 1837 e o 20 de abril de 1913, respectivamente. Da mesma parroquia tamén eran seus pais (os bisavós de Don Antonio): Manuel Vázquez González (1814-1867) e Úrsula Gómez Novoa (1816-1895), que casan o 11 de decembro de 1833. Manuel era fillo de José Vázquez Rodríguez e Luísa González Vermello, tamén da mesma freguesía, que contraeron matrimonio o 21 de xaneiro de 1809. Por último –pois rematan os libros parroquiais– os pais de José foron Luís Vázquez Álvarez, natural de Punxín, e Nicolasa Rodríguez González, de Listanco (casaron o 29 de decembro de 1766); e os de Luísa, Manuel González e Josefa Vermello, el de Rañestres (Maside) e ela de Listanco.

Polo que atinxe aos devanceiros da bisavoa Úrsula, foron: José Gómez de Novoa e Benita de Novoa Villamoure (ambos de Armeses), fillos de José e Patricia, e de José e Gerónima, esta última natural da parroquia de Vilamoure (Punxín).

O pai, é dicir, o avó materno de don Antonio, Miguel Fraguas García, era canteiro, procedía, como queda dito, de Loureiro de Cotobade e nacera na aldea de Insuela o 24 de setembro de 1830. Falecería en Listanco o 22 de decembro de 1909, cando o neto non contaba máis de catro anos. Era fillo de Antonio Fraguas Lorenzo e de Josefa García García, coa que casara en segundas nupcias logo de enviuar, o 22 de xuño de 1826. Os pais de Antonio foron José e María Rosa: el natural da veciña parroquia de Valongo, do mesmo concello de Cotobade; e ela filla de Miguel García Martínez e Josefa García Costa, que casan o 9 de xuño de 1803, e teñen a súa residencia en Insuela. Os pais de Miguel foron



De esquerda a dereita: a tía Erundina, o tío Lourenzo, o meniño Antonio, súa nai e a tía María (Foto Zagala, Pontevedra, 1907).

Benito García (de Insuela) e Ángela Martínez; e os de Josefa, José García e Cayetana da Costa⁸.

Don Antonio sobre todo de neno ía con frecuencia a Listanco, á casa dos curmáns, pois o avó Miguel falece o 22 de decembro de 1909, como queda dito, e a avoa María o 20 de abril de 1913, cando el tiña catro e sete anos, respectivamente. Lembraba con agarimo aquelas estadías, e a mostra da estima que sentía pola terra de súa nai é o artigo que lle dedicou, “Do folk-lore de Armeses-Listanco” (*Nós*, 15 de decembro de 1931), que vén ser a súa primeira publicación de carácter etnográfico: o muíño, crenzas de bruxas, trabalinguas, contos (“O roubo do muíño”, “A esmola do San Bieito”, “A entrada no Ceo”, “O hábito do morto” e “Dona Mariquita”), e, como remate, un cancionero de 49 cantigas, entre as que non faltan algunhas referidas en particular a Listanco:

⁸ O pésimo estado de conservación da maioría dos libros sacramentais de Loureiro non permiten a súa consulta, polo que non é posible seguir coa árbore xenealóxica.

As mociñas de Listanco
encargaron un pandeiro,
unhas á medio raal
outras á raal inteiro.

Âs mociñas de Listanco
por ser as máis verdadeiras;
deixémoslle a roupa vella
pra vender ás farrapeiras.

Contaba que logo dun mitin en Maside a prol do Estatuto de Galicia de 1936, no que interviñeran Otero Pedrayo, Castelao e el, don Ramón, co que mantiña unha excelente relación, así como tamén as respectivas esposas, dona Fita e dona Teresa, dende aquela sempre lle daba o tratamento de “Deputado por Listanco”:

Xa ó remate dos actos, e antes de voltar, estabamos compartindo coa xente da vila cando notámola falla de Castelao, e non sei quen fora, quen se decatara, pero de seguida topámolo, andaba ó redor do cruceiro de Maside tomando notas e facendo debuxos [...] Otero Pedrayo na correspondencia que mantiñamos sempre se dirixía a min chamándome – Señor Deputado por Listanco...⁹

POLO PAI: CANTEIRO DA TERRA DE COTOBADE

Tanto na partida de bautismo como na inscrición do rexistro civil figura como fillo de pai descoñecido, non constando polo mesmo os nomes dos avós paternos. Cando el nace súa nai xa conta 32 anos de idade, e daquela eran moitas as mulleres solteiras que cando vían que non ían contraer matrimonio, trataban de ter un fillo para que logo coidase delas. Non sabemos se foi así o que sucedeu, o caso é que o pai, Manuel Fraguas Rodríguez, de 29 anos, pouco antes de nacer o fillo emigra para o Brasil, establecéndose en Niterói, capital do estado de Río de Janeiro, onde traballa polo seu oficio de canteiro na construción das vías do tren. Segundo contaba o fillo en 1994, as relacións entre ambos mantivéronse durante todo o tempo de separación, que foi de oito anos:

[...] A visión de canto está perfilado nos rostros lévame á miña infancia, ás cartas que lía miña nai, que viñan do Brasil, onde estaba meu pai, e á noitiña que chegou de regreso con meu tío Lourenzo, a quen dei o abrazo porque a escuridade non me permitía ver e distinguir cál era meu pai. Lembro o que el contaba da súa viaxe [...]

9 Fragmento dunha conversa con Xosé Ricardo Rodríguez, en Trasalba, o 26 de xuño de 1988.

Cando volve o neno xa andaba polos oito anos, decide entón casar e recoñecer o fillo, como consta na marxe da inscrición de nacemento do rexistro civil¹⁰.

Desta data en adiante deixa de ser Antonio Fraguas Vázquez e pasa a Antonio Fraguas Fraguas, pois consta oficialmente que seu pai é Manuel Fraguas Rodríguez, fillo de Miguel Fraguas Vidal e Gregoria Rodríguez García, que casaran en Loureiro o tres de xullo de 1867. Vivían na aldea da Costa da dita freguesía, onde nace o fillo o 26 de marzo de 1875¹¹.

Como queda dito, o proxenitor era canteiro, oficio que lle viña de familia, pois, por exemplo, un dos seus avós (bisavó de don Antonio), Joaquín Rodríguez Fraguas, que nace e fina en Loureiro en 1804 e 1886, respectivamente, na partida de defunción consta que tiña 82 anos e que era canteiro. Nos demais devanceiros non figura nada, pero de seguro que tamén debeu haber algúns que practicasen este oficio, o máis popular tanto en Cotobade como tamén na lindeira Terra de Montes, que percorreron ao longo dos séculos Galicia enteira, boa parte de Portugal e moitas terras da Meseta, construíndo casas ou facendo outras obras. Nun dos seus escritos don Antonio lembra unha das cantigas dun canteiro da veciña aldea de Famelga, a curta distancia da casa onde naceu:

Canta, miña pedra, canta,
a compás deste punteiro,

10 *Nota: El niño a que se contrae esta inscripción, fue reconocido como hijo natural suyo por Manuel Fraguas Rodriguez, y legitimado por el mismo y la madre en el acto de la celebración del matrimonio que contrajeron en la parroquia de Loureiro de este término en siete de Agosto de mil novecientos doce, inscripto al folio ochenta y tres del tomo veinte de la sección de matrimonios del Registro civil de este Juzgado.*

Son por tanto abuelos paternos del inscrito Miguel Fraguas Vidal y Gregoria Rodriguez.

Cotovad, Agosto veintitrés de mil novecientos veinticuatro (Hai un selo) El Juez, Julio Lois. El Secretario, Salvador Pichel.

RCC: Nacementos, tomo 30, folio 196.

11 *En Loureiro y Sala de Audiencia del Juzgado municipal de Cotovad, siendo las doce del día veinte y siete de Marzo de mil ochocientos setenta y cinco ante Don Lorenzo García Vidal, Juez municipal, y Don José Gómez, Secretario, compareció Santiago Pan natural y domiciliado en esta de Loureiro de este término de Cotovad, provincia de Pontevedra, mayor de edad, casado, labrador, y provisto de cedula personal presentado por objeto de que se inscriba en el Registro Civil a un niño y al efecto como tío del mismo Declaró:*

Que el dicho niño nació en la casa de su madre en el día de ayer a las doce de la noche.

Que es hijo legítimo de Miguel Fraguas y de Gregoria Rodriguez naturales y domiciliados en esta de Loureiro, mayores de edad, labradores.

Que es nieto por línea paterna de Francisco Fraguas difunto y de Maria Antonia Vidal, naturales y domiciliada en esta de Loureiro, mayor de edad, viuda, labradora; y por la línea materna de Joaquín Rodriguez y de Rosaria Garcia naturales y domiciliados en esta de Loureiro, mayores de edad, labradores.

Y que al espresado niño le habian puesto el nombre de Manuel.

Todo lo cual presenciaron como testigos Manuel Ogando casado y Severino Vidal soltero natural aquel de Balongo y este de Loureiro los dos domiciliados en esta ya predicha de Loureiro, mayores de edad, labradores [...].

RCC: Nacementos, tomo 6 fol 52. Foi bautizado na igrexa de Loureiro o mesmo día que nacera, o 26, polo párroco Antonio Celestino Otero (AHDSC: *Santiago de Loureiro*, Bautizados, 1875).

canta, miña pedra, canta,
fai lle compañía ó canteiro.

Segundo contaba o fillo, andara traballando polo oficio en varios sitios e que se quixera casar antes de se ir para o Brasil, pero o crego esixiulle que presentase testemuñas de que seguía solteiro, pero non o fixo e entón, antes de marchar, acordaron ir os dous á igrexa de Acibeiro (Forcarei) onde se prometeron casar cando volvese:

[...] Meus pais estaban “esposados”, fórmula moi en uso contra a cual indicou a igrexa obrigando a realizar o matrimonio. Meu pai non se casara por esixencias do párroco, que cando foi pedirlle que os casara, díxolle que tiña que tragar dous testigos que estiveran con el nos lugares onde traballara. Meu pai explicoulle que non había ningún que estaban en Portugal e no Brasil, pero que traía homes da parroquia que estiveran con el en algúns lugares en Portugal. Díxolle que non valían. Meu pai pediulle de favor que os casara porque tiña que marchar pra América. Que de ningunha maneira os casaba e subeo o tono da súa autoridade. E meu pai, home de moito xenio con verbas respetuosas, pero moi duras, retrucoulle os seus ditos, e marchou.

Disgustado e moi entristecido, un amigo que estaba “esposado” indicoulle a onde podían ir e prometéronse esposados en Acibeiro, igrexa do vello mosteiro construído no século XII instalada perto das fontes do río Lérez. Como esposo escribía sempre a miña nai dende as lonxanas terras do Brasil onde estaba construíndo un ferrocarril do que soñaba sería eu dentro de pouco o maquinista que conducira o tren [...] ¹²

En América pasa uns oito anos, regresando entón para a súa terra onde vive con Teresa e o fillo, ata que por consello do párroco deciden casar:

[...] Na vida houbo cambeo porque meus pais por os rogos que lle fixo o crego, bo amigo de meu pai, tiveron que casarse. Léronse as “municións”, como se chaman as amonestacións. Pouco me lembro da boda. Cando comenzou a cerimonia o cura mandou que viñera eu pra seu lado. Non houbo moitos convidados [...] ¹³

Ao tempo que casan tamén o pai reconece o neno por fillo, o 7 de agosto de 1912, na igrexa da parroquia de Loureiro; ela contaba 39 anos xa cumpridos, malia que conste que tiña os mesmos que o home, 37 ¹⁴.

¹² MPG: Antonio Fraguas Fraguas: “Notas da miña vida e do meu tempo”.

¹³ Ídem.

¹⁴ En la Iglesia parroquial de Santiago de Loureiro, término municipal de Cotovad, provincia de Pontevedra, a siete días del mes de Agosto de mil novecientos doce, yo Don Perfecto Morgade Senra, Coajutor in capite de la misma, asistí previos todos los requisitos legales, incluso la información de soltería, y lectura de las tres canónicas amonestaciones sin que de ellas resultase impedimento

Residen na aldea de Insuela, na casa que lle quedara a Teresa por parte de seus tíos; el traballa de canteiro e no campo, e ela na casa e tamén no campo. Cos cartos que trae do Brasil levan a termo importantes obras de mellora na vivenda, quedando tal e como se atopa agora ¹⁵. Segundo contaba, seu pai

[...] Era moi serio endexamais o oín cantar [...] Non se preocupaba máis que da escola e no primeiro fallo en que me pillou foi cortar un bimbio e cortoulle a punta e malloume [...] ¹⁶


Manuel morre novo, aos 55 anos, dunha broncopneumonía que colleu arranxando o rodicio do muíño da casa, para o que tivo que estar metido na auga ata o peito algún tempo, axudándolle o fillo que tamén enfermou, pero non de gravidade. Falece o 12 de xuño de 1930:

alguno, que por palabras de presente, espresivas del mútuo consentimiento, contrayeron Manuel Fraguas Rodríguez, soltero de treinta y siete años de edad, hijo legítimo de Miguel y Gregoria, con Teresa Fraguas Vázquez, soltera de treinta y siete años de edad natural de Listanco, en el obispado de Orense y vecina de esta hace más de treinta años, lo mismo que el contrayente, hija legítima de Miguel difunto y de María, acompaña a los contrayentes el niño Antonio que nació el veinte y ocho de Diciembre del año mil novecientos cinco, hijo de los contrayentes el cual queda legitimado por este matrimonio. Presenciaron como testigos José Pan y José Fortes, todos de esta vecindad. En el mismo día recibieron las bendiciones de la Iglesia y se velaron. Y que conste, lo firmo [asinado] Perfecto Morgade..

AHDS: Santiago de Loureiro, Casados, 1912. Tamén RCC: Matrimonios, tomo 20, fol. 83

¹⁵ O proxecto da casa. Primeiro íase reparar onde viviamos pero fíxose un proxecto da casa nova. Había que partir a pedra e como o señor Miguel o marido da señora Prudencia conecía a pedra, escolleron o Coto Caldeiro. Os picos apuntábaos el e mais os punteiros; pra eso foi mercar unha forxiña que se puxo no paso pra casa de Baixo, ó subir as escaleiras diante do gueicholo, e tiñamos unha zafra pequena e martillo, e a pequena pía para dar o temple. Así se fixo e a ferramenta traguiana e levábana meu pai e meus tíos cando viñan e cando ían. Foron escollendo os penedos que partían con guillos e con dinamita usando as barrenas para facer os buratos para a carga. A pedra tróuxose por carreto dos lugares da parroquia, baixando dende o coto da canteira á carretera por camiño pra baixar co carreto e colocábase na beira da casa e na beira da carretera que tivemos que sacar cando viñeron os inxenieros a facer a entrega da carretera que se acababa de facer dende a ponte dos Aréns deica Ponte Verdugo (MPG: Antonio Fraguas Fraguas).

¹⁶ MPG: Antonio Fraguas Fraguas: “Notas da miña vida e do meu tempo”.



Acta de matrimonio de Manuel Fraguas e Teresa Fraguas (Registro civil de Cotobade)

El día trece de Junio de mil novecientos treinta en el cementerio de la Iglesia parroquial de Santiago de Loureiro, se dio sepultura al cadáver de Manuel Fraguas Rodríguez de cincuenta y cinco años de edad, hijo de Miguel y Gregoria de estado casado con Teresa Fraguas. Falleció el día de ayer en el lugar de Insuela, en esta parroquia, recibió todos los Sacramentos y demás auxilios espirituales que le administré yo Cura párroco de la misma. Y lo firmo [asinado] Rogelio Estévez Boullosa¹⁷.

Teresa continuou en Loureiro traballando no campo ata que se defendeu por si, decidindo entón vivir co fillo en Santiago de Compostela, na rúa do Franco, onde falece o 23 de agosto de 1955, aos 82 anos de idade. Recibiu sepultura o día seguinte no cemiterio de San Domingos de Bonaval. Anos despois, ao ser clausurado este camposanto, os seus restos foron trasladados para o de Boisaca.

À ESCOLA PRIMARIA: DE LOUREIRO A FAMELGA

As primeiras letras aprendeunas coa nai, para o que lle mercou un *silabario*:

[...] Cando ía facer cinco anos miña nai mercou un silabario que tiña unha estampa de Santo Antonio e comezou a ensinarme a ler. Foi difícil lembrar a letra “d”, e mamá Antonia, que non sabía ler nin escribir, díxome: “acórdate polo dedo”. Lembreime para sempre [...]¹⁸

Empeza a ir á escola pública de Loureiro a piques de cumprir os seis anos, que ao comezo era mixta aínda que logo as nenas trasladáronse para outra casa, na que bota oito anos (agás a curta tempada que asiste á escola do crego da freguesía), polo que sae cando vai cumprir os trece anos, pero a lembranza era mala, repetindo máis dunha vez que nela *non aprendín nada*. E iso que o mestre, Celestino Veiga, casara cunha tía súa, irmá do pai, polo

17 AHDSC: *Santiago de Loureiro*, Defuntos, 1930.

En Cotovad, provincia de Pontevedra, a las veinte y quince minutos del día doce de Junio de mil novecientos treinta ante Don Edelmiro Blanco Valcarce, Juez municipal y Don Andrés López Blanco, Secretario, se procede a inscribir la defunción de Don Manuel Fraguas Rodríguez, de cincuenta y cinco años natural de Loureiro, provincia de Pontevedra, hijo de D. Miguel y de Doña Gregoria, domiciliado en Loureiro de éste termino, de profesión labrador y de estado casado con Teresa Fraguas Vázquez, deja un hijo llamado Antonio Fraguas Fraguas, falleció en su domicilio el día de hoy a las doce a consecuencia de Bronconeumonia según resulta de certificación facultativa y reconocimiento practicado, y su cadáver habrá de recibir sepultura en el cementerio de Loureiro [...] (RCC: Defuncions, tomo 39, fol. 191).

18 FRAGUAS FRAGUAS, A.: “O lugar e a casa onde nacín”, *Grial*, 144, 1999, p. 625.

que era da familia. Quería marchar para a escola que fundara en Covelo (A Lama) o conde de Cabanelas ou de Covelo, como tamén lle dicían¹⁹, pero

[...] Non me deixaron ir porque meu pai era dos que pensaba que o seu cuñado era moi listo e eu tiña que aprender con el, pero a realidade era tremenda porque o seu cuñado non enseñaba nada, absolutamente nada [...]²⁰

Como queda dito, tamén asistiu algúns días ás clases que impartía o crego da parroquia, Isidoro Andión, que rematou por expulsalo por falta de atención, volvendo de novo para a escola pública:

[...] Miña nai mandoume e senteime onde me mandaron. Tiña o meu Silabario e por unha fenestra vía as pólas con verdes follas que se movían acompasadamente. Era pra min gozoso ver o movemento da póla de xeito airoso e baixando. Atraído polo feitizo da brisa deixaba a monótona lectura e disfrutaba vendo aquel inqueda vaivén. O crego dixo en voz alta: *Antonio lee*. Con respetuoso acatamento reanudei a miña lectura pero a gracia do castiñeiro era poderosa e gardei novo silencio. Por segunda vez a mesma advertencia: *Antonio lee*. O mesmo cumprimento da orden, mais a poderosa tentación reproduce a escea. Agora a pregunta investigadora: *Por qué no lees Antonio*. E con fidelidade respondín: *Porque teño preguiza. Pues vete para tu casa*. Sen decir unha soia verba levanteime e saín sen decir verba. Fun pra casa e miña nai véndome chegar preguntoume e díxenlle a historia do meu percance [...]²¹

A finais de 1918 o matrimonio decide emigrar a Brasil, pero antes de facelo acordan que o neno



En Famelga celebrábase a feira máis concorrida de Cotobade (Foto: CGP).

19 Curioso personaxe coñecido por estes títulos nobiliarios que nunca lle foron concedidos. Manuel Barreiro Cabanelas naceu na freguesía de Covelo e emigrou moi novo para Río de Janeiro, onde acadou unha inmensa fortuna (din que foi aos vinte anos e no xogo), converténdose entón nun xeneroso filántropo: constrúe escolas na súa parroquia natal, varias casas para os familiares, fixo doazóns á igrexa, ao asilo e hospital de Pontevedra, etc. Falece en 1951 no asilo de anciáns da Avenida Río Branco de Río de Janeiro, fundado por el e ao que legou canto posuía (Rosa M^a. BARREIRO COTA: “El conde Cabanelas y Covelo”, *Pontenova. Revista de Investigación Xove*, 0, Deputación Provincial de Pontevedra, 1993, pp. 103 ss.).

20 MPG: *Antonio Fraguas Fraguas: “Notas da miña vida e do meu tempo”*.

21 Ídem.

aproveite ese tempo en aprender algo máis, e tamén que botase de aprendiz un ou dous meses nun taller en Vigo, xa que a súa ilusión era que chegase a ser un bo maquinista de tren no país americano, o mesmo ca un parente. Pero por eses días un mestre do colexio que fundara o “conde de Cabanelas” en Covelo (A Lama), que se chamaba don Antonio, despídono do centro *—por líos entre mulle-* *res*, aclara nas súas notas autobiográficas-, e establece unha escola de pago no lugar de Famelga, na veciña parroquia de Augasantas, onde se celebraba a feira máis importante do concello, a un quilómetro aproximadamente da súa casa de Insuela. O mestre tiña sona de bo e os pais deciden que botase con el uns tres meses, antes de ir para o taller vigués.

O escolante axiña se decata de que o neno -que ía para os catorce anos- valía para estudar e que era unha mágoa que non o fixese. Na aula os alumnos sentábanse por orde, adiantando ou retrocedendo cada xornada segundo os exercicios, respostas, etc.; aos poucos días situouse no segundo posto, no que permanecería o resto do tempo que pasou na escola. A finais de marzo de 1919 (pois remataba o tempo que se acordara que era de tres meses: xaneiro, febreiro e marzo), o día 28, o mestre decidiu falar co pai:

[...] Eu adelantara bastante e cando quedaban tres días de marzo don Antonio díxome: *Dile a tu padre que venga hablar conmigo*. Meu pai moi asustado preguntoume: E logo ti ¿que fixeches? Nada, respondín eu. Fíxome así como un cento de veces a pregunta, e deille sempre a mesma resposta. Meu pai tiña tal susenia, que non durmeu ren, cavilando no que faría eu. Moi cedo foi a Famelga e Don Antonio díxolle: *Señor Fraguas: no se marche con el chico, dele usted una carrerita*. A resposta de meu pai, foi a verdade: Non temos medios económicos. Don Antonio, gaboume moito e díxolle que a carreira custaría pouco, e doulle unha explicación de como faría a carreira de maestro comen-zando polo bachillerato e pasando ó maxisterio.

Meu pai viña contento por os ditos e triste pensando que non sería maquinista no Brasil. Cando chegou á casa e cando contou o de darlle unha carreira, miña nai dixou: Ai pois, si. Eu levei o recado: Mire se ve que vallo para o estudio que quedo e se non vou pró Brasil [...] ²²

A nai convenceu ao pai e remataron por quedar en Loureiro e esquecerse para sempre do país americano.

22 Ídem.

PONTEVEDRA: O INSTITUTO E A SOCIEDADE DA LINGUA

O 14 de abril de 1919 dirixe ao director do Instituto General y Técnico de Pontevedra a solicitude seguinte, da que conservou sempre o borrador:

Antonio Fraguas y Fraguas, natural de Insuela, parroquia de Loureiro, ayuntamiento de Cotovad, provincia de Pontevedra, de trece años de edad a V.S. respetuosamente expone: Se digne admitirle al examen de Ingreso en el Instituto de su digna Dirección, previo el pago de los derechos correspondientes, en próxima convocatoria de junio próximo.

Gracia que no duda alcanzar del bondadoso corazón de V.S. cuya vida Dios guarde muchos años [...] ²³



Alumnos do instituto de Pontevedra co profesor Alfredo de la Iglesia. Fraguas é o que está entre os dous ordenanzas (1922)

23 Ídem.



Pormenor da fotografía anterior (1922)

Supera o exame de ingreso coa cualificación de aprobado o 25 de xuño, matriculándose de seguido en primeiro como alumno libre, curso que aproba en setembro. Continúa na escola de Famelga e fai tamén por libre segundo, pero a partir de setembro de 1919 xa asiste ás clases como alumno oficial, residindo ao longo destes anos en dúas pousadas: primeiro nunha da rúa do Progreso (actual Benito Corbal), e por último noutra da rúa de San Román.

PRIMEIRO CURSO, 1918-19:	
Lengua Castellana	Aprobado
Geografía general y de Europa	Sobresaliente
Nociones y ejercicios de Aritmética y Geometría	Aprobado
SEGUNDO CURSO, 1919-20:	
Caligrafía	Suspense. Aprobado, en setembro.
Lengua latina, primer curso	Aprobado
Geografía especial de España	Aprobado
Aritmética	Aprobado
TERCEIRO CURSO, 1920-21:	
Gimnasia, primer año	Aprobado
Lengua latina, segundo año	Aprobado
Lengua francesa, primer curso	Sobresaliente
Historia de España	Sobresaliente
Geometría	Notable
CUARTO CURSO, 1921-22:	
Gimnasia, segundo año	Notable
Preceptiva literaria y composición	Notable
Lengua francesa, segundo curso	Notable
Historia Universal	Sobresaliente e Matrícula de Honor
Álgebra y Trigonometría	Sobresaliente
Dibujo, primer curso	Sobresaliente e Matrícula de Honor
QUINTO CURSO, 1922-23:	
Psicología y Lógica	Notable
Elementos de Historia general de literatura	Sobresaliente
Física	Notable
Fisiología e higiene	Notable
Dibujo, segundo año	Sobresaliente e Matrícula de Honor
SEXTO CURSO, 1923-24:	
Ética y Rudimentos de Derecho	Sobresaliente e Matrícula de Honor
Historia natural	Aprobado
Agricultura y Técnica agrícola e industrial	Notable
Química general	Notable

Antonio Fraguas Fraguas

A Relixión figura tachada en todos os cursos²⁴.

A estadia pontevedresa será decisiva para o seu futuro, polos profesores e polos compañeiros. Dos primeiros salientan tres: Antón Losada Diéguez, Afonso Rodríguez Castelao e Ramón Sobrino Buhigas. E dos segundos, Sebastián González García-Paz (coñecido entre os amigos polo hipocorístico de Tano)²⁵, Luís Brey Bouza²⁶ e Alfonso Moure Moure, pero en particular co primeiro case tres anos máis novo (cómpre ter en conta que don Antonio fixo o ingreso aos 14 anos). Daquela eran poucos os que estudaban e menos aínda os procedentes do rural, e os que o facían adoitaban seguir estudos eclesiásticos, sendo a saída máis frecuente se non os remataban, a de cursar maxisterio, mesmo por libre.

En 1922, un dos profesores, Antón Losada Diéguez, organiza na súa casa da Praza do Teucro unha “Xuntanza de Estudos” á que concorren varios mozos pontevedreses, coa que colaboraban o presidente da Comisión Arqueolóxica, Casto Sampedro, e o artista Castelao. Xosé Filgueira Valverde foi un dos participantes, pero non di nada verbo de se asistiu Fraguas, aínda que non fose máis que algunha vez, polo que coidamos que nunca o fixese, pois as súas relacións cinguíanse aos amigos do instituto²⁷. E a mostra témola que vai ser xunto con varios compañeiros cos que funde a “Sociedade da Lingua”, que tería por principais obxectivos a defensa da nosa lingua e o colixir un dicionario, pois daquela non había máis que os de Francisco J. Rodríguez (1865), Juan Cuveiro (1876) e Marcial Valladares (1884), todos eles de moi difícil consulta polo reducido número de exemplares, e o da Real Academia Galega que estaba a saír do prelo e non pasaría da voz “Cativo”. Para o devandito dicionario, que nunca se rematou, fixo Fraguas moitas entradas.

Entre os seus papeis que se custodian agora no Museo do Pobo Galego, consérvase un exemplar mecanoescrito das *Reglas e preceutos da Sociedade da Lingua* con tres sinaturas, das que unha é a súa, do que seleccionamos varios artigos:

24 Instituto de Pontevedra: Expedientes de alumnos, *Fraguas Fraguas, Antonio*.

25 Pontevedra, 1908 – 1967. Cursou Filosofía e Letras en Compostela, doutorándose coa tese *El colegio de San Clemente de Pasantes* (1930). Membro do Seminario de Estudos Galegos e profesor na Universidade compostelá ata 1936 en que se exilia en Porto Rico, onde foi profesor na Facultade de Humanidades da Universidade de Porto Rico. Colaborou en diferentes publicacións, entre elas *Arquivos* do Seminario de Estudos Galegos.

26 Natural de Pontearreas e curmán de Fermín Bouza Brey, co que colaborou no *Cancioneiro das ribeiras do Tea* (A Coruña, 1929); faleceu na vila onde nacera o ano 1975. Publicou algúns poemas, sobre todo no xornal *Faro de Vigo* co pseudónimo “Lazo Azul”.

27 FILGUEIRA VALVERDE, X.: “Losada Diéguez e os Estudos Galegos”, *Faro de Vigo*, 17-III-1985 (Tamén: *Adral*, VI, Ed. do Castro, 1990, p. 292 ss.)

Se constitúe una sociedad por elementos juveniles que posean o que puedan poseer un título académico y que lleva por nombre “Sociedad da Lingua”. Tiene por bases las siguientes:

Art. 1 – Única y exclusivamente podrán ser socios de esta sociedad los gallegos que posean título académico o estén en vías de poseerlo siempre y cuando sean mayores de 17 años.

Art. 2 – Para pertenecer a esta Sociedad son condiciones indispensables además de las arriba mencionadas las siguientes:

1º - Conocer con perfección la Geografía, Historia y Dialecto regionales.

2º - Haber demostrado siempre honradez, finura y moralidad sin tacha [...]


Art. 12 – Como uno de los fines de esta sociedad es engrandecer a Galicia por todos los medios posibles y uno de estos medios para engrandecerla sería conseguir implantar en ella una repoblación forestal muy grande, todo socio está obligado a plantar o a mandar plantar dos eucaliptus o dos castaños anualmente teniendo en cuenta que deben distar entre si más de quinientos metros, como esto no se puede hacer en montes de propiedad particular habrá que hacerlo en montes del Estado, el cual es de suponer no censure tan grandiosa acción.

Art. 13 – Los socios deberán hacer cuantas investigaciones científicas puedan ya referentes a la Historia regional ya a la Agricultura, ya a la Industria, etc. etc.

Art. 14 – Todos los elementos que integran esta sociedad deberán hablar entre si el dialecto gallego no olvidando sin embargo nuestro idioma patrio [...]

Art. 17 – Uno de los fines que más impelen a esta asociación es la construcción de un Dicionario ilustrado de la Lengua Gallega a cuyo trabajo están obligados todos los socios que tengan el orgullo y la grandeza necesarios para rendir a Galicia tan merecido tributo [...]

Los fundadores de esta Sociedad desean que la armonía en ella sea tal que las vagas ilusiones juveniles de un día puedan llegar a ser realidades del mañana²⁸.



Expediente do alumno A. Fraguas Fraguas (Instituto de Pontevedra)

28 MPG: Antonio Fraguas Fraguas.

Sen dúbida que se cumpriron os desexos dos fundadores, dos que cando menos dous, González García-Paz e Fraguas Fraguas, sobresaírían no eido da nosa cultura, malia que a súa “Sociedade” rematase por se integrar no Seminario de Estudos Galegos, nado o 12 de outubro de 1923, pero outro tanto lle pasou á “Xuntanza de Estudos” de Losada Diéguez.

Por estes anos tamén empeza a interesarse pola política, tomando parte en 1923 nun mitin que tivo lugar na súa parroquia, en Loureiro, a prol do pontevedrés Manuel Portela Valladares e de Joaquín Núñez de Couto, este último natural de Cotobade e profesor en Ourense:

[...] O noso grupo pertencía ó agrarismo e todos tres falamos de como non se lembraban dos problemas que había na agricultura, a famosa “peste dos bechos” que estropeaba as patacas alimentándose no seu interior adequirindo mal sabor. O mitin foi sonado pero non houbo resposta, ninguén dixo ren. Axiña viría a dictadura de Primo de Rivera [...] ²⁹

No mes de xuño de 1924 abandona definitivamente Pontevedra, pero a estadia na capital do Lérez durante case catro anos (de setembro de 1920 a xuño de 1924), será decisiva no seu futuro, pois foi cando empezou a xermolar nel o interese pola nosa cultura. Remata o bacharelato, e o 3 de setembro de 1924 o reitor da Universidade compostelá expídelle o correspondente título de Bacharel.

Moitos anos despois, xa na vellez, lembraba así aqueles felices anos de estudante:

[...] Recordo de aquela Pontevedra os burros que che mandaban ou colgaban na chaqueta polo Entroido. [...] Frecuentei algún baile cando estudiaba sexto ano, en Artesanos e noutros lugares disfrazado pra acompañar dúas mozas que querían decatarse de por onde andaban os seus pretendentes. Había dous cines, o dos Exploradores e no teatro Principal. Inda estaba en servizo o Circo nas Palmeras onde escoitei algunhas conferencias, lembro a Paz Andrade e a Lerroux [...]

Un ano fun un dos que levamos San Mauro deica a casa do Vista, sen descansar³⁰ [...] Fun devoto admirador do Corpus, procesión e despedida; da Novena de San José en Santa María polo elocuente

29 MPG: *Antonio Fraguas Fraguas*: “Notas da miña vida e do meu tempo”.

30 Refírese á imaxe de San Amaro ou Mauro que vai na procesión do Corpus, patrón de varios oficios (cordoeiros, chocolateiros, cesteiros, sancristáns...), confraría establecida na igrexa de Santa María a Maior (FILGUEIRA VALVERDE, J.: “El Corpus viejo en Pontevedra”, *El Museo de Pontevedra*, XXIX, 1975, p. 308, lám. LXVIII).

orador que tiña a seu cargo o sermón. O San Benito de Lérez, ó que xa fora con miña nai e outras veciñas que viaxabamos no carromato de Juan do Coto [...] ³¹

SANTIAGO DE COMPOSTELA: A UNIVERSIDADE E O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

[...] Viaxo, por primeira vez, no tren a Santiago; a folia do calendario está no 30 de setembro, pasaron as témporas setembrinas do ano 1924. O tren custa catro pesetas con noventa e cinco céntimos, a perrachica ten o seu valor normal. O tren, medio de comunicación que uso por primeira vez, ten que coller auga e non se apura moito na velocidade. Na estación de Casal a xente comeza a baixar as maletas porque estamos chegando a Santiago [...] ³²

Matricúlase na Facultade de Filosofía e Letras no curso Preparatorio, que tamén valía para Dereito. Eran en total 34 alumnos, entre os que estaban o xa amigo ponteareán do Instituto de Pontevedra, Luís Brey Bouza, e Dictinio del Castillo-Elejabeitia Fernández³³. O 22 de setembro de 1924 solicita do decano que se lle teña en conta a matrícula de honor en *Ética y Rudimentos de Derecho* do bacharelato e se aplique a *Lógica fundamental*. O profesores eran tres: Armando Cotarelo Valledor, Ramón Gallego e Ciriaco Pérez Bustamante. A situación trocou o seguinte curso, ao se incorporar o amigo Tano (Sebastián González García-Paz), que cursara primeiro por libre, comezando ambos o labor como investigadores na biblioteca “América” e no arquivo da Universidade.

Reside primeiro nunha pousada situada no número 24 da rúa do Hórreo, que



En Santiago de Compostela (c. 1925)

31 MPG: *Antonio Fraguas Fraguas*: “Notas da miña vida e do meu tempo”.

32 FRAGUAS FRAGUAS, A.: “Santiago de onte pra hoxe”, *El Correo Gallego*.

33 Poeta ferrolán (1906), oficial da Mariña e profesor de instituto e de Filoloxía Galaico-portuguesa na Universidade de Murcia; faleceu en 1988. Autor, entre outros, dos libros: *Nebulosas* (1934), *La avena de Dafnis y otros poemas* (1943), *La canción de los pinos* (1945), *En la Costa del Sol, Argos. Poema del Mar y del Alma* (1948), *Lirios de Compostela* (1949), *Cuatro poetas belgas de hoy* (1950), *O espello das brétemas e outros poemas* (1987) e *Vuelo hacia dentro* (1987).

logo se traslada para a de San Paio, case diante da entrada lateral do mosteiro de Antealtares que ten sobre a porta un gran relevo coa fuxida a Exipto, coñecida popularmente como a da “borriquiña de Belén”.

Foi un brillante alumno, como o amosan as dez matrículas de honor dun total de catorce materias, sendo as cualificacións máis baixas as correspondentes a *Lógica fundamental* e *Historia de España* de primeiro, con Notable.

PRIMEIRO CURSO, 1924-25:	
Lengua y Literatura españolas	Sobresaliente e Matrícula de honor.
Lógica fundamental	Notable
Historia de España	Notable
SEGUNDO CURSO, 1925-26:	
Lengua y Literatura latinas	Sobresaliente e Matrícula de honor.
Teoría de la Literatura y de las Artes	ídem.
Historia Universal	ídem.
TERCEIRO CURSO, 1926-27:	
Historia de España, antiga y media	Sobresaliente e Matrícula de honor.
Historia Universal (antigua y media)	Sobresaliente
Geografía política y descriptiva	Sobresaliente e Matrícula de honor
Arqueología	Sobresaliente
CUARTO CURSO, 1927-28:	
Historia de España (moderna y contemporánea)	Sobresaliente e matrícula de honor
Historia Universal (moderna y contemporánea)	Sobresaliente e matrícula de honor
Paleografía	Sobresaliente e matrícula de honor
Numismática y Epigrafía	Sobresaliente e matrícula de honor

O primeiro de febreiro de 1927 incorpórase a quintas no rexemento de infantería “Zaragoza, número 12”, con sede no desaparecido cuartel compostelán de Santa Isabel, nunha compañía expedicionaria para África que non chega a saír, *como acogido a los beneficios del Capítulo XVII de la Ley de Reclutamiento, habiendo servido en filas el tiempo de su compromiso y satisfecho el importe total de su cuota militar*. En xaneiro de 1929 xa se atopaba en situación de licencia ilimitada³⁴.

34 MPG: Antonio Fraguas Fraguas..



Cuartel de Santa Isabel (á esquerda), actualmente desaparecido (Santiago de Compostela)

O 6 de marzo de 1929 expídeselle o correspondente título de licenciado coa cualificación de sobresaliente. Moitos anos despois, o 8 de marzo de 1948, a Universidade remite as pertinentes certificacións á Universidad Central de Madrid para seguir os estudos de doutoramento³⁵.

Durante a estadía compostelá como estudante, primeiro, e logo como profesor, toma parte activa no desenvolvemento do Seminario de Estudos Galegos, meritoria institución cultural nada o ano anterior á súa chegada, o 12 de outubro de 1923, co gallo dunha excursión que fan varios universitarios ata a casa do Castro de Ortoño (Ames), onde residira de nena Rosalía de Castro. En adiante achéganse a ela non só estudantes, senón tamén intelectuais e profesores, como Risco, Losada Diéguez, Castelao, López Cuevillas, Otero Pedrayo, etc.

Cando Fraguas chega a Compostela, no mes de setembro de 1924, xa o Seminario tiña case un ano de vida, algúns dos seus membros deran conferencias e tamén se estaban a publicar varios traballos de investigación. Sen dúbida, de que algúns fosen profesores seus en Pontevedra, Losada Diéguez e Castelao, influíron tanto nel coma no amigo e compañeiro González García-Paz para que axiña se empezasen a relacionar. O 27 de novembro de 1926 é

35 AHUS: Expedientes de alumnos: Fraguas Fraguas, Antonio.



Con uniforme de soldado, Santiago de Compostela, 1927.

proposto para socio González García-Paz (ingresa o 16 de agosto do ano seguinte), e Fraguas o 15 de outubro de 1927, sendo admitido como socio activo o 5 de novembro de 1928.³⁶

Ao longo destes anos toma parte activamente nos traballos de campo da terra de Deza, comezados en 1927 e, en particular, na catalogación dos xacementos castrexos de Lalín, seguindo o consello que Florentino López Cuevillas lle deu na IV Xuntanza Xeral do Seminario que se desenvolveu en Pontevedra en abril de 1928. Labor que fará xunto con González García-Paz, de aí que o seu estudo de ingreso se centrara nunha acrópole desa zona: “O castro de Soutolongo (Lalín)”.

Licénciase no mes de xuño de 1928, e xa no curso seguinte, 1928-29, empeza a súa carreira de docente como axudante de clases prácticas da sección de Letras do Instituto Nacional de Segunda Ensinanza de Santiago de Compostela, que vén ser o actual Instituto de Ensino Secundario “Arcebispo Xelmírez”, I.

O 2 de outubro de 1928 nomean a González García-Paz encargado da biblioteca do Seminario, e poucos días despois, o 24 de novembro, Fraguas pasa a ser bibliotecario, sendo este o primeiro cargo que desempeña. No curso 1928-1929 os traballos céntranse en Melide, onde participa na tres campañas, sendo froito dese labor o libro *Terra de Melide*, que sae do prelo en 1933.

Tamén toma parte noutras campañas de investigación arqueolóxica, como a levada a termo nas terras luguesas do Saviñao, da que se publican os resultados en 1930 na revista do Seminario, *Arquivos*: “Mámoas do Saviñao. A anta de Abuime e a necrópole do Monte da Morá”, traballo feito en colaboración con Cuevillas e Pura Lorenzana.

Na sesión do 16 de novembro de 1931 empeza a formar parte do equipo directivo, como secretario de actas pero suplente, pois o titular era Ricardo Carballo Calero. Na do 8 de outubro do ano seguinte xa figura como secretario de actas, e na do 29 do mesmo

mes acórdase crear a sección de Bibliografía e que el sexa o encargado e bibliotecario, tendo en conta que traballaba na catalogación e clasificación das bibliotecas “Arcebispo Lago González” e “América” ás ordes do profesor e xefe da Biblioteca Universitaria, José María de Bustamante y Urrutia, como consta na seguinte certificación expedida no mes de maio de 1930:

[...] Certifico: Que D. Antonio Fraguas y Fraguas, designado por la Junta de Patronato de la Universidad de Santiago para que a mis órdenes inmediatas, trabajase en el arreglo, clasificación y catalogación de las Bibliotecas “Lago” y “América”, adscritas a esta Universitaria, ha desempeñado su cometido y continúa en la actualidad desempeñándolo a plena satisfacción mía, lo que me complace en declarar [...]³⁷

Continúa desempeñando a axudantía na Facultade o curso 1929-30, e de novo no seguinte torna para o instituto, ao tempo que se presenta a oposicións a profesor auxiliar temporal da Facultade de Filosofía e Letras, adscrito ás materias de Historia Universal e de España (Idade Moderna e Contemporánea) e de Xeografía, vacante por traslado da profesora auxiliar Luísa Cuesta Gutiérrez. O 13 de novembro de 1930, o vicesecretario da devandita Facultade, Ramón Gallego García, certificaba que a Xunta de Facultade do día anterior, logo de lida a acta dos exercicios de oposición, tomara o acordo de

[...] solicitar de la Superioridad que se haga el nombramiento de Auxiliar temporal de la misma a favor de don Antonio Fraguas y Fraguas que reúne todas las condiciones legales [...]³⁸

Toma posesión o 12 de decembro seguinte. Continuará desempeñando de xeito seguido esta auxiliaría, aínda sendo xa profesor do Instituto da Estrada, ata o 10 de abril de 1939. Entre os seus papeis persoais que fican actualmente no Museo do Pobo Galego, atópase unha comunicación do secretario da entón “Universidad Literaria de Santiago”, do 20 de marzo de 1931, na que lle participa que

[...] el día de mañana sábado a la hora de 6 y media de la tarde por acuerdo del Ilmo. Señor Rector, se reúne el Claustro general ordinario para tratar de la adjudicación de la obra del primer pabellón de la Residencia de estudiantes y otros asuntos [...]³⁹


37 MPG: Antonio Fraguas Fraguas.

38 AHUS: Expedientes de docentes: Fraguas Fraguas, Antonio.

39 MPG: Antonio Fraguas Fraguas.

36 Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos: *Seminario de Estudios Galegos*.

Antonio Fraguas Fraguas



Expediente de A. Fraguas Fraguas
(Archivo Histórico Universitario, Santiago de Compostela)

O ensino e a investigación non o arredan da vida política, sendo un dos asinantes do “Manifesto de Esquerda Galeguista”, en Santiago o 14 de xuño de 1931, figurando entre outros, tamén Álvaro de las Casas, Xosé Eiroa, Sebastián González García-Paz, Primitivo R. Sanjurjo, Lois Tobío, Ricardo Carballo Calero, Ánxel Casal.... Comprométense a non aceptar nomeamentos políticos de Madrid; desligarse de todos os partidos existentes (*si ben non abandonamos a posibilidade de xuntar nosos esforzos aos que teñan un contido manifestamente esquerdistista, no caso de que o ben de Galiza así o requira*); e por *a vida e a alma* pola independencia da nosa cultura, o dereito indiscutible do pobo galego á autodeterminación, a desgravazón da terra para quen a traballa e a negación de subsistencia económica aos que non rendan unha función social. Preconizan o abstencionismo nas vindeiras eleccións parlamentarias da República.⁴⁰

O 16 de xullo de 1932 contrae matrimonio con Teresa Martínez Magariños na poboación pontevedresa de Valga, onde nacera o 2 de marzo de 1903, a que será en adelante a súa inseparable compañeira de ledicias e tristezas.



Coa esposa, Teresa Martínez Magariños, unha cuñada e dúas sobriñas.

No curso 1932-33 encárgase da cátedra de Lengua y Literatura Españolas, tamén na mesma Facultade. E igual no seguinte, pero ademais “por acumulación” de Xeografía, Numismática e Epigrafía. O 14 de xuño de 1933, por ausencia do secretario e estar encargado o vicesecretario do decanato, pídeselle que se faga cargo da secretaría durante o período de vacacións. Non continúa nos cursos seguintes, aínda que podía facelo, por ser profesor no instituto da Estrada e residir na devandita vila, dende o 4 de novembro de 1933.

Co gallo de non poder asistir decote ao Seminario, acórdase entón nomealo “conselleiro permanente” na sesión do un de outubro de 1934, ao tempo que se fan cargo da biblioteca na súa ausencia Ánxel Ramos Cóleman e Xaime Vidal Rei. No sucesivo as súas actividades diminúen dende que reside na Estrada, centrándose principalmente no labor docente, á vez que tamén aproveita para recadar datos arqueoló-

40 *A Nosa Terra*, 1 de xuño de 1931.

xicos e históricos sobre a comarca, en particular dos xacementos castrexos.

Ao longo de 1933 intervén varias veces nun programa radiofónico en galego sobre temas culturais, emitido pola emisora “Unión Radio Galicia” de Santiago de Compostela, creada pola Liga Santiaguesa pro-Estatuto, que empeza a funcionar no mes de febreiro, situada no convento de San Domingos de Bonaval. Tamén interviñeron, entre outros, Castelao, Filgueira Valverde, Suárez Picallo, González García-Paz, Manuel Beiras, Xurxo Lorenzo Fernández, etc. Verbo desta emisora dicía *Nós*, co gallo do Día de Galicia de 1933:

Galiza conta hoxe cunha boa estación Emisora de radiotelefonía en Santiago que está desenrolando unha intresante laboura a prol da cultura galega.

Ademais das sesións de música galega e das conferencias de divulgación cultural e polítea (Sebastián González, Xurxo Lourenzo, Enrique Raxoy, Álvaro das Casas, etcétera) estableceu unha Seición Infantil, na quinta feira de cada semán, adicada por inteiro aos rapaces menores de dazaseis anos...

Durante estes anos tamén imparte clases no centro privado compostelán “Academia Gelmírez. Colegio Residencia”, situada entre as rúas da Conga e Xelmírez, da que era director técnico⁴¹.

A ESTRADA: O PRIMEIRO DESTINO COMO PROFESOR DE INSTITUTO

Por orde do Ministerio de Instrución Pública do 31 de outubro de 1933, logo de ter participado e superar os preceptivos cursiños, toma posesión como profesor encargado de curso para o ensino de Xeografía e Historia no “Colegio Subvencionado – Estatal” da Estrada, acto que ten lugar no Instituto Nacional de Segunda Ensinanza de Santiago de Compostela o 4 de novembro de 1933, presentándose no centro o seguinte día 11, como consta na

Acta de toma de posesión del cargo de Profesor encargado de curso de Geografía e Historia por Don Antonio Fraguas y Fraguas.

Reunidos los Señores que suscriben en el local de la Dirección de este Colegio, fue leída la certificación que literalmente: “Don Luis Peña Mantecón, Catedrático y Secretario del Instituto Nacional de Segunda Enseñanza de Santiago.- Certifico: Que en el libro de pose-

41 Segundo a publicidade da mesma que insire *A Nosa Terra*, 28 de decembro de 1933.

Antonio Fraguas Fraguas

siones que obra en la Secretaría de este Instituto existe el acta que a la letra dice.- Acta de toma de posesión de Profesor encargado de curso con destino al Colegio Subvencionado de La Estrada, Don Antonio Fraguas Fraguas. En el Instituto Nacional de Segunda Enseñanza de Santiago a cuatro de Noviembre de mil novecientos treinta y tres. Ante el Sr. Director D. Vicente García Rodeja y Secretario Don Luis Peña Mantecón, compareció Don Antonio Fraguas Fraguas con cédula personal de 12ª clase, nº. 7, expedida en esta ciudad en 29 de Abril del año corriente, Licenciado en Filosofía y Letras, Sección de Historia, como lo justifica con la exhibición del correspondiente título, expedido por el Excmo. Sr. Ministro de Instrucción Pública y Bellas Artes en seis de Marzo de 1929, registrado al folio 83, número 10, manifestando en virtud de lo dispuesto en la Orden de 31 de Octubre, publicada en la Gaceta de Madrid del día primero del mes actual, figura destinado como Profesor encargado de curso y para la enseñanza de Geografía e Historia al Colegio Subvencionado de La Estrada; y en su vista previo el juramento debido el Sr. Director de conformidad con el número uno de la citada Orden, dio posesión en el día de hoy del mencionado cargo de Profesor encargado de curso con destino al Colegio Subvencionado de La Estrada al Don Antonio Fraguas y Fraguas; habiendo cumplido con todas las formalidades prevenidas en las disposiciones vigentes.- Fueron testigos Don Hipólito Lois Pérez y Don Víctor Bartolomé Perales, vecinos de esta Ciudad, que firman esta acta con el Sr. Director y el interesado, de todo lo cual yo Secretario certifico.- V. García Rodeja.- Antonio Fraguas.- Hipólito Lois.- Víctor Bartolomé.- Luis Peña Mantecón.- Y para que conste y a petición del interesado expido la presente con el VºBº del Sr. Director, en Santiago de Compostela a nueve de Noviembre de mil novecientos treinta y tres. Luis Peña.- Rubricado.- VºBº El Director.- V. García Rodeja.- Rubricado.- Hay un sello del Instituto Nacional de Segunda Enseñanza de Santiago.- Y hallándose presente el interesado exhibiendo su cédula personal corriente y demás documentos prevenidos por las disposiciones vigentes, el Sr. Director le ha dado en esta fecha y en esta localidad posesión de su cargo.- La Estrada once de Noviembre de mil novecientos treinta y tres. El Director [asinado] Antonio Lino.- El Vicesecretario [asinado] Leopoldo Mosquera.- El interesado [asinado] Antonio Fraguas Fraguas⁴².

O devandito centro non se inauguraría ata o primeiro de decembro, pois as obras de adaptación do edificio aínda estaban por rematar (antes fora unha fábrica de mobles), data en que tivo lugar a solemne apertura, pasando a denominarse xa no curso 1934-35 “Instituto Elemental de Segunda Enseñanza”, e no seguinte “Instituto Nacional de Segunda Enseñanza”:

[...] al tomar posesión de mi cátedra en Noviembre de 1933 nos encontramos con el local sin terminar y procuramos que las obras se llevasen a cabo con la mayor rapidez posible y en efecto a fines del mes de Noviembre nos instalamos provisionalmente con un local muy

42 Instituto de Pontevedra: *Instituto da Estrada*, “Libro de toma de posesiones”.

reducido porque las obras no habían terminado, pero queríamos que lo más pronto posible empezase el curso [...]

Elíxeno secretario do mesmo, quedado constituído o claustro por Antonio Lino como director, Fraguas, como queda dito, secretario, a profesora Mercedes Costa Ramos e os profesores Leopoldo Mosquera Caramelo, Arturo Rodríguez Suárez e Enrique Villar:

[...] El claustro, desde el primer día me propuso para Secretario del Centro. El cargo me imponía un trabajo de organización que he procurado desarrollar poniendo en ello el afán de que por todos los medios posibles pudiese el Instituto de La Estrada figurar al lado de cualquier otro [...]⁴³

Ao longo de tres cursos, 1933-34, 1934-35 e 1935-36, desenvolve un intenso labor, non só como profesor e secretario do centro, senón tamén nos eidos da cultura e da política, de xeito que o Partido Galeguista da Estrada, do que era secretario xeral, acorda presentalo para concelleiro e alcalde, proposta que non prosperou pola oposición dos comunistas (segundo el dicía)⁴⁴. Toma parte activa nas eleccións do 16 de febreiro de 1936, en que sae vencedora a coalición da Fronte Popular, da que forma parte o seu partido; e tamén participa a prol do Estatuto de Autonomía, plebiscitado o 28 de xuño de 1936. Poucos días despois estalaba a sublevación fascista e comezaba a Guerra Civil.

A súa estadía estradense remata oficialmente o 4 de novembro de 1936, aínda que, como el mesmo aclaraba, xa non se chegou a incorporar para comezar o curso 1936-37, pois o día que foi para preparar os exames correspondentes a setembro, despois da cea presentouse na pousada un rapaz duns trece ou catorce anos (un coñecido adolescente falanxista) para comunicarlle que traía orde de que o acompañase. E, como sempre repetía cando narraba estes tristes feitos, ao tempo que se negaba rotundamente a seguir falando do que sucedera despois: - *E tiven que ir con el...*

O que pasou cóntao Mario Blanco Fuentes, testemuña directa dos sucesos, nunhas follas mecanografadas que titulou “El 18 de julio en La Estrada”:

43 MPG: *Antonio Fraguas Fraguas*.

44 O Consello directivo formábase, ademais de don Antonio como secretario xeral, Xesús Costenla (axudante), Camilo Pereira (secretario de propaganda), Domingo Ximénez (axudante), Seximundo Blanco (secretario de actas), Ánxel Señoráns (axudante), Xosé Varela (secretario de finanzas) e Manuel Rey Seixo (axudante) (*A Nosa Terra*, 20 de marzo de 1936).



Instituto da Estrada (1931), abandonado e en parte reformado, 2005) (Foto CGP)

[...] Los primeros días después del 18 de julio fueron de escuchar las radios –habría entonces en la villa unos veinte receptores en total-, de esconderse los de izquierdas algo y de la proliferación de los falangistas [...] Hasta finales de julio no se radicalizaron las posturas [...] Los falangistas que campaban por sus respetos empezaron a detener a gentes de izquierda y llevarlas al cuartelillo de Falange [...]

Estaba muy reciente la propaganda que se había hecho en favor del Estatuto, y entre ella se había pintado un letrero en tela que decía: *Votade ó Estatuto*, pintado en los soportales del ayuntamiento con pintura de aceite. Esta traspasó la tela y quedó grabado en el suelo la frase.

El partido galleguista era dirigido en La Estrada por un profesor [Antonio Fraguas] de Historia y Geografía del Instituto de Enseñanza Media y de él formaban parte varios jóvenes y alguna persona madura.

Un grupo de estos galleguistas escoltado por varios falangistas, una noche fueron llevados por todo el pueblo cantando el Cara al sol y

portando la bandera de Falange el mencionado profesor, para limpiar y hacer desaparecer –lo que no se consiguió–, el *Votade ó Estatuto*, aún habiendo obligado a los que lo hicieron a emplear sosa cáustica, con lo que algunos tuvieron que sufrir quemaduras en las manos. Viven aún varios que lo recordarán.

A otros galleguistas se les cortó el pelo al cero [...] Y también otro de los inventos que se les ocurrió, como hiciera Mussolini en Italia, fue dar de beber aceite de ricino, que, en algunos casos llevaba mezclado aceite de coches [...]

Foron fusilados en Pontevedra, logo dun consello de guerra, sete veciños, entre eles o alcalde, e outros condenados a diferentes penas⁴⁵.

Logrou saír con vida e fuxiu para Compostela e de seguido para a súa aldea natal, non volvendo xa máis ao instituto. O 4 de novembro publicaba o *Boletín del Estado* o súa suspensión de emprego e soldo, constando na acta do centro que gozaba dun mes de licencia, eufemismo por non dicir que fora expulsado e que non se lle permitía impartir clase:



Con varios profesores e profesoras do Instituto da Estrada (c. 1934).

⁴⁵ BLANCO VALDÉS, J.L.: "A Estrada, 18 de xullo de 1936. Dous testimonios", *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, 2003.

Acta de suspensión de empleo y sueldo del Profesor Encargado de curso de Geografía e Historia Don Antonio Fraguas y Fraguas.

En el local de la Dirección de este Centro y en el día de la fecha y en virtud de la Orden del 4 del actual, publicada en el Boletín del Estado del seis de Noviembre de 1936, donde aparece Don Antonio Fraguas y Fraguas suspenso de empleo y sueldo, se levanta la adjunta acta, notificándosele al interesado por oficio ya que disfruta de una licencia de un mes con todo el sueldo concedido por el Rectorado.- La Estrada, cuatro de noviembre de mil novecientos treinta y seis. El director [asinado] A. Lino.- El Secretario Accidental [asinado] Leopoldo Mosquera⁴⁶.

O mesmo consta na notificación do director:

Viva España

Tengo el honor de dirigirme a V. para comunicarle que según Orden del 4 de Noviembre de 1936 (Boletín Oficial del Estado del día seis del actual) ha quedado V. suspenso de empleo y sueldo como Profesor de este Centro.

Lo que le comunico para su conocimiento y efectos oportunos.

Dios guarde a V. muchos años.

La Estrada, 12 de Noviembre de 1936.

El Director [asinado]: A. Lino⁴⁷.

Meses despois, o 9 de febreiro de 1937, o gobernador civil de Pontevedra e presidente da Comisión de Depuración de Enseñanza, comunícalle:

¡Viva España!

De acuerdo con lo preceptuado en el artículo 3º de la orden regulando la constitución de esta Comisión Depuradora creada por el Decreto nº. 66 de la Junta Técnica del Estado Español, trasladamos a Vd. el correspondiente pliego de cargos, para que, en el improrrogable plazo de diez días formalice los descargos por escrito y aporte la documentación que estime conveniente a su defensa; todo lo cual entregará a esta presidencia o lo enviará a la misma por correo certificado acompañando a su contestación el antedicho pliego adjunto [...]

Fraguas remitiulle o seguinte escrito que coidamos de interese dar a coñecer integramente. Trátase dun texto moi pensado coa fin de non negar a evidencia (todos sabían que era o secretario do Partido Galeguista da Estrada), non delatar a ninguén e á vez temperar a case segura condena:

⁴⁶ Instituto de Pontevedra: *Instituto da Estrada*, "Libro de toma de posesiones".

⁴⁷ MPG: *Antonio Fraguas Fraguas*.



Con varios profesores do Instituto da Estrada (c. 1935)

El que suscribe, Don Antonio Fraguas y Fraguas, Profesor encargado del curso del Instituto de La Estrada, visto el pliego de cargos que se le formula con fecha nueve del mes actual, tiene el honor de elevar el oportuno de descargos ante esa Comisión de su digna presidencia, haciéndolo con el mayor respeto y concretándolo a los siguientes términos:

No es noble, ni digno de personas honradas y, en último extremo, a nada conduciría tampoco, la negación sistemática.- Generalizando los conceptos que sirven de base al referido pliego de cargos, tengo que admitir, y admito, aún doliéndome profundamente, de que en estos existe una gran exactitud, circunstancia que me hace abrigar la esperanza, dicho de mejor manera, tener la seguridad plena de que la resolución que conmigo adopte esa Comisión, sea cual fuere, tiene de ser de estricta justicia y a la cual, de antemano, me someto gustoso y tranquilo.

Nacido y educado en el ambiente de un hogar cristiano, católico, apostólico y romano me declaro hoy de igual manera a como me declaré durante toda mi vida; esta afirmación de mi catolicismo jamás se ha visto desmentida por ningún hecho, fuese público o privado; no puede haber persona que, conociéndome, llegue a tener la más ligera duda de ello.- Al poco tiempo de advenir el régimen republicano, ya militante en el Partido Galleguista y en la aciaga etapa aquella de desenfreno y persecución religiosa descarada, en distintas charlas dadas por la Emisora de Radio en Santiago, no me he recatado de hacer verdadera ostentación de mis arraigadas creencias católicas.- De la veracidad de esto puede dar fe el público radioescucha de Santiago y de modo especial otro gran católico, asiduo colaborador por aquella época en

la Emisora, D. José Mosquera Pérez, militante también en el mismo Partido y, más tarde, miembro directivo de la Derecha Galleguista.- Y siendo esto verdad, siendo esos sus sentimientos –podrá objetar esa Comisión- ¿cómo era socio y Secretario del Partido Galleguista en La Estrada? Creo poder explicarlo cumplidamente:

Mi galleguismo no era más que apoliticismo y la expresión de mi protesta, hondamente sentida, contra aquel sistema-madriguera de políticos logrereros, carentes de toda ética, sin entrañas, para los que el bien común era frase hueca, siendo su única aspiración el medro personal.- Mi galleguismo se inspiraba en el deseo de lograr ver una España grande, digna continuadora de sus pretéritas grandezas, de su pasado histórico incomparable, verdadero asombro de los siglos; a mi ver, siempre modesto, para conseguir eso se hacía preciso dar vitalidad a la maravillosa variedad regional española y anular el centralismo absorbente y parasitario que, salvo los beneficiarios, todos, sin excepción, lamentábamos y sufríamos.- Ciertamente, (aún siendo doloroso el tener que reconocerlo) descontando el Programa del naciente Partido Galleguista, una gran parte del cual era calcado del Tradicionalista, en el de ningún otro se daban fórmulas para asentar esa aspiración y en ese Partido me he inscripto, no obstante ser apolítico por temperamento.- Cuando esta inscripción, el Partido no tenía tendencia alguna en materia religiosa y, políticamente, propugnaba una autonomía puramente administrativa y siempre dentro del marco de la unidad sacrosanta de la Patria.- Que esa, y no otra, era la tónica de la autonomía a que se aspiraba, lo prueba aquel manifiesto apoyándola y suscripto por personalidades de alto relieve científico, la mayoría de ellas pertenecientes a partidos de derechas y de acendrado patriotismo.- Tampoco habrá persona que me oyese producir en sentido separatista, ni en privado ni mucho menos en público.- Mis campañas, pocas, han llevado siempre por lema: Una Galicia grande, dentro de una España grande.

Nombrado Profesor del Instituto de La Estrada, en aquel Grupo he continuado; se me eligió Secretario del mismo, bien contra mis deseos ya que mis actividades las concretaba a la labor de cátedra.- Cuando se formó el llamado Frente Popular, al que se unió el Partido Galleguista (unión circunstancial, al decir de los directivos) yo, desde ese preciso momento, repudiaba tal unión, no recatándome de hacerlo así constar y manifestando mis deseos de darme de baja para ingresar en la Derecha Galleguista; de seguro me seguirían en esa actitud todos los componentes del Grupo, personas, sin excepción, moderadas en el más amplio sentido de la palabra; prueba de esa afirmación es la de que, a ninguna de ellas, que yo sepa, se le puede imputar un solo acto vituperable.- Esta disparidad de criterio con las nuevas y nefastas orientaciones del Partido y mi religiosidad de todos conocida, debió ser el fundamento del veto que me pusieron los comunistas (según se dice en el 2º cargo que se me hace) para que ocupase la concejalía.- Debo hacer constar de que para este cargo se me designó sin mi consentimiento, ni tácito ni expreso, cargo que, en modo alguno ocuparía, aún cuando no se produjese la oposición dicha.- Y no sólo se me indicaba para concejal sino también para la Alcaldía: al llegar esto a mi conocimiento, mi negativa ha sido tan rotunda como inmediata, expresada en estas palabras textuales: “Yo no acepto puesto alguno porque no puedo ir a un sitio a destruir, sino a construir”.- De esto pueden dar

fe las Señoritas Melania y Esclavitud Nine y Pilar Araujo⁴⁸.- En esto sobrevienen los sucesos que nos llevaron a esta situación; yo, Secretario del Grupo, tan alejado estaba de toda actividad política y tan tranquilo por la insignificante labor realizada y esta enmarcada siempre en una línea de conducta sin mácula que, teniendo tiempo más que suficiente para ello, para nada me preocupé de hacer desaparecer ningún libro ni documento del Grupo.- Quién recta, honrada y noblemente obra, no tiene porque ocultar sus actos, sean estos acertados o no porque, aún siendo esto último, el aforismo latino “Propium hominum est errare” no ha perdido su virtualidad en el decurso de los siglos.

En mi labor docente, jamás se pudo hallar una idea, una sola palabra de tendencia o mera intención política.- En esto me he constreñido estrictamente a la misión que el Estado me encomendara: enseñar.- Por otra parte, este proceder estaba en perfecta armonía con mi manera de pensar; repetidas veces tuve ocasión de fustigar, y con dureza, a aquella parte del Profesorado que, prevaliéndose de su cargo, ponía todo su interés y entusiasmo en infiltrar sus ideales políticos a los maleables alumnos sin parecer importarles de que estos, finalizado el curso, ignorasen por completo la disciplina cuya enseñanza les estaba encomendada.- Todo esto es de fácil comprobación por los alumnos que asistieron a mis clases así como también por muchos familiares de ellos.

Enseñando Geografía e Historia, no exigía texto de autor determinado ya que, legalmente, no lo podía hacer; recomendaba, sí, aquellos que, en mi concepto, reunían mejores condiciones pedagógicas y que, en su totalidad, adquirirían los alumnos.- Estos textos eran: Geografía por Don José Ibáñez Martín, Catedrático del Instituto de San Isidro, Diputado de la C.E.D.A., a quién le tengo escrito algunas cartas, alentándole para la lucha y haciendo votos por su triunfo, primero, y luego felicitándole por haberlo obtenido.- Historia de D. Ciriaco Pérez Bustamante, Catedrático de la Universidad de Santiago.- Estos dos escritores son sobradamente conocidos por su innegable españolismo y las teorías de los textos de que son autores, de sana ortodoxia católica.- Tengo entendido de que mi predilección por estos textos era otra de las razones que esgrimían contra mi no sólo comunistas sino también otros izquierdistas de menos extremismo.

Con la exposición de hechos que llevo relatado, creo que esa Comisión podrá formar juicio exacto de mi actuación y deducir que clase de izquierdismo es ese que, a mi entender, erróneamente se me imputa.- De propio intento he usado un estilo prosaico, vulgar, en esta exposición, apartándome, para rebatir tales cargos, de apelar a la Dialéctica, siempre más brillante pero que, por las variadas interpretaciones que se le pudieran dar a los conceptos, cabría admitir la posibilidad de llegar a una conclusión tan injusta como involuntaria.

Después de lo expuesto, sólo me resta añadir que, tengo la conciencia tranquila por la trayectoria que he seguido, ya que no la acusa ningún acto vituperable de que tenga que arrepentirme y, menos aún, sonrojarme; con esto no puedo dejar de admitir que, aquilatando, se

48 De grande influencia nos círculos relixiosos e conservadores da vila. Por exemplo, en particular a primeira foi testigo de descargo, xunto co crego da vila, Nicolás Mato, no consello de guerra no que foron condeados á pena capital o alcalde e varios veciños: y doña Melania Nine Fraga, que entonces era el paradigma de las derechas en La Estrada... (BLANCO VALDÉS, J.L.: “Art. cit.”).

podrá hallar algún deslíz, porque la infabilidad es atributo sólo de Dios, pero la categoría de ese deslíz, nunca podrá constituír laguna insalvable para que esa Comisión Depuradora se vea en la imposibilidad, cristianamente pensando, de reintegrarme a la Cátedra, único sostén de una familia tan humilde como honrada; pero si así no fuese, si esa Comisión acordase mantener la sanción que sobre mí pesa, ese fallo lo acataría, sumiso y con santa resignación, ya que tengo fe absoluta de que tal fallo se asentaría en fundamentos de estricta justicia, puesta la mirada en aquel anhelo común en que convergen hoy todos los corazones y entre ellos el mío: Una España mejor, una España grande y digna.

Que Dios ilumine a esa Comisión para bien de la Patria.

La Estrada, para Pontevedra, 17 Febrero 1937⁴⁹.

Pero Deus optou por poñerse da banda dos da Comisión, e o 20 de maio seguinte comunicábaselle o veredito, que non foi precisamente ao seu favor:

[...] Con esta fecha el Excmo Sr. Presidente de la Junta Técnica del Estado me comunica lo siguiente: Visto el expediente instruído a Don Antonio Fraguas Fraguas, Encargado de Curso del Instituto de Estrada (Pontevedra), de conformidad con la propuesta de la Comisión de Cultura y Enseñanza y con arreglo a lo dispuesto en el Decreto de 8 de Noviembre último y Órdenes del 10 del mismo mes y de 17 de Febrero pasado para su aplicación; esta Presidencia ha acordado: La separación definitiva del servicio de Don Antonio Fraguas Fraguas. Lo que traslado a V.I. para su conocimiento el del interesado y demás efectos [...]⁵⁰

O derradeiro vencello que coñecemos de don Antonio con esta vila será o certificado que asina Jesús Leis Camba en 1940, xefe local do Sindicato Español Universitario de F.E.T. y de las J.O.N.S. da Estrada:

[...] Que según he podido observar durante mi asistencia a las clases de Geografía e Historia en el Instituto Nacional de 2ª. Enseñanza de esta Villa, el Profesor de la misma DON ANTONIO FRAGUAS Y FRAGUAS no ha hecho nunca propaganda política de ningún matiz en ella ni ha ejercido presión de ninguna clase en tal sentido sobre sus alumnos; ni aún particularmente, por haberlo así tratado el que suscribe. Respecto de su religión, asistía todos los Domingos a la Santa Misa, incluso en los tiempos de dominación del fenecido Frente Popular [...]⁵¹

Nunca se esqueceu da Estrada e do seu instituto, que axiña deixa de existir, en 1937, ao tempo que se perdía o Museo Histórico no que se recollían materiais arqueolóxicos sobre todo procedentes de escavacións e catas levadas a termo cos alumnos

49 MPG: Antonio Fraguas Fraguas.

50 Ídem.

51 Ídem.

na maioría dos xacementos castrexos da comarca, *desaparecendo parte deles no momento en que estala a Guerra Civil e se pecha o centro, que é saqueado*⁵². Así se destrúe boa parte do labor desenvolto ao longo de tres escasos cursos académicos, que foran os seus primeiros como profesor de instituto, pois antes unicamente impartira algunhas clases como axudante de prácticas da sección de Letras no Instituto Nacional de Segunda Enseñanza de Santiago, nos cursos 1928-29 e 1930-31.

Entre os seus papeis hai unha pequena memoria na que resume a estadía estradense, testemuña de extraordinaria importancia para coñecer o seu xeito de ser, de pensar e de actuar:

Me corresponde como profesor encargado de curso redactar una Memoria de la labor realizada durante el tiempo que llevo prestando servicios como tal profesor.

En primer término tenemos que dedicar como preámbulo unas líneas al punto que fuimos destinados. La Estrada es una villa moderna y comercial pero falta hasta ahora del sentimiento de necesidad cultural, sin apetencias de lectura y por ello consagrada unicamente a su ritmo único que le marca la ruta del comercio para vivir un poco a espaldas de la creación científica.

En la villa no hay una sola Biblioteca, porque no le podemos llamar tal a unos cuantos libros, que sin orden ni concierto se guardan en una sociedad recreativa y el Ayuntamiento. Teníamos por lo tanto la primera dificultad en la falta, no solo de Bibliotecas sino en la carencia de vocación para la lectura. Ante esta evidencia he procurado desde el primer momento que la cultura se hiciese sentir no solo en el Instituto sino también entre las personas de fuera, procurando desterrar con ciclos de conferencias y charlas de divulgación científica la atmósfera tradicional del pueblo que experimentaba un placer en el juego y desdénaba la lectura o el comentario como algo que no tenía en la vida ni misión ni finalidad alguna. Me parecía un deber en bien de la cultura, el difundirla, que al fin redundaría en beneficio de la humanidad, procurando en todo momento que las gentes no viesen solamente en el Instituto un centro en el que podían adquirir un título unos cuantos privilegiados, sino también un lugar de orientación y de consulta [...]

Para completar mi labor he dado todos los cursos una serie de conferencias y charlas a los alumnos de las que hacían un resumen para poder construir una generación de alumnos que lleven del Instituto una visión de las cosas como base en su vida académica, producto de nuestro trabajo que en todo momento se llevó a la práctica sin reparar en sacrificios de ninguna índole con el fin único de hacer sensibles a la

52 REY CASTIÑEIRA, J. / RODRÍGUEZ CALVIÑO, M.: "Novas imaxes da arqueoloxía castrexa estradense a través das coleccións Bouza-Brey e Fraguas Fraguas do Museo do Pobo Galego", *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, 2001. Parte dese material, así como as fichas, recolleunas o seu amigo Fermín Bouza-Brey, xuíz na vila entre os anos 1930 e 1943, que publica en 1944 "Castros de la Comarca de La Estrada" (*Cuadernos de Estudios Gallegos*, I, Madrid), deixando constancia de que a información procedía das *exploraciones efectuadas con anterioridad a 1936, en diversos cursos, por el Profesor don Antonio Fraguas con sus alumnos*.

juventud los problemas de la Ciencia, legados al presente como patrimonio de la humanidad en cada momento de su existencia⁵³.

En 1960 asiste xunto con varios antigos compañeiros e ex-alumnos á conmemoración das “vodas de prata” da creación do instituto, así como tamén en 1984, para celebrar as de “ouro”. En 1993, a sociedade de Fillos e Amigos da Estrada concédelle a insignia de ouro en recoñecemento do labor como profesor e animador cultural, 57 anos despois de que tivera que abandonar definitivamente o centro. Aínda volvería, cando menos, unha vez máis á Estrada: en setembro de 1998, un ano antes do pasamento, co gallo da entrega do premio de xornalismo “M. Reimóndez Portela”.

UNHA PARÉNTESI: A LOITA FRATRICIDA

A nai vive en Insuela, e el continúa relacionándose coa xente de Loureiro e, en xeral de todo o concello, malia que dende que casara en 1932 vivía en Santiago de Compostela, coma o demonstra o feito de que xunto con outros veciños acorden publicar un periódico local, bimensual –o segundo e o último domingo de cada mes– do que unicamente saíría o primeiro número: *La Voz de Cotobad*, subtulado “Órgano defensor de los intereses del municipio, su comarca y limítrofes”. Na cabeceira figuran o redactor-xefe, Xaime Vidal Rei (de Carballedo), e o administrador, Xermán Pichel Bouzas (de Viascón). Aínda que non consta, o director era don Antonio. O motivo polo que non se volve publicar abonda con dicir que sae do prelo o 12 de xullo de 1936, seis días antes da sublevación militar.

Moitos anos despois, en *A Voz de Cotobade* do 31 de xullo de 1988, contaba así a xénese da desaparecida publicación:

[...] Fai pouco tempo lembrei nun artigo a Xaime Vidal Rey, da Lomba, en Carballedo e a nosa preocupación por facer un periódico, e conseguimos facelo, era LA VOZ DE COTOBAD, así un periódico que falase porque escoitamos moitas veces o dito peiorativo: iste periódico non di nada, e o noso periódico dicía algo e diría moito máis porque ben sabido é que quen fai un, fai un cento. Nos fixemos un e nada máis. LA VOZ DE COTOBAD saleu o día 12 de xullo de 1936, e dicía ben claro que ía ser “Órgano defensor de los intereses del Municipio, su Comarca y limítrofes”.

53 MPG: Antonio Fraguas Fraguas.

Unha vez máis comento a razón de ser eu o director, eu debía ser redactor e o director queríamos que fose Xosé Pumar, casado con unha hirmán de Xaime, Licenciado en Filosofía e Letras e tamén Licenciado en Farmacia máis tarde, pero tendo en conta a situación, abraído polo medo, Pumar non quixo ser o director, e Xaime foi o día de Santa Isabel a Loureiro e firmei alí a instancia que me comprometía a ser o director do periódico que sería bimensual [...]

A nosa voz pasou sin poder ser oída, escoitemos agora as novas voces en concerto escrito, pra contar e pra cantar cousas, moitas, moitas cousas, cousas da nosa terra, de Cotobade⁵⁴.

O tema máis sobranceiro destes días de mediados de xullo de 1936 era o Estatuto de Autonomía aprobado polas tres cuartas partes do electorado o anterior 28 de xuño, do que todos falaban, para ben ou para mal. O 15 de xullo entrégaselle ao presidente das Cortes para a súa discusión, e dous días despois o presidente da República, Manuel Azaña, recibía aos representantes que foran ata Madrid.

O 18 de xullo atópase de vacacións na casa da súa nai. As novas son espantosas e ao pouco xa empezan as primeiras detencións e asasinatos, os “paseos” da morte organizados polos falanxistas e as sentenzas dos xuízos sumarísimos dos militares: o 14 de agosto era “paseado” o artista Camilo Díaz Baliño; o 17 fusilaban en Pontevedra a Alexandre Bóveda; o 19 aparece o cadáver do alcalde compostelán, Ánxel Casal, nun foxo da rúa de Cacheiras (Teo)... Castelao e outros amigos, entre eles “Tano” (Sebastián González García-Paz), fuxiran para o exilio. Tampouco faltaron algúns que se puxeron de par dos sublevados.

Logo do sucedido na Estrada, sabe que é un dos que figura na lista negra, e vaise para Loureiro a onde o foron buscar máis dunha vez os falanxistas, polo que de día foxe para o monte, non vindo á casa ata a noite ao acender a nai un farol nunha das fiestras, o sinal convido de que non había perigo. Así pasou algún tempo, ata que se foron esquecendo os falanxistas da comarca e, sobre todo, os de Pontevedra, fato de criminais ao mando do médico e etnógrafo (en particular grande coñecedor da medicina popular) Víctor Lis Quibén⁵⁵. Desta persecución quedou unha testemuña

54 *A Voz de Cotobade. Voceiro cultural da bisbarra do “Cañón de pau”, Cotobade, núm. 2, 31 de xullo de 1988.*

55 Sinistro personaxe nado en Bos Aires en 1893, descendente de galegos, que fina en Pontevedra en 1963. Estivo relacionado co Seminario de Estudos Galegos, chegando ata a publicar algún artigo en *Nós*, coma “A medicina e a superstición” (1932). A súa obra máis coñecida é *La medicina popular en Galicia* (Pontevedra, 1949), na que figura moita información procedente do concello de Cotobade que, segundo se vén dicindo, parte dela fora recolleita por Fraguas que lla entregou, non sabemos de que xeito, durante a Guerra Civil. Da súa autoría é a biografía que publica a *Gran Enciclopedia Gallega*, na que se limita a dar os datos básicos da vida de Lis Quibén e a enumerar as publicacións, afirmando que *dedicó gran parte de su vida al estudio de la medicina popular, del curanderismo y de la medicina mágica.*

na súa casa: os falanxistas nunha das visitas escribiron na lumieira dunha porta en grandes caracteres e con pintura vermella <1936>, á vez que afirmaban que era para que sempre se lembrase dese ano. A “pintada” apareceu cando se limpou a parede anos despois do pasamento de don Antonio, podéndose enxergar en parte ata aínda non hai moito tempo.

Mentres tanto asiste con estupor á destrución do labor de tantos anos e á desaparición do Seminario de Estudos Galegos, que remata coa apropiación da biblioteca por parte da Universidade, o 31 de decembro de 1941.

Por orde do 20 de maio de 1937 é separado definitivamente do cargo docente pero, revisado o expediente en 1940, acórdase sancionalo con suspensión de emprego e soldo por dous anos e non poder ocupar cargos directivos nin tampouco de confianza no sucesivo. Así consta no oficio do Director General de Enseñanzas Superior y Media que lle transmite o reitor da Universidade Compostelá o 6 de xaneiro de 1942 (na data figura de 1941, porque a orde xa é do 5 de novembro anterior), co gallo de ter solicitado o desempeño provisional de profesor axudante de clases prácticas na cátedra de Xeografía:

[...] Excmo. Sr.: Vista la instancia presentada por D. Antonio Fraguas Fraguas, Encargado de curso que fue del Instituto de La Estrada (Pontevedra) por la que solicita se le compute el tiempo que haya estado separado de la Enseñanza para el cumplimiento de la sanción que le fue impuesta por O. de 5 de mayo de 1941.- Resultando que el interesado fue separado definitivamente de su cargo, por Orden de 20 de mayo de 1937, y que solicitada la revisión de su expediente le fue concedida esta en 30 de julio de 1940, habiendo sido resuelta por Orden de 5 de noviembre de 1941, imponiéndole la sanción de suspensión de empleo y sueldo por dos años, traslado e inhabilitación para cargos directivos y de confianza.- Resultando que por tratarse de Profesor Encargado de curso sin nombramiento en la actualidad no le es de aplicación la sanción económica que en estas condiciones nunca podría cumplir.- Considerando que es criterio seguido por este Ministerio el reconocer de abono para el cumplimiento de la sanción, el tiempo que los interesados hayan estado suspensos de empleo y sueldo provisionalmente y la mitad de lo que hubieran estado con el 50% de sus haberes, siempre que la Orden de depuración no determine lo contrario.- Esta Dirección General ha resuelto: Reconocer de abono para el cumplimiento de la sanción impuesta por O. de 5 de mayo de 1941 a D. Antonio Fraguas y Fraguas, el tiempo que de hecho haya estado separado de la enseñanza” [...] ⁵⁶

56 MPG: Antonio Fraguas Fraguas.

Na instancia que presentara ao presidente da Comisión Depuradora del Profesorado de Enseñanza, da que se conserva o borrador, di

[...] Que en noviembre de 1933 se le nombró profesor encargado de curso de Geografía e Historia en el Instituto de La Estrada (Pontevedra) y seguidamente secretario de dicho Centro, cargos que desempeñó hasta el 4 de Noviembre de 1936, fecha en que se le dejó suspenso de empleo y sueldo, separándole después de la enseñanza el 20 de mayo de 1937.

El recurrente estima que tal sanción es inmerecida por cuanto no he tenido nunca participación alguna en política de la que fue siempre enemigo y el figurar como galleguista no era más que la manifestación de su apoliticismo, sin que ni en un solo momento tuviese o manifestase separatismo ni de izquierdas. Era un amante de las tradiciones de Galicia y me dedicaba a su estudio en los momentos de descanso, como labor de investigación en el campo prehistórico, geográfico y folklórico, debiendo hacer constar que fui siempre cumplidor de mi deber en cátedra en la que no he tenido ni una sola falta, viviendo cristianamente en mi hogar sin otra aspiración que la de ser un maestro para los alumnos. [...]

Por todo lo expuesto, y teniendo también en cuenta que no he sido masón, y a tenor de las disposiciones vigentes, a V.S. Suplica que ante las pruebas de información que presenta acompañando a esta instancia, y además si lo estima conveniente solicite otro informe del M.I.S. Deán de la Catedral de Santiago D. Salustiano Portela Pazos, y en consecuencia se me levante la sanción que con fecha 20 de mayo de 1937 se me impuso [...] ⁵⁷

Así remataban varios anos de pesadelo, recoñecéndolle a administración que xa cumprira a sanción imposta en 1941, pois levaba separado do ensino oficial dende setembro de 1936, pero ademais de non reintegralo ao servizo activo no seu destino e cargo, aínda estaban por vir outros problemas derivados dos antecedentes, como cando o 15 de xaneiro de 1942 o decano do Colegio Oficial de Doctores y Licenciados en Filosofía y Letras y en Ciencias, do distrito de Santiago de Compostela, lle comunica que na xunta correspondente ao día sete anterior acordaran

la no admisión de Vd. como miembro del mismo por falta de avales de depuración.

Que axiña debeu presentar ou tiveron un trasacordo, xa que o 18 de marzo seguinte dicíalle o devandito decano:

57 Ídem.

Tengo el gusto de comunicar a Vd. que en la Junta celebrada por este Colegio en el día de ayer, se ha acordado su inscripción en este Centro con el nº. 356⁵⁸.

O problema volve xurdir en 1943, cando tenta de opositar a cátedras de Xeografía e Historia de institutos. O certificado expedido polo Delegado Provincial de Información e Investigación da Coruña da Falange Española Tradicionalista y de las J.O.N.S., Guillermo Tagores y Díaz del Río, concorda co do delegado accidental do mesmo servizo de Pontevedra, José Manzano Argote, do que era titular o “camarada” Sergio Cifuentes González-Posada. O primeiro asínao o 10 de maio:

[...] Certifico: Que de los datos obrantes en esta Delegación Provincial resulta que, ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS, hijo de Manuel y de Teresa, de treinta y siete años de edad, casado, Licenciado en Filosofía y Letras, natural de Loureiro (Pontevedra) y vecino de Santiago de Compostela; con anterioridad al Movimiento estuvo afiliado al Partido Galleguista, manifestándose como separatista gallego en la rama católica. Durante el Movimiento no prestó ningún servicio al mismo. Fue sancionado con dos años de separación por la Dirección de Institutos.- La concepción Religiosa al igual que la de su vida pública y privada, es buena.- No pertenece a F.E.T. y de las J.O.N.S., no constando, por lo tanto, su afección al Movimiento [...]

Antes solicitáralle o informe ao alcalde de Cotobade, que responde que el non o pode facer e que lle pasa a petición á Jefatura Local de F.E.T. y de las J.O.N.S., pero o “camarada” Constantino Vidal, dende San Xurxo de Sacos, comunícalle que o único de quen para expedilo é o xefe provincial,

[...] con la seguridad de conseguirlo como lo merezca, pues a todo Ciudadano se le expende un Certificado en Falange y ya se le entrega con el Vº.Bº del Camarada Jefe provincial [...]

De seguido ordénalle:

El lunes se necesita que te encuentres en Carballedo por la mañana.

O xefe provincial expídeo o 7 de xuño e foi, como era de agardar, do teor do anterior da Coruña:

[...] Certifico: Que consultados los archivos que obran en este Servicio, resulta: Que, D. ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS, de treinta y

58 Ídem.

siete años de edad, hijo de Manuel y Teresa, de estado casado, profesión Profesor de 2ª Enseñanza, natural de Cotovad (Pontevedra) y vecino de Santiago de Compostela (La Coruña); políticamente posee antecedentes desfavorables, habiendo tenido actuación y significación en partidos contrarios a la Unidad de España.- Al iniciarse el Glorioso Alzamiento Nacional no se incorporó al Ejército por no ser movilizado su reemplazo; no constando haya actuado en contra de la Causa Nacional.- Está bien conceptuado en su vida pública, privada, moral y religiosa.- No se puede certificar sobre su adhesión al Glorioso Movimiento Nacional por no pertenecer el interesado a F.E.T. y de las J.O.N.S. [...]⁵⁹

Pola contra, é favorable o expedido pola comandancia do posto da Garda Civil de Santiago, xa que vivía na casa número 24 da rúa do Franco:

[...] es de buena conducta y antecedentes, carece de ideal político y se le considera adicto al Glorioso Movimiento Nacional [...]

Así como tamén o certificado que asina José Ibáñez Martín, presidente da Junta Nacional de Educación e no seu nome, o secretario, constando que o expide a petición do interesado para opositar a cátedras de universidade, cando era ás de instituto:

[...] ha demostrado suficientemente según informes y referencias que obran en poder de esta Junta Nacional de Educación SU FIRME ADHESIÓN A LOS PRINCIPIOS FUNDAMENTALES DEL ESTADO [...]

Por último, como queda visto cando se tratou da súa estancia no instituto da Estrada, tamén foi favorable o informe asinado polo xefe local do Sindicato Español Universitario de F.E.T. y de las J.O.N.S. desa vila.

Fracasou, e iso que levaba ata a recomendación do Director General de Primera Enseñanza, Romualdo de Toledo⁶⁰, non por falta de preparación, pois chegou a realizar todos os exercicios e obtivo un voto para o segundo posto, senón por problemas políticos, como lle dixo un dos profesores que formaba parte do tribunal:

- Mire Vd. El tribunal le tenía a Vd. para el número dos. El tribunal le estima y le respeta, pero la política acabó con Vd...⁶¹

59 Ídem.

60 Ídem.

61 GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *Obr. cit.*, 28. Certificación do Jefe del Negociado de Catedráticos, Concursos y Oposiciones de la Sección de Institutos del Ministerio de Educación Nacional, do 25 de xuño de 1943: [...] *el opositor D. ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS realizó todos los ejercicios de la oposición habiendo obtenido un voto para el segundo puesto [...]* (MPG: Antonio Fraguas Fraguas).

MEDO E SILENZO: O INSTITUTO “P. SARMIENTO”

Reside en Compostela sen máis medios económicos que os das clases que lle permiten impartir na Universidade ata o curso 1939-40 como profesor temporal por oposición da Facultade de Filosofía e Letras, adscrito ás materias de Historia Universal e de España (Idade Moderna e Contemporánea) e Xeografía.

Acada, non sen traballo, que no curso 1942-43 o nomeen encargado da auxiliaría de Xeografía de clases prácticas da devandita facultade, que desempeñará de xeito continuado ata 1945-46, inclusive. A partir do seguinte pasa a encargado da cátedra de Xeografía ata 1949-50, en que tamén é profesor adxunto por oposición da mesma disciplina, rematando o primeiro de novembro de 1950 co gallo de aprobar a oposición e facerse cargo da cátedra de Xeografía e Historia do instituto masculino de Lugo.

Como o que recibía da Universidade non lle abondaba para vivir (por exemplo, como profesor adxunto en 1950 cobraba como gratificación 6.000 pesetas anuais), tense que dedicar ao ensino privado, para o que xunto cun crego –doutro xeito non lle permitían–, Ramón Davila García, funda en 1938 a “Academia Menéndez y Pelayo”, centro legalmente recoñecido para estudos de Ensino Medio, con sede primeiro na rúa da Troia e despois na da Algalia de Abaixo, na que ademais de impartir el clases tamén o facían outros profesores.

Na sesión do 13 de decembro de 1942 é nomeado membro correspondente da Real Academia Gallega. Nove anos despois, o 19 de abril de 1951, pasa a académico, ocupando a vacante do seu querido profesor no instituto pontevedrés e amigo no Seminario de Estudos Galegos e no Partido Galeguista, Castelao:

[...] Castelao, a vida que viveu sempre pra Galicia, leva enraizados nomes de singular valor: Rianxo, a casiña de seus pais, aquela ilesa, o adro, a ría e os mariñeiros. Peito de Lobo e Sabela a bailadora das festas; prodixio de pedras, misteriosa luz nas torres e nas rúas, procesións e troula estudiantil; Pontevedra, repouso espiritual, profunda oración artística; logo outros nomes, moitos nomes, os de todol-os casales, aldeas e vilas de Galicia, luceiros relucentes de fortuna, feitizos de groria namorados. Camiños do mar, lonxanas cumes bravías onde moi a neve espranza e desesperos; tamén os eidos d'Europa, despois outra volta o mar, ir e vir nun soio pensamento: a Terra, repousada verba, anceo firme de bo mariñeiro...

Logo da obrigada loanza do seu antecesor na cadeira, leu o discurso de ingreso que foi

unha pequena sección do saber popular dunha aldea e titulamos o noso pasatempo: “Roseiras e paxariños nas cantigas dun serán”.

Respondeulle Ramón Otero Pedrayo⁶².

En 1944 publica o primeiro traballo logo da Guerra Civil: “Juegos infantiles de Loureiro de Cotobad”, no *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos* de Ourense, ao que seguirán outros en diferentes revistas. Deixa de escribir por medo en galego, tanto nas publicacións de aquí como nas portuguesas, igual que fan os demais compañeiros co gallo do control das autoridades franquistas, saíndo unicamente en 1946 un artigo na *Revista de Guimarães*, “Dous romances de Galicia”. O seguinte será xa trinta anos despois, en 1975, no número cinco do *Boletín Auriense*: “Preocupación polo tempo e os astros na creencia popular”.



Na Real Academia Galega. De esquerda a dereita, sentados, Filgueira, Carballo, Vales, García-Sabell, Dieste, Fraguas, Trapero e Gil Merino; de pé, un bedel, Millán, Torre Enciso, Vidal Abascal, Parga Pondal, Chamoso, Piñeiro, Dónega, Chao Espina, Meijide e Naya.

Participa nos *Juegos Florales* de Santiago de Compostela do ano 1945, organizados polo Círculo Mercantil e Industrial, presentando o traballo “Del nacer al morir, o la vida y sus problemas

62 MPG: Antonio Fraguas Fraguas.

según el saber popular”, baixo o lema “Por Xelmírez áurea, por Fonseca sabia e pol-o Apóstol santa”, que é galardoado co segundo premio (cincocentas pesetas).

Céntrase na tese de doutoramento que abandonara durante a Guerra Civil, demorando o traballo de investigación, redacción e presentación ata o 16 de xuño de 1948 en que a defende na Universidade de Madrid, Facultade de Filosofía e Letras, sección de Historia, obtendo a cualificación de Sobresaliente. O tema da mesma foi a historia do colexio compostelán de Fonseca, que se publicará en 1956 como anexo XI de *Cuadernos de Estudios Gallegos: Historia del Colegio de Fonseca*, e a segunda parte dous anos despois, como anexo XII: *Los colegiales de Fonseca*.

Malia que a situación tanto política como social e cultural, non era propicia, antes todo o contrario, non por iso perde a esperanza de que algún día volverá abrir as portas o vello Seminario de Estudos Galegos, e de que cando menos se cumpran varias das ilusións de antano que son as que lle dan azos para seguir traballando. O crego Xesús Carro García solicita a permanencia do Seminario e, de non poder ser con este nome que se lle procure outro, con tal de que non desapareza tan importante centro de investigación. As súas peticións téñense en pouco coma o amosa o que en 1941 o Reitor ordene o traslado dos libros para a biblioteca da Universidade. A situación troca cando o pontevedrés Francisco Javier Sánchez Cantón (que tamén pertencera ao Seminario), ben visto polo réxime militar e amigo de Xosé Filgueira Valverde, promove en Madrid a creación dun centro que dependería do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC), que se aproba o 30 de novembro de 1943, e se denominaría Instituto “P. Sarmiento” de Estudios Gallegos.

O 14 de febreiro do ano seguinte ten lugar en Compostela o acto de constitución, no que se acorda que contaría con dez seccións cos seus correspondentes directores. A Universidade devolve a biblioteca, pero o problema radica en que o novo centro non dispón de local de seu, polo que se aluga o baixo da casa número 6 da Rúa Nova. Aínda que Fraguas non figura con ningún cargo, será quen se faga cargo de rexistrar e fichar os libros que devolvera a Universidade:

[...] E alí comecei eu a catalogar o que había, e tiña como lector investigador a Don Antonio Couceiro Freijomil, autor do Diccionario

Bio-Bibliográfico. Houbo unha inauguración a cargo do ministro Ibáñez Martín, que quería levar alí ó Xeneralísimo, pero non foi [...] ⁶³

O 3 de setembro de 1946 inaugúrase oficialmente a sede do instituto, situada entre os colexios de Fonseca e San Xerome, con entrada pola rúa do Franco, onde permanecerá ata o ano 2001 en que se traslada para o antigo Hospital de San Roque, dous anos despois do pasamento de don Antonio, pero el xa abandonara antes toda actividade relacionada co centro, dende que se procedera á liquidación do antigo Instituto constituído por intelectuais que traballaban desinteresadamente e pasa a ser un centro exclusivo de investigadores profesionais.

Na sesión do CSIC do 16 de xaneiro de 1946, o Consejo Ejecutivo acorda nomealo colaborador do Instituto “P. Sarmiento” ao tempo que se lle asina unha pequena gratificación de 4.000 pesetas anuais. A partir da reforma de 1949, en que só quedan dúas seccións, consta como “colaborador efectivo”, igual ca Otero Pedrayo, Filgueira Valverde ou Bouza Brey, entre outros. Ademais de bibliotecario tamén foi xefe da sección de Etnografía e Folklore; secretario (nomeamento que asina o 5 de abril de 1973 o ministro de Educación y Ciencia, José L. Villar Palasí); comisario de varias mostras; colabora na publicación do centro, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, etc. Estes cargos rematan coa súa xubilación como docente en 1976, pero continúa traballando sobre todo na sección de Etnografía e Folklore, á que pertencía tamén o seu amigo Xaquín Lorenzo Fernández, constituída principalmente por xente nova que devecía traballar a prol da nosa cultura, seguindo o vieiro do extinto Seminario de Estudos Galegos.

O seu labor empeza a ser recoñecido mesmo fóra de Galicia, coma o testifica o feito de que o 25 de xullo de 1946 a Associação dos Arqueólogos Portugueses tome o acordo de nomealo socio correspondente:

[...] Tenho a honra de comunicar a V. Ex^a. que na assembleia geral efectuada em 25 do corrente se procedeu à votação da sua candidatura a sócio correspondente desta Associação, pelas Secções de História e de Pre-História, saíndo aprovado [...] ⁶⁴

Na sesión do 29 de outubro do devandito ano fará o mesmo a Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia:

⁶³ *Diario de Galicia*, carta de Antonio Fraguas dirixida ao director, 1-III-1992.

⁶⁴ MPG: *Antonio Fraguas Fraguas*.

[...] A aprobación desta proposta pela unanimidade da assembleia geral desta Sociedade representa uma sincera homenagem aos elevados méritos científicos de V. Ex^a. [...]⁶⁵

E o 13 de marzo de 1952 o director-secretario do Instituto António Cabreira (anexo da Academia de Ciências de Portugal) de Lisboa, tamén lle comunica que fora nomeado socio correspondente:

Por unanimidade, a dirección do Instituto António Cabreira, elixeu seu sócio correspondente o excelentísimo e ilustrísimo señor DOUTOR ANTÓNIO FRAGUAS E FRAGUAS [...]⁶⁶

Aquí tampouco faltan os recoñecementos, coma o de que o conviden a ser un dos fundadores do padroado “Rosalía de Castro”, que terá como principais fins promover, soste e difundir a memoria da poetisa e do seu marido, Manuel Murguía:

En la ciudad de Santiago de Compostela, a las veinte horas del día quince de Noviembre de mil novecientos cuarenta y siete y en la Sala de Juntas del “Hotel Compostela”, previamente citados por los señores Don José Villar Grangel y Don José Mosquera Pérez, se reúnen con los referidos los señores Don Ramón Otero Pedrayo, Don Manuel Gómez Román, Don Luis Iglesias e Iglesias, Don Fermín Bouza Brey, Don Paulino Pedret Casado, Don Felipe R. Cordero Carrete, Don Aquilino Iglesia Alvariño, Don Manuel Beiras García, Don Jaime Isla Couto, Don Antonio Fraguas y Fraguas y Don Jesús Ferro Couselo [...]⁶⁷

Formou parte da xunta de goberno e tamén foi tesoureiro. No mes de decembro de 1987 recibirá unha homenaxe, xunto cos outros tres membros fundadores aínda vivos, Manuel Beiras, Felipe Cordero e Xaime Isla, co gallo do 40 aniversario da fundación do devandito padroado.

LUGO: “A LIBERDADE”

Aproba a oposición a catedrático numerario de instituto de Xeografía e Historia, e o primeiro destino é o Instituto masculino de Lugo, no que toma posesión o 15 de maio de 1950, aínda que o nomeamento oficial é do 18 de abril anterior. Ao deixar Compostela ten que abandonar as clases na Universidade, comunicándolle

65 Ídem.

66 Ídem.

67 Fundación “Rosalía de Castro”: *Actas do padroado*.

o primeiro de novembro do devandito ano ao decano da Facultade de Filosofía e Letras, que

[...] Teniendo que ausentarme de esta Ciudad para desempeñar otro cargo fuera de la Provincia ruego a V.S.I. se digne admitir la renuncia al cargo de Profesor Adjunto de Geografía que venía desempeñando hasta la fecha [...]⁶⁸

Pero non por iso deixará de relacionarse con ela, pois –por exemplo– o 19 de febreiro de 1962 o secretario infórmao de que a Xunta de Facultade acordara designalo en representación da mesma como vocal do xurado do premio “Galicia”, convocado polo Consejo de Patronato da Fundación Juan March.

Instálase na cidade das murallas, dedicándose de cheo ao ensino e á investigación. En 1953 noméano vicesecretario do devandito centro, delegado do curso de Preuniversitario (1954-1956), xefe de estudos (1955-1956) e o 3 de febreiro de 1956, secretario. Participa nas máis das actividades culturais que se desenvolven por estes anos na poboación: vocal do Museo Provincial e de Arte Sacro da diocese; presidente do grupo II da Asociación Española de Amigos de los Castillos (sección provincial de Lugo); en 1958 toma parte na organización do I Curso Universitario de Primavera, polo que a corporación municipal por unanimidade acorda o 28 de maio testemuñarlle o seu agradecemento

[...] por la loable actividad desarrollada en el mismo, que contribuyó a que culminara en un positivo éxito [...]⁶⁹

A Junta Provincial de Becas da Organización Sindical o 22 de xullo de 1958 solicítalle

[...] el concurso de Vd., para la redacción de los temas que constituyen materia de examen y para las calificaciones de los ejercicios realizados

68 MPG: *Fraguas Fraguas, Antonio*.

69 Ídem.



en la prueba de aptitud a que serán sometidos los solicitantes de beca concedidas por la Organización Sindical [...] ⁷⁰

O 10 de decembro do mesmo ano, co gallo do nomeamento de profesor de Xeografía e Historia dos Estudos Nocturnos do devandito instituto, o director do mesmo redacta o seguinte informe verbo do seu labor ao longo dos oito anos que levaba en Lugo:



Na praza do Toural de Compostela, con Otero Pedrayo e Mosquera Pérez.

Como Director de este Instituto, tengo el honor de informar:

1º.- El Catedrático de Geografía e Historia D. ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS ha demostrado desde el primer día no solamente un sólido conocimiento de las disciplinas a su cargo, sino dotes pedagógicos poco frecuentes.

2º.- En la clase y fuera de la clase ha sido y es uno de los mejores y más eficaces colaboradores de la Dirección, por lo que tuvo encomendada, primeramente, la Jefatura de Estudios y en la actualidad, la Secretaría.

3º.- Que por su competencia y sus mencionadas virtudes es uno de los Profesores más queridos de sus alumnos y de sus compañeros, quienes en este curso volvieron a proponerle en Claustro por unanimidad, Secretario del Centro, honrándose esta Dirección con elevar dicha propuesta.

4º.- Que su competencia y su laboriosidad, tanto como su cordialidad y generosidad en el esfuerzo, son proverbiales en la ciudad; contándose con él frecuentemente en cuantos ciclos de conferencias organizan las entidades culturales-recreativas, religiosas o del Movimiento.

5º.- Que la Dirección sentirá la marcha de tan valioso compañero que dejará un hueco difícil de llenar, lo que se dice como justo elogio del solicitante y nunca con el deseo de impedir sus legítimas aspiraciones [...] ⁷¹

Participa no III Congreso Arqueológico Nacional, celebrado en Galicia e en Portugal (1953), no Congreso de Etnografía e Folklore de Braga (1956), no Colóquio de Estudos Etnográficos “Dr. José Leite de Vasconcelos” do Porto (1958), etc. O 29 de maio de 1959 o Gobernador Civil da provincia de Lugo, logo de rematar o II Curso Universitario de Primavera, maniféstalle a súa gratitude

70 Ídem.

71 Ídem.

[...] por la magnífica colaboración que nos ha prestado para la mejor organización y buena marcha del mismo, habiendo contribuído de una manera personal a la mayor brillantez de los actos celebrados [...] ⁷²

E o mesmo fai o reitor da Universidade de Compostelá, Luis Legaz Lacambra.

Ao longo destes anos, ademais de varios artigos inseridos en diferentes revistas, entre as que se conta o *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Lugo* (“Una impresión del viaje de los Reyes Católicos a Galicia”, 1953, e “Apuntes para la historia de Primera Enseñanza en el Valle de Quiroga”, 1956), saen do prelo tres libros seus: *Geografía de Galicia* (1953), *Historia del Colegio de Fonseca* (1956) e *Los colegiales de Fonseca* (1958).

En 1974 a editorial dos Bibliófilos Gallegos publica a monografía *Lugo*, na que amosa un amplo coñecemento da historia da cidade. Anos despois, o 7 de outubro de 1989, os ex-alumnos acordan renderlle unha homenaxe, á vez que o concello lle dá o seu nome a unha das rúas, figurando na tarxeta da invitación estas verbas referidas a súa estadía entre os anos 1950 e 1959:

Lugo para min significou o mesmo que para Frei Luís o de “Dicíamnos onte”: A liberdade. Foi a volta á miña vida académica, por eso nunca poderei esquecer Lugo.

Voltarei a Lugo o 7 de outubro, porque teño que pedir perdón polo mal que puiden facer, polas moitas miñas faltas.



O día que o concello de Lugo lle puxo o seu nome a unha das rúas da cidade (1989)

COMPOSTELA: TEMPO DE RECOÑECIMENTOS

Reside en Lugo, pero por iso non deixa de manter casa aberta na rúa do Franco compostelá, na que finará súa nai, Teresa Fraguas Vázquez, que recibe sepultura no cemiterio de San Domingos de Bonaval o 24 de agosto de 1955.

72 Ídem.

Continúa colaborando tanto no Instituto “P. Sarmiento” coma noutras institucións culturais. Así, por exemplo, é un dos encargados da exposición que sobre a Pardo Bazán organiza o devandito Instituto co gallo do centenario do seu nacemento, publicando sobre a mesma o folleto *Doña Emilia Pardo Bazán (En el centenario de su nacimiento)*. En 1965 organiza con Xosé Filgueira Valverde a exposición que se lle dedica á vreira; en 1969, con J. Naya e R. Carballo Calero, unha sobre o traxe tradicional galego; e en 1972, tamén en colaboración con Filgueira Valverde, a mostra bibliográfica das obras de F.J. Sánchez Cantón, e a que se lle dedica ao P. Sarmiento (con Filgueira e X.L. Pensado).

O 9 de xullo de 1955, o cóengo e director do Centro de Estudos Jacobeos, Manuel Rey Martínez, dependente o mesmo có instituto “P. Sarmiento” do CSIC, comunícalle que fora nomeado polo arcebispo-cardeal Quiroga Palacios xefe da sección de Historia Moderna e Contemporánea, á que tamén pertencían, entre outros, Xesús Carro, José Guerra Campos, Manuel Troitiño Mariño e Paulino Pedret Casado, do que chegaría ser secretario. Este centro edita a revista *Compostellanum*, na que publica algún artigo, como “Notas sobre el recibimiento del Arzobispo Don Maximiliano de Austria” (1961), e “Tres temas relacionados con Santiago en el Congreso Etnográfico de Santo Tirso (Portugal)” (1963).

En 1959 imparte as leccións de Xeografía de Galicia no “Cursillo de Verano” que organiza o Seminario Maior compostelán, pero oficialmente xa non é profesor do instituto masculino de Lugo, senón da mesma disciplina no feminino “Rosalía de Castro” de Santiago, para o que solicitara traslado e lle fora concedido o 22 de maio, tomando posesión o día primeiro do seguinte mes de xullo. Cumprírase así o seu maior deveso: residir de novo en Compostela e tomar parte nas actividades culturais que decote se desenvolven na cidade.

No curso 1959-60 é nomeado xefe de estudos do instituto “Rosalía de Castro”; o primeiro de febreiro de 1960 pasa a profesor de Historia dos estudos nocturnos, e o 28 de outubro do mesmo ano elixeno vicesecretario; tamén este ano é nomeado polo Ministerio titor dos axudantes bolseiros adscritos ao seminario de Xeografía e Historia do devandito centro. As clases de estudos nocturnos permítenlle traballar durante o día noutras tarefas, así como tamén impartir algunhas clases na Facultade de Filosofía e Letras como profesor adxunto con carácter provisional (Xeografía Xeneral de España e Universal, Xeografía de Francia e Países Anglosaxóns). O seu labor como docente remata coa xubilación, o 28 de decembro de 1975.

Publica varios artigos en revistas e os libros *Galicia insólita. Tradiciones gallegas* (1973) e *Lugo* (1974).

O 31 de outubro de 1960, o padroado do Museo Municipal de Santiago instalado en San Domingos de Bonaval, acorda por unanimidade designalo vocal electivo da sección de Etnoloxía, do que en 1973 será nomeado director, cargo que desempeña ata a idade regulamentaria de xubilación.

En 1963 xorde o proxecto de constituír en Pontevedra o “Centro de Estudios Etnográficos Vicente Risco”, do que o grupo iniciador formábano Xaquín Lorenzo (como director), Fermín Bouza Brey, Antonio Fraguas Fraguas, Xesús Taboada Chivite e Alfredo García Alén. Habería membros numerarios, correspondentes e de honra, editaríase unha revista con traballos etnográficos e, en particular, os inéditos de Risco; como complemento crearíase un “Seminario de Estudios Etnográficos” que se ampliaría máis adiante cun Museo de Etnografía Galega, e tamén convocaría dous premios: o “Vicente Risco”, dedicado a Etnografía moderna, e o “Florentino L. Cuevillas”, a Etnografía arqueolóxica. Non se chegou a materializar o proxecto, aínda que se dá conta do mesmo o 30 de setembro do devandito 1963 ao pleno da Deputación Provincial por parte do deputado Antonio Puig Gaité, como presidente da Comisión Informativa de Educación, Deportes y Turismo, pero

[...] Considerando que esta idea non ha llegado todavía a la madurez necesaria para resolver en definitiva, resulta obligado acordar que este asunto se traslade a la Comisión informativa correspondiente, para proceder al estudio de tan laudable aspiración, y una vez recogido en la propuesta que en su día se eleve a la Corporación, se acuerde por esta lo procedente [...]⁷³

Era membro da comisión asesora do Padroado do Museo de Pontevedra en Arqueoloxía e Antropoloxía Cultural, ao que doa en 1994 varias pezas procedentes do castro de Famelga (Augasantas, concello de Cotobade), descubertas por el moitos anos antes nese xacemento que queda próximo á súa aldea de Insuela.

Pertence á Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago de Compostela, da que foi bibliotecario e publica en 1987 parte da historia: *Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago. Primera época, 1784-1813-1821*. O seu amor a

⁷³ Archivo da Deputación Provincial de Pontevedra: *Actas de sesiones*, acordo número 36 do pleno da sesión ordinaria do 30 de setembro de 1963. Da Comisión Informativa de Educación, Deportes y Turismo non existen actas entre os anos 1962 e 1965, e tampouco se conserva no arquivo ningún documento relacionado co devandito Instituto de Estudos Etnográficos.

Compostela e a súa relixiosidade fan que sexa membro da Arquiconfraría do Apóstolo Santiago, da que chegou a vicepresidente primeiro. En 1969 acólleo como socio a Sociedade de Língua Portuguesa, con sede en Lisboa:

[...] Em prol da vivificação da cultura das nossas terras –Galiza e Portugal– bem necessitamos de contar com o apoio de V. Ex^a. no sentido de melhor divulgação do idioma português na Galiza e do vosso entre nós [...]⁷⁴

É un dos asinantes da “Solicitud-acta de constitución de la Academia de Ciencias Gallega (Academia de Ciencias Galega)”, dirixida ao delegado provincial do Ministerio de Educación y Ciencia da Coruña o 26 de xaneiro de 1973:

Los que subscriben académicos numerarios de la Real Academia Gallega, acuerdan fundar la Academia de Ciencias gallega con sede en Santiago, (local social en la sala del inmueble sito en la calle Salvador Parga, cedido para las reuniones de la Academia de Ciencias por la Caja de Ahorros de Santiago), de acuerdo con el reglamento adjunto.

Dado los fines científicos y sociales de dicha Academia que redundarán en beneficio de la cultura gallega y la existencia de Academias análogas en diversos lugares, tales como Sevilla, Cataluña y Zaragoza.

Solicitan del Ministerio de Educación y Ciencia autorización para fundar esta Academia de acuerdo con el reglamento adjunto [...]

Asinan: Enrique Vidal Abascal, Isidro Parga Pondal, Luís Iglesias Iglesias, Domingo García Sabell, Antonio Fraguas Fraguas e Eugenio Torre Enciso⁷⁵.

Foi bibliotecario da mesma, e o 20 de febreiro de 1990, o presidente, Ernesto Viéitez Cortizo, comunícalle que o elixiran vicepresidente da sección de Matemáticas, Física e Física do Cosmos, presidida por Eduardo García-Rodeja Fernández.

En 1973 é designado “Pontevedrés del año”, atendendo aos seus méritos como intelectual e divulgador da nosa cultura e, en particular, da súa terra de Cotobade. Dous anos despois, con data do 19 de decembro de 1975, noméano socio correspondente na provincia da Coruña da Real Academia de la Historia.

O 24 de xaneiro de 1976 ten lugar en Compostela a primeira xuntanza para tratar verbo da creación dun museo galego de Antropoloxía. Seis meses despois –o 31 de xullo– desenvolvíase

⁷⁴ MPG: Antonio Fraguas Fraguas.

⁷⁵ Ídem.

no auditorio do Colexio Médico compostelán o acto formal de constitución do Padroado do Museo do Pobo Galego, figurando el entre os asistentes, en nome propio e en representación da Real Academia Galega e do Museo Municipal de Santiago, do que por unanimidade sae a seguinte candidatura:

Presidente: Xaquín Lorenzo Fernández

Vicepresidente 1º: Antonio Fraguas Fraguas

Vicepresidente 2º: Xesús Taboada Chivite

Vicepresidente 3º: Andrés Fernández-Albalat Lois

Vicepresidente 4º: Xosé María Álvarez Blázquez

Polo que atinxe ao Museo, serían director e secretario, respectivamente, Antonio Fraguas e M. Carlos García Martínez.

En adiante tomará parte en todos os actos, dende a inauguración das primeiras salas, o 29 de outubro de 1977, á que asiste o ministro de Cultura, Pío Cabanillas Gallas, ata o óbito do seu íntimo amigo e compañeiro de labor dende os tempos do Seminario de Estudos Galegos, Xaquín Lorenzo Fernández, o 18 de xullo de 1989, en que pasa a presidir o Padroado.

Ao longo destes anos o Museo que empezara non sendo máis ca un soño de varios mozos, medra a pulos en prestixio, en fondos e en salas, ocupando un lugar senlleiro entre as nosas institucións culturais. E para que fose a máis e dispuxese dunha ampla e rica biblioteca, o 17 de decembro de 1994 decide legarlle a súa, a xuntar coa de Xaquín Lorenzo, Taboada Chivite, Antonio Rodríguez Fraiz e outros máis, deixando constancia de tal doazón coas seguintes verbas escritas no libro de ouro do Museo:

No día que deixamos o noso “tesouro”, a sinxela biblioteca, co pensamento na nosa terra e na nosa cultura.

Como outros antigos socios do extinto Seminario de Estudos Galegos, cando en 1978 se forma a comisión para constituír de novo a devandita institución presidida por Ramón Martínez López, el tamén é un dos convocados, figurando na relación de membros vitalicios xunto con Ricardo Carballo Calero, Francisco Fernández del Riego, Xaime Isla Couto, Valentín Paz-Andrade, Xosé Filgueira Valverde, Xaquín Lorenzo Fernández, Isidro Parga Pondal e Lois Tobío. Na asemblea do 2 de decembro de 1983 é elixido vicepresidente, e toma parte en varios actos, como, por exemplo, nas Primeiras Xornadas da Área de Ciencias Biolóxicas en lembranza dos naturalistas galegos, que se celebran en Com-



No enterro de don Xaquín Lorenzo, Ourense, 20 de xullo de 1989.

postela no mes de abril de 1988, versando a conferencia súa encol do labor do profesor L. Iglesias no desaparecido Seminario.

En 1983 créase o Consello da Cultura Galega como órgano asesor e consultivo, constituído por representantes de institucións e personalidades sobranceiras da cultura. O 3 de novembro do devandito ano ten lugar a elección dos que habían ser presidente, vicepresidentes e secretario, á que non asiste por motivos que descoñecemos, saíndo para ocupar os devanditos cargos, respectivamente, Ramón Piñeiro, Constantino García e Xesús Alonso Montero, e Agustín Sixto Seco.

Ao pasamento de Ramón Piñeiro acada a presidencia Xosé Filgueira Valverde, tamén ata o seu óbito, o 13 de setembro de 1996. O seguinte 19 de outubro ten lugar a elección do novo presidente, para a que só se presentara a candidatura do escritor Carlos Casares, pero antes de se proceder á votación varios membros do plenario decidiron presentar a Fraguas que, malia que non chegou a superar a Casares que recibiu 14 votos, acadou 10 do total de 26, pois houbo un nulo e un en branco.

A esta institución pertencerá ata o pasamento, desempeñando varios labores, como representante para formar parte da Xunta Superior de Museos de Galicia, pero, sobre todo, como coordinador da sección de Antropoloxía Cultural, que durante estes anos organiza varios simposios, publica as actas correspondentes aos mesmos, e edita tamén algúns libros.

Poucas foron as institucións culturais que non contaron con el, coa súa colaboración, ata a Asociación de Antiguos Tunos (e non temos constancia de que fose tuno nos seus anos de estudante universitario), que o nomea membro do consello asesor do padroado da Casa de la Troya. Pertenceu ao consello reitor da Fundación “Otero Pedrayo”, con sede no pazo de Trasalba; á Fundación Castelao, e foi convidado polo presidente da comisión xestora, Manuel Beiras García, a formar parte como membro fundador da Fundación Alexandre Bóveda, constituída o 20 de setembro de 1990 en Pontevedra.

Ao longo deste tempo aproveita a experiencia e a documentación acadada durante tanto anos de investigación, publicando ademais de varios traballos en revistas e xornais, 16 libros, dos que algúns son reedicións de artigos dados a coñecer anteriormente: *Murguía. O patriarca* (1979), *Literatura oral en Galicia* (1980), *El traje gallego* (1985), *Aportación ó cancionero de Coto-bade* (1985), *Aquilino Iglesia Alvariño. Vida e obra* (1986), *Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago. Primera época, 1784-1813-1821* (1987), *Romarías e Santuarios* (1988), *Celso*

Antonio Fraguas Fraguas



De esquerda a dereita: Isaac Díaz Pardo, Avelino Pousa Antelo, Manuel Beiras, Antonio Fraguas e Francisco Fernández del Riego.

Emilio Ferreiro (1989), *Galicia máxica* (reedición de cinco artigos, 1991), *La Antigua y la Nueva Galicia: Caminos del mundo* (en colaboración con José Rogelio Álvarez, 1992), *Carnaval e outras festas* (reedición de dous artigos, 1992), *Santiago de Compostela* (1993), *La Puerta Santa de la catedral de Santiago* (reedición dun artigo publicado en 1970, 1993), *O conto de Serafín. O Santuario da Franqueira* (colección os “Contos do Castromil”, 1993), *Do Entroido* (versión galega de tres artigos, 1994) e *As cousas de Antonio de Insuela* (escolma de artigos publicados no xornal *O Correo Galego* os anos 1995 e 1996, 1996).

CODA PARA TODA UNHA VIDA

“Tal sementeira, tal sega”, di o refrán, e como a de don Antonio fora boa ao longo de toda a vida, tamén abondosa sería a colleita da mes, dos recoñecementos, agora que cada vez estaba máis próxima a fin.

O ano 1984 recibe o Pedrón de Ouro, sendo mantedor literario no acto que tivo lugar no pazo da Matanza, en Padrón, o amigo Xaquín Lorenzo Fernández (*O Xocas*, como el o trataba sempre). Dábase o caso que el tamén fora mantedor en 1982, cando recibira o devandito galardón o pintor Manuel Colmeiro. A Xunta de Galicia concédelle a Medalla Castelao; o concello de Santiago de Compostela noméao Fillo Adoptivo, ao tempo que lle entrega a medalla de prata ao mérito cultural; o concello de Cotobade noméao Fillo Predilecto e, por último, o Museo do Pobo Galego imponse a insignia de ouro.

No ano seguinte a Fundación Ramón Otero Pedrayo concédelle o premio Trasalba, publicando con este gallo a mesma institución un libro no que recolle cantigas da terra onde naceu: *Aportación ó cancionero de Cotobade*.

En 1988 é o concello compostelán o que lle impón a medalla de ouro ao mérito cidadán e cultural, e a Xunta de Galicia concédelle o Premio de Investigación.

O 18 de xullo de 1989 fina o seu íntimo amigo Xaquín Lorenzo polo que asume a presidencia do Padroado. Recibe unha homenaxe promovida por varios ex-alumnos de Lugo, ao tempo que o concello da cidade lle dá o seu nome a unha das rúas.

Pasaran moitos anos, tantos que foi un dos seus primeiros traballos de investigación levado a termo nos meses de xullo, agosto e setembro de 1929, pero *Terra de Melide*, na que participara xunto con outros membros do Seminario de Estudos Galegos, continúa sendo unha obra modélica, e como agradecemento en 1990 a vila de Melide acorda poñerlle o seu nome a unha rúa.

En 1992 é nomeado Cronista Xeral de Galicia, e galardoado co premio “Otero Pedrayo” das catro deputacións provinciais. No ano seguinte: a insignia de ouro da sociedade de Fillos e Amigos da Estrada, e o premio “Los 90 de Oro” do Consejo Español de Mayores e da Fundación Mapfre.

Dous anos despois, 1994, recibe a medalla de ouro e brillantes da Asociación de Empresarios de Artes Gráficas; dáselle o seu nome ao instituto compostelán do barrio das Fontiñas; organiza un acto na súa honra o concello onde naceu, Cotobade; e o 17 de decembro recibe unha agarimosa e impresionante homenaxe á que asisten as máximas autoridades galegas, para facer de testemuñas da entrega da súa biblioteca ao Museo do Pobo Galego.

A Xunta de Galicia concédelle o Premio das Letras e das Artes correspondente a 1995; a Asociación do Traxe Galego de

Antonio Fraguas Fraguas



Co presidente do Goberno, Felipe González, e co alcalde de Santiago, Xerardo Estévez (31 de xaneiro de 1995)

Santiago de Compostela imponlle a Medalla de Ouro; a Universidade Compostelá a Insignia de Ouro, e a cidade de Compostela acorda que leve o seu nome unha das principais avenidas, acto que ten lugar o 16 de outubro. Nese mesmo mes, a sección de Antropoloxía Cultural do Consello da Cultura Galega organiza na súa homenaxe o “Simposio Internacional de Antropoloxía: Medicina popular. Antropoloxía da Saúde”, que coordinan Xosé M. González Reboredo e Clodio González Pérez. A inauguración correu a cargo de Xosé Filgueira Valverde, e presentaron relatorios, entre outros, Xosé Fuentes Alende, Clodio González, Xosé R. Mariño Ferro, Xosé A. Fidalgo Santamariña, Françoise Loux, Emilio González Fernández, Marcial Gondar, Ángel Aguirre Baztán, Francisco Giner Abati, Mariella Pandolfi, Antón Erkoreka, Oriol Romaní, Tullio Seppilli, Eduardo L. Menéndez, etc.

O 29 de marzo de 1996 fina a súa dona, Teresa Martínez Magariños, aos 93 anos, que recibe sepultura no cemiterio compostelán de Boisaca, acompañándoo dende entón unha sobriña da finada, pois el era fillo único e tampouco tivo descendentes. Dona Teresa sempre se dedicou aos labores da casa, contando entre as súas amigas a dona Fita, esposa de Ramón Otero Pedrayo, da

que se conservan varias cartas, entre elas unha do 13 de setembro de 1957, co gallo da súa próxima onomástica:

Querida Teresa: Unas líneas solamente para que Ramón las lleve á Orense que marcha dentro de un rato, con el fin de salir mañana a las seis de la mañana hacia Santiago para continuar las clases. Pensábamos ir los dos, pero yo no puedo hasta la otra semana por culpa del vino que aún no se puede cerrar la bodega.

Dentro de dos días estarás de fiesta, de flor en el ojal, o de gallo muerto; de cualquier manera que sea, te deseo muy feliz, y que el año próximo podamos recordarle las dos con la misma alegría. [...]

Ya nos enteramos que Antonio se luce mucho como orador en Lugo y que también trabaja bastante en otras cosas; así que no me llama la atención que la Sra. dé teses y cafeses que serán servidos con más lujo en la nueva casa.

Bueno Teresa, repito mi felicitación por todo. Saludos de los dos para Antonio y de Ramón, para ti con un fuerte abrazo de tu amiga, Fita⁷⁶.



Don Antonio e o alcalde de Compostela, Xerardo Estévez, no acto de lle dar o seu nome a unha das rúas da cidade (16 de outubro de 1995)

76 MPG: Antonio Fraguas Fraguas.

Persoa de fondas convicións relixiosas, pertencía a varias asociacións piadosas, como a Arquiconfraría do Glorioso Apóstolo Santiago, da que dende o 29 de decembro de 1963 era “Hermana Mayor”.

En adiante a presenza de don Antonio vai a menos nos actos públicos debido aos achaques propios dunha persoa de 92 anos de idade. En 1997 exerce de presidente en funcións da Real Academia Galega durante algún tempo, institución da que era académico dende o 19 de abril de 1951.

O primeiro de maio de 1998 dálle a “Benvida ao maio” en Pontevedra: fala das maias do rei Afonso X o Sabio e logo da importancia desta celebración en xeral en toda Galicia e, en particular, na cidade do Lérez. No mes de setembro vai por última vez á Estrada, co gallo da entrega do premio de xornalismo “M. Reimóndez Portela”. Este mesmo ano recibe o título de “Patriarca da Galeguidade” concedido pola Enxebre Orde da Vieira, e o premio “Galego do Ano” dos xornais composteláns *El Correo Gallego* e *O Correo Galego*.

Mentres ten folgos non deixa de traballar, malia que cada vez lle custe máis, saíndo a última colaboración xornalística o 31 de outubro de 1999 en *O Correo Galego*, na que lembra a súa estada arqueolóxica nas terras luguesas do Saviñao, xunto con Florentino L. Cuevillas e Pura Lorenzana, comisionados pola Junta de Ampliación de Estudios (Misión de Estudios en Galicia), e a axuda prestada por *Xan de Forcados* (Juan López Suárez) e a súa dona Mariana Castillejo. Remata, e por ser o derradeiro escrito, con el tamén todas as súas publicacións, cuns versos que Uxío Novoneyra lle dedica ao Círculo Saviñao co motivo do 40 aniversario, que figuran no libro *Circular polo Saviñao* (Lugo, 1999), no que tamén hai un artigo de don Antonio, “As festas populares”:

O Saviñao
Pra Monforte todo chao.
Non cruzar o Saviñao
sin ir Torre Vilariño
e ver a volta do Miño.

O día 5 de novembro de 1999 péchase en Santiago de Compostela o libro da vida de Antonio Fraguas Fraguas, aberto en Loureiro de Cotobade o 28 de decembro de 1905. Tanto o velorio, no auditorio do Museo do Pobo Galego, coma os actos fúnebres que se desenvolveron na igrexa de San Domingos de Bonaval, polo número de asistentes e autoridades constituiron a proba máis elocuente da estima da sociedade galega en xeral polo ilustre falecido.



Museo do Pobo Galego, 6 de novembro de 1999.

Repousa á entrada do cemiterio de Boisaca, no medio dun pequeno xardín de par de Aurelio Aguirre (un dos protagonistas do Banquete democrático de Conxo, en 1856) e Ramón María del Valle Inclán:

ANTONIO
FRAGUAS FRAGUAS
1905-1999



Cemiterio de Boisaca: tumba de Antonio Fraguas (Foto: CGP)

BIBLIOGRAFÍA

a) Fontes documentais

Arquivo da Deputación Provincial de Pontevedra: *Actas de sesións*.

Arquivo da Fundación “Rosalia de Castro”: *Actas*.

Arquivo do Consello da Cultura Galega: *Actas*.

Arquivo do Instituto de Pontevedra: Expedientes de alumnos: *Fraguas Fraguas, Antonio*; e documentación do instituto da Estrada.

Arquivo do Museo do Pobo Galego: *Antonio Fraguas Fraguas*.

Arquivo Histórico Diocesano, Ourense: *San Miguel de Armeses*.

Arquivo Histórico Diocesano, Santiago de Compostela: *Santiago de Loureiro*.

Arquivo Histórico Universitario, Santiago de Compostela: *Expedientes académicos e Expedientes de docentes: Fraguas Fraguas, Antonio*.

Arquivo parroquial de San Miguel de Armeses (Maside).

Instituto “P. Sarmiento” de Estudios Gallegos: *Seminario de Estudios Gallegos*.

b) Publicacións

BLANCO VALDÉS, J.L.: “A Estrada, 18 de xullo de 1936. Dous testimonios”, *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, Fundación Cultural da Estrada. Museo M.R. Portela, 2003.

COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, Santiago de Compostela.

Enciclopedia Galega Universal, IX, Ir Indo Edicións, Vigo: “Fraguas Fraguas, Antonio”.

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F.: *Diccionario de Escritores en Lingua Galega*, Ed. do Castro, Sada, 1992.

FRAGUAS FRAGUAS, A.: “O lugar e a casa onde nacín”, *Grial* (“A infancia recordada”), núm. 144, XXXVII, 1999.

GONZÁLEZ PÉREZ, C.: “Os anos de estudante do profesor Fraguas”, *Xeada*, Instituto de Bacharelato “A. Fraguas”, Compostela, febreiro, 1997.

GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *Galegos na Historia: Antonio Fraguas*, Ir Indo, Vigo, 1998.

Gran Enciclopedia Galega, XIX, El Progreso-Diario de Pontevedra, Lugo: “Fraguas Fraguas, Antonio”.

Gran Enciclopedia Gallega, XIV, Santiago de Compostela - Gijón: “Fraguas Fraguas, Antonio”.

INSTITUTO P. SARMIENTO DE ESTUDIOS GALLEGOS: *El instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos*, Santiago de Compostela, 1947.

INSTITUTO P. SARMIENTO DE ESTUDIOS GALLEGOS: *El primer decenio del Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos*, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Santiago de Compostela, 1954.

MATO, A.: *O Seminario de Estudos Galegos*, Ed. do Castro, Sada, 2001.

REY CASTIÑEIRA, J. / RODRÍGUEZ CALVIÑO, M.: “Novas imaxes da arqueoloxía castrexa estradense a través das coleccións Bouza-Brey e Fraguas Fraguas do Museo do Pobo Galego”, *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, Fundación Cultural da Estrada. Museo M.R. Portela, 2001.

VILAVEDRA, D. (coord.): *Diccionario de Literatura Galega*, Ed. Galaxia, Vigo, 1995.

*O etnógrafo
Antonio Fraguas*



Xosé Manuel González Reboredo

O NARRADOR DE HISTORIAS

Tiña eu 10 anos cando coñecín a don Antonio Fraguas na súa condición de catedrático do Instituto Masculino de Lugo, onde me ensinou Xeografía nos dous primeiros cursos de Bacharelato Elemental. Por aqueles tempos aínda non estaba presente na miña mente a vocación polos estudos de Etnografía, sendo como era un rapazolo inmaturo. De todas as maneiras, as clases de don Antonio permitíronme albiscar unha característica do persoeiro que o caracterizou como profesor e etnógrafo: a súa querenza polo discurso baseado na narración marcadamente descritiva. En efecto, este meu antigo profesor era un narrador, un contador de “historias”. Anos máis tarde, cando cursaba o último ano da carreira universitaria, volveu a me impartir clase tamén de Xeografía, descubriendo que, co paso dos anos, non cambiara para nada o seu estilo expositivo. Aínda con posterioridade tiveron oportunidades de prezar a continuidade desta súa natural estilística discursiva mentres convivía con el en institucións como o Instituto de Estudos Galegos “P. Sarmiento”, o Museo do Pobo Galego, a Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago e a Sección de Antropoloxía Cultural do Consello da Cultura Galega, ou escoitando as súas conferencias e intervencións en xuntanzas científicas.

Nos últimos tempos escribín sobre don Antonio en tres ocasións (González Reboredo, 1997a, 1997b e 2002), salientando sempre dous trazos da persoa: a súa *bonhomie* e ese afán descriptivista. O primeiro deles é un aspecto que poderíamos cualificar de “moral”, e non está directamente relacionado co oficio de etnógrafo nin con calquera outra profesión. O segundo si que é importante para comprender a súa forma de facer Etnografía. Nin por formación, nin por estilo persoal non practicou estratexias do discurso antropolóxico como a descrición etnográfica densa, da que falan antropólogos como Geertz, baseada na elaboración dun relato no que se acumulan múltiples datos de orde diversa para lograr unha interpretación dos procesos culturais na súa complexidade (Geertz, 1988: 24). Pola contra, limitouse sempre a contar historias “sinxelamente”, como el gustaba dicir, aínda que eran sempre historias debidamente documentadas. Esta peculiaridade dos seus escritos etnográficos, e das súas conferencias ou intervencións en medios de comunicación, foi cousa ben percibida por quen se achegaron á súa vida e obra. Un deles, Clodio González, dinos ao falar das súas manifestacións verbais que “sabe unir a gracia co saber e o maxisterio coa sinxeleza de expresión” (González Pérez, 1998: 51). Pola súa banda, Kristin Bervig Valentine e Gene Valentine, da Universidade de Arizona,

ocupáronse da dimensión de don Antonio como *storyteller* (K.B. Valentine, G. Valentine, 1994).

Outros colaboradores deste libro dedicado á súa lembranza apuntan numerosos datos biográficos que aclaran moitas facianas da súa personalidade profesional e pública. Malia ser algo reiterativo, quixera lembrar agora que a súa infancia e mocidade se desenvolveu no seo dunha familia rural do lugar de Insuela, en Loureiro de Cotobade (Pontevedra), e no marco dunha sociedade campesiña e artesá con pautas de cultura na vida diaria, ou conservadas na memoria da xente, que serán interiorizadas por el con intensidade. Fronte á tendencia a renegar desas orixes, actitude moi propia de quen se viron sometidos a descualificación dende o universo urbano pola súa procedencia rural, don Antonio vainas asumir con orgullo, e en máis dunha ocasión, pasados os anos, afirmou que para el fora sempre motivo de satisfacción ser “de aldea” (González Reboredo, 1997b: 22). Interesa agora apuntar que esta forte interiorización da cultura da localidade de nacemento se manifestou nese estilo narrativo propio do que estamos a falar, un estilo que, por moito que fose depurado mediante unha sólida formación académica, sempre conservou un selo de sinxeleza propio dun labrego de berce. Nesta dimensión cumpríu sobradamente coa súa misión, como tratarei de amosar nas páxinas que seguen.



Nesta curiosa foto, non documentada, Fraguas aparece caracterizado coma o “aldeán” que sempre se gabou de ser (col. Fraguas, MPG)

FORMACIÓN. O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS.

Malia o decisivo que foi o *background* recibido durante a infancia e mocidade no seu natal Loureiro de Cotobade, ou a xuvenil experiencia da *Sociedade da Lingua* que el e outros estudantes de bacharelato crearan en Pontevedra, vai ser en Compostela onde atope un contexto propicio para desenvolver a súa vocación polo estudo da cultura galega. Se a Universidade, na que cursou a carreira de Filosofía e Letras, lle deu unha formación xeral, será o *Seminario de Estudos Galegos* a institución que lle permitirá coñecer a mestres e compañeiros, integrarse en equipos de investigación e realizar traballo de campo en diversas comarcas de Galicia. Aínda que con anterioridade asistiu a sesións do Seminario, é entre 1927 e 1928

cando se integra como membro de número, mediante proposta feita con data 15-X-1927, admisión o 5-XI-1927 e ingreso oficial, que supoñía a presentación dun traballo, o 5-XI-1928 (González Pérez, 1998: 15 e ss.- Mato, 2001: 147).

O SEG contou dende a súa creación con Sección de Etnografía e Folklore, dirixida por Vicente Risco, e nos seus trece anos de vida fixo diversos estudos de campo e publicou importantes monografías total ou parcialmente etnográficas, das que poden ser exemplo a parte de cultura popular de *Terra de Melide* ou *Parroquia de Velle* (VV.AA., 1933: 323 e ss.; F. Cuevillas, V. Fernández Hermida, X. Lorenzo, 1936). Entre os seus membros figuraron, ademais de Vicente Risco e do noso homenaxeado, Florentino Cuevillas, Ramón Otero Pedrayo, Fermín Bouza-Brey, Ramón Martínez López, Xosé Filgueira Valverde, Xaquín Lorenzo Fernández ou Xosé Ramón Fernández Oxea. Nos últimos tempos do Seminario mantivo contactos con estes etnógrafos e folkloristas outro investigador, Xesús Taboada Chivite, quen desenvolverá un importante labor pasada a guerra civil. Ademais de publicacións como as citadas, os membros da Sección deron a coñecer numerosos artigos e coleccións de materiais folklóricos na revista *Nós*, en *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos* e noutras publicacións de Galicia e Portugal. Tamén participaron activamente na recolleita de materiais para o Museo que a institución decidiu crear, o cal desapareceu, xunto co SEG, con motivo do levantamento militar de 1936 (Seminario de Estudos Galegos, 1934: 56 e ss.).

Dentro dos obxectivos xerais do SEG, baseados na realización de investigacións nas que predominase a interdisciplinariedade, os seus etnógrafos-folkloristas partiron duns principios teórico-metodolóxicos vixentes en Europa, dos que me ocupei varias veces (González Reboledo, 1993, 1994a, 1994b, 1996a, 1996b, 1996c, 1997a, 1997b, 1997c, 1999a, 1999b). Resumirei, con todo, o xa dito para situar a dimensión etnográfica da obra de don Antonio Fraguas nun marco pertinente.

A partir do século XIX consolidáronse en Occidente unha serie de ciencias dedicadas a estudar a cultura dos pobos e a súa organización social. As distintas tradicións académicas e os intereses investigadores de diferentes países fixeron que xurdise unha pequena fraga de termos para definir as ciencias da cultura que induce a confusión. De maneira simplificada podemos dicir que a verba *Etnografía* foi utilizada inicialmente para definir o nivel descritivo dos pobos “exóticos”, non europeos, mentres que *Etnoloxía* supón un nivel analítico das formas culturais mediante métodos como o comparativo. Nos países xermanos o termo Etnoloxía conviviu co de *Völkerkunde*, é dicir, o estudo de pobos distintos do

alemán, e nos países anglosaxóns xeneralizouse o de *Antropoloxía* para aludir a unha ciencia de síntese baseada nas anteriores. Xa entrado o século XX, e baixo a influencia do sociólogo francés Durkheim, espallouse en Gran Bretaña a denominación de *Antropoloxía social* para definir unha ciencia centrada prioritariamente nas sociedades non europeas, a cal primaba a idea de sociedade sobre a de cultura. Pola contra, nos Estados Unidos, partindo das teorías de F. Boas, dominou o concepto de *Antropoloxía* con énfase na cultura máis ca na sociedade e con catro grandes áreas: Antropoloxía biolóxica, Arqueoloxía, Lingüística antropolóxica e Antropoloxía cultural (Barnard, 2000: 1 e ss.). A todo isto habería que engadir que en Europa continental, onde dominou a *Etnoloxía*, a verba Antropoloxía quedou fixada especificamente na *Antropoloxía física*.

Tamén dende o século XIX, con algún antecedente no XVIII, os investigadores decatáronse de que nas camadas populares da propia Europa, entre os campesiños, artesáns, mariñeiros ou criadas, persistía unha cultura oral que era preciso recoller e analizar. Figuras como os irmáns Grimm comezaron a difundir esa bagaxe cultural, e o estudo do que se denominou ao comezo como *antigüidades populares* agromou no noso continente. No ano 1846 William J. Thoms propuxo que a ciencia dedicada a recoller a tradición oral dos pobos europeos recibise o nome de *Folklore* (Thoms, 1965) e a súa proposta acabou abríndose camiño coa creación da *Folklore Society* en Londres no ano 1878 (Guichot y Sierra, 1922: 28; González Reboledo, s./a.: voz “folklore”). En Alemaña o equivalente foi a *Volkskunde* (Baussinger, 1993), pero en estados como Francia, España, Portugal ou Italia triunfou o termo inglés, despois de dominar outros que fracasaron, como o de *Demótica*.

Toda esta labiríntica terminoloxía está sempre referida ao que podemos chamar a *ciencia do home*, podendo establecer tres niveis de descrición-análise. O primeiro sería o que se limita a describir de xeito ordenado formas de cultura e sociedades, o que se correspondería coa *Etnografía* e o *Folklore*. Un segundo nivel, que supera a descrición e camiña cara a unha primeira sistematización analítica, estaría representado pola *Etnoloxía*, a *Antropoloxía social* ou a *Antropoloxía cultural*, que pretenden, mediante a análise comparativa e a contextualización, explicar as distintas formas de sociedade ou cultura na súa complexidade, e tamén delimitar áreas de espallamento desas formas e as súas variantes. Finalmente, a *Antropoloxía xeral* pode ser considerada, segundo xa dixen, como unha ciencia de síntese sobre o ser humano na súa dimensión física, social e espiritual.

Entre os paradigmas antropolóxicos, ou etnolóxicos, que dominaron en Europa na segunda metade do século XIX e a primeira do XX, época de constitución do *Seminario de Estudos Galegos*, podemos distinguir tres correntes.

Dúas primaban a diacronía, o evolucionismo, con figuras como Tylor e Frazer, e o difusionismo da escola histórico-cultural xermana, con representantes como Ratzel, Frobenius, uns iniciadores, Graebner e Schmidt. Esta última influíu na península ibérica en investigadores que desenvolveron o seu principal labor entre os anos trinta e setenta do século XX, dos que destacan o portugués J. Días, o vasco J.M. Barandiarán ou J. Caro Baroja. Para os seguidores destas opcións, tanto nos pobos chamados “primitivos”, “bárbaros” ou “salvaxes”, como nas camadas populares de Europa portadoras dunha cultura oral poden detectarse *supervivencias* de antigos estadios que axudan a recompoñer a historia cultural da humanidade, ou dun pobo concreto (Barnard, 2000: 27 e ss.). Os folkloristas europeos, incluídos os galegos a partir da obra de Murguía e da creación da Sociedade *El Folklore Gallego*, asumiron tamén un credo historicista que converteu os estudos etnolóxicos e folklóricos en auxiliares da Historia.

Segundo reiterei varias veces nos meus escritos antes indicados, os etnógrafos-folkloristas do SEG aproveitarán ideas illadas e criterios dos paradigmas evolucionista e, especialmente, do difusionista, e acudirán ao historicismo cando pretendan explicar a razón e orixe das prácticas ou formas culturais que investigaron. Este historicismo foi defendido por Risco nun libro dedicado á metodoloxía da Historia, editado por primeira vez na terceira década do século XX. Nel considérase que o Folklore “es la ciencia auxiliar de la historia que estudia aquellas fuentes que hemos llamado *supervivencias y tradición oral*”, e que a Etnoloxía ten un contido que “viene a ser casi el de la historia” (Risco, 1994a: 86 e 167). Anos despois, o mesmo Risco reiterará a orientación histórico-cultural nos primeiros parágrafos da súa contribución á *Historia de Galiza* dirixida por R. Otero Pedrayo, editada por primeira vez en 1962 (Risco, 1994b: 11). Por insinuacións alleas, en parte chegadas de Portugal, mais tamén de etnógrafos españois, acolleron nun principio o concepto de Etnografía para definir a descrición sistemática da cultura material, e reservaron o de Folklore para as manifestacións inmateriais, especialmente literatura oral, música, danza e crenzas. Así sucede, por exemplo, en *Terra de Melide*, onde atopamos un apartado titulado “Estudo Etnográfico”, que abrangue a cultura material —a casa, a mantenza, a vestimenta, o traballo, o camiño e o carrexo—, a vida social e a arte popular, e outros dous nos que aparece o concepto de Folklore aplicado a crenzas, mitoloxía, ciencia, literatura popular, música e danza (VV.AA., 1933: 323 e ss.). Con todo, pasados os anos, o propio Vicente Risco abandonará o uso do termo Folklore, substituíndoo por «cultura popular», ao considerar que caera en desprestixio (Risco, 1994b: 9).

A análise comparativa con datos doutras culturas veciñas da galega, e a procura de períodos históricos nos que puideron orixíñase as formas culturais do noso pobo, foron unha preocupación constante do SEG. Ademais de asumir a herdanza do século XIX, representada por figuras como Murguía, en diversos artigos e escritos de Risco, Bouza-Brey, Filgueira Valverde e mesmo nalgún de Xaquín Lorenzo Fernández, son invocadas ideas ou datos concretos de Mannhardt, de Frazer e doutros evolucionistas e historicistas europeos, así como de investigadores portugueses situados nesta liña, como Leite de Vasconcelos. A asunción do concepto xermano de *Volksgeist* levou a consolidar a idea de que o pobo galego conservou dende os escuros tempos da prehistoria, e moi especialmente dende a época da cultura dos castros, atribuída a influencias célticas, unhas crenzas que, acochadas detrás da civilización cristiá, perduraron na mente dos nosos labregos, artesáns e mariñeiros ata o século XX. Por iso estableceuse unha



Edición dos documentos fundacionais da sociedade El Folk-Lore Gallego (1886)

No que se refire á outra corrente, o funcional-estruturalismo fundado por figuras como Malinowski ou Radcliffe-Brown, defendeu, pola contra, a análise sincrónica e integral das sociedades mediante unha inmersión do investigador no campo de estudo, o que deu lugar a un método hoxe considerado como consubstancial co saber antropolóxico: a observación participante (Malinowski, 1973: 20 e ss.- Barnard, 2000: 61 e ss.). Este paradigma, imperante na Gran Bretaña dende os anos vinte do recén pasado século, non tivo influencia en Galicia ata os anos setenta e, por suposto, non aparece na obra de don Antonio Fraguas nin dos demais compañeiros formados no SEG. Soamente podemos detectar illadas converxencias entre o estilo antropolóxico funcionalista e o labor dos nosos estudosos, derivadas dunha coincidencia fortuíta e non da asunción do seu método e obxectivos.

Antonio Fraguas Fraguas

asociación intensa entre Arqueoloxía e Etnografía. Nos catálogos de castros feitos polo Seminario as fichas levan, ademais dunha demorada descrición destes poboados protohistóricos, un apartado dedicado ás lendas que os moradores do contorno contan sobre eles. Don Antonio participou en varias campañas de catalogación de castros, como a levada a cabo na Terra de Melide, ou na feita no Saviñao, con resultados que el e o seu mestre Cuevillas publicaron pasada a guerra civil (López Cuevillas e Fraguas, 1955: 273 e ss.). Con posterioridade volveu asociar a catalogación de castros coa recolleita de relatos orais a eles referidos, segundo sucede nun artigo seu centrado nos arredores da cidade de Lugo (Fraguas, 1962: 307 e ss.).

Pero o SEG recolleu tamén outra arela do Folklore fundado no século XIX, a de rexistrar antes da súa desaparición os relatos orais, as cantigas, as crenzas, os rituais festivos, os trebellos e as construcións populares. Conscientes de que as transformacións provocadas pola civilización urbano-tecnolóxica, imperante a partir de finais do século XVIII en Europa, ameazaban a pervivencia destas formas de cultura oral, os etnógrafos-folkloristas da época impuxéronse a obriga de fixar por escrito todas as manifestacións deste tipo que foron capaces de recoller. Precisamente é nesta tarefa na que don Antonio se centrará de maneira constante. Todos os seus compañeiros de inquedanzas fixeron tanto labor de recollida de datos como, polo menos de cando en vez, un esforzo para fixar as orixes históricas das formas recompiladas. Resulta de todo inútil, ou case inútil, atopar esta intencionalidade nos numerosos escritos seus. Atado aos datos de campo, conseguidos directamente ou por medio de informantes que llos facilitan, limítase sempre a relatalos e ordenalos como se fosen documentos que o historiador transcribe metodicamente coa finalidade de poñelos ao servizo da comunidade científica, ou dos lectores en xeral. Por iso o investigador Manuel Mandianes asegura que don Antonio se queda “ó nivel da descrición. Nunca dedicou ningún tempo ás teorías” (Mandianes Castro, 2003: 131). E neste mesmo sentido manifesteime eu hai pouco tempo cando o cualifiquei de “etnógrafo puro” (González Reboredo, 2002: 10).

Pasada a guerra civil, e malia a desaparición do SEG, don Antonio segue co seu labor etnográfico, o mesmo que noutros campos do saber, vinculado a institucións como o Instituto de Estudos Galegos “P. Sarmiento”, creado polo CSIC en 1944, a Real Academia Galega, na que ingresa en 1951, a Sección de Antropoloxía do Consello da Cultura Galega, a Academia Galega de Ciencias, e de maneira especial no Museo do Pobo Galego, do que será director dende a súa fundación en 1976. Ao longo

das décadas que van dende 1940 ata o seu pasamento en 1999 coñeceu novos investigadores, mantivo contactos co estranxeiro, especialmente con etnógrafos portugueses como Vieira Braga, Pires de Lima ou Santos Júnior, e mercou libros con novos contidos e teorías. Na súa importante biblioteca, con máis de 20.000 títulos, puiden comprobar a presenza de escritos, traducidos ao castelán, de etnólogos xermanos como W. Schmidt, e doutros investigadores que se difundiron na península no último medio século, como o portugués J. Días, os españois J. Caro Baroja, L. de Hoyos Sáinz, A.M. Espinosa ou C. Lisón Tolosana, e os extrapeninsulares F. Krüger, M. Mauss, A. Van Genep, B. Malinowski, E. Evans-Pritchard, S. Thompson, G. Foster, M. Elíade, M. Harris, etc. Contou, polo tanto, especialmente nas tres últimas décadas da súa vida, con información máis



Na quinta de Joaquim R. dos Santos Júnior en Caverneira, con Marisa Varela, a muller e as fillas de Rodríguez Figueiredo, Xosé Carro, Darío Álvarez Blázquez, Xaquín Lorenzo, Manuel Taboada Cid, Xosé Ramón e Fdez. Oxea, Modesto Rodríguez Figueiredo, Xesús Taboada Chivite, Gonzalo Bouza-Brey Villar e Luís Bouza-Brey Trillo (1968).



Aspecto parcial da biblioteca Fraguas, no Museo do Pobo Galego (foto Margen)

Antonio Fraguas Fraguas

que suficiente para abordar unha análise comparativa dos datos que recompilaba, e tamén para deseñar algunha consideración teórica sobre eles. Mais non o fixo. Persistiu sempre nesa dimensión de narrador, ou relator, da nosa cultura popular, na que sempre se sentiu moi a gusto.

VALORACIÓN CUANTITATIVA E LOCALIZACIÓN EDITORIAL DA SÚA PRODUCCIÓN ETNOGRÁFICA

Na bibliografía do profesor Fraguas elaborada pola biblioteca do Museo do Pobo Galego, e nas miñas consultas ao longo dos anos, atopei o seguinte número de títulos seus, algúns en colaboración, relacionados coa Etnografía/Folklore ou con aspectos do pasado histórico que teñen interese para o etnógrafo:

- Libros (incluídas colaboracións en enciclopedias 7
- Artigos en publicacións periódicas 72
- Achegas a congresos, cursos e homenaxes..... 17
- Limiares, presentacións e catálogos de exposicións..... 13

Aínda que suprimín deste cálculo algúns libros que son escolma de artigos seus anteriormente publicados, e o mesmo fixen con recensións, pregóns de festas e artigos na prensa diaria, resulta que deu ao prelo máis de cen títulos de temática etnográfico-folclórica, porcentaxe que non supón a maioría absoluta da súa produción, mais é maioría relativa. Se a iso lle engadimos o seu labor como organizador de exposicións, conferenciante, participante en programas de radio e televisión ou, o que é máis importante, como director do Museo do Pobo Galego durante 23 anos, non é de estrañar que se convertese nun ben coñecido etnógrafo nos círculos eruditos de Galicia e en ámbitos máis populares.

No cómputo anterior mesturei tanto os traballos que viron a luz en publicacións especializadas como os que apareceron en revistas de divulgación. Entre as primeiras figuran as seguintes:

- a) Galegas.- *Nós, Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Orense, El Museo de Pontevedra, Cuadernos de Estudios Gallegos, Boletín de la Real Academia Galega, Revista del Instituto "José Cornide" de Estudios Coruñeses, Boletín Auriense, Compostellanum, Revista Galega de Estudios Agrarios, Brigantium, Encrucillada, Gallaecia, Raigame.*
- b) Do resto do Estado Español.- *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares (Madrid), Galicia en Madrid, Zephyrus (Salamanca), Molinum (Madrid).*

- c) De Portugal.- *Revista de Guimarães, Revista Portuguesa de Filologia (Coimbra), Trabalhos de Antropologia e Etnologia (Porto), Revista de Etnografia (Porto), Boletim da Biblioteca Pública Municipal (Matosinhos).*

En canto aos seus artigos de divulgación, moi numerosos, apareceron en revistas como *Cristal* (Pontevedra), *Logos* (Pontevedra), *Lar* (Buenos Aires), *Airiños* (Buenos Aires), *Outeiro* (A Coruña), etc. De todas elas na que máis publicou foi en *Vida Gallega*, editada nos anos cincuenta e sesenta do século XX, con redacción en Lugo. Resulta, non obstante, necesario facer unha advertencia que relativiza a división que adoptei entre revistas especializadas e de divulgación. Consiste esta en que o estilo propio de don Antonio non cambia dunhas a outras, o cal resulta lóxico se temos en conta que os seus escritos sempre foron claros e sinxelos, afastados das máis ou menos complexas metalinguaxes propias das Ciencias Sociais e Humanidades. A única diferenza que se podería establecer é a relativa ausencia de citas a pé de páxina nos máis dos artigos de revistas de divulgación, e tamén unha maior brevidade nestes, en contraste con algúns das revistas máis especializadas.



Coloquio Leite de Vasconcellos, Portugal (1958). Fraguas está detrás de Xaquín Lorenzo e Vicente Risco.

Ademais de artigos de revista, o profesor Fraguas deu a coñecer diversas contribucións en actas de congresos ou en publicacións que recollen intervencións en cursos e homenaxes. Son varios os encontros deste tipo realizados en Portugal, como o *Congreso de Etnografía e Folklore* (Braga, 1956), *Colóquio de Estudos Etnográficos "Dr. José Leite de Vasconcelos"* (Porto, 1958), *Congreso Internacional de Etnografía* (Santo Tirso, 1963), *V Coloquio Internacional de Estudos Luso-Brasileiros* (Coimbra, 1965). Por outra banda, a súa presenza non podía faltar nos tomos de homenaxe a un bo amigo seu, o etnógrafo e arqueólogo lusitano J.R. dos Santos Júnior (Lisboa, 1993). No que a Galicia se refire, destacaremos a súa participación no *III Congreso Nacional de Arqueología*, que se celebrou na nosa terra en 1953, e no que presentou, xunto con Cuevillas, o catálogo de castros do Saviñao, o cal inclúe unha importante colección de lendas, algunha, como a dos *xacios*, de gran orixinalidade. Nos seus últimos dez anos de vida participou, presidiu ou colaborou coa organización de diversos Simposios convocados pola Sección de Antropoloxía do Consello da Cultura Galega, entre os que cabe citar *Identidade e Territorio* (1988), *Simposio in memoriam F. Bouza-Brey* (1992), *Romarias e Peregrinacións* (1993), *Tecnoloxía Tradicional* (1994) e *Antropoloxía Mariñeira* (1997); un destes Simposios, centrado no tema de *Medicina Popular e Antropoloxía da Saúde* (1995), foi programado como



Nun congreso en Portugal, entre Sebastián Martínez-Risco, Xosé Carro e Francisco Fdez. del Riego.

homenaxe a don Antonio. Fóra do CCG, fixo contribucións en encontros como o *1º Congreso Gallaecia* (A Guarda, 1988), o *I Congreso Internacional da Cultura Galega* (Santiago, 1990), no curso titulado *Evolución Cultural de Galicia* (Vigo, 1978), ou en cursos da Academia Galega de Ciencias.

AS INQUEDANZAS INVESTIGADORAS E DIVULGADORAS REFLECTIDAS NA TEMÁTICA DOS SEUS ESCRITOS.

Xa vai sendo hora de que nos acheguemos á descrición e análise da temática abordada na súa produción. Comezarei dicindo algo que calquera lector pode apreciar nunha apurada revisión da súa obra: don Antonio céntrase especialmente no campo que os investigadores do SEG denominaban *cultura espiritual*, é dicir, o universo das crenzas, festas e literatura oral, sendo mínimas, ou indirectas, as súas achegas a cuestións como a sociedade e a tecnoloxía tradicional. Neste sentido segue un ronsel propio da maioría dos seus colegas do SEG, que cultivaron de maneira moi especial estes asuntos, e deixaron de lado, ou tocaron de maneira moi tanxencial, outros como a organización social e a tecnoloxía rural, mariñeira e artesá. A excepción a esta regra foi don Xaquín Lorenzo Fernández, quen dominaba a arte do debuxo, e isto levouno a investigar temas como a casa, o instrumental agrario, as embarcacións e artes de pesca, e os trebellos propios dos oficios artesáns.

Agora ben, o campo das crenzas, festas e creación literaria oral presenta dúas condicións que convén lembrar. Nun aspecto resulta ser un ámbito complexo, variado e fundamente mesturado, feito que se reflicte nos escritos de don Antonio, nos que a lenda acompaña, ou xustifica, a crenza relixiosa, a cantiga convive inevitablemente coa música e a danza, e a festa pode incluír representacións que se clasifican como teatro popular. Por outra banda, os compoñentes materiais e inmateriais dunha cultura maniféstanse como un todo a causa das súas relacións de subordinación, e por iso nos escritos deste noso etnógrafo atopamos continuas alusións a actividades materiais, do tipo das levadas a cabo nos *fiadeiros*, nos que xurdían, a carón da materialidade do fiado, cantares e prácticas festivas. Don Antonio era vivencialmente consciente da existencia dun sistema cultural complexo no mundo rural galego, e a parcelación que fai dos temas non deixa de ser unha necesidade de tipo expositivo, ou derivada das autolimitacións que lle viñan impostas pola tendencia a facer uso do criterio de forma, é dicir,

Antonio Fraguas Fraguas

do desexo de recoller formas concretas e dalas a coñecer. Malia reiterar o antes dito, de que el non se ocupou a fondo da tecnoloxía tradicional, non obstante sempre soubo encadear as distintas manifestacións culturais que se producían nas moradas do vivir diario dos nosos labregos e artesáns. Por iso moitos escritos seus, que incluirei a seguir nun apartado concreto, poderían ter cabida noutros, feito que se manifesta, por exemplo, nos que agruparei baixo os epígrafes de festas e literatura oral. Velaquí os contidos de boa parte da súa produción etnográfica:

1. Festas.-

Dentro das festividades tradicionais podemos facer un primeiro grupo coas *festas universais do ciclo anual*, que se caracterizan por estar presentes por todo o país galego en íntima relación cos cambios astronómicos e climatolóxicos que se producen ao longo do ano. Se partimos da división do ano en dous grandes períodos, o de outono-inverno e o de primavera-verán, as festividades do primeiro comezarían con Santos e os magostos, dos que se ocupou nun traballo no que fala do castaño, a castaña e o magosto (Fraguas, 1957a). En relación co solsticio hiemal está a segunda das festas de inverno, o ciclo de Nadal, que abrangue dende Noiteboa ata Reis, época sobre a que recompilou

cantares –*Nadales, xaneiras, cantares de Reis*– e difundiu prácticas diversas propias do momento, como a tradición do cachopo ou tizón de Nadal que se acendía nas lareiras aldeás (Fraguas, 1947, 1954, 1955a, 1957b, 1957c, 1981, 1987a.).


Unha festa destacada, o Entroido, foi motivo do seu primeiro escrito de Etnografía/Folklore, e apareceu en *Nós* no ano 1930. Con posterioridade volverá ocuparse dela en varias ocasións, dando a coñecer teatro de Carnaval non só do seu natal Cotobade, senón tamén de Touro, Vedra, Antas de Ulla e Castro de Rei. Algunhas das contribucións sobre esta festividade foron recompiladas hai poucos anos polo Museo do Pobo Galego e na Biblioteca 114, editada por *El Correo Gallego* (Fraguas, 1930, 1946a, 1951, 1956, 1957d, 1963). A seguir do Entroido vén a Coresma e a Pascua, das que tamén nos deixou varias achegas, algunha de moito interese, como a centrada na farsa de Dulcinea

como queima da Pascua, costume este presente illadamente en Galicia, pero que ten moitos paralelos noutras partes da península (Fraguas, 1933, 1953, 1958a, 1993a). Entre Semana Santa e o San Xoán atópanse as festas universais de primavera-verán, arredor das que xiran escritos seus centrados nos Maios e na festa sanxoaneira (Fraguas, 1957e, 1984a).

Aínda que as súas publicacións sobre festas antes aludidas son numerosas, deixounos tamén algunhas sobre outras manifestacións festivas. Dos *fiadeiros* publicou unha demorada descrición de grande interese etnográfico, repetindo a temática anos despois (Fraguas, 1949, 1998a). Así mesmo, escribiu nunha ocasión sobre a festividade do Carme (Fraguas, 1987b). Non obstante, a obra máis voluminosa saída da súa pluma sobre este asunto é unha centrada en romarías e santuarios, na que nos facilita información sintética sobre 19 da provincia da Coruña, 10 de Lugo, 22 de Ourense e 20 de Pontevedra (Fraguas, 1988). Rematarei este subapartado lembrando que o seu libro *La Galicia insólita* (1973) inclúe dous capítulos de festas e romarías, e que o titulado *A festa popular en Galicia* (1995a) está case integramente dedicado a esta temática.

2. Literatura oral.-

Os datos de literatura oral aparecen mesturados na súa obra con outros, segundo xa indiquei. De todas maneiras, deu ao prelo un bo número de contribucións nas que este asunto é dominante. Consonte o obxectivo do SEG de recoller formas de cultura antes de que desaparecesen, publicou en *Nós* materiais sobre folklore de Armeses- Listanco e sobre lendas da Fonte Pormás-Arzúa (Fraguas, 1931a, 1931b). Con posterioridade seguiu reunindo e ordenando materiais sobre lendas, contos, cantigas, romances e ditos, os que apareceron en diversas publicacións (Fraguas, 1946b, 1955b, 1958b, 1960a, 1962, 1976, 1979, 1980, 1993b, 1995b, 1998b). Pero a súa máis abondosa achega ao corpus de literatura oral de Galicia é o cancionero de Cotobade, froito da recollida de datos na súa terra natal coa axuda parcial dalgúns informantes, entre eles membros da súa familia. Publicado moitos anos despois de feita a recolleita, é un documento valioso sobre as letras do que cantaba a xente cotobadesa a finais do século XIX e primeiros decenios do XX, sinalando con acerto que a partir da guerra civil reduciuse de maneira drástica esa tradición de entoar cantares, que acompañaban moitas xeiras do vivir diario. A colección contén un total de 992 cuabras ou cantigas e composicións doutro tipo, como parrafeos e romances (Fraguas, 1985a). Advirto, con todo, que el coñeceu variantes das cantigas que non publicou aquí, pero que aparecen noutros escritos seus, polo que o número das recompiladas debeu ser maior. Un exemplo: a que leva o número 443 do




Antonio Fraguas Fraguas

cancioneiro di así: “Hoxe é luns, mañán é martes, / corta feira logo vén; / de mañán en oito días / é a semana que vén”. Mais nun artigo dedicado á voda e editado en 1948 dámos a variante seguinte: “Hoxe é luns, mañán é martes, / corta feira logo vén; / dentro de catro semanas / concértome eu tamén” (Fraguas, 1948a: 313).

3. Crenzas diversas.-

No ano 1931 saíu na revista *Nós* o seu primeiro escrito sobre crenzas. Está centrado no culto aos mortos en Galicia e foi froito dunha conferencia que pronunciara en Vigo (Fraguas, 1931c). Anos despois insistiu no tema das ánimas en diversos artigos (Fraguas, 1982, 1986, 1987c, 1997a). En moitas outras ocasións achegouse a crenzas moi variadas, como as referidas a astros, a animais ou a seres da nosa mitoloxía popular (Fraguas, 1965a, 1969, 1975a, 1978, 1990). Tamén no citado libro *La Galicia insólita* o lector pode atopar capítulos sobre crenzas relacionadas co ciclo vital e cos animais (Fraguas, 1973).

4. O traxe.-



Don Antonio converteuse nun recoñecido descritor da vestimenta tradicional de Galicia grazas ao libro sobre este asunto que foi publicado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza con numerosas ilustracións. Nel pasa revista a algúns antecedentes históricos do traxe para logo describir os materiais de que está feito, os seus compoñentes e as variantes comarcais que puido detectar (Fraguas, 1985b). Pero anteriormente xa publicara un artigo de divulgación sobre a vestimenta (Fraguas, 1958c). Con posterioridade a 1985 ocupouse parcialmente do asunto nalgún outro escrito, como un dedicado ás “cirolas” (Fraguas, 1995c), e tamén redactou o apartado do traxe para os tomos de Antropoloxía do Proxecto Galicia, de Hércules de Ediciones (Fraguas, 1997b).


5. Sociedade.-

Xa dixen que os etnógrafos do SEG non se ocuparon de vagar da organización e segmentación social propias da Galicia non urbana, e tampouco o fixo don Antonio. Mais o tema aparece de maneira transversal ou indirecta en moitos dos seus escritos, polo que podemos illar algúns deles para incluílos aquí. Así, un

rito de paso como a voda, que implica un cambio de status social dos contraentes, foi formalmente descrito por el en dúas achegas centradas respectivamente no dote e no folklore de voda en Galicia (Fraguas, 1948a, 1952). Sobre a familia, o noivado e a voda deixounos outro texto no que agroman de novo as lembranzas xuvenís en Cotobade (Fraguas, 1992: 309 e ss.). No que se refire ao mundo da infancia, aparece nun traballo sobre xogos infantís tamén de Loureiro de Cotobade (Fraguas, 1943-1944). Por último, o tema da emigración está curiosamente tratado nunha contribución ás influencias da emigración ao Brasil, moi importante en terras de Cotobade e na súa propia familia, pois o seu pai alí viaxou por uns anos, e el mesmo estivo a piques de marchar para esa terra (Fraguas, 1965b).

6. Historia da Etnografía/Folklore en Galicia.

Don Antonio exerceu como historiador da disciplina etnográfica nalgúns ocasións. Neste aspecto destaca un longo artigo seu centrado na Condessa de Pardo Bazán e a constitución da Sociedade *El Folklore Gallego* entre finais de 1883 e comezos de 1884 (Fraguas, 1975b). Tamén se ocupou do folklore na obra do Padre Sarmiento, dos escritores Manuel Vidal Rodríguez e Francisco Potel Pardo, así como dos contidos de cultura popular na obra de Xosé María Castroviejo (Fraguas, 1989, 1997c, 1998c). En canto aos etnógrafos do seu tempo, son de interese diverso as lembranzas que fixo do etnógrafo portugués Alberto Vieira Braga, e as dos seus compañeiros do Seminario, Fermín Bouza-Brey, Xosé Filgueira Valverde ou Xaquín Lorenzo Fernández (Fraguas, 1994, 1996, 1998d, 2000).



7. Outros temas.-

Traballos de contido moi variado merecen ser aludidos mediante unhas cantas mostras. Dedicoulle, por exemplo, un interesante artigo ao lobo nas terras de Cotobade, no que dá conta de trampas tipo *foxo* para cazalo (Fraguas, 1945). Deixounos tamén algunha achega centrada nos muíños (Fraguas, 1998e). Os cultivos contan na súa bibliografía con mostras como un escrito dedicado ao millo (Fraguas, 1960b). De temática histórica, mais con especial interese para o etnógrafo que queira afondar nos antecedentes

128 - ANTRACITA

afecto amoroso, con dichos que, a fines del siglo pasado y aun hoy, se hallaban por todas a parafías, y que tenían en Corcubade aficionados y maestros. Masael, el marido, refiere los dichos del tendero:

—O tendero despachame a libra de chocolate de Orense, que a traxo ome a chocolateiro, e ditos: sei, Masael, se estruchado queiro, non sibilu esos traballos.

—Mira prei paxudo de tendero: —aduce la mujer: —pero el traballu e lon que traballu.

—Buena, ¿casi se traballu? Mira tamén che traxeron unha preña de paningo, todo que é rapaz.

—Non importa, facemos unhas sopitas e comémoslas, e como se é tarde, sirven de almuerzo e santeo.

El terrer avoca en un pollo, y la gente se divertía con el reparto:

—Come esta panola.

—Buena, pero come ti a outra.

—Apra come esta aliña, que a min acostumáron a comilla que era moi cuberda de carne.

Este pasatiempo podía terminarse con un pequeño peñasco en el que el marido recordaba un ped (dilatado un ped) y la mujer olvidaba sus amos por socorrerlo.

El avoca se relacionaba a veces con el hecho de defilar o codiciar vehementemente algo que otro está comiendo, y que puede producir los mismos efectos en personas y animales. Tiene su expresión incluida en el amor: Anoxalarse con mujer e non haño moño, come con ela. (A. F. F.)

ANTRACITA. Carbón antiguo metamórfico. No se encuentra en Galicia, aunque según el profesor Celdrión, en su libro *Los Minerales de España*, en el Museo Nacional de Ciencias existen ejemplares de antracita procedentes de O Bazo de Valdeorras (Orense). Sobre carbones de Galicia véanse las voces anabache, graño, lignito y turba. [I. P. P.]

Realizado en imprenta española, esta general de la Uña Intergala a su opacate en el avoca.



das feiras de Galicia, é unha investigación sobre o emprazamento de feiras no século XVIII (Fraguas, 1968). Moi curiosos, aínda que breves, son os datos que recolleu arredor da randeeira en Galicia, os que apareceron na *Revista Portuguesa de Filología* acompañados dun apéndice no que unha investigadora portuguesa, María Palmira da Silva, complementa o dito por don Antonio con información do norte de Portugal (Fraguas, 1948b). É de apuntar, ademais, que fai aquí unhas consideracións lingüísticas que o sitúan preto do ámbito da etnolingüística de “Palabras e Cousas”, a cal fora introducida na península polo alemán F. Krüger e outros membros da chamada “escuela de Hamburgo”, con seguidores parciais en Galicia, como don Xaquín Lorenzo Fernández, e cun discípulo directo en Portugal, Paiva Boleo.

Son de mención, para rematar con esta enumeración, as colaboracións de síntese en obras colectivas, como o apartado “Antropoloxía” nos tomos de *Galicia Eterna* (Fraguas, 1984b). Pero seguramente a obra enciclopédica que coñeceu unha máis intensa participación do profesor Fraguas foi a *Gran Enciclopedia Gallega*. Nun reconto de urxencia puiden contabilizar máis de cen entradas, de diversa extensión e amplitude, referidas a Etnografía/Folklore, ou relacionadas con estes saberes. Entre elas figuran “Antroido”, “Boda”, “Contos populares”, “Demo”, “Etnografía”, “Etnología”, “Fiadeiro”, “Licantropía”, “Magosto” “Muíño” ou “Traxe”. Algunhas continúan a aparecer na nova edición, en lingua galega, desta obra; outras, necesitadas de actualización, foron revisadas por outros etnógrafos, pois a morte de don Antonio impediu que esta revisión, ou reelaboración, fose feita por el ou baixo a súa supervisión (Fraguas, s./a.: voces indicadas).

O denso e sintético percorrido que acabamos de facer pola obra que don Antonio pon de manifesto o seu inxente labor de estudo e divulgación do noso patrimonio etnográfico inmaterial,

malia as lóxicas reiteracións de temas e contidos, propias dunha produción tan numerosa, e tan diversificada en canto aos lectores para os que ía destinada. Mais creo que merece a pena afondar un pouco máis no seu estilo etnográfico, ampliando o xa insinuado na primeira parte deste meu escrito.

MOSTRAS DA ELABORACIÓN DO TEXTO ETNOGRÁFICO

A elaboración de textos por parte dos antropólogos, etnógrafos ou folkloristas varía segundo o nivel descritivo ou analítico que se adopte, a intencionalidade do discurso, e tamén os condicionantes derivados da distancia entre o investigador e a sociedade que estuda. O modelo funcionalista, instaurado por Malinowski e os seus seguidores, estivo orixinalmente orientado ao coñecemento de grupos humanos exóticos, moi distantes física e mentalmente da civilización occidental. Con posterioridade, os antropólogos investigaron sociedades campesiñas e mesmo sectores urbanos. Pero sempre o fixeron transferindo, mediante adaptacións, un método de traballo de campo que se basea na convivencia máis ou menos prolongada do investigador na localidade elixida. E como o investigador era sempre un *outsider* real e metodolóxico, o seu labor acabou convertendo, en boa parte, nun esforzo por traducir as formas culturais investigadas nun discurso que fose comprensible para os membros da academia e para os lectores en xeral da nosa civilización urbano-tecnolóxica. Como sinala C. Geertz, os etnógrafos necesitan convencer ao lector non só de que «estiveron alí», senón de que, de estar os lectores alí, verían o mesmo que eles viron (Geertz, 1989, 26). Ese «estar alí», en definitiva, tradúcese nuns discursos nos que o «eu testemuñal» aparece con máis ou menos intensidade, feito que se pode detectar en investigadores foráneos que estudaron o mundo rural galego (González Reboredo, 1996b: 41 e ss.).

Diferente, non obstante, é a óptica dos etnógrafos-folkloristas “clásicos”, que se ocuparon da tradición oral conservada polas camadas populares de Europa dende o século XIX. Aínda que tamén neste caso pode haber unha distancia cultural apreciable entre investigador e investigados, con todo a percepción desa distancia é menos notoria e está centrada non en aspectos xerais da vida social ou das pautas de cultura, senón en “curiosidades” que adoitan estar xustificadas pola procura de orixinalidades ou de supervivencias do pasado histórico. Por iso, máis que o estudo das culturas no seu conxunto, potenciaron o rescate de formas

Antonio Fraguas Fraguas

concretas, como un romance, unha cantiga, un ritual festivo, unha crenza ou un xogo. O folklorista non tiña, ou ten, que afastarse da súa terra natal por un tempo e viaxar, física e mentalmente, a outros afastados mundos. Pode sinxelamente dedicarse á caza de datos illados mediante a recompilación persoal, ou mediante informantes que lle transmitan datos dende distintas localidades, de maneira informal ou por medio de enquisas. Esta óptica investigadora ten consecuencias no discurso que elabora o investigador. Fronte a unha visión holística da cultura, establecendo relacións de subordinación entre os seus distintos compoñentes, o folklorista transmítenos datos, ou conxuntos de datos, moitas veces sen contextualizar porque o que lle interesa é dar a coñecer formas concretas ás que se lle podan atopar antecedentes ou paralelos. Por iso o traballo de recollida de datos de campo adoita ser, nestes casos, moi breve, ou se substitúe por informes indirectos. A isto habería que engadir o feito de que o folklorista non busca moitas veces interpretar os datos que recolle, senón que se limita a dalos a coñecer mediante a oportuna descrición.

Feitas as consideración xerais anteriores, procede agora sinalar que don Antonio Fraguas, o mesmo có o conxunto da produción etnográfica do SEG, moveuse sempre dentro dos parámetros folklóricos que acabamos de resumir. Fixo xeirias de campo, pero



Presidencia do Coloquio de Etnografía Marítima, con Raquel Casal e Octávio Lixa Filgueiras (1984)



5. No simposio de Antropoloxía "Romarías e Peregrinacións" (out. 1993). De esquerda a dereita Angel Aguirre Baztán, don Antonio, Salvador Rodríguez Becerra, Xosé Filgueira Valverde e X.M. González Reboredo.

sempre de maneira limitada e, en todo caso, orientadas a recoller materiais concretos. Agora ben, no caso do profesor Fraguas hai que ter en conta o xa apuntado no comezo deste artigo: el nacera nun medio rural e interiorizara intensamente unha cultura campesiña na infancia e xuventude. É dicir, que el xa «estivera alí» dende sempre, polo que na súa obra aparece continuamente o seu natal Cotobade, de maneira exclusiva ou en concorrencia con outras localidades. Dous artigos que lle dedicou ao Entroido en Cotobade son boa mostra disto (Fraguas, 1930, 1946a), pois neles pode calquera lector apreciar que a descrición dos xantares da data, ou das máscaras da *momada*, non é froito de informes obtidos de maneira indirecta, nin sequera consecuencia dunha breve xornada de estudo, senón que se trata de formas festivas que el puido ver e mesmo participar activamente nelas antes de que desaparecesen. Por iso aparece nalgunha ocasión o «eu testemuñal», aínda que sexa en forma de plural de modestia: "Muy pocas veces se forman comparsas en esta parroquia. *Recordamos* una de Loureiro y otra de Augasantas..." (Fraguas, 1946a: 450. A cursiva é nosa).

Polo demais, nos seus escritos prima o afán de dar a coñecer prácticas do mundo rural mediante a compilación de formas concretas. E faino de dúas maneiras. Unha primeira está ben clara no seu libro sobre literatura oral de Cotobade (Fraguas, 1985a),

onde, seguindo unha orientación moi espallada en Galicia e noutras terras dende o século XIX, limítase a darnos os textos de centos de cantigas e algunhas outras composicións sen pretender agrupalas por temas ou explicar o seu significado social. Este desexo de difundir materiais antes da súa perda, reducíndoos a documentos para futuras investigacións, é algo que practicou obrigatoriamente cando escribía sobre datos que non recollera directamente, senón que lle foran facilitados por diversos informantes. Así sucede, por exemplo, cun artigo publicado en *Vida Gallega* (Fraguas, 1957d), no que publica un curioso sermón que se recitaba polo Entroido nunha parroquia da Terra Chá, o cal é reproducido integramente despois de facer unhas consideracións de tipo xenérico, mais non unha descrición polo miúdo do acto festivo no que se representaba.

Unha segunda maneira de presentar os datos propia do profesor Fraguas é a de elixir un tema concreto e buscar en materiais diversos, como cantigas, ditos, contos ou crenzas varias, alusións a el. Neste caso utiliza información de procedencia diversa, tanto do seu natal Cotobade como doutras partes de Galicia, publicados ou inéditos, e recorre a facer unha enumeración de características do tema en función de como se presenta neses materiais. Un exemplo deste proceder sería o artigo que lle dedicou á Virxe no cancionero popular (Fraguas, 1960a), onde aporta textos para confirmar as características da Nai de Deus, os seus milagres lendarios, o trato familiar das xentes con Ela, a súa relación cos mariñeiros, os agasallos que loce como mostra do seu poderío e fermosura, a singularidade do emprazamento dos seus santuarios, etc. Copio un parágrafo deste traballo para confirmar o seu estilo descritivo nestes casos:

La copla juzga también del color y su razón de ser. Es frecuente la entrada del sol en el santuario y llama siempre la atención cuando da en la cara de las imágenes, por eso a la Virgen de Pastoriza la ven morena al contemplarla por la ventana:

*Virxe de Pastoriza
ben a vin pola vidreira,
algo moreniña queda
por causa do sol que a queima* (Fraguas, 1960a: 17).

Como se pode apreciar, o recurso estilístico consiste sinxelamente en que o autor fai unha afirmación para, a seguir, xustificala mediante un exemplo. Esta forma expositiva podemos considerala un universal que está presente en numerosos discursos elaborados por investigadores de diferentes campos, pois se basea en confirmar unha idea mediante un texto testemuñal que a dota de credibilidade.



Entre Marcial Gondar e Carlos García Martínez, nunha sesión do encontro sobre o Feito Diferencial Galego na Antropoloxía (dec. 1998)

Os contados exemplos aducidos responden a unha constante na súa obra etnográfico-folclórica. Ao remate, insisto en que don Antonio era un vocacional, bondadoso e sinxelo *storyteller*, non só de palabra, senón tamén por escrito. Xa nos seus últimos anos desenvolveu esta dimensión da súa personalidade de maneira que encantaba aos que o escoitaban. Lembro que despois da súa intervención no Congreso Internacional da Cultura Galega (Santiago, 1990), unha das azafatas do congreso, moza nova e, polo tanto, allea aos sistemas de galanteo antigos que relatou na súa intervención, achegouse a el e agradeceulle emotivamente a súa narración, que lle descubrira un mundo para ela descoñecido. Por esta súa vocación debemos admiralo e manifestarlle o noso agradecemento, pois grazas a ela deixounos un outeiro de información sobre a cultura da Galicia labrega e artesá que pode ser aproveitada en futuras análises, ou da que podemos, sen máis complicacións, gozar, porque é, no seu conxunto, unha sentida evocación dun estilo de vida que cada vez é máis historia. Pero unha historia que el nos fai sentir como nosa e que nos pode axudar a tomar conciencia de que os galegos e galegas necesitamos consolidar unha identidade propia para camiñar cara ao futuro non como pobo subordinado, senón como seres humanos donos do noso destino e reconciliados co noso pasado.

Biduído-Ames, agosto de 2005.

BIBLIOGRAFIA CITADA

- A. BARNARD.- 2000. *History and Theory in Anthropology*. Cambridge University Press, Cambridge, U.K.
- H. BAUSINGER.- 1993. *Volkskunde ou l'Ethnologie allemande*. Éditions de la Maison des sciences de l'homme, Paris.
- A. FRAGUAS FRAGUAS.- 1930. "O Entroido nas terras do Sul de Cotobade". *Nós*, Ourense. Nº 77, p. 84 e ss.
- 1931a. "Do folk-lore de Armeses-Listanco". *Nós*, Ourense. Nº 96, p. 221 e ss.
- 1931b. "As lendas da Fonte Pormás". *Nós*, Ourense. Nº 108, p. 218 e ss. (reeditado en *Galicia Máxica*. El Correo Gallego, Santiago, 1991)
- 1931c. "O culto dos mortos". *Nós*, Ourense. Nº 87, p. 42 e ss. (Reeditado en *Galicia Máxica*. El Correo Gallego, Santiago, 1991).
1933. "Domingo de Ramos na aldea". *Cristal*, Pontevedra. Nº 8, p. 11.
- 1943-44. "Juegos infantiles de Loureiro de Cotobade". *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Orense*, Ourense. Tomo XIV, p. 95 e ss.
1945. "El lobo en las tierras de Cotobad". *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Orense*, Ourense. Tomo XV, p. 129 e ss.
- 1946a. "Máscaras y sermones de carnaval en Cotobad". *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, Madrid. Tomo II, p. 435 e ss. (Reeditado en *Carnaval e outras festas*. El Correo Gallego, Santiago, 1992.- Versión galega en: *Do Entroido*. Museo do Pobo Galego, Santiago, 1994).
- 1946b. "Dous romances de Galicia". *Revista de Guimarães*. Tomo LVI, p. 117 e ss.
1947. "Contribución al estudio de la Navidad en Galicia: Nadales, Aninovos, Xaneiras y Reyes". *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, Madrid. Tomo III, p. 401 e ss. (Reeditado en *Carnaval e outras festas*. El Correo Gallego, Santiago, 1992).
- 1948a. "Notas de folklor de boda en Galicia". *Trabalhos de Antropología e Etnología*, Porto. Vol. XI, p. 306 e ss.
- 1948b. "Contribución al estudio del <<columpio>> en Galicia". *Revista Portuguesa de Filología*, Coimbra. Vol. I, p. 463 e ss.
1949. "Festas populares de Galicia: fiadeiros". *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Santiago. Tomo IV, p. 397 e ss. (Reedición en *Galicia Máxica*. El Correo Gallego, Santiago, 1991).
1951. "Farsas de carnaval en Touro". *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Santiago. Tomo VI, p. 431 e ss. (Versión galega en *Do Entroido*. Museo do Pobo Galego, Santiago, 1994).
1952. "Aportación al estudio de la dote". *Lar*, Buenos Aires. Nº 224-225, p. 63-64.
1953. "Notas sobre el fuego en Galicia: la farsa de Dulcinea o la quema de la Pascua". *Zephyrus*, Salamanca. Tomo IV, p. 401 e ss.
1954. "El tizón de Navidad". *Airiños*, Buenos Aires. Nº 13, p. 14.
- 1955a. "Recuerdos de Navidad". *Vida Gallega*, Lugo. Nº 676, p. 16.
- 1955b. "La Madamita de Castro Pedro". *Vida Gallega*, Lugo. Nº 670, p. 43.
1956. "La farsa de Casadenaya (Antas de Ulla)". *Boletín da Real Academia Galega*, A Coruña. Tomo XXVII, p. 162 e ss.
- 1957a. "Aportación al estudio folklórico del castaño, la castaña y el magosto". *Revista de Guimarães*. Vol. LXVII, p. 443 e ss.
- 1957b. "El aguinaldo de Reyes". *Vida Gallega*, Lugo. Nº 718, p. 17.
- 1957c. "Costumbres de fin de año". *Vida Gallega*, Lugo. Nº 729, p. 4.
- 1957d. "El sermón de Duarría". *Vida Gallega*, Lugo. Nº 721, p. 18.
- 1957e. "La noche de San Juan". *Vida gallega*, Lugo. Nº 723, p. 4.
- 1958a. "Tradición y recuerdo de la Semana Santa campesina". *Vida Gallega*, Lugo. Nº 733, p. 22-23.
- 1958b. "Algunos dichos del vino". *Vida Gallega*, Lugo. Nº 740, p. 26-27.
- 1958c. "El traje tradicional en la artesanía gallega". *Vida Gallega*, Lugo. Nº 731, p. 12-13.
- 1960a. "La Virgen en el cancionero popular gallego". *El Museo de Pontevedra*. Tomo XIV, p. 67 e ss.
- 1960b. "Notas en torno al maíz". *Colóquio de estudos etnográficos "Dr. José Leite de Vasconcelos"*. Porto, 1958, Porto. Vol. III, p. 151 e ss.
1962. "Castros de la comarca lucense". *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Santiago. Tomo XVII, p. 307 e ss.
1963. "Aportación al estudio del teatro popular en Galicia: la farsa de Ribadulla". *I Congreso de Etnografía e Folklore, Braga, 1956*. Biblioteca Social e Corporativa, Lisboa. Vol. II, p. 233 e ss.
- 1965a. "Algunos dichos y creencias sobre los animales". *Actas do Congreso Internacional de Etnografía. Santo Tirso, 1963*, Lisboa. Vol. III, p. 231 e ss.
- 1965b. "Influencia de la emigración al Brasil en tierras de Galicia". *V Colóquio Internacional de Estudos Luso-Brasileiros*, Coimbra. Vol. I, p. 5 e ss.
1968. "Emplazamiento de ferias en Galicia a fines del siglo XVIII". *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Santiago. Tomo XXIII, p. 200 e ss.
1969. "Algunos seres fantásticos de nuestra tierra". *Revista de Etnografía*, Porto. Vol. XII, p. 371 e ss.
1973. *La Galicia insólita*. Librigal, A Coruña.
- 1975a. "Preocupación polo tempo e os astros na creencia popular". *Boletín Auriense*, Ourense. Nº 5, p. 257 e ss. (Reeditado en *Galicia Máxica*. El Correo Gallego, Santiago, 1991).
- 1975b. "La condesa de Pardo Bazán y el folklore". *Revista del Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses*, A Coruña. Nº 10-11, p. 55 e ss.
1976. "Literatura popular en torno al casamiento, embarazo y parto". *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, Madrid. Tomo XXXII, p. 185 e ss.
1978. "Algunas creencias sobre el mar". *Boletim da Biblioteca Pública Municipal de Matosinhos*. Nº 22, p. 127 e ss.
1979. "Algunas cantigas del mar". *Boletim da Biblioteca Pública Municipal de Matosinhos*. Nº 23, p. 27 e ss.
1980. "Literatura oral en Galicia". En *Evolución cultural de Galicia*. Caja de Ahorros Municipal de Vigo. Nº 17. (Reedición en *Galicia Máxica*. El Correo Gallego, Santiago, 1991).
1981. "Os Nadales". *Outeiro*, A Coruña. Nº 3, p. 21-22.
1982. "O mes das benditas almas". *Outeiro*, A Coruña. Nº 6, p. 37.
- 1984a. "Os maios". *Outeiro*, A Coruña. Nº 12, p. 30-31.
- 1984b. "Antropoloxía". En *Galicia Eterna*. Nauta, Barcelona. Tomo II, p. 325 e ss.
- 1985a. *Aportacións ó cancionero de Cotobade*. Fundación Otero Pedrayo, Trasalba.
- 1985b. *El Traje Gallego*. Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña.
1986. "As almas do Purgatorio". *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, Pontevedra. Vol. X, nº 49, p. 329 e ss.
- 1987a. "A Navidad". *Outeiro*, A Coruña. Nº 27, p. 80 e ss.
- 1987b. "A festa do Carmen". *Outeiro*, A Coruña. Nº 25, p. 31-32.
- 1987c. "El culto a las animas en Loureiro de Cotobade". *Gallaecia. Publicación del Departamento de Prehistoria y Arqueología*. Facultad de Geografía e Historia, Universidad de Santiago. Nº 9/10, p. 271 e ss.
1988. *Romarías e santuarios*. Galaxia, Vigo.
1989. "Comentarios de Antropoloxía na obra de Xosé María Castroviejo". *Galicia en Madrid*, Grugalmá-Madrid. Nº 31, p. 17 e ss.
1990. "Sinodales de Tui: notas antropolóxicas". *Gallaecia, 1º Congreso*, A Guarda. P. 195 e ss.
1992. "O cambio familiar". *Actas do Congreso Internacional da Cultura Galega*. Xunta de Galicia, Santiago.
- 1993a. "Desde o Antroido á Pascua: vida e costumes a comezo de século". *Homenagem a J. R. dos Santos Júnior*. Ministério do Planeamento e da Administração do Território, Lisboa. Tomo II, p. 205 e ss.
- 1993b. "Variantes de algúns contos". *Revista de Guimarães*. Tomo 103, p. 131 e ss.
1994. "Don Fermín Bouza-Brey Trillo de Figueroa". *Simposio Internacional de Antropoloxía in memoriam Fermín Bouza-Brey*. Consello da Cultura Galega, Santiago. P. 15 e ss.
- 1995a. *A festa popular en Galicia*. O Castro, Sada-A Coruña.

- 1995b. "Do cancionero á mesa posta". *Ciencia y Humanismo en la Alimentación*. Real Academia Galega de Ciencias- Caixa Ourense, Ourense. P. 81 e ss.
- 1995c. "O pantalón chamado cirolas". *Raigame*, Ourense. Nº 1, p. 7 e ss.
1996. "Lembranza de D. Xaquín Lorenzo Fernández". *Tecnoloxía tradicional: dimensión tradicional e valoración antropolóxica*. Consello da Cultura Galega, Santiago. P. 13 e ss.
- 1997a. "A Santa Compañía". *O Gaiteiro de Lugo*, Lugo. P. 52.
- 1997b. "O traxe tradicional de Galicia". *Galicia. Antropoloxía*. Hércules de Ediciones, A Coruña. Tomo XXV, p. 466 e ss.
- 1997c. "O folclore na obra de Sarmiento". *Actas do Congreso "O Padre Sarmiento e o seu tempo"*. Consello da Cultura Galega, Santiago. Vol. II, p. 207 e ss.
- 1998a. "Festas galegas; os fiadeiros". *O Gaiteiro de Lugo*, Lugo. P. 84.
- 1998b. "Lenda e poesía popular nas nosas rías, no noso mar". *Antropoloxía Mariñeira. Simposio Internacional in memoriam Xosé Filgueira Valverde*. Consello da Cultura Galega, Santiago. P. 335 e ss.
- 1998c. "Antropólogos de comezos de século: Don Manuel Vidal Rodríguez e Don Francisco Potel Parda". *El Museo de Pontevedra*. Tomo LII, p. 135 e ss.
- 1998d. "Don Xosé Fernando Filgueira Valverde". *Antropoloxía mariñeira. Simposio Internacional in memoriam Xosé Filgueira Valverde*. Consello da Cultura Galega, Santiago. P. 13-14.
- 1998e. "Recuerdo del molino de moler: algo de las << muiñadas >> de Antonio de Insuela". *Molinum*, Madrid. Nº 1, p. 5 e ss.
2000. "Xaquín Lorenzo Fernández". *Boletín da Real Academia Galega*, A Coruña. Nº 316, p. 297 e ss. s./a. *Gran Enciclopedia Gallega*. Silverio Cañada Editor, Gijón (Reedición en lingua galega en proceso de edición polo grupo *El Progreso*, Lugo).
- C. GEERTZ.- 1988. *La interpretación de las culturas*. Gedisa, Barcelona.
1989. *El antropólogo como autor*. Paidós, Barcelona.
- C. GONZÁLEZ PÉREZ.- 1998. *Antonio Fraguas. Profesor, xeógrafo, historiador, antropólogo. galego de ben*. Ir Indo, Vigo.
- X. M. GONZÁLEZ REBOREDO.- 1993. "Xesús Taboada Chivite etnógrafo". *Actas do Simposio de Antropoloxía "Lindeiros da Galeguidade II"*. Consello da Cultura Galega, Santiago. P. 15 e ss.
- 1994a. "Fermín Bouza-Brey, etnógrafo e folklorista". *Actas do Simposio Internacional de Antropoloxía in memoriam F. Bouza-Brey*. Consello da Cultura Galega, Santiago. P. 25 e ss.
- 1994b. "Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento" e "Seminario de Estudios Galegos". En C. ORTIZ, L. A. SÁNCHEZ: *Diccionario Histórico de la Antropología Española*. CSIC, Madrid.
- 1996a. "Notas para una historia de la Antropología en Galicia". *Identidad y Fronteras Culturales. Actas del II Congreso de Historia de la Antropología Española*. Asociación de Psicología de Extremadura, Badajoz. P. 707 e ss.
- 1996b. *La construcción del texto etnográfico a través de dos autores*. Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, Santiago.
- 1996c. "Vicente Risco e a Antropoloxía galega". *Congreso Vicente Risco*. Xunta de Galicia, Santiago. P. 235 e ss.
- 1997a. "Notas dunha conversa con Antonio Fraguas". *Revista Galega do Ensino*, Santiago. Nº 17, p. 13 e ss.
- 1997b. "Don Antonio Fraguas. Producción etnográfica e dimensión humana". *Medicina popular e Antropoloxía da saúde. Actas do Simposio en homenaxe rendida a D. Antonio Fraguas*. Consello da Cultura Galega, Santiago. Páx. 9 e ss.
- 1997c. "Do nacemento do Folklore aos nosos días". En *Galicia. Antropoloxía*. Hércules de Ediciones, A Coruña. Tomo XXIX, p. 36 e ss.
- 1999a. "A construción da identidade galega entre o século XIX e XX. O Papel do Folklore e a Etnografía". *Galicia fai dous mil anos. O feito diferencial galego. III. Antropoloxía*. Museo do Pobo Galego, Santiago. Tomo I, p. 51 e ss.
- 1999b. "Don Xaquín Lorenzo Fernández e os estudos de Etnografía en Galicia". *Raigame. Revista de Arte, cultura e tradicións populares*, Ourense. Nº 9, p. 56 e ss.

2002. "Don Antonio Fraguas. Biografía y obra". *Galicia en Madrid*, Grugalma- Madrid. Año XXI, nº 1. Páx. 4 e ss.
- s./a. Voz "Folklore". *Gran Enciclopedia Gallega*. Silverio Cañada Editor, Gijón (reedición recente en galego do grupo *El Progreso*).
- A. GUICHOT Y SIERRA.- 1922. *Noticia histórica del Folklore*. Hijos de Guillermo Álvarez, Sevilla.
- F. LÓPEZ CUEVILLAS, A. FRAGUAS FRAGUAS.- 1955. "Los castros de la tierra del Saviñao". *III Congreso Nacional de Arqueología*. Institución Fernando el Católico, Zaragoza. P. 273 e ss.
- F. LÓPEZ CUEVILLAS, V. FERNÁNDEZ HERMIDA, X. LORENZO FERNANDEZ.- 1936. *Parroquia de Velle*. Seminario de Estudios Galegos, Santiago.
- B. MALINOWSKI.- 1973. *Los Argonautas del Pacífico Occidental*. Ediciones Península, Barcelona.
- M. MANDIANES CASTRO.- 2003. *O río do esquecemento. Identidade antropolóxica de Galicia*. Xerais, Vigo.
- A. MATO.- 2001. *O Seminario de Estudios Galegos*. Edicións do Castro, Sada-A Coruña.
- V. RISCO.- 1994a. "Elementos de metodología de la Historia". En *Obras completas*. Galaxia, Vigo. Vol. 7, p. 7 e ss.
- 1994b. "Etnografía". En *Obras completas*. Galaxia, Vigo. Vol. 3.
- SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS.- 1934. *Dez cursos de traballo*. Ed. SEG, Compostela.
- W. J. THOMS.- 1965(1846). "Folklore". En A. DUNDEES (ed.): *The Study of Folklore*. Prentice Hall, Inc., Englewood Cliffs, N. J, p. 4 e ss.
- K.B. VALENTINE, G. VALENTINE.- "Antón Fraguas Fraguas. Expert and Narrator of Galician Popular Culture/ Bo coñecedor e narrador da cultura popular galega". Relatorio presentado no *IV Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos*. Oxford, 1994 (texto mecanografiado e acompañado de video).
- VV.AA.- 1933. *Terra de Melide*. Seminario de Estudios Galegos, Compostela (hai edición facsímil de Edicións do Castro, Sada-A Coruña, 1978).

*O profesor
Antonio Fraguas*

*e as súas achegas á historiografía galega
do século XX*

Antonio Eiras Roel



Toma de posesión como cronista xeral de Galicia, o 14 de febreiro de 1992 (foto El Correo Gallego)


O *Museo do Pobo Galego* pide a miña colaboración no libro-homenaxe ao Profesor Antonio Fraguas, Cronista Xeral do Reino de Galicia, para glosar a súa figura de historiador e as súas achegas á Historia, no mesmo volume no que outros especialistas se ocuparán das súas facetas de etnógrafo, antropólogo, arqueólogo e xeógrafo. Nada máis grato que cumprir con esta obriga de atención e respecto para con quen foi o meu predecesor na dignidade honorífica de cronista e a enriqueceu co seu extenso saber e prolífica produción en todo os xéneros citados, o de historiador entre outros. Por esencia, a *Crónica General* é dende a súa orixe remota unha actividade historiográfica, propia dun historiador e desempeñada por historiadores, ou polo que en cada momento do pasado se entendeu como tal, ao longo dos tempos, dende a súa aparición en Castela co nomeamento de cronista feito por Carlos V en favor do cóengo zamorano Florián de Ocampo en 1539; ou en Aragón en 1548 co nomeamento do renomeado erudito Jerónimo Zurita, designado nese ano cronista de Aragón polo mesmo monarca a petición das Cortes de Monzón; en 1596 para Indias co nomeamento de Antonio de Herrera como cronista de Indias feito por Felipe II; e en 1656 para Galicia, co nomeamento do agostiño frei Felipe de la Gándara, referendado nese ano por Felipe IV a petición das Xuntas do Reino. Os seguintes titulares da función, de Gándara a Fraguas, destacaron igualmente como historiadores –segundo acreditan os nomes ilustres de Francisco

Javier de Huerta y Vega, de Manuel Murguía e de Emilio González López, logo o de Antonio Fraguas–, aínda que coas excepcións pouco significativas do dominico frei Juan Pacheco y Troncoso, que destacou só como orador sagrado, e do fidalgo de Salceda don Ignacio Benito Avalle, ao que se coñece unicamente na súa faceta de tradutor e divulgador de libros dos ilustrados franceses.

Para acreditar a achega de Fraguas á historia de Galicia bastaría a súa tese doutoral de Historia, lida na Universidade de Madrid en 1948, sobre unha institución fundamental na vida histórica da Galicia dos séculos XVI ao XVIII, e os dous libros sobre ela publicados; sen contar os outros estudos realizados polo seu autor a partir de documentación escrita de primeira man igualmente, dos que temos que ocuparnos. Pero o seu interese como historiador non se limita a eses e outros traballos de historia documental, xa que separar do campo da disciplina histórica algúns dos máis importantes traballos de Fraguas sobre a festa popular en Galicia, sobre o culto aos mortos ou sobre os usos e costumes da sociedade rural sería tanto como negar a Philippe Ariès ou a François Lebrun a súa ben gañada condición de historiadores por teren feito obxecto dos seus estudos o culto aos mortos nas sociedades tradicionais, a Michel Vovelle polo mesmo motivo e por ter escrito un destacado libro sobre os significados e metamorfose da festa en Provenza, ou a Julio Caro Baroja e a Emmanuel Le Roy Ladurie por teren escrito libros de éxito sobre o Entroido e os seus significados. Semellante desaxuste non encaixa no concepto dos historiadores dos nosos días, entre os que adquiriu e segue gañando un importante papel a historia oral e o seu contorno.

Por iso, ás concomitancias e afinidades entre Antropoloxía histórica e Historia cultural e antropolóxica temos que acollernos, aínda que sexa de pasada, nesta breve esexese sobre a obra histórica de Fraguas, a cal se sitúa na marxe nunca ben establecida nin fácil de establecer entre ámbalas dúas disciplinas, que teñen un obxecto común. O antropólogo cultural parte da introspección sobre o rito observado no presente para penetrar nos secretos do pasado inmemorial e nas claves profundas da conduta humana, do comportamento colectivo das sociedades simples e da personalidade dun pobo. O historiador cultural parte do testemuño escrito deixado polos homes de séculos pasados para rexistrar ata onde é posible a data de nacemento ou a xestación remota dos códigos de conduta e do imaxinario mental dos grupos sociais, que en diferentes graos pode perdurar –ou eventualmente non perdurar– no presente da sociedade estudada. De todo isto hai na obra de Fraguas, ampla e diversa. Metodicamente debemos comezar, sen embargo, polos seus traballos de corte histórico máis clásico, a historia documental na forma académica que estaba establecida nos anos da súa formación e de elaboración da súa tese doutoral.

Antonio Fraguas Fraguas



TESE DE DOUTORAMENTO. O COLEXIO DE FONSECA

**Historia del Colegio de Fonseca.
Instituto Padre Sarmiento de Estudios
Gallegos. Santiago, 1956, 343 pp.**

Aínda que dista de ser a única, a achega máis sobresaínte e coñecida de Fraguas no campo da Historia documental foi a súa tese de doutoramento sobre o Colexio de Fonseca, iniciada baixo a dirección de D. Salvador Cabeza de León, defendida en Madrid en 1948 e publicada en 1956 polo Instituto P. Sarmiento. Xunto coas outras obras clásicas do seu mestre Salvador Cabeza de León (1946) e do seu colega e amigo Sebastián González García-Paz (1934), publicadas poucos anos antes, este

primeiro libro de Fraguas (1948, ed. 1956) inaugura a abundante bibliografía de investigacións relativas á Universidade fundada por Fonseca e aos seus Colexios. É obrigado comezar por el este percorrido sobre a súa obra histórica¹.

A partir dos fondos documentais da propia Universidade, e seguindo o método cronolóxico do seu mestre por aqueles anos, neste libro desenvolve Fraguas a vida da institución dende a súa fundación polo arcebispo Fonseca, ata a súa extinción en 1840, baixo o goberno de Espartero e por disposición da comisión de desamortización e da xunta gobernativa local. Estuda as inte-

1 S. Cabeza de León: *Historia de la Universidad de Santiago de Compostela*. Santiago, 1946-1947; 3 vols.

S. González García-Paz: *O Colexio de San Clemente de Pasantes de Santiago de Compostela*. Santiago, 1993 (1ª ed. 1934).

A. Fraguas Fraguas: *Historia del Colegio de Fonseca*. Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos. Santiago, 1956, 343 pp.

A. Fraguas Fraguas: *Los colegiales de Fonseca*. Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos. Santiago, 1958, 401 pp.

A. Eiras Roel: "La consommation alimentaire d'Ancien Régimen: les Collèges de Saint Jacques de Compostelle". En *Dossier d'histoire de la consommation; Annales E.S.C.*, XXX, 2-3, 1975, 402-632 (vid. pp. 454-464).

E. Martínez Rodríguez: *La Universidad de Santiago al final de la época autonómica. Base de financiación*. Santiago, 1981.


J. García Oro: "De la Escuela episcopal a la Universidad y Estudio General de Santiago de Compostela". En *Estudios sobre los orígenes de las Universidades españolas*. Valladolid, 1988, pp. 69-84.

M.P. Rodríguez Suárez: *La Universidad de Santiago en el siglo XVI. Los libros de claustro, 1566-1600*. A Coruña 1996, 2 vols.

M.P. Rodríguez Suárez: *As Constitucións do Dr. Cuesta para a Universidade de Santiago de Compostela (1550-1555)*. Santiago, 1997.

X.R. Barreiro Fernández (Coord.): *Historia da Universidade de Santiago de Compostela*. Vol. I. Das orixes ó século XIX. Santiago, 1998.

rioridades da vida colexial, o réxime de concesión de becas, o sistema de selección dos cargos e oficios de goberno interior; e outros aspectos como son a información para cubrir as prazas vacantes, o procedemento das probas de limpeza de sangue, a figura do visitador e o funcionamento das *visitas* ao Colexio e aos seus reitores. Detalla o orzamento anual para o gasto ordinario do Colexio e dos seus colexiais hóspedes (adquisición de alimentos e doutros conceptos, como libros e medicinas), e tamén para os extraordinarios, como os alimentos de réxime e as dietas de convalecencia, de recuperación e de sobrealimentación ás que eran moi dados algúns colexiais en particular (temática esta que nos suxeriu máis tarde un estudo particular na materia do consumo e dispendio dos privilexiados, trinta anos despois). A obra de Fraguas refire diversos incidentes e altercados dos colexiais entre si e como corporación, na defensa do foro colexial, fronte aos alguacís da xustiza ordinaria do Xuíz da Quintana incluso; incidentes nos que aqueles colexiais teólogos e xuristas, en ocasións armados e encastelados fronte á xustiza ordinaria, móstranse ordinariamente como un grupo díscolo e difícil de someter, consciente dos seus privilexios de clase e poder social. O orgullo estamental do claustro de colexiais, e dalgúns dos seus individuos, segundóns da fidalguía galega polo xeral, maniféstase igualmente nos moitos litixios que o Colexio mantén co cabido catedralicio por cuestións de etiqueta como a posesión dos asentos nas cerimoniais públicas, a precedencia nos lugares académicos ou nas beirarrúas da cidade —o que se chamaba *ceder la pared*— ou por outros xestos simbólicos do rango e preeminencia na xerarquía social, como a insistencia do Colexio en exercer o privilexio de tocar campás cando se graduaba algún colexial. Igualmente, nas querelas, litixios ou pendencias entre os colexiais de Fonseca e os pasantes de San Clemente, pola insistencia daqueles en gozar en todas as ocasións a precedencia que crían pertencer ao de Fonseca polo seu discutido título de Colexio Maior, título negado por unha Provisión de 1655 e recoñecido máis tarde por real orde de Felipe V en 1730. Esta cuestión da *maioría* daba lugar a frecuentes liortas e pendencias ruciras entre os colexiais dun e outro Colexio; o mesmo que a rivalidade na provisión das cátedras vacantes, sobre as que Fonseca exercía un case monopolio aproveitando a súa maioría de votos no claustro; cuestión esta que os enfrontaba tamén aos manteístas e que deu lugar igualmente a



litixios e a preitos e á xestación dun ambiente desfavorable entre os ilustrados do século XVIII, o mesmo que levaría á reforma e máis tarde extinción dos Colexios Maiores de Salamanca e doutros lugares. Na súa parte final a obra contén ademais un estudo sobre a construción e arquitectura do edificio, os artistas que traballaron na súa construción e reformas, retablos e outras obras de arte. Na súa reedición de 1995 incorpora ademais un valioso apéndice documental, procedente dos fondos da Universidade de Santiago (Libros de Grados, de Visitas y de Claustros).

OS COLEXIAIS DE FONSECA

Los colegiales de Fonseca. Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos. Santiago, 1958, 401 pp.

Da súa tese de doutoramento forma parte tamén un segundo libro publicado en 1958 sobre os Colexiais de Fonseca, no que a partir de fontes documentais de igual procedencia aporta a ficha biográfica dos 550 colexiais que levaron manto e beca no Colexio de Santiago Alfeo dende 1522 ata a súa desaparición en 1840, e de 137 familiares ou fámulos (estudantes tamén, con razón e

quitación no Colexio, pero que desempeñaban diversos cometidos no mesmo ao servizo dos colexiais). O uso sistemático que neste libro fai da excepcional documentación constituída polas probas de “limpeza de sangue” permítelle rastrear as orixes familiares, académicas e sociolóxicas de todos os teólogos e xuristas que disfrutaron beca no Colexio, a maioría dos cales estaban destinados a ocupar logo coenxías, prebendas, curatos e outros beneficios eclesiásticos a nivel local, aínda que algúns deles chegaron a alcanzar posicións destacadas na administración, a xustiza ou a Igrexa. Entre estes últimos recolleemos aquí brevemente as figuras máis destacadas das que se ocupa este libro, sen deternos nos seus antecedentes de liñaxe.

1) D. Diego de Zúñiga y Sotomayor, natural de Tui, sobriño do Inquisidor xeral frei Antonio de Sotomayor; obtivo a beca de colexial en 1599, e baixo a protección do seu tío o célebre dominico e confesor real

chegou a ser *aio* do cardeal-infante don Fernando, bispo de Ourense e logo de Zamora.

2) D. Alonso de la Peña Montenegro, natural de Padrón, elixido colexial en 1617, logo reitor da Universidade; nomeado en 1653 para rexer a diocese de Quito, da que foi bispo ata a súa morte en 1687. A súa memoria permaneceu durante séculos vinculada á Universidade de Fonseca polas fundacións que fixo no seu favor.

3) D. Mateo Segade Bugueiro, natural de Melide, colexial en 1628, doutor en Teoloxía e reitor do Colexio en 1634, logo cóengo maxistral de Astorga e posteriormente de Toledo; na súa longa carreira no episcopado, en 1655 foi promovido á mitra arcebispa de México, logo á de Cádiz, e morreu en 1672 sendo bispo de Murcia.

4) D. Francisco de Aguiar Ulloa y Seixas, natural de Betanzos, admitido como colexial en 1652, gradouse e foi elixido reitor de Fonseca en 1656; foi tamén cóengo maxistral de Astorga, en 1677 nomeado bispo de Michoacán e en 1681 promovido á mitra arcebispa de México, onde morreu en 1698. A el débese a erección do famoso Santuario da Virxe de Guadalupe na cidade de México.

5) D. Felipe Antonio Gil Taboada, natural de Lalín, colexial en 1687, catedrático de Instituto e reitor de Fonseca xa en 1690; foi máis tarde cóengo doutoral de Toledo, e nunha brillante carreira na maxistratura e na Igrexa sería logo rexente da Chancelaría de Valladolid, gobernador do Consello de Castela, bispo de Osma e arcebispo de Sevilla, onde morreu en 1722.

6) D. Cayetano Gil Taboada, sobriño do anterior e da mesma natureza, foi admitido colexial en Fonseca en 1708 despois de selo de San Xerome; doutor en Canons e reitor de Fonseca en 1713, foi posteriormente provisor eclesiástico e gobernador do bispado que nominalmente detentaba o seu tío D. Felipe en Osma, fiscal da Inquisición de Sevilla, administrador do Hospital Real de Santiago, bispo de Lugo e finalmente arcebispo de Santiago, onde morreu en 1751.

Aínda que máis raramente, algúns dos *familiares* acadaron tamén a súa licenciatura no Colexio e chegaron incluso a obter



Vítor pintado nun dos muros de Fonseca (foto Xenaro Martínez).



O Colexio de Fonseca (foto Xenaro Martínez)

—non sempre— beneficios eclesiásticos, ou a seren presentados para eles, con desigual fortuna dada a súa máis humilde orixe. Dalgúns familiares consta que unha vez licenciados seguían no Colexio percibindo os emolumentos das fundacións ou memorias de misas que este lles confiaba; entre eles D. Alonso González de Arellano, estudante admitido como familiar do Colexio en 1683, quen dez anos máis tarde, e tras ser rexeitado para unha vigairía, seguía defendéndose coas esmolmas de misas e como substituto da cátedra de Artes. Outro familiar, D. Sebastián García de Amarelle, que entrou no Colexio en 1722 previa presentación da correspondente fianza, foi dez anos máis tarde nomeado substituto da cátedra de Vésperas de Medicina, e posteriormente catedrático da mesma. Entre os afortunados que obtiveron beneficio eclesiástico figura —e non é o único— D. Antonio Alonso Cancio, que entrou no Colexio como familiar en 1683, presentando a obrigada fianza no seu favor o seu parente D. Andrés de Cancio y Villar, racioneiro da catedral de Santiago. Un caso máis excepcional parécenos o de D. Manuel Antonio de Lago y Ben, ao que tendo presentada fianza como familiar do Colexio en 1729, podémolo atopar en 1752 na documentación do Catastro de Santiago como adiñeirado home de negocios, cambiador de letras, comisionista de lenzos e tesoureiro do Estado do conde de Altamira. Un dos últimos familiares admitidos no Colexio foi Nicomedes Pastor Díaz, que tendo xa o grao de bacharel, presentou en 1830 fianza para poder seguir a carreira de Leis na Universidade como familiar do Colexio; acompañaba expediente de pobreza, alegando que os curtos ingresos do seu pai como administrador de Correos da vila de Viveiro non lle permitían sostelo ata concluír os seus estudos nesta Universidade. Estudou aquí parte da carreira de Leis, que foi terminar en Alcalá de Henares, pouco antes de que o Colexio fose clausurado en 1840².

2 A. FRAGUAS FRAGUAS: *Los colegiales de Fonseca*. Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos. Santiago, 1958, 401 pp. As probas de limpeza de sangue consérvanse no Arquivo Universitario de Santiago, e as súas referencias foron completadas polo autor con outra información xenealóxica de diversa procedencia, principalmente do arquivo de don Antonio Taboada Roca. Varios de eses ex-colexiais xuristas chegaron a ser capitulares das Xuntas do Reino en representación das súas respectivas cidades; e por este concepto a obra que agora comentamos constitúe unha útil fonte de información para os traballos da colección documental que vimos dirixindo sobre o corpo representativo das cidades galegas (AJRG), tanto por lo que se refire ás nosas introducións históricas sobre o contido de cada volume como aos glosarios históricos sobre os capitulares e outros prohombres galegos que redactan os colaboradores Luz Rama e Xosé Manuel Vázquez Lijó. Entre os colexiais que foron capitulares das Xuntas do Reino figuran os nomes de don Antonio de Castro y Andrade, que chegou a ser oidor da Chancelería de Valladolid (AJRG, vol. I); de Fernando de Romay, que foi relator da Audiencia coruñesa (AJRG, vol. II); de don Jacinto de Ponte y Andrade, capitular por Santiago (AJRG, vol. II); do doutor don Francisco Valcárcel de Prado, fillo do tamén procurador pola cidade de Lugo Gonzalo Sánchez de Boado, que chegou a ser Fiscal da Audiencia de Canarias sen moverse da súa rexeduría de capitular por Lugo (AJRG, vol. III e vol. IV); do capitular coruñés don Antonio Bermúdez de Santiso, doutor en Cánones, que morreu en Sevilla como oidor da Audiencia de Grados (AJRG, vol. IV), etc. Vid. *Actas de las Juntas del Reino de Galicia* (cit. AJRG), Xunta de Galicia, Santiago de Compostela 1995-2005; 15 volumes publicados.

OUTROS TRABALLOS DE HISTORIA DOCUMENTAL A SOCIEDADE ECONÓMICA

A isto habería que engadir outros varios traballos de historia documental, como os dedicados á “La Real Sociedade Económica de Amigos del País de Santiago en su primera época (1784-1813-1821)”, realizado a partir dos fondos desta Institución (1986); sobre “Santiago y Padrón a través de las Respuestas Generales del Marqués de la Ensenada” (1975); sobre o mapa das feiras de Galicia a finais do século XVIII (public. 1968, baseado nun informe do Deputado Xeral do Reino en 1798); sobre dereitos de paso pola ponte de Rábade no século XVII (1970); sobre os colaboradores galegos do *Diccionario* de Madoz (1950); sobre apuntes para a historia da primeira ensinanza no val de Quiroga (1956), etc.; ou ben as crónicas de acontecementos, sobre “El viaje de los reyes Católicos a Galicia” no ano 1486 (public. 1953); sobre “El recibimiento del arzobispo D. Maximiliano de Austria” (en 1603, public. 1961), feitas a partir de Actas de Consistorios Municipais; ou tamén os seus varios traballos de Historia da Arte (“La iglesia de Santa María de Xanza” (1951), “La iglesia de Santiago de Loureiro” (1960), “El Santuario de la Peregrina en Compostela” (etc.), traballos feitos ou iniciados a partir da documentación contida nos Libros de Fábrica parroquiais.

De todo este conxunto, un dos estudos máis importantes é o que dedica á primeira Sociedade de Amigos del País establecida en Galicia; no que sobre as Actas e outras fontes documentais da Sociedade, estuda as orixes e primeiros pasos da institución, dende a súa fundación en 1784 ata a súa suspensión en 1804, a



O desaparecido pazo da Inquisición, na praza de Galicia, primeira sede da Económica (col. MPG)

raíz dos seus enfrontamentos co tribunal local da Inquisición. Os proxectos da Sociedade nesta primeira etapa tiveron máis resonancia nos papeis (a publicación dalgunhas *Memorias* económicas, como a de Cónsul Jove) do que eficacia práctica, se se exceptúa a escola pública de Debuxo. A partir do cambio de reinado os seus socios a penas se reúnen, ou o fan de tarde en tarde. As dúas breves reaperturas en 1814 e en 1821 trátanse brevemente, porque a Sociedade a penas cobrou vida ata a súa refundación en 1834, que entón si lograría interesar aos prohombres locais debido ao feito de que, ao abeiro do réxime conservador do Estatuto Real, as Sociedades Económicas obtiveron o privilexio de designaren representantes para a cámara do Estamento de Próceres, o que elevou a 233 o número destas sociedades en toda España.



Na antiga sede das casas consistoriais de Compostela, na Praza de Cervantes, restableceuse a Económica (foto Xenaro Martínez)

Xestada no faladoiro de don Antonio Páramo y Somoza, Reitor da Universidade e nese momento Administrador do Real Hospital, a Sociedad Económica fúndase en 1784, a imitación da Real Sociedad Económica Vascongada (1764), o seu precedente remoto, ou máis ben da posterior de Madrid (1775), e das de Zaragoza, Valencia e Sevilla (1776), entre tantas outras que se forman en toda España –máis outro centenar delas en América– á calor dun entusiasmo efémero durante o quinquenio creativo de 1780-1785, e obedecendo a unha consigna do poder real, difundida na coñecida circular de Campomanes ás autoridades locais de toda España (18 novembro 1774). O seu lema xustificativo sería “fomentar a agricultura, artes e industrias”, para favorecer a vinculación solidaria entre labranza e industria artesá rural que trataba de difundir o *Discurso sobre la industria popular* do propio Campomanes, lanzado á circulación en 1774,

nótese ben, un ano antes da aparición da experiencia-piloto que sería a Sociedad Económica Matritense, sen prexuízo de que o nome destas institucións se adoptase do precedente remoto da de Vergara.

Os socios fundadores da galega (o propio Páramo, que morreu estando preconizado bispo de Lugo; don Luís Marcelino Pereira, que logo acadaría na maxistratura a praza de oidor da Chancelería de Valladolid e morreu sendo alcalde de Casa e Corte de Madrid; os irmás don Benito e don Antonio Gil y Lemus; o entón racio-neiro don Pedro Antonio Sánchez, logo cóengo e socio de mérito da Matritense, por todo premio) pertencen á minoría ilustrada do país que vinculaba o seu destino e a súa carreira e a súa vía de ascensión social ao proxecto da monarquía reformista de Carlos III, personificado polo primeiro ministro Floridablanca e polo influente Fiscal (1762) e máis tarde Presidente (1786) do Consello de Castela don Pedro Rodríguez Campomanes, futuro conde de Campomanes. A dependencia intelectual do grupo fundador verbo do conde de Campomanes e os seus escritos percíbese no dato de que a Sociedade se propuxese como actividade principal establecer en Galicia escolas de fiar para nenas *por vía de industria popular*, para abastecer de liños o mercado interior e o comercio coas Américas.

Para comprender a formación dunha elite dirixente en torno a Páramo baste recordar que este era Administrador do Real Hospital, un dos cargos políticos máis influentes e poderosos de Galicia, pola xurisdición exenta que gozaba a Real Casa, que só dependía do Consello no seu nomeamento e na súa xestión, con independencia absoluta de todas as outras autoridades locais. A lenta xestación dun grupo de “Amigos del País” en Santiago, en relación coa xa citada circular de Campomanes ás autoridades locais e coa aparición das primeiras Sociedades Económicas en España (1775), pódese explicar –cremos– pola dilatada presenza en Madrid do rexedor compostelán don José Francisco de Zúñiga y Losada, marqués de Bosque Florido, quen de 1762



Con Clemente González Peón, na recepción das medallas da Económica.



Manuel Ventura Figueroa domina desde o seu pedestal o campus universitario (col. De la Riva, MPG)

a 1775 desempeñou o cargo de Deputado Xeral do Reino na corte, baixo o amparo de Campomanes e que era un dos seus homes en Galicia; e sobre todo, pola figura do todopoderoso prelado santiagués don Manuel Ventura Figueroa, por eses anos Presidente do Consello de Castela, quen estaba en íntima relación con Campomanes, o cal era o seu Fiscal no Consello e ao que logo nomearía o seu testamenteiro. En canto á relación do eclesiástico Páramo con Ventura Figueroa presumímola íntima, por canto o Presidente do Consello nacera xustamente no Hospital Real, como fillo dun dos seus dependentes, e en razón do seu alto cargo tivo a facultade de elixir e nomear o que sería Administrador da Real Casa. Todo encaixa para explicar a designación desta cidade como sede da Sociedad de Amigos del País en Galicia³.

3 A. FRAGUAS FRAGUAS: *Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago. Primera época*. Santiago, 1976, 106 pp. Para unha ampliación posterior no tempo, vid. M.C. FERNÁNDEZ CASANOVA: *La Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago*. Sada 1981, 231 pp. Sobre o trasfondo político da campaña oficial en favor dunha ampla rede de Sociedades Económicas, para a afiliación e encadramento dos sectores reformistas do país nestas asociacións e a formación en torno a elas de grupos dirixentes de mentalidade reformista filo-burguesa, afíns ao poder, e sobre o papel destas institucións como condutos difusores da mentalidade ilustrada en España, ou máis exactamente, da cultura utilitaria e dirixida do Despotismo Ilustrado, vid. Jean Sarrailh: *La España Ilustrada de la segunda mitad del siglo XVIII*. Madrid, 1992, cap. IV e Cap. V. No plano mediático a máis famosa destas sociedades foi a Matritense, a cal publicaba e difundía periodicamente as *Memorias* económicas dos seus socios e correspondentes de toda España, entre eles o famoso cóengo compostelán don Pedro Antonio Sánchez, socio fundador da Sociedade compostelá e socio de mérito da Matritense (Fraguas, pp. 8-10). Vid. tamén, Lucienne Domergue: "La Real Sociedad Económica Matritense de Amigos del País y la prensa económica", en *Moneda y Crédito*, 109, 1969, 25-58. Pero no plano das realizacións materiais a máis produtiva e útil foi a de Zaragoza, sostida polos cóengos ilustrados Larrea, Pignatelli e Arteta de Monteseuro; a cal creou e sostivo cátedras de Economía Política, Matemáticas, Química e Botánica, escolas de agricultura, escolas de fiado de seda e la, e impulsou diversas obras materiais e útiles. Vid. J.F. Fornies Casal: *La Real Sociedad Económica Aragonesa de Amigos del País*. Madrid 1978, 513 pp. Vid. tamén VV.AA.: *Las Reales Sociedades Económicas de Amigos del País y su obra*. San Sebastián 1972.

APORTACIONES Á HISTORIA SOCIAL E ECONOMICA

Aínda sen ser ese o seu campo predilecto, ao igual ca outros historiadores nese momento, realizou Fraguas algunhas valiosas contribucións á historia social e económica, que acadaba gran predicamento e un importante refinamento metodolóxico a partir da década de 1970 e nos seus estremeiros. Para facer aproximacións neste terreo contaba Fraguas cunha vantaxe que non de todos os historiadores se pode predicar: a de comprender a necesidade da cuantificación e o valor dos criterios e instrumentos de medición –malia que non fose aínda cos recursos metodolóxicos da posterior historia cuantitativa, entón inexistente ou descoñecida en España–, xa que pola súa condición e formación de xeógrafo as cifras non lle eran estrañas nin repulsivas⁴.

Os traballos do autor no terreo da historia social e económica caracterízanse por prestar atención a temas de interese e de actualidade nese dominio, por acudir a fontes idóneas para o seu estudo e por sometelas a un tratamento persoal e accesible que debe máis á intuición persoal do propio autor cá influencias alleas ou a pautas metodolóxicas importadas das escolas académicas de moda no xénero, sempre de orixe anglosaxona ou francófona, e en boa medida posteriores no tempo. Os resultados de todo isto son achegas dun notable valor divulgativo e de clara eficacia expositiva, sempre atractivas –aínda sobre temas áridos– e capaces de suscitar o interese por eses ou análogos temas noutros investigadores máis novos. Mostran neste campo de estudo concomitancias e afinidades cos traballos doutro estudoso colega e amigo seu, o catedrático coruñés Antonio Meijide Pardo, a quen Fraguas cita con eloxio nalgúns deses traballos.

As feiras da Galicia rural e o intercambio económico

Como primeiro traballo nesta dirección pódese sinalar o publicado por Fraguas en 1968 sobre as feiras en Galicia; traballo realizado a partir de documentación inédita localizada no arquivo municipal



4 Na súa *Geografía de Galicia* (1953), importante obra dunhas 500 páxinas dedicada ao seu mestre Otero Pedrayo, e varias veces reeditada, fai Fraguas un detido estudo descritivo da nosa terra, no que integra a lírica da paisaxe *pedrayana* coas realidades da vida material e económica e cun plan preciso de comarcalización de Galicia, baseado na exposición dos elementos máis definitorios da paisaxe e da realidade de cada comarca. Nese plan comarcal, á Xeografía descriptiva superponse o estudo analítico da Xeografía económica con todos os rubros importantes da produción das comarcas (cereais, vide, gandaría, leite, pesca, industria, curtumes, enerxía, minaría e outros recursos naturais) vertidos a cifras estatísticas ben actualizadas para a época na que a obra foi escrita.

de Lugo, formada por dúas extensas representacións ao Consello de Castela elevadas polos deputados xerais do Reino na Corte, D. Andrés Aguiar y Montenegro (1789) e D. Antonio Jacinto Sotelo de Novoa y Armesto (1798), para a concesión e apertura de novas feiras e *mercados francos* en Galicia, e polos correspondentes informes sobre o tema transmitidos ao Consello pola Real Audiencia e polo intendente Bañuelos. O expediente deu orixe a un amplo *dossier* sobre o excesivo número de feiras xa existentes en Galicia, que se elevaban a varios centenares (da ampla relación totalízanse non menos de 76 feiras anuais, 264 feiras mensuais e 44 mercados semanais).

Entre esas innumerables feiras mensuais, a algunha como a de Codesoso se lle reservaba a denominación impresionante de *feirón*. Pero outras como a de San Fins en Mens, a de Santiago de Caroi en Montes, a do couto de Piloño en Cruces, a de Paiosaco en Caión, ou a mesma da Famelga en Cotobade, entre outras moitas, eran simples *feirolos* que nun souto ou descampado congregaban os campesiños do lugar para intercambiaren os seus produtos e trataren de vender os seus modestos excedentes de grans e fariña ou outros comestibles (queixo, manteiga, ovos, polos ou incluso pan cocido), algunha cabalaría ou cabeza de gando maior ou menor, e tamén liños e lenzos, picotes e estopas, cestos, zocas e rocas, pratos e fontes de pau, sogas, cinchas e adivais ou outros humildes produtos do artesanado rural. Tamén algúns mercados semanais, cuxa supresión nalgúns casos se propón, se celebraban fóra de poboado ou de núcleos de poboación dunha mínima entidade que xustificase a súa existencia, como ocorría cos mercados do couto de Rubiáns, de San Clemente de Cesar ou de Santo Andrés de Barrantes, entre outros varios.

En canto ao interese demostrado polos do lugar a finais do século XVIII por obterem o privilexio real de feira libre ou de mercado franco xustificábase por evitar o pagamento de arbitrios ou dereitos nas outras feiras do contorno, e asemade porque os dereitos de feira percibidos polos propios concellos servían para recadar parte das contribucións para o pago das rendas provinciais e arbitrios concellís (amén de existir outros posibles argumentos engadidos, como o de evitar as barcaxes do Ulla ou do Umia, etc. no transporte dos seus froitos e gandos). As fontes empregadas permiten ao autor reconstruír, provincia a provincia, o elenco de todas as feiras que se celebraban en Galicia, entre elas algunhas cuxa supresión se propón, máis algunhas outras que aínda non existían por eses anos e para as que se pide autorización; sempre co argumento de poder os veciños reunir o numerario para pagaren as rendas provinciais e demais tributos. Con todo cabe a dúbida

de que nesa ampla relación poida existir aínda algunha lagoa, a resolver posiblemente con axuda das *Memorias* do contemporáneo Larruga, nas que se rexistra algunha feira máis, como a famosa de Partovia na xurisdición do Carballiño, ou a tal vez menos famosa da Pobra de Navia no Suarna.



As feiras anuais ou de ano, algunhas sobresaíntes como as de Santiago, Padrón, Lugo, Mondoñedo, Verín e Partovia, eran obviamente as máis concorridas, ás que, segundo datos tomados de Larruga, adoitaban acudir os tratantes asturianos e casteláns, ou outros mercadores especializados con tendas de “quinquilleros, prateiros e mercadores de roupa”; os artesáns asturianos e cántabros con cribos, apeiros e arados, rodas ou pezas de carro; e nas que se desenvolvían os intercambios de mercado intrarrexional e interrexional. Deste modo, cuns e outros aportes, pódese extraer do seu traballo a estrutura da balanza mercantil de Galicia, froito do intercambio económico coas outras rexións peninsulares e fonte da circulación monetaria; a cal se baseaba principalmente na exportación de gandos e carnes curadas, viño e peixe salgado, dalgún millo, lenzos e estopas; e na importación de panos e baetas de Castela e Terra de Cameros, *curtidos blancos* de Terra de Campos para os apeiros das labranzas, ferro de Biscaia e de Cantabria en forma de cravazón e apeiros, útiles de ferro do occidente asturiano, viños cataláns e trigo en gran e en fariña (estes últimos máis ben

polos portos e con destino ás principais cidades ou poboacións costeiras), mentres o millo e o centeo, polo menos en anos abundantes, *bastan para el preciso consumo*⁵.

O sistema agrario tradicional a través do catastro de Padrón

O traballo dedicado á vila de Padrón e a súa terra a partir do Catastro de Ensenada é un bo exemplo do uso desta fonte para o estudo dunha vila señorial do Arcebispado de Santiago, que se anticipa moitos anos ao que nós mesmos dedicamos máis tarde á cidade de Santiago. Naquel expónse a economía mercantil da vila coas súas importantes feiras (a máis importante a da Pascua, que duraba catro días) e coa conseguinte afluencia de mercadores asturianos, cataláns ou portugueses que aportaban as súas mercadorías polo porto de Cesures e adquirían a cambio os tecidos de lenzos do país; tamén cun importante gremio do liño e da la (252 teceadores) e cun certo desenvolvemento dos oficios suntuarios (nada menos ca 10 mestres prateiros).

Pero o interese do autor desprázase axiña neste traballo á economía agraria e ao sistema agrario tradicional da comarca, co seu triple milagre do policultivo, as sobrecolleitas e o ritmo trienal das rotacións intensivas. Grazas ao policultivo o campesiño padronés –e por extensión o de toda a depresión meridiana– era quen de obter ao mesmo tempo dúas ou tres colleitas sobre o mesmo anaco de terra (millo e fabas; o un e o outro ademais de nabos ou de cabazas; ou ben, o un e o outro ademais de viñado en parras). As sobrecolleitas (o millo serodio, a ferraña ou alcacén), que se destinaban para alimento do gando, formaban a base da asociación agrícola-gandeira nesta economía rural da Galicia atlántica, de altas densidades humanas e gandeiras e de pequenos terreos de cultivo, rara vez superiores a un par de hectáreas por unidade de explotación. A alta capacidade do cultivo intensivo queda testificada polo sistema de rotacións trienais que o autor reconstrúe a partir do Catastro, no que as terras de primeira, e incluso de segunda calidade, producen seis colleitas nun ciclo completo de tres anos, con tres colleitas principais de millo, centeo e liño (este indispensable para a industria de artesanado rural dos lenzos, fundamental na economía da comarca padronesa) e noutras tantas sobrecolleitas.

A sobreexplotación do chan que este alambicado sistema de rotacións e de cultivos promiscuos impón só se fai posible grazas ao aproveitamento do inculto para a produción de fertilizantes: polo valor reconstituínte do toxo sementado, destinado á súa

5 A. FRAGUAS FRAGUAS: "Emplazamiento de ferias en Galicia a fines del siglo XVIII". *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Tomo XXIII, fasc. 70 (1968), pp. 200-223.

conversión en abono, e cuxa produción a fonte catastral rexistra segundo parcelas de primeira, segunda ou terceira calidade. Do fertilizante obtido no monte "inculto" ás sobrecolleitas para alimento do vacún: todo isto a través da cadea biolóxica do propio animal (o toxo empregado como estrume para cama do gando vacún ou transformado en esterco nos currais igualmente) e grazas ao esforzo humano incesante deste campesiñado da Galicia máis densa –e máis pobre en cabana gandeira por veciño– a causa da forte concentración das explotacións. Mercé a todo isto explícanse as altas densidades humanas da comarca padronesa (133 habitantes por quilómetro cadrado en 1787, segundo as nosas propias medicións a partir doutras fontes), e doutras varias terras desta Galicia atlántica baseada no millo e na súa asociación co vacún⁶.

Nesta mesma área de coñecemento poderíanse incluír outros traballos do autor referidos aos sistemas de reprodución social, ao grupo familiar e ás formas de transmisión do patrimonio, aos que por falta de espazo non podemos referirnos extensamente. Neles o autor aproxímase ao tema da elección de cónxuxe nunha sociedade rural homoxénea e a outros de maior interese social aínda como a formación do patrimonio familiar dos novos fogares. Na súa época de catedrático en Lugo principalmente Fraguas fixo incursións nos arquivos de protocolos notariais que lle permitiron asomarse aos contratos matrimoniais e escrituras de dote e comprender a relación íntima que nas terras lucenses existe entre o sistema de sucesión privilexiada a favor dun fillo (a *mellora*) e os importantes dotes en diñeiro, roupas, enxoval doméstico e por veces tamén en gando, que está obrigado a aportar o pai da noiva, así como

6 A. FRAGUAS: "La villa y la tierra de Padrón en el catastro de Ensenada". *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Tomo XXIX, fasc. 90 (1974-1975), pp. 250-262. Noutro traballo deses mesmos anos ocupábase Fraguas de novo do Catastro, esta volta a propósito do xuízo pexorativo do sempre inconformista frei Martín Sarmiento; quen no seu afán de defender os pobres dos excesos e gastos desmedidos ocasionados polos catastreros, rexeitaba o único intento de reforma fiscal que na España do Antigo Réxime tratou de facer contribuír tamén os poderosos e as clases rendistas; de aí o fracaso desta iniciativa ilustrada que contou sempre coa oposición frontal dos privilexiados (para Sarmiento, literalmente, o Catastro "es querer hacer pobres a los ricos" e danar a facenda eclesiástica que "es un tesoro y alivio de pobres"). Texto complementario, tomado de A. FRAGUAS FRAGUAS: "Notas del Padre Sarmiento". Traballo recollido en J.L. Pensado (Editor): *Estudios adicados a Fr. Martín Sarmiento. Artigos tirados dos Cuadernos de Estudios Galegos (1945-1982)*. Santiago, 1995, pp. 383. Anos máis tarde (anos 1990 a 1997) unha editorial madrileña puxo en marcha unha colección dedicada a publicar o Catastro de todas as cidades españolas, na colección Alcabala del Viento da que chegou a publicar polo menos 75 volumes; pola propia natureza da súa temática esta colección incide máis sobre a sociedade urbana que sobre a economía rural ou agropecuaria. O primeiro traballo sobre as cidades galegas publicouse no nº 4 desa colección: vid. A. EIRAS ROEL, "Santiago de Compostela en la época del Catastro de Ensenada". Estudo preliminar ao volume Santiago de Compostela según las Respuestas Generales del Catastro de Ensenada. Ediciones Tabapress. Madrid, 1990, pp. 7-49. Para as densidades gandeiras nas terras altas e terras baixas de toda Galicia, a partir da mesma fonte Catastral igualmente, remitimos ao noso traballo: "Concentración y condicionantes geográficos de la ganadería gallega en el siglo XVIII", *Estudios Geográficos*, 172-173, CISIC, Madrid, 1985; pp. 435-468. Sobre as relacións entre agricultura do millo e denso poboamento na Galicia Atlántica, pode verse asemade a nosa obra: *La población de Galicia, 1700-1860*. Fundación Caixa Galicia. Santiago de Compostela, 1996; 815 pp.

as obrigas que os favorecidos ou *mellorados* asumen cos pais do noivo na súa vellez. Sen embargo estes por veces espléndidos dotes lucenses –de ricos fidalgos ou de campesiños acomodados polo común– poden dar unha visión un tanto avantaxada e máis ben favorecida do benestar económico dos contraentes, que recomenda matizar os seus resultados cun estudo serial das escrituras de dote, agrupadas por conxuntos pertencentes a distintos niveis do campesiñado, e a prestar atención ás diferenzas que existen non só no espazo social e no xeográfico, senón tamén no movemento temporal da conxuntura⁷.

Da etnografía á “ethnohistoria”. A historia oral

O principio historicista, a idea que dos conceptos e crenzas do pasado subxace no inconsciente colectivo do home contemporáneo, e tal vez dunha maneira tanto máis firme canto máis simplificadas as sociedades, pode percibirse de modo aínda máis claro noutros traballos de Fraguas de contido etnográfico ou antropológico, que tratan das realidades máis elementais da vida e da morte e do máis alá. O culto ás Ánimas, o lugar preferente que ten na igrexa o altar a elas dedicado, as esmolas voluntarias e anónimas que se verten no seu cepillo recadatorio, a indefectible existencia en cada parroquia dunha confraría dedicada ao seu culto, o feito de que en cada enterro os devotos recen non só pola persoa defunta senón ao tempo polas Ánimas do Purgatorio, non só revelan a forza da solidariedade de toda a comunidade campesiña para cos que se foron, senón igualmente o arraigo a través dos séculos de crenzas antiquísimas nos Novísimos e no alén. A uniformidade dos comportamentos populares ante o feito profundo do tránsito e do alén sitúa no centro destes traballos o concepto de conciencia colectiva, ou de mentalidade colectiva, grato á historia cultural da chamada terceira xeración de *Annales*, e que esta toma á súa vez da socioloxía procedente de Emile Durkheim no tránsito do século XIX ao XX. De modo análogo o inconsciente colectivo da antiga civilización romana, ou das épocas que preceden á invasión musulmana –por non falar do mito erudito, renacentista e tardío que remonta a nostalgia aos *reyes griegos*–, puidera moi ben subxacer na imaxe poética das cidades *asugaladas* da mitoloxía popular, esas cidades desaparecidas no fondo das lagoas como vellas Atlántidas (como a cidade

7 A. FRAGUAS FRAGUAS: “O cambio familiar”. *Actas do I Congreso Internacional da Cultura Galega*. Santiago 1992, pp. 309-312. Do mesmo: “Aportación al estudio de la dote”. *LAR, Revista de la Asociación Gallega de Beneficencia y Mutualidad*, Buenos Aires, 1952, nº 224-225, pp. 63-64. Para un estudo comparativo das diferenzas do dote no espazo social (diferentes niveis do campesiñado) e en dous momentos de conxuntura económica desigual e moi contrastada, vid. a memoria de licenciatura de M.C. Burgo López: “Niveles sociales y relaciones matrimoniales en Santiago y su comarca (1640-1750) a través de las escrituras de dote”, Santiago 1981. Breve resumo da mesma en *La documentación notarial y la Historia. Actas del II Coloquio de Metodología Histórica Aplicada*. Univ. de Santiago, 1984, Vol. I, pp. 177-200.

de *Antioquía* baixo a lagoa de Antela), recludas no subconsciente da alma popular, coas súas “misteriosas campás de tanxidos lentos e distantes só percibidas polas ánimas privilexiadas”⁸.


Se aceptamos a definición estendida da Antropoloxía como a Socioloxía das sociedades simples, os puntos de contacto desta disciplina coa Historia sociocultural dos nosos días son múltiples e as súas fronteiras difíciles de definir, xa que dende Braudel, de quen os seus diálogos con Gurvich constitúen lectura obrigada de todo historiador, a Socioloxía é unha das novas e actuais “ciencias auxiliares” da Historia. Por outra parte, ao integrar entre os seus temas predilectos de análise o estudo da vida e da sociedade rural –cousa que en Galicia só se produce sistematicamente no horizonte dos anos 1970 e de aí en diante– a Historia desborda o marco complexo dos comportamentos elitistas da Historia política para ocuparse de preferencia nos comportamentos mentais e sociais das sociedades simples, na dirección dunha historia antropolóxica ou *ethnohistoria*. Deste xeito corresponden tamén ao dominio do histórico –por tanto ao novo territorio do historiador– obxectos de estudo nos que Fraguas se anticipou anos antes pola vía do método etnográfico e da historia oral, sobre aspectos comúns como poden ser os que se refiren ás regras que rexen a equiparación de status na elección de consorte, a composición do núcleo doméstico e os cambios na estrutura familiar, ou que teñen que ver coa función do dote e coa diversidade das normas consuetudinarias de transmisión do patrimonio familiar e coas formas de sucesión privilexiada do *patrucio* e da *mellora*, esas prácticas consuetudinarias, por veces non escritas, que na Galicia rural lograron superpoñerse por riba do Código Civil, como unha vitoria diferida do paisano galego sobre o espírito uniformador dos códigos napoleónicos⁹.

No principio está por suposto o método etnográfico. Coa mesma precisión do arqueólogo da cultura material, e tomando por

8 A. FRAGUAS FRAGUAS: “O culto aos mortos”. En *Nós*, Suplemº nº 1, 1932. Recollido tamén en: *Galicia máxica*. Santiago, 1992, pp. 39-49. Do mesmo: “El culto a las ánimas en Loureiro de Cotobade”. En *Gallaecia*, nº 9-10, 1987, pp. 271-278. O substrato historicista de Fraguas revélase igualmente ao referirse aos milagres do Camiño de Santiago (os de Santo Domingo de la Calzada, San Juan de Ortega, Pontes de Gatín, A Fonsagrada, O Cebreiro, etc.), cando afirma que penetrando no sentido dalgún deses milagres *llegamos al pensamiento del caminante de hoy*. Nese contexto, o milagre do Cebreiro sería *el Santo Grial de Galicia*. Vid. o seu traballo “Leyendas y tradiciones del Camino de Santiago”. En *Congreso de Reales Sociedades Económicas de Amigos del País*, Santiago de Compostela, 1995, pág. 199 y ss. Sobre a cidade *asugalada de Antioquía* na Limia, sede dun culto pagán anterior ao actual santuario cristianizado no século IV, vid. “Santa Mariña de Augas Santas”. En *Romarías e Santuarios*, Vigo, 1989, pp. 241-244.

9 Fernand BRAUDEL: *Écrits sur l'Histoire*. París, Flammarion, 1969. (Vid. en particular “Histoire et Sociologie”). Do mesmo: *La Historia y las Ciencias Sociales*. Madrid, Alianza, 1968. Georges GURVICH: *Dialéctica y Sociología*. Madrid, Alianza, 1969. (Vid. en particular “Dialéctica entre Sociología e Historia”). Sobre o xiro antropológico e a *ethnohistoria* da chamada terceira xeración de *Annales*, vid. Peter BURKE: *La revolución historiográfica francesa. La Escuela de los Annales, 1929-1989*. Barcelona, 1996; pp. 80-86.

base a tradición oral, Fraguas recolle, encadra e explora esa arqueoloxía da alma que son as supersticións e representacións mentais en torno á vida e á morte, aos ritos do enlace nupcial e do cortexo prenupcial; ás concepcións, xestión e crianza do fillo; ás fórmulas rituais da fecundidade e do bo nacemento; os ritos funerarios, as prácticas sinxelas da medicina tradicional, os ritos e prescricións de “medicina máxica” que se deben respectar ou que non se deben transgredir para obter a curación das enfermidades de nenos e adultos, e todo o contexto das mentalidades populares que veñen da noite dos tempos, e que tanto no noso país como noutros de Europa constitúen para Peter Laslett *el mundo que hemos perdido*¹⁰.



En toda esa parte da obra de Fraguas e na súa incesante acumulación de ritos, costumes, cancións, lendas ou tradicións, destaca o traballo do etnógrafo de campo. Pero tamén soubo valerse de fontes escritas, xa sexa impresas ou de arquivo, como as Sinodais de Tui, os libros parroquiais de Visitas e Fábricas de Santiago de Loureiro e de Santa María de Xanza, e dalgúns procesos de bruxería (“meigas” e “feiticeiras” máis ben que verdadeiras “bruxas”) conservados no Arquivo do Reino de Galicia, entre outros exemplos. O que acredita que, e como xa queda sinalado a propósito doutros traballos seus como o da rede das feiras en Galicia, ao lado das fontes etnográficas e da historia oral, en Fraguas deuse tamén – nos seus anos de catedrático en Lugo, sobre todo– un importante labor de arquivo e de investigador do documento escrito¹¹.

10 A. FRAGUAS FRAGUAS: *La Galicia insólita. Tradiciones gallegas*. A Coruña, 1973, 231 pp. Como un presuroso coñecedor da Galicia rural e das súas xentes, recolle nesta obra usos e costumes, supersticións, lendas e tradicións, algunhas xa esquecidas e outras aínda en uso. Con toda xustiza, un dos seus máis conspicuos discípulos destaca o labor científico de Fraguas de recuperar a cultura popular de Galicia pola vía da memoria oral, a etnografía e o folclore. Así por exemplo, no seu libro *Aportacións ó cancionero de Cotovade* “publica 992 cantigas recollidas directamente do pobo na súa terra natal de Cotobade”. “Un dos seus obxectivos primordiais foi a recompilación de materiais antes de que desaparecesen, actuando o mesmo cós historiadores documentalistas que poñen testemuños ao servizo da comunidade científica”. Segundo o autor citado, “de 68 escritos de D. Antonio –a recompilación non pretende ter sido exhaustiva– 32 teñen relación directa coa Etnografía-Folclore”. En case todos “reflicítese esa inquietude de salva-los datos antes de que vaian desaparecendo”. Xosé Manuel GONZÁLEZ REBOREDO: “Presentación da Homenaxe rendida a D. Antonio Fraguas no Simposio Medicina popular e Antropoloxía da Saúde” (Santiago 1995).

11 Sobre a festa popular e para a recollida de costumes ou cancións, Fraguas utiliza de preferencia, aínda que non exclusivamente, a fonte directa da tradición oral, recollida persoalmente a través dos moitos curas párrocos, mestres rurais e outros notables locais que foron os seus corresponsais. Tamén se vale en ocasións das fontes impresas do cancionero, como Pero Meogo,

Da “ethnohistoria” á historia das mentalidades. A festa

Aínda que dende un punto de vista máis antropolóxico e intemporal ca contextualizado nun momento histórico concreto, os traballos de Fraguas sobre o folclore e a festa popular en Galicia anticipan igualmente outros desenvolvementos posteriores da moderna historia das mentalidades. O mesmo ca no culto aos mortos, as formas e xestos perpetuados no folclore asociado á festa (ditos, refráns, cantigas e coplas, os bailes e todo o que expresa o ambiente festivo) fan o papel de documentos fósiles de actitudes mentais incubadas ao longo de moitos séculos. En toda Europa a festa –carnavalesca ou non– é considerada unha exaltación liberadora dos impulsos profundos do home, que neses momentos episódicos de relaxación e disfrute revive na conciencia colectiva os atavismos dunha sociedade primitiva e máis libre, anterior ás coercións do señorío feudal e da lei civil ou eclesiástica do Estado e da Igrexa tridentina, sempre vixilante da comunidade aldeá. As festas patronais do outono, que se celebran unha vez concluídas as faenas da recolección, son sobre todo un rito social de excepcional forza integradora que expresa a solidariedade entre os veciños da aldea e expande ademais a sociabilidade sobre as aldeas do contorno¹².

Das dúas modalidades tradicionais dos festexos públicos, na historiografía de finais do século XX o tema da festa popular foi en boa medida marxinado ou lateralizado en beneficio da cerimonia pública, que importaba máis aos homes do poder. A cerimonia pública concíbese como un instrumento de control político e de adoutrinamento das masas, que os poderes públicos organizan ritual e deliberadamente en todas as ocasións solemnes que afectan ao poder nos seus varios niveis: exequias de reis e de personaxes da familia real, proclamacións reais ou de príncipes herdeiros, matrimonios reais e nacementos de príncipes, vitorias sobre exér-

Arias Nunes, Martín Codax, ou outros xograres dos séculos XII ao XV. Pero no que se refire a milagres, santuarios e devocións, válese con frecuencia de fontes indirectas antigas e modernas, tomadas de autores como o Padre Villafañe, frei Samuel Eiján, Eladio Oviedo y Arce, Antonio Rodríguez Fraiz, ou o bispo Lago González, entre outros eclesiásticos e non eclesiásticos. Vid. A. FRAGUAS: *Romarías e Santuarios*. Vigo, Galaxia, 1988, 373 pp. Nos seus traballos xa citados sobre o culto ás ánimas, ao lado da tradición oral, válese igualmente da documentación escrita das visitas pastorais e dos libros de confrarías e fábricas. Para unha actualización do tema cunha análise das diferenzas por diocese, sobre ese mesmo xénero de fontes máis a achega serial de gran número de testamentos para o estudo das mandas testamentarias e memorias de misas, remitimos aos numerosos traballos do seu máis acreditado especialista actual, Domingo GONZÁLEZ LOPO, en particular á tese: *Las mentalidades religiosas de Antiguo Régimen en la Galicia occidental*, Tesis Doctoral, Univ. de Santiago 2001, 3 vols. Hai edición impresa do primeiro volume, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2003.


12 A. FRAGUAS FRAGUAS: *A festa popular en Galicia*. Publicacións do Seminario de Estudos Galegos, 1995. pp. 69-85. En Francia, ao igual ca en Galicia, a festa considérase unha exaltación e culminación da sociabilidade rural, que por un momento integra na comunidade campesiña todos os habitantes do distrito. “La fiesta popular que se celebra a fecha fija del año reúne a muchedumbres llegadas de las parroquias del contorno en un ambiente de extraordinaria libertad de gesto y de palabra”. Robert MANDROU: *Introduction à la France moderne. Essai de psychologie historique*. Paris 1961 (2ª ed. 1974), p. 182; *ibid.* pp. 185-187.

Antonio Fraguas Fraguas

ritos inimigos ou celebración das paces, eleccións papais, entradas públicas de arcebispos ou bispos, e todas as ocasións sinaladas que podían servir para contribuír a formar a opinión pública e para consolidar os sentimentos de fidelidade cara ao soberano ausente ou para reforzar a autoridade dos poderes intermedios e presentes. É por outra parte un asunto máis urbano do que rural, que ten por escenario natural a cidade, onde congrega os seus numerosos habitantes e como espectáculo privilexiado pode atraer ademais a ruralía do contorno próximo¹³.

A festa popular en Galicia

Desas dúas modalidades de festexo, Fraguas ocúpase unicamente da festa popular, que é por antonomasia a festa campesiña, co seu cortexo ritual de reunións semanais ou asembleas xuvenís do tempo de inverno (as *fiás* ou *fiadeiros*, *palilladas* e *muiñadas*, que reúnen os mozos e mozas do lugar cada fin de semana), as cales se desenvolven dende o final do Advento ata o comezo da Coresma; e as festas de traballo, asociadas á ledicia da recolección e da colleita (as *mallas*, as *esfolladas*, os *magostos*), da vendima e das segas (sexa da herba ou do centeo), que se desenvolven ao final do verán e por todo o outono. O ritmo anual das festas de traballo declamaba aos rústicos a égloga do curso das estacións na vida campesiña, a xeórxica do ritmo dos labores do campo, a épica do esforzo do labrego e da muller galega. Entre o Advento e a Coresma –os dous tempos penitenciais da tradición litúrxica– celebrábanse tamén a maior parte das festas *do casamento* ou festas de voda¹⁴.



13 Vid. Carmelo LISÓN TOLOSANA: La imagen del rey. Monarquía, realeza y poder ritual en la Casa de los Austrias. Madrid, Espasa, 1991. (Este autor estuda as cerimonias públicas nos dominios periféricos da Monarquía como medios de exaltación do poder soberano e vehículos de prestación de fidelidades ao servizo do rei ausente). Roberto J. LÓPEZ: Ceremonia y poder en Galicia a finales del Antiguo Régimen, 1700-1833. USC, Santiago 1995. Do mesmo, "La imagen del rey y de la monarquía en las relaciones y sermones de las ceremonias públicas gallegas en el Antiguo Régimen". En M. Núñez (Coordinador): El rostro y el discurso de la fiesta. USC, Santiago 1994, 197-222.

14 Sobre os *fiadeiros* e *palilladas* –estas no arco de costa de Malpica e Camariñas a Muros e Noia– e en relación coas disposicións canónicas sobre as festas improvisadas "con motivo de hiladas de lana y lino", vid. *A festa popular en Galicia*, pp. 87-90 y 116-118. A través da documentación parroquial e das visitas pastorais e os seus mandatos, documéntanse as ordes e prohibicións dos bispos para que os *fiadeiros* e *muiñadas*, que congregaban os mozos os sábados nas longas noites de inverno, non se celebrasen despois do toque de oración. Vid. tamén "Fiestas populares en Galicia. Fiadeiros", en *Galicia Máxica*, Santiago 1992, pp. 67-70. Na católica Lorena igualmente a autoridade diocesana manifestaba a súa oposición ás reunións nocturnas nas que os mozos se reunían para cantar e bailar, e o mesmo ocorría sen dúbida noutras rexións da Europa católica. En Lorena, como noutras rexións de Francia, subsistían tamén costumes e festas comúns, como a do *árbol de mayo*. A distinción de enarborar un "maio" no campo da feira ou ás portas da igrexa constituía un honor que se disputaban os mozos da aldea. Guy CABOURDIN: *Terre et hommes en Lorraine, 1550-1635*. Univ. de Nancy 1977, vol. II, pp. 706-708.

Para o historiador ruralista as que teñen un contido máis significativo son tal vez as festas *do casamento*. Por baixo da súa alegría ocasional, os cantos de voda e os bailes asociados ao rito da fundación da familia transcenden un contido dramático sobre o *sacramento da miseria* e deixan translucir a *privación da alegría* polas estreiteces da vida campesiña que esperan á nova familia-unidade de produción. Ese simbolismo vai asociado aos cantos e bailes de *regueifa*, cuxo protagonista é o pan e o reparto coidadoso por parte da nova esposa dunha peza de pan. A noiva debe bailar co noivo sostendo o molete de pan na cabeza, símbolo do papel fundamental que a futura esposa asume no *control* dos medios de subsistencia da precaria economía campesiña. Nos cantos de *regueifa* verbalízanse tamén as responsabilidades do futuro esposo, porque *todo o que se casa ten que manter a muller* e se lle recorda ao home que *pra lles apracer ás mozas non é dabondo cantar*, senón que *o que ás rapazas lles cómpre é un que saiba traballar*. Esas floracións simbólicas da angustia vital, así ludicamente expresadas, valen por todo un curso de historia rural e anticipan os resultados penosamente obtidos de toda unha investigación cuantitativa sobre testamentos e dotes, foros e arrendos, obrigas-préstamo, vendas de terras ou inventarios post-mortem, dos que o historiador comunmente se vale para cuantificar as necesidades e as precariedades das modestas economías campesiñas¹⁵.



A regueifa (arquivo MPG)

Agás poucas excepcións, a festa popular é o dominio da confraternidade e a ledicia. Pero aínda que en ton festivo e alegre, as festas de Nadal –aguinaldos, *panxoliñas*– encerraban tamén unha expresión larvada ou atenuada do enfrontamento entre clases de idade e da oposición subliminar entre xeracións, que deriva nunha forma pacífica de extorsión ritualizada no canto, utilizando como forma suave de presión e de persuasión á dádiva a vía da adulación e a emulación entre os veciños. Os mozos que cantan de xira pola aldea apelan á folgura económica dos señores da casa, á súa esplendidez na remuneración dos cantantes; os cantos non se privan de suxerir cantidades en diñeiro, e *se non nos han de dar cartos, déanos ovos e chourizos*. Ao marchar, se poden, afanan donosamente algún

15 A. FRAGUAS FRAGUAS: *A festa popular en Galicia*. Publicacións do Seminario de Estudos Galegos. Santiago, 1995. pp. 69-85.

chourizo ou anaco de xamón. A asociación por grupos de idade proséguese logo na invitación a outros mozos á festa que celebran coas recadacións; e nalgún caso (Tomonde, Cerdedo) son incluso os nenos os que organizan as comidas coa recadación dos aguinaldos, invitando a cociñar ás nenas¹⁶.

En toda Europa as sociedades de mozos actúan como xuíces instrutores e á vez como executores en todos os *ritos de control social* ou de xustiza popular, de contido carnavalesco ou similar. Pero esta expresión consentida das diferenzas xeracionais nas festas do Nadal galego é case imperceptible, é ben entendida como farsa e faise co beneplácito de toda a comunidade, diluída no excipiente doce da alegría xeneralizada. O único rito de xustiza de popular que aquí comporta algunha agresividade sonora e contumelia verbal coas súas *coplas de escarnio e maldicir* é a cencerrada, antecedente da moderna cacerolada, que estrepitosamente, e xeralmente por varias noites consecutivas, sometía á mofa e á vergoña pública a morada dos matrimonios ofensivamente desiguais en idade e fortuna; práctica esta nada particular de Galicia, senón coñecida en toda Europa baixo o nome francés de *charivari*. Na cencerrada podía producirse novamente a mesma instrumentalización funcional que nos aguinaldos en beneficio da sociedade de mozos: o matrimonio desigual podía librarse do escarnio público a cambio do diñeiro suficiente para que os mozos celebrasen unha festa abundosa¹⁷.

A FESTA COMO LIBERDADE CONSENTIDA. O ENTROIDO

A moderna historiografía culturalista remarca o carácter de transgresión ritualizada, calculada e consentida da orde social e

16 Sobre os aguinaldos como forma pacífica e festiva de extorsión ritualizada pola xuventude, vid. A. FRAGUAS FRAGUAS: "Contribución al estudio de la Navidad en Galicia. Nadales, Aninivos, Xaneiras y Reyes". *Revista de Dialectología e Tradiciones Populares*, III, 1946, 435-457. Recogido en: *Carnaval e outras festas*. Santiago de Compostela, 1992. Estas festas dos aguinaldos fan pensar nunha versión informal das sociedades de novos actuantes en varias rexións de Francia antes da Revolución, en prácticas como as do *Aguilanneuf* polo Ano Novo ou a Epifanía e no costume dos mozos empregaren o diñeiro recadado dos aguinaldos en bebidas e enchentas. Cfr. Robert MANDROU: *Introduction à la France moderne. Essai de psychologie historique*. Paris 1961 (2ª ed. 1974), p. 187.

17 Sobre as cencerradas ou *cinzarradas*, vid. A. FRAGUAS FRAGUAS: *A Festa Popular en Galicia*, Santiago 1995, pp. 63-67. Sobre o emprego coactivo da cencerrada nun contexto social diferente (A Ríoxa), vid. Pedro LORENZO CADARSO: *Los conflictos populares en Castilla (siglos XVI-XVII)*. Siglo XXI. Madrid, 1996. Asociado ás sociedades de mozos, o *charivari* ou cencerrada está presente nos estudos sobre a cultura popular campesiña en todas as rexións de Francia. Vid. como exemplos, entre outros traballos históricos, os de Emmanuel Le Roy Ladurie sobre o Languedoc (1965) e de Jean Jacquart sobre Île-de-France (1974), ou o de Cabourdin sobre a vida cotiá en Lorena. Guy CABOURDIN: *La vie quotidienne en Lorraine, XVIIe. et XVIIIe. siècles*. Paris, Hachette, 1984, pp. 241-245. Sobre o *charivari* tamén, Robert MANDROU: *Introduction à la France moderne. Essai de psychologie historique*. Paris 1961 (2ª ed. 1974), pp. 181-184. Sobre outros exemplos do *charivari* en Inglaterra e en países de toda Europa, vid. Peter BURKE: *La cultura popular en la Europa Moderna*. Madrid, Alianza Ed., 1991. Este historiador subliña que, ademais de ofrecer diversión aos mozos, o *charivari* tiña tamén "una función de control social, "ya que era el modo por el que una comunidad, villa o parroquia urbana expresaban su hostilidad contra los individuos que rompían las normas, abriendo grietas en la costumbre tradicional" (Peter Burke).

das normas establecidas que o Entroido ten en toda Europa, e de modo máis acentuado quizais na Europa católica: o entroido como protesta institucionalizada a modo de aliviadoiro ou válvula de escape para dar saída ás tensións e desigualdades sociais; e como inversión momentánea da estrutura de poder, na que pola vía da farsa o pobre ocupa o papel do rico, o criado ocupa o papel do amo, o xusticiable interpreta o papel do xuíz ou o iletrado representa o papel do letrado que explica un libro, pronuncia un sermón ou dita unha sentenza (Peter Burke, 1991). Nunha sociedade tradicional estritamente xerarquizada e sometida a un forte control social, como era a sociedade estamental de séculos pasados, a transgresión festiva da norma tolerada por uns días e a inversión figurada da orde establecida constituía a evacuación dunha necesidade psicolóxica, a liberación do rancor incubado, o alivio das tensións subconscientes e a preparación para o retorno á orde común tralas cerimoniais do enterro do entroido. A protesta social contida vehiculábase por isto a través da festa e da algarada, das coplas satíricas, das alusións picarescas ou de dobre sentido e do disfrace. De aí os disfraces de cambio de sexo –¿tan frecuentes en Galicia como noutros contextos europeos?– ou as parodias de cambio de función: o antigo recruta de infantaría que cabalga vestido de xeneral, o iletrado que finxe ler un libro de leis e ditar sentenzas como un xuíz, ou redactar e escribir un testamento en funcións de notario (como en Casadenaia), o laico predicando en público, confesando ou celebrando un matrimonio en funcións de crego (como en Touro).

A transgresión dos códigos da moral canónica establecida e dos criterios de autoridade representados pola Igrexa tridentina está presente igualmente na farsa do entroido en forma de coplas máis ou menos picarescas, nos xestos de inversión de ler un libro volto do revés, na ficción burlesca do figurante que pronuncia o sermón do *frade*, na escenificación satírica do matrimonio canónico ritual e indisoluble, ou no enfrontamento dialéctico entre clérigos e demos, estes que entorpecen ou impiden a actuación dos primeiros. Os disfraces de demos e as súas liortas verbais cos clérigos son moeda común no entroido galego e doutros contextos. Fraguas anota por riba a pervivencia –igualmente historicista– do pasado na farsa dalgúns lugares (Touro, a Ulla): os substratos máis persistentes son aquí os *mouros* e as guerras carlistas. A farsa escenifica o encontro dialéctico entre o lanceiro mouro e o vixía cristián, ou ben entre faccións de isabelinos e carlistas (*Quien vive? – España*). Neste último contexto, a preferencia dos figurantes por montar a cabalo e polos uniformes de xenerais evoca unha subli-



"Xeneral" de Santa Cruz de Rivadulla
(col. Fraguas, MPG)

mación ou inversión subliminar da decimonónica lei de quintas e do vituperado servizo militar obrigatorio¹⁸.

Moi en consonancia coa súa propia personalidade e carácter, Fraguas en certo modo minimiza, aínda que non elude, o que o entroido pode ter de forma institucionalizada de conflito e prefire resaltar o que o entroido ten sobre todo de festa popular, de convivio, de alegría e de manifestación lúdica da sociabilidade campestre, en definitiva de forma escenificada e festiva de expresar a solidariedade interna da comunidade. Esta última é sempre a súa interpretación privilexiada. A rolda dos *entroidos* celébrase dentro do núcleo parroquial, aínda que nalgúns lugares se aproveita para congregarse as freguesías do contorno e para abrir unha canle pacífica de expresión á emulación ou rivalidade con outras parroquias. Ao igual ca noutras xornadas festivas da aldea, reúne as persoas de amizade en comidas e bailes; como en toda Europa, o entroido supón un consumo copioso de comida e bebida, en particular de carne de porco. O consumo amplo de carne de porco durante as festas do Entroido era real e ao mesmo tempo simbólico: o porco, símbolo recoñecido da carnalidade e a lascivia, formaba parte da simboloxía profunda desa denuncia festiva e satirización cíclica dirixida contra a autocensura e as represións da conduta. A farsa da matanza do porco como punto final do entroido na parroquia de Loxo (Touro) pode suplir aquí a escenificación medieval do xuízo de “Don Carnal” e a súa execución na fogueira; o mesmo que noutros lugares se decapitaba un porco ou en Madrid se enterraba unha sardiña con honores de funeral¹⁹.

Non existen en cambio nas visións do noso autor –ou non se coñecen en Galicia– situacións de tensión nas que a exaltación carnavalesca, o disfrace e a máscara se empreguen como armas de loita de clases, á maneira do célebre entroido de Romans de 1580, ou de axuste de contas entre particulares, como podía darse no entroido de Venecia, ou no de Sevilla (Blanco White), ou nos *Orfeos negros* doutros contextos máis recentes. Pero en todo caso, e ao igual ca neses outros contextos, no entroido galego a farsa e a máscara subtraen igualmente ao individuo e ao grupo social do seu rol individual ordinario e de súa cotidianeidade para introducilo

18 “Farsas de Carnaval en Touro (Coruña)”. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Tomo VI, fasc. 20 (1951), 431-441. Sobre outros exemplos en países católicos, vid. Peter BURKE: *La cultura popular en la Europa Moderna*. Madrid, Alianza Ed., 1991.

19 A farsa da matanza na aldea de Loxo, no traballo sobre o entroido en Touro (1951) arriba citado. Sobre o entroido como sinónimo de fartura e gordura, e sobre o consumo de viño e de carne de porco no entroido galego, vid. o traballo: “Máscaras y sermones de carnaval en Cotobade”. *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, II, 1946, 435-437. O mesmo tema, na rev. *Nós*, Ano XII, nº 77, 1930, pp. 84-94. A redacción ante notario do testamento do *señor Entroido*, no traballo: “A farsa de Casadenaia en Antas de Ulla”. *Boletín de la Real Academia Gallega*, XXVII, 1956, 431-441. Os tres traballos, recollidos na publicación: Antonio FRAGUAS FRAGUAS, *Alicerces. Do Entroido*. Museo do Pobo Galego. Santiago, 1994. Outros exemplos foráneos, en Julio CARO BAROJA: *El Carnaval. Análisis histórico-cultural*. Madrid, Taurus, 1965.

en papeis ou oficios que dalgunha maneira invertan ou subvertan a xerarquía social e a realidade vivida. Un símbolo expresivo disto último, a inversión do sistema ordinario de relación social, pode verse no sermón do entroido da parroquia de Loureiro (Cotobade), onde un mozo disfrazado recitaba o sermón montado nun burro e cabalgando ao revés, simboloxía que pode encontrarse tamén noutros países mediterráneos asociada ao ritual de inversión do entroido ou transferida a outros ritos de control social²⁰.

O que nos parece máis significativo nun ensaio de psicoloxía colectiva é, tanto na visión que Fraguas nos transmitiu como na realidade ordinaria, ata onde a coñecemos, a farsa do carnaval galego remata bucolicamente e sen sobresaltos, remarcando o seu aspecto fundamental de espectáculo lúdico, de xúbilo e de festa popular, de modo que *nadie se asuste por-o que vamos cantar, que é cousa de alegría por estar no carnaval*.

Todo o exposto debe bastar para resaltar as achegas de Fraguas a unha temática actualizada polas novas correntes da Historia antropolóxica, e as moitas luces que os historiadores que traballan nesa liña poden recibir dos materiais empíricos por el reunidos nun aporte insubstituíble hoxe por hoxe. Como en ningún outro xénero nin lugar, tampouco aquí deberían inducir á tentación de dalo todo por xa coñecido. As similitudes e afinidades que aquí quedan establecidas entre a metodoloxía e liñas de interese da nova Historia das mentalidades colectivas e as dun autor formado en canto historiador décadas antes de que aquela se definise e cobrara corpo –con todas as innumerables achegas e ensanchamentos do anteollo e do territorio do historiador que trouxo de ultraportos a chamada revolución historiográfica da segunda metade do século XX–, non deben entenderse como unha invitación a afastar como innecesarios a Philippe Ariès, a Robert Mandrou ou a Michel Vovelle, o que sería unha conclusión reducionista. Pero si deben valer, na nosa propia interpretación, como un recoñecemento da penetración do pasado, a fina intuición e a capacidade de albiscar novos horizontes desenvolvidos ao longo da súa vida de investigador por un historiador laborioso e prolífico, de orixe tan humilde como a do que subscribe, e ao que igualmente lle tocou en sorte realizar a súa formación universitaria fóra dos grandes centros europeos do seu século, nos que a revolución metodolóxica se iría forxando por aqueles anos ou máis tarde, e ao carón de mestres de alcance moito máis limitado có seu ou o dos especialistas senlleiros que aquí se quixeron traer a colación como termos de referencia universal.

20 Na revolta urbana de Nápoles en 1585 o linchamento dun funcionario impopular, o Electo Starace enriquecido na especulación sobre os grans, foi precedido dunha procesión burlesca, levado polas rúas “cabalgando de espaldas y con la cabeza descubierta”, segundo os ritos carnavalescos e do *charivari*. E.P. THOMPSON: *Tradición, revuelta y conciencia de clase. Estudios sobre la crisis de la sociedad preindustrial*. Barcelona, 1979.

*A obra
xeográfica de
Don Antonio Fraguas*



Luís Guitián Rivera



Aínda que as investigacións de Antonio Fraguas amosan unha clara preferencia polas disciplinas de carácter histórico, como a propia historia, a etnografía, a historia da arte, etc., dedicou unha parte dos seus escritos e as súas inquiredanzas intelectuais a temas literarios, lingüísticos, ou xeográficos, en todos os casos tendo a Galicia como obxectivo central do seu traballo.

No que se refire á obra xeográfica, obxecto da nosa reflexión, redúcese formalmente a dous opúsculos de xuventude de carácter descritivo e etnográfico sobre *As Rías* e *As terras de media montaña de Cotobade*, respectivamente, escritos a finais dos anos vinte no marco do Seminario de Estudos Galegos, e que nunca foron publicados; á *Geografía de Galicia* de 1953, sobre a que trataremos máis adiante; ao capítulo introdutorio dunha *Historia de Galicia* publicada no ano 1980, titulado *Galicia. A terra e o mar*, breve descrición do territorio galego, o seu clima e os seus recursos básicos; e ao traballo que titulou *Geografía de un lugar*, do volume que o Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago elaborou en homenaxe a Otero Pedrayo, do que tamén falaremos posteriormente.



Saída ao campo cos seus alumnos da Estrada (a. 1936)

Aínda sen ter un contido estritamente xeográfico certos traballos do autor fan referencia a cuestións relacionadas con esta disciplina, como ocorre cos dedicados a comentar a obra xeográfica de Otero Pedrayo, o mapa de Domingo Fontán, ou o primeiro mapa en relevo de Galicia elaborado por Isidro Parga Pondal. Outros, de temas moi variados, sen perder a relación coa xeografía, teñen xa un claro carácter histórico, como os que se refiren aos colaboradores galegos de Madoz, á Terra de Santiago ou de Padrón no século XVIII segundo o Catastro de Ensenada, ou mesmo o titulado *A repoboación forestal dende a Edade Media* (por un erro titulada *Pasado, presente y futuro del castaño*), que constitúe unha curiosa aportación á historia da paisaxe forestal galega.

A obra xeográfica fundamental de Antonio Fraguas é a xa citada *Geografía de Galicia* publicada en Santiago en 1953.

Trátase dun manual de xeografía de Galicia escrito *con la única pretensión de informar al lector de los principales problemas de nuestra tierra*, como o propio autor manifesta no prólogo do libro, o que, por outra parte, evidencia a súa clara vocación docente.

Non sendo unha obra de investigación, recolle e reelabora informacións procedente doutros autores. Cando se publica o libro eran xa coñecidos os principios traballos xeográficos de Otero Pedrayo –*Síntesis xeográfica de Galicia, Paisajes y problemas geográficos de Galicia, Problemas de xeografía galega. Notas encol das formas de poboación labrega*– e existían xa dúas edicións da súa *Guía de Galicia*. Vén isto ao caso porque foron os traballos de Otero Pedrayo, “amigo e mestre” de Fraguas –a quen lle dedica o libro con esas mesmas palabras–, os que serviron de base á *Geografía de Galicia* como queda en evidencia en moitos textos do manual.

A pesar de ser esencialmente descritiva, a *Geografía de Galicia* de Fraguas incorpora elementos analíticos e explicativos novidosos no seu momento en Galicia grazas á utilización dunha bibliografía especializada. Fronte aos traballos de Otero Pedrayo, cheos de ideas e aportacións propias e orixinais, a *Geografía* de Fraguas constitúe unha síntese de publicacións anteriores e neste aspecto ten o mérito de introducir na xeografía galega moitos artigos de revistas científicas ou libros editados fóra de Galicia que facían referencia ao noso territorio. Xunto ás obras de Otero Pedrayo e outras clásicas como a *Geografía de Galicia* de Carreras Candi ou a *Síntesis fisiográfica y geológica de España* de Hernández Pacheco, utiliza os traballos de W. Carlé sobre as Rías Baixas (1948), de L. García Sainz sobre as formacións loesico-fluviais (1946), de J.M. Casas Torres sobre xeografía humana da ría de Muros e Noia (1943), ou de Niemeier sobre os tipos de poboación rural en Galicia (1945), e o de Dantín Cereceda dedicado á tectónica do macizo galaico, todos eles publicados na revista *Estudios Geográficos*, nese momento a revista guía da xeografía española. Así mesmo recolle moitas das axeitadas contribucións de Dantín Cereceda no seu libro *Las regiones naturales de España* tanto nos aspectos xerais do relevo, o clima ou a vexetación como no apartado das comarcas naturais.

Pero a *Geografía* de Fraguas non carece tampouco de aportacións orixinais e de interese. Ocorre, por exemplo, coa incorporación ao manual de conceptos tradicionais do mundo rural galego, como a propia concepción das “terras de montaña” definidas



tanto en virtude de criterios de carácter físico –altitudinais sobre todo– como socioeconómicos –illamento, relación coas comarcas veciñas, etc.– hoxe aceptados universalmente; ou o papel que lle outorga ao traballo da muller no mantemento do sistema agrario e da economía galega en xeral.

En calquera caso, no texto que comentamos pode apreciarse que na década de 1950, don Antonio Fraguas tíñase decantado xa cara a outras disciplinas históricas pois, na nosa opinión, as páxinas máis persoais e mellor conseguidas do libro refírense a cuestións antropolóxicas, etnográficas ou artísticas, como ocorre cos capítulos dedicados aos regos, á xente, ou á casa, o forno e o muíño.



Simposio de Xeografía en homenaxe a Otero Pedrayo (1989). De esquerda a dereita, Fraguas, María Pilar Torres, Ríu Barja e Lorenzo.

Algo semellante ao referido no parágrafo anterior en relación coa *Geografía de Galicia* podería aplicarse ao traballo de 1978 xa citado anteriormente, titulado *Geografía de un lugar*, no que o autor describe minuciosamente a casa e as dependencias, e as prácticas agrícolas e gandeiras da parroquia de Loureiro en Cotobade (Pontevedra), lugar no que nacera en 1905 e no que viviu a súa infancia. Neste senso, constitúe unha singular testemuña do mundo rural tradicional e das

súas transformacións das que foi coñecedor privilexiado.

En síntese, a obra xeográfica de don Antonio Fraguas constitúe unha pequena parte da súa produción bibliográfica. Trátase dunha obra de divulgación, de carácter esencialmente descritivo e de recompilación bibliográfica, aínda que incorpora aportacións orixinais, sobre todo cando toca aspectos etnográficos. Don Antonio non quixo nunca negar a influencia de Otero Pedrayo no seu traballo, o que de feito constitúe unha constante no texto da *Geografía de Galicia*; pero sobre todas as cousas, a obra xeográfica de don Antonio Fraguas transmite unha inmensa paixón pola súa terra, que se manifesta de forma explícita pero tamén implicitamente en apreciacións ou valoracións das paisaxes, os recursos ou as formas de vida características de Galicia.

BIBLIOGRAFÍA

- FRAGUA FRAGUAS, A. (1950): *Geografía de Galicia*, Santiago, Porto y Cia., 1953
 (1929?): *As Rías*, Seminario de Estudos Galegos, Inédito
 (1930?): *As terras de media montaña de Cotobade*, Seminario de Estudos Galegos, Inédito
 (1950): “Colaboradores gallegos de Madoz”, *Museo de Pontevedra*, t. 5, pp. 173-174
 (1956): “Un mapa de relieve en Galicia”, *Estudios Geográficos*, nº 62, pp. 85-87
 (1958): “Paisaxe e historia nas conversas de D. Ramón Otero Pedrayo”, en *Ramón Otero Pedrayo: a súa vida e a súa obra*, Caracas, Centro Galego
 (1974-75): “La villa y la Tierra de Padrón en el Catastro de Ensenada”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, vol. 29, pp. 250-262
 (1970): “Santiago y su tierra en el Catastro de Ensenada”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, vol. 25, pp. 399-310
 (1980): “Galicia a terra e o mar”, en *Historia de Galicia*, Madrid, CUPSA
 (1982): “D. Ramón Otero Pedrayo: o xeógrafo”, *Dorna*, nº 4, 1950, 17-21
 (1988): “D. Ramón o xeógrafo das paisaxes”, *Outeiro*, nº 28, pp. 34-36
 (1992): “A repoboación forestal dende a Edade Media”, en *Especies frondosas en la repoblación de Galicia*, Lugo, Servicio de Publicaciones Diputación de Lugo.
- GONZÁLEZ PÉREZ, C. (1998): “Antonio Fraguas. Profesor, xeógrafo, historiador, antropólogo. Galego de ben”, Vigo, Ir Indo, Col. Galegos na Historia nº 11.
- OTERO PEDRAYO, R. (1926): “*Síntesis xeográfica de Galicia*”, Santiago de Compostela, Lar.
 (1926): “*Guía de Galicia. Geografía, Historia, vida económica, literatura y arte, itinerarios completos por ferrocarril y carretera*”, Madrid, Espasa-Calpe. 2ª Edición (1945?): Santiago de Compostela, Sucesores de Dalí.
 (1927): “*Problemas de xeografía galega. Notas encol das formas de poboación labrega*”, A Cruña, Seminario de Estudos Galegos.
 (1928): “*Paisajes y problemas geográficos de Galicia*”, Madrid, Compañía Ibero-Americana de publicaciones.



Don Antonio Fraguas

Unha vida dedicada á docencia

Ma Xosé Enríquez Morales

INTRODUCCIÓN

Cando recibín a invitación, feita polo Museo do Pobo Galego, para participar no volume de carácter biográfico que sobre a personalidade e a obra científica e cultural de don Antonio estaban a preparar un fato de persoas, por mor de cumprirse o centenario do nacemento do que fora o seu primeiro director e logo presidente do seu Padroado, non puideren menos ca sentirme honrada.

Honrada por canto eu non fun máis ca unha das súas moitas alumnas do Instituto compostelán –Feminino daquela– *Rosalía de Castro*, no que don Antonio –*San Antonio*, dicíamnos– impartiu as súas ensinanzas durante dezaseis anos. Por concurso de traslado deixara o Instituto Masculino de Lugo, lugar do seu primeiro destino como catedrático de Xeografía e Historia¹, e tomara posesión da súa praza en Santiago o 1 de xullo de 1959. Nela permanecería ate a xubilación, o 28 de decembro de 1975, data do seu setenta cumpreanos. Mais tamén aquela súa alumna de *Preu* no curso 1967-68, tivo desde entón polo profesor Fraguas unha grande consideración e un inevitable afecto, malia que “as rapazas do Feminino queríanme moi ben, pero queríanme máis os rapaces do Instituto de Lugo”².

Coñecida a súa sorna, sen dúbida facía don Antonio tal aserto coa boca pequena, pois, aínda que sempre foi fiel ás súas orixes e á terra na que naceu, Loureiro de Cotobade, á beira do río Almo-frei (Pontevedra), nunca ocultou o seu amor a Compostela³ nin os lazos afectivos que sempre mantivo co Instituto *Rosalía de Castro*, a onde acudía con frecuencia, xa xubilado, para pronunciar a lección inaugural do curso, falar con algún dos membros do Claustro –alí atopoume de novo, agora como profesora–, ou manter o seu inverterado costume de que o señor Freire, antigo xefe administrativo da secretaría, lle fixera a declaración da renda ou resolvera calquera asunto burocrático. Foi así ata meses antes do seu pasamento.

O Instituto e mais a súa cidade de adopción⁴ corresponderon a estes amores. O primeiro, a través da súa asociación cultural –cuxa

1 18 de abril de 1950: “Con esta fecha el Excmo. Sr. Ministro (...) ha tenido a bien nombrar a V. en virtud de oposición, turno libre, Catedrático de Geografía e Historia de Institutos Nacionales de Enseñanza Media, con destino en el de Lugo (Masculino) y con el sueldo anual de diez mil pts. y demás emolumentos legales (...)”, Museo do Pobo Galego, *archivo de don Antonio Fraguas, carpeta 39 (Actividade docente). Desde agora será citado como MPG.*

2 Entrevista a don Antonio Fraguas, en Xeada, Xornal do I.B Antonio Fraguas, *Santiago, febreiro de 1997, p.8.*

3 Nunha entrevista realizada por Carlos García Bayón (La Voz de Galicia, 25 de agosto de 1991), á pregunta de “¿Cuál ha sido el libro que más le enseñó?”, don Antonio resposta: “Mi aldea, Galicia, Compostela y la Geografía General de Bañares. Era igual que una novela, sugestiva, emocionante”.

4 Nun curriculum vitae, datado o 15 de marzo de 1973, figura que “residió en Santiago de Compostela desde el año 1924 en que vino a estudiar la carrera de Filosofía y Letras, y que si bien desempeñó la función docente en Santiago, La Estrada y Lugo, siempre ha tenido casa abierta en esa ciudad de Santiago”, IES Rosalía de Castro, *expediente 140 (Don Antonio Fraguas).*

presidencia don Antonio ostentou–, propúxoo como candidato ao Premio das Letras e das Artes de Galicia, e creou o certame literario que leva o seu nome en 1996. O Concello nomeouno Fillo Adoptivo en 1984, e concedeu a Medalla de Ouro ao mérito cidadán e cultural en 1988. A Universidade compostelá, da que primeiro foi alumno e despois profesor, outorgoulle a Insignia de Ouro en 1995 e, nese mesmo ano, tamén obtivo a Medalla de Ouro da Asociación do Traxe Galego de Santiago. En 1998, os xornais da capital de Galicia, *El Correo Gallego* e *O Correo Galego*, noméano Galego do Ano, e un longo etc., que pasa por dar o seu nome ao Instituto das Fontiñas (1994) ou a unha das rúas da cidade do Apóstolo Santiago (1995), a quen don Antonio consideraba o seu “camarada”⁵. En Compostela finou en 1999 e no seu cemiterio de Boisaca foi soterrado un seis de novembro de choiva maina o profesor Fraguas, nun día de loito para Santiago –e para Galicia enteira– pola perda dun galego de ben⁶.

1. VOCACIÓN POLA DOCENCIA

Digo profesor porque sendo don Antonio home polifacético, cualificado como “o noso Indiana Jones das corredeiras”, a min me cómpre, neste volume, referirme á dimensión como docente dun “buscador de tesoros que luchaba sin látigo contra el olvido (...), quien mejor ayudó a recomponer la cadena de la Historia, con las historias pequeñas y humildes de objetos, dichos, romerías y costumbres que iba recolectando aquí y allá en su amado país”⁷. Habida conta de que entre as numerosas publicacións que deu ao prelo non atopamos ningunha referida á reflexión sobre a ensinanza da súa materia, malia que “sabes muy bien el grado de entusiasmo que tengo por la cátedra; quizá sea ese ideal lo mejor que pueda aportar a la formación de los nuevos becarios y futuros profesores”⁸, este é un dos aspectos menos coñecido do seu extenso e incansable labor.

5 Na entrevista referida na nota 3 á pregunta de “¿Cuáles cree que son sus más entrañables debilidades?”, don Antonio resposta que “tres han sido las debilidades de mi vida: los libros, las aves y las flores... Bueno: y Santiago Apóstol, mi camarada”.

6 O 3 de agosto de 1997 (La Voz de Galicia), *Siro López entrevista a don Antonio e preguntalle: “¿Prefire que lle chamen sabio ou bo?” A súa resposta é abondo significativa: “Prefiro que me chamen bo porque sabio nunca fun... Medianamente bo. Procurei axudar a quen puideren, e nunca pedín para min”.*

7 Carlos Luis Rodríguez, *El Correo Gallego, 7 de novembro de 1999.*

8 Carta dirixida por don Antonio a don Aurelio de la Fuente, director do Centro de Orientación Didáctica do Ministerio de Educación Nacional, o 7 de outubro de 1962, agradecendo ter sido designado Catedrático-Titor de profesores axudantes bolseiros, ao fío da creación de Seminarios Didácticos que, dependentes da Escuela de Formación del Profesorado, con sede en Madrid, son postos en marcha pola Dirección General de Enseñanza Media, MPG..., *carpeta 40 (Actividade docente).*

A súa vocación pola ensinanza foi temperá: “Rematei a carreira e púxenme a traballar. Gustábame traballar cos rapaces. Cando eu era neno rematei na primeira escola, na que pasara oito anos, crendo que a regra só servía para mallar, sen ter collido nunca unha tiza, sen ter feito nunca un dictado (...) Eu fun un mestre moi diferente. Faciamos cousas nas aulas, explicaba moito, se me confundía non me preocupaba rectificar –todos cometemos erros–”⁹. A carencia de referencias bibliográficas á súa actividade pedagóxica, á que, se temos en conta os servizos oficial e finalmente recoñecidos pola Administración¹⁰, dedicou máis de 42 anos, ou non menos de 47, se consideramos os seus primeiros pasos como profesor da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago¹¹, obrigaba a facer unha minuciosa pescuda nas fontes documentais.

Ter á miña man o expediente administrativo que de don Antonio se conserva no Instituto *Rosalía de Castro*, permitíume unha primeira aproximación á súa andaina profesional. Mais, de certo, a maior riqueza documental atopeina no Museo do Pobo Galego, ao que legou non só a súa ampla biblioteca, senón tamén toda unha morea dos máis variopintos documentos, que foi atesourando ao longo da súa dilatada vida. Pouco era o que debía tirar e, ordenados con agarimo polo Museo¹², permiten achegarse á personalidade dun home que gardaba cartas¹³, telegramas,

9 Páxina 9 da entrevista citada na nota 2.

10 O 4 de xuño de 1976, considerando que, ao abeiro do Decreto de indulto nº 3357/75 de 5 de decembro, as sancións administrativas adoptadas consonte o establecido na Lei de 10 de febreiro de 1939, de responsabilidade política, se declararon revisadas de oficio e, en consecuencia, anulados os seus efectos, a Dirección General de Personal do Ministerio de Educación y Ciencia, recoñece a don Antonio ter prestados un total de 42 anos, 1 mes e 2 días de servizos computados ate o 28 de decembro de 1975, data da súa xubilación forzosa. Deles, dezaseis anos e medio como servizos interinos, prestados no Corpo de Profesores Agregados (O.M de 10 de decembro de 1974) e o resto como Catedrático numerario, IES Rosalía de Castro, *cit.*

11 En 1928, segundo consta no curriculum vitae citado na nota 4, era xa Profesor Axudante. Tamén, nun apunte a lapis de puño e letra de don Antonio, atopado no MPG (*carpeta 40*), figura: “Ayudante: servicios 2 años (Nov. 1928 – Nov. 1930)”, e hai datos no mesmo sentido na *carpeta 37* (*Actividade docente*).

12 “Ahi hay montones de libros, soy un desordenado”, afirma don Antonio na entrevista citada na nota 3.

13 As cartas, xa fosen recibidas ou enviadas por el –dalgúnhas deixaba copia–, son moitas e de contido diverso. A título de exemplo, de entre as referidas aos seus alumnos, recollo dúas, achadas no MPG (*carpeta 39*), da etapa en que don Antonio dirixía a Academia Menéndez Pelayo: O 21 de xullo de 1941, sor Florinda Mareque, desde o Colegio de Nuestra Señora de los Remedios, de Santiago, escribe ao “Sr. Director (...) y le suplica encarecidamente se digne recibir (...) al alumno (...), es hijo de un antiguo amigo de mi padre, y necesita terminar para ayudar a su madre viuda con 8 hijos. Este junio aprobó 3 o 4 asignaturas y queríamos terminase en septiembre: va con muy buena voluntad (...)”. O 8 de xaneiro de 1942, desde “Mugía”, o pai dun alumno diríxese ao “Sr. Director (...): He de agradecerle, vigile la conducta escolar de mi hijo (...), alumno del 6º grupo, no perdonando la más leve falta, de asistencia, puntualidad, y aplicación, y menos la de comportamiento tanto con V. y más profesores, como con sus compañeros (...). Si mi dicho hijo, no tiene facultades, ó si no se enmienda de su interesada pereza, también le agradeceré me lo diga, pues no está en edad de perder el tiempo (...)”.

invitacións, apuntes¹⁴, convocatorias de claustros ou de xuntas de Facultade, actas, traballos¹⁵, fichas e informes dos seus alumnos, programas das asignaturas que impartía, nomeamentos, ceses, certificados,... e ata recibos de Correos. Mergullada nos seus papeis, tiven tal sensación de cercanía á súa intimidade que non estiven inicialmente cómoda, ata convencerme de que foi vontade de don Antonio deixar ao dispor dos investigadores todos e cada un dos documentos que atopei, e con eles establecín –coido– o diálogo debido á súa memoria.

Ao consultar as fontes de hemeroteca resulta habitual en don Antonio mostrarse orgulloso de ser galego¹⁶, galeguista¹⁷ e “campesino sempre”¹⁸. Fillo de nai solteira¹⁹ e pai emigrante no Brasil, o profesor Fraguas –encarnación mesma da realidade do país no alborear do pasado século– definíase como “un home modesto, un aldeán e nada máis”²⁰. De neno, “na súa casa non había máis que un libro: un vello devocionario que pertencera a súa avoa”²¹. Non tiña, en absoluto, un bo recordo da súa primeira experiencia escolar, como manifesta de xeito reiterado cada vez que é inquirido respecto a esta cuestión²². De seguro, tales circunstancias incidiron na súa traxectoria profesional e humana.

Ausente seu pai, amosou sempre admiración “por la extraordinaria capacidad de la mujer gallega frente a todos los problemas que plantea el cotidiano vivir (...) Sola, al frente de una familia

14 No MPG, nas carpetas 41 e 42 (*Actividade docente*), atopamos materiais impresos seleccionados por don Antonio para as súas clases, e na *carpeta 43* (*Actividade docente*) hai apuntes e guións manuscritos das distintas asignaturas que impartía.

15 MPG, *carpeta 44* (*Actividade docente*).

16 “Bueno, yo soy gallego desde las remotas raíces de los trasabuelos seculares, desde los remotos ancestros” (entrevista citada na nota 3).

17 “Eu fun galeguista (...) Por iso me preocupo por Galicia sen aspiracións políticas. Ser galeguista non é máis que ser amante da nosa terra”, recollía El Correo Gallego –do que foi colaborador habitual– o 6 de novembro de 1999.

18 Santiago Romero e X.M Pereiro, “Aldeanus Igitur”, La Voz de Galicia, 20 de marzo de 1994.

19 Don Antonio gardou celosamente unha certificación, expedida a instancia de parte polo xuíz municipal de Cotobade, D. Verísimo Núñez Figueroa, o 25 de abril de 1942, e co visto e lexitimado, de data 13 de maio seguinte, dos notarios de Santiago D. Constantino Girón Mallo, D. Gonzalo Rey Feijóo e D. Jesús M^a Álvarez, na que aparece: “En Cotovad a (...) cinco de Enero de mil novecientos seis (...) compareció (...) Teresa Fraguas Vazquez (...) de treinta años de edad, de estado soltera, de profesión labradora, domiciliada en Loureiro (...) con objeto de que se inscriba en el Registro civil un niño (...) que nació en la casa de la declarante a las trece del día veintiocho de Diciembre último. Que es hijo natural de la declarante (...) y que al expresado niño se le había puesto el nombre de Antonio (...) Al margen existe lo siguiente: (...) El niño fue reconocido como hijo natural suyo por Manuel Fraguas Rodríguez y legitimado por el mismo y la madre en el acto de la celebración del matrimonio que contrajeron en la parroquia de Loureiro de este termino en siete de Agosto de mil novecientos doce (...)”. MPG..., *carpeta 39*.

20 El Correo Gallego, 6 de noviembre de 1999.

21 Clodio González Pérez, La Voz de Galicia, 6 de noviembre de 1999.

22 “O primeiro día que cheguei á escola vin detrás miña unhas táboas negras. ¿Qué serían?, decía eu. Non o soupen en anos, ata que un día chegou un inspector e empeza a escribir nelas cun garabullo branco. Fun á escola dos 5 ós 13 anos e saín como entrei”. La Voz de Galicia, “Aldeanus Igitur”, *cit.*

(...) defiende la economía en tal forma que conserva y aumenta el patrimonio de la casa, sin detrimento de la educación de los hijos, para quienes, sin regatear sacrificios, procura oficios, colocaciones y largas y costosas carreras”²³. Cando o pai regresa, coa intención de voltar alá con toda a familia e que o seu fillo fose maquinista de tren no Brasil, don Antonio ten a oportunidade, antes de emprender a viaxe, de asistir á escola de Famelga durante dous meses. Aquel novo mestre non era como o que tanto desencanto lle producira na de Loureiro de Cotobade. Foi, ademais, quen convenceu ao seu pai para que non levase o rapaz “para América, no se marche usted con él. Déle usted una carrerita”²⁴. Don Antonio ficou.

Aos catorce anos, chegado a Pontevedra para cursar 3º de bacharelato²⁵, mercou o seu primeiro libro, e xa non parou: a súa biblioteca supera os 20.000 volumes. A súa estadia no Instituto pontevedrés, e o contacto cos seus profesores –Losada Diéguez, fundamentalmente, pero tamén Castelao e Sobrino Buhigas–, compañeiros e amigos –Sebastián González García-Paz, sobre todo– resulta, agora si, de grata lembranza, e marca o inicio da súa infatigable actividade intelectual e de defensa do patrimonio cultural de Galicia. Alí fundou, en 1923, cun grupo de amigos, a *Sociedade da Lingua*, co obxectivo básico de defender a nosa fala.

En 1924 trasládase a Santiago para estudar Filosofía e Letras e, nada máis rematar a carreira, inicia a súa apaixonada dedicación á docencia. Como profesor houbo en don Antonio unha arela principal: a de inculcar aos seus alumnos o amor pola terra e convertelos “en cabaleiros sen mancha nin tacha. Igual fun un pouco machacón” –dicía con noventa anos–; “como mestre aplicou as teorías da *Institución Libre de Enseñanza* e ensinaba xeografía sobre o terreo”²⁶. Que lonxe o seu quefacer do daquel outro primeiro mestre co que el se topou na nenez!

O día que gañou a cátedra, no ano 1950, foi, segundo propia confesión, un dos máis felices da súa vida. Levaba máis de vinte anos dedicado á docencia, xa fose na Facultade, no Instituto da Estrada ou, despois de ser represaliado, na Academia *Menéndez Pelayo*²⁷; pero, ata esa data, cada vez que se presentaba ás oposi-

23 FRAGUAS FRAGUAS, Antonio, *Geografía de Galicia. Porto y Cía. Editores, Santiago, 1953.*

24 GONZÁLEZ REBOREDO, X.M., “Notas dunha conversa con Antonio Fraguas”, *Revista Galega do Ensino*, N° 17, novembro de 1997, p.18.

25 “Rematei 1º e 2º por libre e ó terceiro ano ingresei no Instituto de Pontevedra”, *Xeada, cit., p. 8.*

26 *El Correo Gallego*, 6 de novembro de 1999.

27 “Suspendido de empleo y sueldo (...) Cabo dun ano puxen escola en Santiago, unha pasantía, e tiven a satisfacción de contar con moitos rapaces da Estrada” (entrevista xa citada na nota 6).

cións obtiña a mesma resposta: “El tribunal le estima y le respeta, pero la política acabó con usted”²⁸.

A don Antonio non lle gustaba recordar “o horror da Guerra Civil e da longuíssima posguerra, que cambiou a miña vida por completo. Dóeme a alma”²⁹. Como tan brutal cesura marcou fundamentalmente a súa traxectoria profesional, tomareina como referencia para articular este traballo.

2. ACTIVIDADE DOCENTE

2.1. Antes da guerra civil: etapa de 1928 a 1936

2.1.1. En Santiago (1928-1933)

Don Antonio licenciouse na Facultade de Filosofía e Letras, sección de Historia, con Sobresaliente³⁰. No sistema universitario dos anos vinte –próximo o final da ditadura de Primo de Rivera–, un alumno de tanto proveito non tiña demasiadas dificultades para ficar nel. Ao tempo, iniciaba a súa dedicación ao ensino medio no Instituto Nacional de 2º Ensino de Santiago³¹. O seu labor neste último desempeña como Profesor Axudante interino da sección de Letras, adscrito á asignatura de Historia de la Literatura Española, durante os cursos 1928-29 e 1931-32. Na Facultade será Profesor Axudante de clases prácticas³², ata que, en novembro de 1930, obtén o título de Profesor Auxiliar temporal, “adscrito a las asignaturas de Historia Universal y de España (edad moderna y contemporánea) con la gratificación anual de tres mil pesetas”³³. Dito título era valedouro por catro anos –prorrogable por outros catro–, pero don Antonio cesa neste cargo o 4 de novembro de 1933³⁴ por mor da súa marcha ao, ata daquela, Colexio Subvencionado da Estrada, dependente do Instituto de Pontevedra, para entrar en posesión da súa praza de Profesor Encargado de Curso de Xeografía e Historia.

O profesor Fraguas, na Facultade, non só impartía Historia Universal e Historia de España senón todo aquilo que se lle encomendaba. Para mostra, baste a referencia ao ano 1933. O

28 *Xeada, cit., p. 7.*

29 Entrevista citada na nota 6.

30 O seu título de licenciado foi expedido o seis de marzo de 1929, segundo figura reseñado nalgunhas das súas tomas de posesión. MPG..., *carpetas 37 e 39.*

31 Os datos referidos a este período atópanse, fundamentalmente, nas carpetas 37 e 40 do MPG...

32 Vid. Nota 11.

33 Título expedido en Madrid o 29 de novembro de 1930. MPG..., *carpeta 37.*

34 MPG..., *carpeta 40.*

17 de febreiro o Decanato faille chegar un oficio indicándolle que “debe ocuparse del desempeño de la cátedra de Lengua y Literatura españolas, vacante por excedencia voluntaria del catedrático Sr. Cotarelo Valledor”³⁵ e, ademais, a partir de outubro, deberá encargarse de “el desempeño, por acumulación, de las de Geografía y Numismática y Epigrafía, las tres alternas; por virtud de lo cual, el desempeño de la de Geografía será gratuito y el de la de Numismática y Epigrafía, con la indemnización de dos mil pesetas anuales”³⁶.

Coido que o seu cese, por ter superado as probas de Profesor Cursillista³⁷ e obter destino na Estrada, debeu significar para el un certo alivio. Cómpre sinalar que, aínda sen impartir docencia na Facultade, o seu título de Profesor Auxiliar foille prorrogado, por decisión ministerial de 10 de abril de 1935, os catro anos máis que estaban previstos³⁸.

2.1.2. En A Estrada (1933-1936)

Don Antonio chega á Estrada en novembro de 1933³⁹. Home novo, casado o ano anterior con Teresa Martínez Magariños, séntese cheo de forza e proxectos, que desexa realizar dentro e fóra do Instituto, do que será nomeado Secretario polo claustro desde o primeiro día. Mais tamén será o Secretario do Partido Galeguista na Estrada e, como representante do mesmo, designado concelleiro –cargo que non chegou a ocupar– durante a Fronte Popular. Non é obxecto deste traballo abordar estoutra dimensión de don Antonio, pero debo sinalar que estes son anos de intensa actividade profesional –o que será unha constante na súa vida– e política –o que lle carrexará a separación da docencia ao estoupar a guerra civil–. A II República iniciaba unha nova etapa –o período radical-cedista–, o profesor Fraguas tamén –hai que traballar a prol da aprobación do Estatuto–.

A Estrada non tiña unha soa biblioteca –non pode darse tal nome a uns cantos libros gardados en pobres andeis, sen orde nin

35 MPG..., carpeta 37.

36 MPG..., carpeta 40.

37 Nun certificado expedido polo Instituto Masculino de Pontevedra, o 18 de maio de 1943, consta que “en el Archivo de la Secretaría (...) correspondiente al suprimido Instituto de la Estrada (...) aparece que don Antonio Fraguas Fraguas, desempeñó el cargo de Profesor Encargado de Curso de Geografía e Historia, en el mencionado Instituto (...) los cursos 1.933-34, 1.934-35 y 1.935-36 (...) en virtud de haber aprobado con el número ochenta y nueve los cursos de selección para la asignatura de Geografía e Historia, celebrados el año 1.933, según consta en la Orden de 13 de octubre de 1.933 (Gaceta del 14) (...)”, IES Rosalía de Castro, *cit*.

38 A prórroga é concedida “de conformidad con la propuesta formulada por la Junta de Profesores de la Facultad de Filosofía y Letras”, MPG, carpeta 40.

39 Don Antonio tomou posesión da súa praza o 4 de novembro, no Instituto de Santiago, e o día 11 dese mesmo mes faino no da Estrada, MPG..., carpeta 39.

concerto, no Concello e nunha Sociedade Recreativa⁴⁰– e vive de costas á ciencia e á cultura. Don Antonio desexa converter o Instituto en núcleo dinamizador da inexistente vida cultural estradense, organizando ciclos de conferencias e charlas de divulgación científica que redunden en beneficio do pobo. O Instituto non debe ser visto só como un centro onde poden “adquirir un título unos cuantos privilegiados”⁴¹, senón tamén un lugar de orientación e consulta para os que quixesen servirse del.



Excursión ao Escorial

Ao tratarse dun Colexio Subvencionado, que pasa a ser Instituto Nacional de 2º Ensino con entidade propia, don Antonio traballa con afán para que, aínda sen rematar as obras, en bancos improvisados e sen apenas material, as clases dean comezo a finais de novembro. Inasequible ao desalento, desde o seu cargo de Secretario, tenta facer fronte aos problemas que presenta todo centro de nova creación, e procura poñer en marcha a biblioteca, o laboratorio e o gabinete de Historia Natural. A arela do profesor Fraguas, cos azos propios da mocidade, era lograr que o Instituto da Estrada puidese, axiña, poñerse á altura daquel do que deixara de depender, ben coñecido, por outra banda, do que fora o seu alumno. En xullo de 1936, todas as súas ilusións fican brutalmente esnaquizadas.

2.2. 1936: Don Antonio é apartado da docencia

O estoupido da Guerra Civil supón o inicio dun moi duro período de humillacións e inxustizas: “Eu era profesor de Xeografía e Historia no Instituto da Estrada, e co grupo galeguista da vila fixeramos a campaña do Estatuto. Ó se producir o alzamento viñeron uns falanxistas de fóra e (...) organizaron a represión. Primeiro déronnos o ricino e logo mandáronnos borrar con cepillos e sosa viva todas as pintadas de ESTATUTO SI, que fixeramos no chan, arredor da fonte e noutros lugares concorridos”⁴².

Don Antonio regresa a Santiago, onde recibe a comunicación, cursada por oficio de 12 de novembro de 1936 desde o Instituto

40 As liñas que seguen están baseadas nunha Memoria, que don Antonio escribe o terceiro –e último– curso que pasa no Instituto, dando conta do labor desenvolvido ate daquela. Son vintedúas cuartillas, escritas a man por ambas caras, nas que fai unhas consideracións dos conceptos, método e procedementos que emprega para ensinar Xeografía e Historia aos seus alumnos, MPG, carpeta 39.

41 Memoria citada na nota anterior.

42 Entrevista citada na nota 3.

da Estrada, “ya que disfruta de una licencia de un mes con todo el sueldo concedido por el Rectorado”⁴³, de que queda suspendido de emprego e soldo en virtude da Orde de responsabilidades políticas do día 4 anterior. Como xa dixemos, o título de Profesor Auxiliar da Facultade de Filosofía e Letras de Santiago fóralle prorrogado en 1935, e non sería cesado, “por haber cumplido el plazo reglamentario para el que fue nombrado”, ata o 11 de abril de 1939, “Año de la Victoria”⁴⁴. Segundo as tropas franquistas gañaban terreo á República, o profesor Fraguas perdía todo o que conseguira grazas ao seu tesón, esforzo e dedicación ao estudo. Ao remate dunha guerra tan “incivil” como a de 1936-39, don Antonio non ten outro patrimonio ca ser unha persoa de ben.

O 9 de febreiro de 1937, a Comisión C de Depuración de Ensino da provincia de Pontevedra, creada polo Decreto Nº 66 da *Junta Técnica del Estado*, abriulle un expediente por: primeiro, ser galeguista de esquerdas como demostra a súa inscrición no rexistro de socios de dito partido, número 160, e as actas e demais documentos onde aparece como secretario xeral na Estrada e, segundo, ter colaborado na chamada Fronte Popular aceptando, en representación do seu partido, o cargo de concelleiro no Concello da Estrada, que non ocupou pola oposición dos seus aliados comunistas. No prazo improrrogable de dez días podería presentar prego de descargos, cousa que fixo o día 17⁴⁵.

Don Antonio trata de defenderse. Incide no seu coñecido catolicismo. Fai fincapé en que “en mi labor docente, jamás se pudo hallar una idea de tendencia o mera intención política (...), me he constreñido (...) a la misión que el Estado me encomendara: enseñar”. Explica as razóns da súa militancia galeguista e as do seu papel á fronte do grupo da Estrada, integrado por “personas, sin excepción, moderadas (...), a ninguna de ellas (...) se le puede imputar un solo acto vituperable”. En tan aciagas datas, don Antonio non esquece avogar polos seus compañeiros de partido, cousa que dá idea da súa altura moral. “Quien recta, honrada y noblemente obra, no tiene porque ocultar sus actos”. Finaliza solicitando á Comisión de Depuración teña a ben reintegralo á “cátedra, único sostén de una familia tan humilde como honrada”⁴⁶.

Vae victis! O expediente substánciase no mes de maio de 1937, resultando don Antonio separado definitivamente do servizo activo. A partir dese momento emprenderá unha dilatada, discreta

43 MPG..., carpeta 39.

44 MPG..., carpeta 40.

45 MPG..., carpeta 39.

46 MPG..., carpeta 39.

e teimuda batalla para reparar tamaña inxustiza⁴⁷. Corenta anos despois é quen de logralo. Así, en xuño de 1975 se lle recoñecen, a efectos de trienios, catorce anos de servizos, entre os cales figuran os tres prestados durante a II República como Profesor Cursillista. Mais a don Antonio non lle cadran as contas. Trala revisión do seu expediente de depuración, solicitada en 1941, a separación definitiva da docencia fora substituída pola imposición dunha suspensión de emprego e soldo durante dous anos. Son estes os que faltan no seu cómputo. Con bíblica paciencia don Antonio insiste. Por fin, en xuño de 1976 –xubilado el, baixo terra o xeneral Franco–, acada as súas lexítimas pretensións⁴⁸.

De certo, aquel home, considerado *politicamente perigoso* cando mozo, érao moito máis nos anos fecundos da súa vellez: “Perigoso pode resultar agora, que ando con bastón, ‘arma contundente e arreboladiza’, segundo algúns dicionarios; pero politicamente sempre fun un liberal, un demócrata”⁴⁹.

2.3. O ostracismo: etapa de 1936 a 1950

Don Antonio precisa, nestes tempos mouros, sobrevivir con decoro. No ano 1938 pon escola no que el denomina unha modesta pasantía⁵⁰. Trátase da Academia *Menéndez Pelayo*, orientada aos estudos de ensinanza media, con sede no segundo andar do número vintecaturo da rúa da Algalia de Abaixo, onde tamén estarían os antigos xulgados. Entre os seus profesores atopamos, por exemplo, a don Benito Varela Jácome, quen despois sería catedrático de Literatura na Universidade de Compostela⁵¹.

Don Antonio, que ingresara no Seminario de Estudos Galegos en 1928, agora desaparecido, non abandona aquelas súas investigacións sobre Galicia, que desenvolvera nas seccións de Xeografía e Etnografía, e nas que Otero Pedrayo⁵² e Vicente Risco, respectivamente, foran os seus admirados mestres. Dentro das dificultades da época, participa naquelas institucións que recollen o facho da defensa do patrimonio cultural galego e, en 1944, incorpórase ao Instituto *Padre Sarmiento*. Dirixir a Academia *Menéndez Pelayo*

47 Todo este proceso é de doado seguimento no IES Rosalía de Castro, *cit.*

48 Vid. Nota 10.

49 Entrevista citada na nota 6.

50 Vid. Nota 24.

51 Nunha folla de datos de afiliación ao Instituto Nacional de Previsión do ano 1947, figura D. Benito como profesor da Academia, con duascenas pesetas de soldo mensual e dezasete de pagas extraordinarias, MPG, carpeta 39.

52 Na entrevista citada na nota 6, á pregunta de: “Falando de libros e de guías, se vostede escribese outra Divina Comedia, ¿a quen escollería como guía?”, don Antonio resposta: “A Otero Pedrayo, sen dúbida. Unha das cousas que máis sentín foi non poder asistir á súa cátedra, polo que tiña de sabio e de boísima persoa (...)”. Seguro que don Antonio non esquecera o apoio que, sendo deputado a Cortes por Ourense, lle prestara D. Ramón para que saíra seleccionado Profesor Cursillista en 1933, como consta nunha carta achada no MPG..., carpeta 38 (Actividade docente).

non lle impide, ademais, traballar na súa tese de doutoramento que, sobre o Colexio Fonseca, defenderá en Madrid en 1950, ao tempo que o seu entrañable amigo Sebastián González García-Paz facíao sobre o de San Clemente de Pasantes. Quédalle tempo para asistir a tertulias onde se fala de temas relacionados coa cultura galega, como a do café *Derby*⁵³.



Con alumnos da Academia "Menéndez y Pelayo"

A partir de novembro de 1941 a presión sobre o profesor Fraguas comeza a diminuír. A instancia súa, consegue que se revise o seu expediente de depuración e, por Orde do día 5, acórdase deixar sen efecto a separación definitiva da docencia, imponéndolle en troques unha sanción de suspensión de emprego e soldo por dous anos, e traslado e inhabilitación para cargos directivos e de confianza. En xaneiro de 1942, por Resolución da Dirección General de Enseñanza Superior y Media, logra que lle sexa reco-

53 Francisco Fernández del Riego, "A personalidade cultural de Antonio Fraguas", Xeada, *cit.*, p. 11.

ñecido, como abono para o cumprimento da sanción antedita, o tempo que xa estivera suspenso de emprego e soldo. En consecuencia, como fora cesado no seu cargo de Profesor Encargado de Curso no Instituto da Estrada o 4 de novembro de 1936, considérase como cumprida a tal suspensión con data do mesmo mes de 1938⁵⁴.

Ambas resolucións permitíanlle volver a petar nas portas de acceso ao ensino público. Cousa distinta era que llas abriaran. Á ensinanza universitaria retorna axiña, a media seguíralle pechada. A Facultade de Filosofía e Letras reclama os seus servizos ese mesmo ano de 1942. O Decano, don Abelardo Moralejo, acorda nomealo Profesor Axudante coa gratificación anual de 4.000 pesetas⁵⁵. Na Facultade, sen abandonar a Academia *Menéndez Pelayo*, permanecerá de xeito ininterrompido, vinculado a cátedra de Xeografía, ate 1950, ano no que, con fonda e íntima satisfacción, deixa unha e outra, para tomar posesión da súa praza de catedrático de Xeografía e Historia de Institutos Nacionais de Ensinanza Media na cidade de Lugo⁵⁶.

Nos anos miserentos e cainitas da posguerra gañar unhas oposicións era, para calquera represaliado do franquismo, moi difícil. Don Antonio sabíao. Os certificados precisos para poder participar nelas xogaban na súa contra, e salientaban que "con anterioridad al Movimiento estuvo afiliado al Partido Galleguista manifestándose como separatista gallego en la rama católica. Durante el Movimiento no prestó ningún servicio al mismo (...) No pertenece a F.E.T y de las J.O. N.S, no constando por lo tanto su afeción al Movimiento"⁵⁷.

O profesor Fraguas oposita en canto pode, e, polo relatado, esa circunstancia prodúcese a partir de 1942. Convocadas cátedras de Xeografía e Historia para Institutos de Ensinanza Media nese mesmo ano, preséntase por primeira vez. Traballa duro, como pode observarse polos temas que, para este fin, preparou arreo e hoxe, do seu puño e letra, conserva o Museo do Pobo Galego⁵⁸. Supera exames –eran cinco e eliminatorios– pero bótano para atrás antes de chegar ao final. E así máis dunha vez, pese a que conta con amigos que tentan avalalo perante os tribunais⁵⁹, que

54 IES Rosalía de Castro, *cit.*, e MPG..., *carpetas 37 e 40*.

55 MPG..., *carpetas 37 e 40*.

56 Vid. nota 1.

57 Certificado expedido, a efectos de tomar parte en oposicións, o 10 de maio de 1943, pola Delegación Provincial de Información e Investigación de F.E.T y de las J.O.N.S da Coruña, MPG, *carpeta 37*.

58 MPG..., *carpeta 38*.

59 En 1943, cando don Antonio está a participar nas oposicións convocadas por Orde de 26 de marzo do ano anterior, interésanse pola marcha dos seus exercicios, perante algúns dos membros do tribunal, Francisco Argos, Camilo Mazaira e Romualdo de Toledo, como pode verse nunha serie de cartas conservadas no MPG..., *carpeta 38*.

Antonio Fraguas Fraguas

nunca lle dan os votos precisos para superar o último exercicio. De estima e respecto un alimenta a alma, mais non o corpo. Hai que pasar polo aro de adherirse ao Réxime⁶⁰ e, aínda así, correr o risco de ser denunciado por un terceiro. Don Antonio, en 1950, tivera que enfrontarse “non só ás probas oficiais, senón tamén á denuncia doutro opositor, que me acusou ante o presidente do tribunal de ser politicamente perigoso”⁶¹. É, xa que logo, explicable a súa satisfacción. E a de moitas outras persoas que lle fan chegar telegramas e cartas de sincera felicitación.

2.4. Etapa de 1950 a 1975: catedrático de xeografía e historia de institutos nacionais de ensino medio

O profesor Fraguas toma posesión da súa cátedra no **Instituto Masculino de Lugo (Lucus Augusti)** no mes de maio. Imparte docencia na cidade das murallas durante nove anos. Como ocorrera no Instituto da Estrada non vai limitarse a dar as súas clases, senón que asume responsabilidades directivas, desenvolvendo os cargos de Vicesecretario, Secretario e Xefe de Estudos.

Asemade, participa de xeito activo na vida cultural lucense. Home sempre inqueda e de gran capacidade de traballo, contribúe con entusiasmo, como Secretario, ao éxito obtido polo I e II Cursos Universitarios de Primavera, celebrados en 1958 e 1959, polo que vai ser calorosamente felicitado non só por Legaz Lacambra, Reitor da Universidade de Santiago, senón tamén polo alcalde e o gobernador civil, *forzas vivas* da cidade⁶². Don Antonio está ben en Lugo, mais ten morriña de Compostela. Participa nos concursos de traslado para retornar a ela.

En 1959 consegue praza no **Instituto Feminino de Santiago (Rosalía de Castro)**, no que rematará a súa dilatada carreira docente –que non a súa actividade intelectual, permanente ata o final

60 don Antonio faino no outono de 1947. Do seu puño e letra, por detrás do sáuda enviado por José Navarro Latorre, achegándolle “el certificado de adhesión que solicitaba en su carta fecha 27 del pasado septiembre”, don Antonio escribe: “Iste certificado fun pedilo, para poder facer as oposicións, a Vigo, pedindo o apoio de López Niño, moi amigo de Navarro, que me dou o certificado. Sin este certificado eu non podía facer as oposicións”, MPG..., carpeta 39.

61 Entrevista citada na nota 6.

62 MPG..., carpeta 40 (felicitación do Reitor) e carpeta 39 (felicitacións do alcalde e mais do gobernador civil).

dos seus días– en 1975. O seu entusiasmo pola ensinanza e o seu afán de servizo continúan intactos. Como vén sendo habitual, nada máis posesionarse da súa cátedra será proposto polo claustro como Xefe de Estudos, cargo que ostentará ata a súa xubilación; e, se facía falta, ocupábase ao mesmo tempo da Vicesecretaría, como aconteceu no ano 1960⁶³. Dá clase na ensinanza diúrna e nocturna; forma parte dos tribunais de exame de ingreso –preciso daquela para acceder aos estudos de bacharelato–, de Reválida de Grao Elemental e Superior –tamén había que examinarse para obter o título de bacharel– e nos designados para xulgar as Probas de Madurez do Curso Preuniversitario; actúa como catedrático-titor de profesores en formación; asiste a reunións, cursos e coloquios sobre as materias que imparte, etc. Ou sexa, participa en todas e cada unha das funcións que lle son propias, e encárgase das tarefas que lle son encomendadas sen escatimar esforzos nin poñer reparos, desenvolvéndoas con encomiable dedicación. No seu título de catedrático pode observarse como vai ascendendo no escalafón: sétima, quinta, cuarta, terceira categoría...⁶⁴

Voltar a Santiago implicaba, ademais, reincorporarse á docencia na Universidade, o que sucede de xeito inmediato. No *Rosalía de Castro* tomou posesión da súa cátedra o 1 de xullo, o 31 dese mesmo mes xa obtén o nomeamento –por catro anos, prorrogables por outros catro– de Profesor Adxunto da **Facultade de Filosofía e Letras**⁶⁵. Como Profesor Adxunto, Profesor Axudante ou Profesor Encargado de Curso, don Antonio,

63 IES Rosalía de Castro, cit.

64 Tales categorías, hoxe desaparecidas, levaban aparellada unha mellora retributiva. Por exemplo, estando no Lucus Augusti, en xaneiro de 1958, don Antonio ascende á 5ª categoría, cun soldo de 30.960 pesetas anuais; en decembro dese mesmo ano é ascendido de novo, e pasa a percibir 33.480 pesetas, IES Rosalía de Castro, cit.

65 Título expedido en Madrid a 31 de xullo de 1950, MPG, carpeta 37.



Excursión cos alumnos do Instituto de Lugo.



Na aula do Instituto de Lugo



Excursión a Madrid coas alumnas de 6º curso do Instituto Feminino de Santiago (1963).



Nos Campos Eliseos, con Antón Santamarina e Río Barja, na excursión da primeira promoción de Filoloxía románica da USC (1966).

vinculado de novo á cátedra de Xeografía, impartirá clase na Facultade, de xeito ininterrompido ate a súa xubilación, desde o curso 1959-1960.

O profesor Fraguas, como pode observarse polos datos que fomos debullando ata aquí, comezou a dar as súas primeiras leccións no curso académico 1928-29. Fíxoo, asemade, na ensinanza superior e media. En decembro de 1975, chegada a súa xubilación forzosa, seguía a compatibilizar ambas porque gustaba das dúas. Prefería

non ter dedicación exclusiva no Instituto para poder achegarse á Facultade de Letras á que, sempre que puido, permaneceu ligado. Porque outra das características da personalidade de don Antonio era ser home fiel aos seus afectos: aos amigos; ao Seminario de Estudos Galegos e ao Instituto *Padre Sarmiento*; a Compostela; á Facultade; ao Apóstolo Santiago; á súa muller, Teresa, compañeira sempre e apoio firme nos momentos difíciles⁶⁶...; e a Galicia, á cal comezou a amar desde o lugar de Insuela, en Loureiro de Cotobade, que o vira nacer un día dos Santos Inocentes de 1905.

Falo de xubilación forzosa porque don Antonio, lonxe de retirarse aos seus cuarteis de inverno, desenvolveu desde esa data unha actividade tanto ou máis fecunda que cando estaba en activo. Baste con citar a posta en pé do Museo do Pobo Galego, outro dos seus amores, no moi belo edificio de San Domingos de Bonaval. Reborda os límites deste estudo a referencia ao seu labor no período 1975-1999, pero, en todo caso, unha cousa era o disposto pola Administración e outra moi distinta –“deixa que xa”, disque pensaba don Antonio, dotado dun moi fino sentido do humor– que aquel home, encorvado de corpo co peso do tempo, mais de espírito ergueito ata o final, desaproveitara calquera ocasión que se lle brindara para seguir *poñendo escola*: xa fose para pronunciar a lección inaugural dun novo curso académico –lembro a que deu no *Rosalía de Castro* rente aos noventa anos– ou para participar como

66 “Un día ví a Teresa y me gustó mucho. Tuve que andar alrededor de ella hasta que me la presentó un estudiante, que era como se hacía por aquel entonces (...), siempre estuvimos muy unidos (...). Ella lo es todo para mí. Es el amor de mi vida”, declaraba don Antonio, tras 63 anos dun matrimonio que non tivo fillos –“sólo el uno al otro”–, a *El Correo Gallego* o 13 de febreiro de 1996.

profesor-colaborador do Instituto de Ciencias da Educación ou da Consellería de Cultura.

Non é preciso, xa que logo, xustificar o título do meu traballo: unha vida dedicada á docencia. De certo, don Antonio tiña moitas ocupacións relacionadas co seu intenso labor intelectual, e coas responsabilidades contraídas con moi diversos organismos e institucións: bibliotecario do Instituto Padre Sarmiento, membro da Real Academia Galega –onde ocupou a vacante de Castelao–, director do Museo Municipal de Santiago..., por citar algunhas de cando estaba en activo. Mais nunca esqueceu as súas obrigas docentes, nin perdeu o interese por estar ao tanto das novas producidas na ensinanza das materias da súa cátedra. Nos inicios dos setenta, cando o Curso de Orientación Universitaria (COU) substitúe o *Preu*, o profesor Fraguas forma parte da comisión de Historia, creada polo ICE para analizar os cambios que van producirse, e nos meses de xullo de 1970, 1971 e 1972, desprázase a Pontevedra para asistir aos Coloquios onde se dá conta dos mesmos aos profesores de bacharelato⁶⁷. Non lle importa pospoñer as vacacións. Sempre incansable, mantivo acesa a súa vocación pola ensinanza desde que chegou, con vinteoito anos, ao Instituto da Estrada, ata que marchou, con setenta, do *Rosalía de Castro*. Cantas horas non terían os días de don Antonio?, porque, como alumna súa que fun, lembro que impartía puntualmente as súas clases.

2.4. Catedrático-titor de profesores en formación

Ao abeiro do Plano de Estabilización, a España franquista inicia a etapa do *desarrollismo*, sinónimo dunha fonda transformación económica e social, que contrasta co inmovilismo político do Réxime, ancorado nuns principios ideolóxicos practicamente inalterados durante toda a Ditadura. O crecemento económico propicia a creación, desde o Centro de Orientación Didáctica (COD) do Ministerio de Educación Nacional, de Seminarios Didácticos orientados á formación dos licenciados que desexasen dedicarse á docencia no ensino medio e preparar oposicións. Tales Seminarios estaban dirixidos por un catedrático-titor nomeado polo Ministerio, previa proposta da Dirección da Escuela de Formación del Profesorado informada pola Dirección General de Enseñanza Media. Don Antonio será requirido para desenvolver esta función en 1962⁶⁸.

O cargo de catedrático-titor supoñía facerse cargo dun grupo de profesores-bolseiros –ata un máximo de seis– e render informes puntuais do labor realizado. De cando en vez era preciso viaxar

67 MPG..., *carpeta 40*.

68 Vid. nota 8.

Antonio Fraguas Fraguas

a Madrid para asistir ás xuntanzas de traballo convocadas pola Escola de Formación ou, no seu caso, ás de lecer, organizadas polo COD. Atento sempre a qué e cómo ensinar, don Antonio asiste a unha reunión conxunta de catedráticos de Universidade e catedráticos-titores, responsables os primeiros da formación teórica (primeiro ciclo), e os segundos da dirección didáctica (segundo ciclo), dos profesores en formación. A lista dos participantes, para os que impartimos clase de Xeografía e Historia, mete cobiza: Casas Torres, Vilá Valentí, Cepeda Adán, Cabo Alonso, Artola Gallego, Terán Álvarez ou Lacarra de Miguel, son algúns dos nomes que figuran na columna de catedráticos de Universidade; na de catedráticos-titores penso que é suficiente citar catro Antonio: Fraguas Fraguas, Domínguez Ortiz, Fernández García e Rumeu de Armas. Quen puidera ter asistido a esa xuntanza que, nos días 23 ao 26 de marzo de 1966, reuniu en Madrid a flor e crema do país nas disciplinas que agora eu procuro ensinar! No meu caso resultaba imposible facelo, alumna aínda de bacharelato, noutros non o sei: entre os participantes non aparece ningún nome de muller⁶⁹.

Mais non todo era traballo. O COD, en 1963, invita a don Antonio a sumarse á viaxe conxunta de catedráticos de Ciencias Naturais e de Xeografía e Historia que, para percorrer o val do Ebro e mais os Pirineos, ía realizarse entre os días 22 de abril e 4 de maio. Na primavera de 1964, como a excursión fora programada pola ruta do Cid, os participantes serían catorce catedráticos de Lengua e Literatura españolas e catorce de Xeografía e Historia. O Ministerio de Educación Nacional gozaba, abofé, das vantaxes derivadas do crecemento económico, porque estas viaxes eran “absolutamente gratis, alojamiento en hoteles de 1ª (siempre que sea posible) y únicamente correrán a cargo de los excursionistas los gastos que realicen durante el viaje y su desplazamiento desde sus residencias a Madrid, ida y vuelta”, xa que o punto de partida era a porta do Ministerio, ás nove da mañá do día fixado⁷⁰.

Desprazado Lora Tamayo por Villar Palasí, a munificencia ministerial diminúe, as excursións referidas suprímense e as bolsas para os profesores en formación desaparecen. Na década dos setenta serán os ICE, dependentes da súas respectivas Universidades, os que se encarguen dos Cursos de Aptitude Pedagóxica, cunha retribución para os catedráticos-titores “más bien simbólica; pero es todo lo que da de sí la consignación disponible”⁷¹. Don Antonio

69 MPG..., carpeta 40.

70 MPG..., carpeta 40.

71 Segundo lle comunica Demetrio Díaz Sánchez, Director Adxunto do ICE da Universidade de Santiago, en 1973, MPG..., carpeta 40.

nunca negou a súa colaboración como titor de segundo ciclo porque, con independencia dos emolumentos percibidos, disfrutaba co que facía.

Os informes emitidos acerca dos profesores que tutelou, de moitos dos cales deixou copia, entre outros o meu propio, cousa que non deixou de producirme un inevitable rubor, demostran que don Antonio era meticuloso no seu traballo⁷². Os nomes que atopei dos que, recién licenciados na década dos sesenta e setenta, pasaron polas súas mans e hoxe son catedráticos de Instituto ou Universidade, non cómpre citalos aquí, mais denotan que o profesor Fraguas lembraba con agarimo aqueles que tiñan sido alumnos seus: “foi alumno das miñas clases de Xeografía Universal na Facultade”, “foi alumna miña no Instituto”, e sempre procuraba acompañar o substantivo dun cualificativo eloxioso: “alumno excelente”, “alumna distinguida”. Era propio de don Antonio salientar as cualidades que atopaba nos demais mentres esquecía facer referencia aos defectos. Como, asemade, conservou algunhas fichas nas que ía anotando o que debía ser avaliado, percíbese que era un agudo observador: “moi preparado/a”, “sacará pronto as oposicións”, “tímida”, “moi colaborador/a”,... e, vista despois a traxectoria de cada quen, atinaba con frecuencia.

3. COMO ENSINABA DON ANTONIO XEOGRAFÍA E HISTORIA

“El verbo enseñar tiene un valor que con frecuencia no le otorgan los que a él hacen referencia. Enseñar es crear una afición hacia lo que se enseña y se aprende”⁷³.

Estas verbas de don Antonio, escritas cando estaba a desenvolver o seu labor no Instituto Masculino de Lugo, son un bo resumo do norte que guiou a súa traxectoria como docente. Con sangue, a letra non entra; aprender tiña que ser un gusto polo saber. Achegar aos seus alumnos o máis próximo e coñecido para, desde esas realidades próximas, espertar o seu interese polo máis distante –no tempo e no espazo– foi para don Antonio

72 MPG..., carpeta 40.

73 FRAGUAS, Antonio, “El libro y la enseñanza”, *Vida Gallega*, N° 734, maio de 1958, p. 29.



O colexio de Sanclemente, instituto feminino Rosalía de Castro (foto Xenaro Martínez).

unha constante desde que iniciara a súa andaina como Profesor Cursillista na Estrada.

Entre o moito que gardou apenas atopei cousa ningunha respecto á súa concepción de cómo ensinar as materias da súa cátedra. Mais hai unha Memoria⁷⁴, que redactou o derradeiro curso da súa estadía no Instituto estradense, que proporciona idea acabada do xeito en que don Antonio ensinaba aos seus alumnos Xeografía e Historia. Trátase de vintedúas cuartillas manuscritas e sen data. Polo recollido nelas cabe supor que sentou á súa mesa de traballo no verán do 36, cando xa albiscaba o que lle viña enriba, para deixar constancia –“al cabo de los tres años que llevo en el Instituto”– do labor desenvolvido ata daquela. Pode pensarse que esta Memoria –consonte os azos, proxectos e ilusións dun profesor que empeza– é pouco significativa por corresponder aos inicios da súa carreira docente.

Sen embargo, vinte anos despois, don Antonio arquivou unha copia da súa resposta a un cuestionario enviado polo Centro de Orientación Didáctica⁷⁵, na que lemos o seguinte: “Es muy difícil hallar un sistema teórico, casi fórmula empírica, que nos permita estar en posesión del mejor método de enseñanza en una disciplina determinada. Al facilitar al profesor material pedagógico para desarrollar su labor docente, se le proporciona el medio para conocer la reacción de los alumnos y según ella tiene que orientar su sistema expositivo para despertar el interés, hasta si se quiere un poco afectivo, de grata preocupación por la asignatura”.

E, no ano 1962, requirido pola Inspección Central de Ensinanza Media para que remita unha serie de propostas posibles de temas de exame para as Reválidas de Grao Elemental e Superior, o profesor Fraguas envía axiña o que se lle pide e, en carta dirixida ao Inspector, sinala: “No sé si serán de su agrado. He procurado hacer a modo de recuento de conocimientos y hasta me hubiera gustado hacer que el examen pueda descubrir, en cierto modo, la observación directa de las cosas, por eso me agrada el tipo de pregunta: ¿Conoces un edificio románico? Descríbelo. Comprendo que esto va un poco contra la costumbre (...), y por ello, por no abusar de mis preferencias, creo que eso no lo puse más que en uno o dos”⁷⁶.

Fica, asemade, a testemuña dos que fomos os seus alumnos. O dobre empeño de partir da observación directa do máis próximo, por un lado, e de crear unha afección cara ao que se aprende, polo outro, marcaron, de principio a fin, o seu labor como catedrático

74 Vid. nota 40.

75 O cuestionario foille remitido o 29 de novembro de 1956, MPG..., carpeta 37.

76 MPG..., carpeta 40.

de ensino medio. Un labor “que gira en torno a la vocación”, porque “los alumnos se renuevan como las aguas de un río, y (...) hay un número, a veces la mayoría, que se formarán gracias al esfuerzo del que enseña”⁷⁷. Xa que logo, a Memoria antedita posúe valor suficiente como para facer aquí un extracto da mesma.

O profesor Fraguas comeza por referirse “al punto que fuimos destinados”, as súas características, actividades e xentes, ao seu empeño –como xa dixemos– de converter o Instituto en núcleo dinamizador da vida cultural da pequena vila, e á súa actividade como secretario do Centro, que procurou non limitar ás tarefas de índole burocrática.

Despois deste preámbulo pasa a facer detallada exposición da “labor de cátedra en la enseñanza de Geografía e Historia”, na que sempre buscou suscitar “el ansia de conocer aquello de que se habla y sostener constantemente el diálogo con el alumno”, cuestión á que dedica ampla reflexión. “El alumno en general se muestra reacio a sostener una conversación con el profesor”, actitude que “tiene su punto de partida en la escuela”. Por iso é necesario ter con el “una posición de afecto”, pois “llega a las aulas con un criterio (...) equívoco, y piensa que es una falta decir a un profesor que no se ha entendido una cosa o hacer una pregunta”. Deste diálogo “hemos obtenido los mejores resultados” e, incluso, “he procurado con frecuencia hacer sentir la necesidad de la pregunta por parte del alumno y llevarle al convencimiento de que no debía salir de una clase sin entender todo lo que se había explicado”.

Para acadar os seus obxectivos procuraba “siempre que la enseñanza teórica tuviese su complemento en la práctica”. Os exemplos buscábaos, na medida do posible, “entre aquello que más cerca podía estar, que era fácil ver por el alumno”. Deste xeito, o profesor Fraguas, pretendía evitar que “se sienta impotente”, non sexa capaz de “seguir al profesor” e acabe “profesando odio hacia la disciplina que era objeto de nuestras enseñanzas”. Nestas consideracións de carácter xeral fai tamén referencia á obriga, por parte do alumno, de levar “una libreta en la que va anotando explicaciones, viajes, conferencias, etc.”, que don Antonio ía “revisando durante el curso” pois este caderno de traballo, sobre o que volve varias veces, tiña para el moita importancia.

Logo, o profesor Fraguas analiza o que realizou nos distintos niveis que estaban ao seu cargo. O que, o como, o cando e a quen explicou, dentro do carácter cíclico que tiña o bacharelato, os contidos propios das súas materias. De aí que “el primer año (...) trato

77 Vid. nota 75.

de averiguar la preparación que traen para proceder en consecuencia (...) Esta nota provisional la voy completando con el resultado del primer ejercicio y las conversaciones sostenidas con ellos (...) y en continuos paseos por el campo, así tengo un conocimiento perfecto del alumno sin que éste se haya dado cuenta". Para don Antonio, as excursións e paseos, que realizaban "los sábados por la tarde y los domingos", eran fundamentais porque permitían "completar muchas veces las notas psicológicas de cada uno".

Don Antonio vai debullando o que fixo tanto en Xeografía coma en Historia. Con respecto á primeira, á que dedica máis espazo, comeza explicando como abordou cos seus alumnos as nocións de astronomía, esixidas polo cuestionario oficial, para que "tuviesen todos una idea exacta de aquello que la bóveda celeste nos brindaba para su contemplación". A carencia de instrumentos levouno a utilizar "procedimientos de observación rudimentarios, tales como el reloj de sol por la sombra. Empecé por la hora solar, sin otro medio que una porción del patio en que con un palo, por la proyección de la sombra, se determinó primero el paso del sol por el meridiano, con lo cual el alumno se fija en que a esta hora los rayos solares caen con más perpendicularidad en aquel punto, y según el tamaño de la sombra la mayor o menor inclinación de la tierra en su marcha por el espacio".

Prismáticos, compás e un anteollo, en bastante mal estado, que lle emprestaran ese mesmo curso, foron suficientes para tomar



Con alumnos do Instituto da Estrada (a. 1936)

nota das constelacións e facer croquis nas libretas do anaco de firmamento observado, tomando como referencia a pequena cúpula do Concello. Don Antonio logra entrar en contacto con don Ramón Aller, director do observatorio astronómico de Lalín, para que lle facilite datos co obxecto de determinar o paso dalgunha estrela e, ao tempo, levar os rapaces de excursión. Ademais, "algunos alumnos que vivían en el campo recogieron por mi indicación notas sumamente curiosas de la astronomía popular, tales como refranes y nombres especiales que la gente da a los astros y creencias y supersticiones que tiene sobre ellos".

Respecto á xeografía física, "mucho más en contacto con nosotros y de la que podíamos poner ejemplos y observarlos todos los días", foi obxecto de atención demorada por parte de don Antonio. Primeiro proporcionaba as explicacións teóricas pertinentes e despois viñan os "paseos para comprobar en la realidad todo lo que decíamos". Na redonda era doado examinar tanto a acción de toda clase de axentes sobre a superficie terrestre, coma entender as distintas formas de relevo ou as particularidades dos ríos, "empezando siempre por los que teníamos en la localidad (visitaron as fontes do Liñares) o próximos a ella, y continuando por los de la Península hasta llegar a los más lejanos".

Don Antonio refire tamén o seu especial coidado en levar á práctica todo o relacionado coa climatoloxía, facendo medicións de temperatura e chuvia (como ao primeiro non contaba con ningún pluviómetro mandou aos rapaces construír un). Puxo parello empeño na interpretación de mapas e planos, que empezou coa elaboración do "plano del edificio en que nos hallábamos emplazados, continuando después con el plano de la villa; para su mayor inteligencia por todos trazábamos un croquis de gran tamaño en el patio, de este modo todos se daban cuenta exacta de su forma y distribución".

Nunha palabra, para o profesor Fraguas era preciso enviscar ao alumno no estudo partindo daquilo que podían observar. Deste xeito resultaba logo moito máis doado poder dar o salto do particular ao xeral.

A última parte da Memoria dedícaa a explicar como abordou a ensinanza da Historia. Consonte as instrucións do cuestionario oficial (ten interese en subliñar isto ao longo da súa exposición) e o carácter cíclico do bacharelato, en primeiro curso só facilitaba unha somera visión dos problemas históricos porque "más que aprender, queríamos disponer al alumno para la preparación de los cursos siguientes, despertando en él toda posible inquietud por el conocimiento de la ciencia histórica".

Antonio Fraguas Fraguas

Nos cursos superiores procuraba dar conta das últimas aportacións establecidas pola crítica, para que “de este modo no encuentren los alumnos una marcada diferencia entre el Instituto y las aulas universitarias, más bien lleven (...) los conocimientos suficientes para continuar su labor en las Universidades”. De aí o seu interese en que foran “adquiriendo el hábito de utilizar la fuente histórica, siempre controlando y encauzando su visión de forma que no les ocasionara desilusión alguna”. A lectura comentada de feitos históricos, a elaboración de mapas onde sinalaban con precisión os acontecementos, o debuxo e/ou as fotografías dos monumentos máis significativos, etcétera, debían ser recollidos polo alumno na súa libreta.

Don Antonio, sen esquecer outros aspectos, prestaba especial atención ás manifestacións culturais de cada época e, como era habitual, sempre que podía botaba man do máis próximo. De feito, “teniendo en la comarca gran cantidad de mámoas y castros, he decidido llevar a los alumnos no sólo a visitar estos restos sino a emprender modestas excavaciones que nos dieron positivos resultados. Con el material encontrado hemos iniciado un museo en el Instituto”. Dun dos obxectos, achado concretamente no castro de Rivela, deu conta o Sr. Bouza Brey nunha nota publicada no Bole-tín da Academia Galega, correspondente ao mes de maio de 1935.

O profesor Fraguas indica que estas escavacións corrían pola súa conta, pois non había fondos, mais os alumnos amosaran moito interese e alá ían os domingos sen chuvia, se ben o último ano “el continuo invierno nos evitó el trabajo, por no consentirlo el tiempo de lluvias persistentes”. “Los alumnos llevaban por grupos y días en sus libretas el diario de la excavación, con ejemplos gráficos de los objetos hallados; trabajo que fui repitiendo todos los cursos con un sistema metódico para que no hubiese entorpecimiento de ninguna clase. Completamos esta labor con excursiones a Santiago, para visitar el Museo de la Facultad de Filosofía y Letras, a Pontevedra y a La Guardia y Tecla”.

Prosegue don Antonio relatando como ao chegar á romanización organizaba unha excursión a Lugo, para visitar as murallas, e outra a Pontevedra, para ver os miliarios e lápidas –algunha delas procedente da Estrada– do seu museo arqueolóxico. Tamén dá conta do achado, froito das súas escavacións, de ladrillos e moedas romanas –algunha das cales doou ao Instituto–, que parecen indicar a existencia nas inmediacións de “un pequeño campamento romano que no hemos podido excavar por impedirlo el cultivo de las fincas que posiblemente ocupa”.

As explicacións proseguen por carreiros similares no referido á Idade Media. Fala das visitas aos monumentos románicos da bisbarra para rematar cunha viaxe “a Santiago, museo de casi todos los estilos”. Non esquece dar conta de como enfocou o estudo da Historia Moderna –con especial énfase na de España– e Contemporánea, recorrendo á interpretación das fontes “que vamos llevando gradualmente como todas las enseñanzas”.

Coido que o extractado é máis que suficiente para apreciar que as supostas novidades pedagóxicas, obxecto hoxe de tantos cursos e cursiños, non son tales. Na década dos trinta do pasado século o profesor Fraguas sabía que debía delimitar conceptos, métodos e procedementos se quería acadar os obxectivos previstos, e preavaliar e avaliar os seus alumnos, consonte o establecido polo Ministerio, para que puideran obter o título de bacharel. Para aqueles que se dedicaban vocacionalmente á docencia todo consistía en aplicar o sentido común e, no caso concreto de don Antonio, asemade, un entusiasmo admirable.



Cun grupo de alumnas diante da catedral de Santiago

CONCLUSIÓN

Cómpre ir rematando con esta miña pequena contribución a un volume que pretende dar unha visión cabal da vida e obra de don Antonio. Cando tracei o esquema previo ao desenvolvemento dun traballo no que debía abordar un aspecto de tanta importancia na súa biografía, como é a súa dedicación á docencia, matinei que o mellor era empezar por botar man do expediente administrativo arquivado na Secretaría do meu –e seu– Instituto, o compostelán *Rosalía de Castro*, para, de seguido, achegarme ao Museo do Pobo Galego e ver os datos que alí atopaba. Desde San Domingos de Bonaval daría un paseo ate o Arquivo Histórico da Universidade, na cercana praza das Ánimas, por mor de consultar o labor de don Antonio como profesor da Facultade de Filosofía e Letras. Despois, pensaba eu, debería ir a Lugo e mais a Pontevedra. No



Homenaxe do Instituto de Lugo.

Lucus Augusti habería referencias aos seus primeiros anos como catedrático de ensino medio, e no *Valle Inclán* pontevedrés gardarían a documentación pertencente ao período da súa estadia como profesor cursillista no desaparecido Instituto da Estrada.

Non foi precisa tanta viaxe. Co achado no *Rosalía de Castro* e, sobre todo, no Museo do Pobo Galego –onde me deron toda clase de facilidades– foi suficiente. Don Antonio –dicía el⁷⁸– era moi desordenado, mais tiña o costume de amorear todos os seus papeis. Bendito costume! Hoxe, un pode achegarse ate o Museo e, sen saír da súa cómoda e ampla biblioteca, realizar unha minuciosa pescuda sobre a traxectoria de don Antonio.

Os que coñecemos ao profesor Fraguas, e gozamos do seu saber e da súa bonhomía, corremos o risco de perder a obxectividade. Eu procurei evitalo cinguíndome ao retrato perfilado pola documentación consultada que, no meu caso, foi a referida á súa actividade docente. De acordo con ela, don Antonio, consonte os valores que tentaba transmitir aos seus alumnos, foi un cabaleiro “sen mancha e sen tacha”⁷⁹.

Santiago de Compostela, verán de 2005

78 Vid. nota 12.

79 Vid. nota 26.



Xunto a Ubaldo Rueda, director do Instituto Rosalía de Castro, na Sala de claustros, acompañando a Mario Vargas Llosa e a Suso de Toro, na rolda de prensa previa ao acto de entrega a ambos escritores do premio literario Arcebispo Xoán de Sanclemente (26 de abril de 1995)



No patio renacentista do Instituto Rosalía de Castro, rodeado de profesores e alumnos, nunha das súas últimas visitas.

O soldado fiel



Justo Beramendi

Coido que esta é a mellor expresión para describir o papel de Antonio Fraguas no nacionalismo galego de anteguerra. É difícil atopalo en postos de resonancia pública, protagonizando algunha das moitas polémicas que dividían os irmáns na causa ou publicando artigos de contidos políticos. Unha visión superficial das fontes máis accesibles induciría en nós a falsa impresión de que a penas tivo participación naquel labor común e esforzado de quen construíron o edificio dos *bos e xenerosos*. Sen embargo, nada máis lonxe da realidade. El estivo sempre aí, alomenos dende que chegou a Santiago, cunha dedicación disciplinada, calada, continua, como bo e fiel soldado que defende sempre ata o final a posición que lle encomendaron os mandos. E sempre na procura dese ben precioso para todo movemento político, a unidade, e máis se ese movemento está empezando e non pode permitirse aumentar a súa febleza con retesías internas. Repasemos, xa que logo, a biografía política, pouco rechamante pero moi aleccionadora, deste soldado.

NAS IRMANDADES DA FALA

O propio Fraguas díxome en certa ocasión que entrou por primeira vez en contacto coas ideas galeguistas en Pontevedra e da man do maxisterio de Antón Losada Diéguez e de Alfonso R. Castelao, ámbolos dous profesores do Instituto. Non obstante, os irmandiños pontevedreses eran daquela tan reducidos en número que nin sequera conseguiran artellar unha Irmandade estable na cidade. Por iso é moi probable que a afiliación formal de Fraguas non se producise ata a súa chegada a Santiago, que contaba coa segunda Irmandade en antigüidade de Galicia¹ e a terceira en peso dentro do movemento despois das de Coruña e Ourense. En todo caso, a primeira fonte que nos permite ter constancia da militancia nacionalista de Fraguas é a lista de afiliados á Delegación santiaguesa da Irmandade Nazonalista Galega. Isaac Díaz Pardo, que a conservara nos papeis de seu pai, tivo a amabilidade de proporcionarha hai anos. Situámonos, xa que logo en 1922-1923.

E daquela as augas corrían algo revoltas no seo daquelas primeiras organizacións do nacionalismo galego. Como sabemos,² a división entre o sector partidario dunha acción política dentro das institucións, incluída a participación nas eleccións e a formación

¹ Fora fundada o 28 de maio de 1916, só dez días despois da primeira, a da Coruña.

² Sobre a historia do nacionalismo galego destes anos vid. Justo Beramendi e Xosé Manuel Núñez Seixas, *O nacionalismo galego*, Vigo, A Nosa Terra, 2ª ed. 1996, pp. 93-207. Unha descrición e unha análise moito máis pormenorizadas en Justo Beramendi, *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*, Vigo, Ed. Xerais, 2006, cap. IX-XVII (no prelo).

de alianzas con forzas non nacionalistas, e o sector que estimaba inútil e nociva tal participación dada a natureza corrupta e corruptora do réxime caciquil da Restauración desembocou finalmente na escisión que tivo lugar na IV Asemblea Nacionalista, celebrada en Monforte en marzo de 1922. A Irmandade da Coruña, a máis numerosa con moito, non aceptou os acordos refundadores daquela Asemblea, que non mudaban o programa pero si introducían unha radical reformulación do organigrama. En consecuencia marchou, secundada só pola de Vilalba, unha parte da de Betanzos e algúns outros afiliados doutras localidades. O resto dos grupos pasaron da laxa unión federativa anterior á formación dunha nova estrutura, a Irmandade Nazonalista Galega, fortemente xerarquizada e encabezada por Vicente Risco, que foi elixido Conselleiro Supremo. As diferentes agrupacións locais pasaron a denominarse Delegacións da ING na cidade ou vila en cuestión.

Antonio Fraguas, afiliado en Santiago, aceptou a nova disciplina, como todo os seus compañeiros de Compostela, e con ela tamén o programa que seguía a ser basicamente o aprobado en Lugo no mes de novembro de 1918 na I Asemblea Nacionalista. Lembremos os seus puntos principais: autodeterminación de Galicia para dotarse dunha “autonomía integral”. Esta quería dicir un legislativo e un executivo propios, así como a asunción de todas as competencias agás defensa, relacións exteriores, comunicacións de ámbito español, moeda e códigos penal e mercantil. Tal reivindicación implicaba a conversión do Estado centralista español noutro máis confederal ca federal, que se sostaría polas aportacións económicas dos entes federados. No que atinxía á Galicia futura, o programa prevía a oficialidade do galego, a galeguización do funcionariado, do ensino e de toda a vida pública, a promoción sistemática da lingua e da cultura galegas, a reposición do Dereito Civil galego e a instauración dunha auténtica democracia representativa, con igualdade de dereitos políticos para a muller, erradicación do caciquismo, un sistema electoral proporcional, certas doses de democracia directa mediante o referéndum e o concello aberto nas zonas rurais, autonomía para os Concellos urbanos e vilegos, eliminación das Deputacións Provinciais e dos Concellos rurais por coidalos “niños do caciquismo” e a substitución destes últimos polas parroquias como unidades básicas da administración local nese ámbito. A total autonomía fiscal e arancelaria de que gozaría Galicia, xunto con certas reformas progresivas no sistema impositivo e a creación dunha banca pública, permitirían fomentar o desenvolvemento económico e xeneralizar un cooperativismo agrario que, sen alterar os fundamentos da pequena propiedade no campo, acabaría coa miseria da maioría dos campesiños e coa emigración masiva.

Este é, moi sumariamente exposto, o proxecto que Antonio Fraguas compartía cos seus irmáns políticos, que en Santiago eran exactamente 65, o que non estaba mal para a época. Pero máis que a cantidade é interesante a súa cualidade. En efecto, no grupo compostelán militaban os marmoristas e escultores Francisco Asorey, Xosé Eiroa, Santiago Rodríguez Bonome e Antonio Figueras; o artista plástico Camilo Díaz Baliño, procedente de Ferrol; os músicos Ángel Brage, Manuel Esteva e Álvaro Soto; o canteiro e posterior avogado Juan Jesús González; o enxeñeiro Carlos Pardo Ciorraga; os notarios Luís e Manuel Banet Díaz-Varela, fillos do tamén notario e galeguista destacado dende a época rexionalista Manuel Banet Fontenla; os farmacéuticos Eduardo Valencia e Luís Feijoo; os profesores de Universidade Salvador e Isidro Parga Pondal; o catedrático da Escola de Veterinaria Xesús Rodríguez Culebras; o veterinario Xesús López Gacio; o crego Paulino Pedret; os periodistas Francisco Porto Rey (tamén comerciante) e Ramón Salgado Pérez (“Odaglás”); e o mestre e poeta Victoriano Taibo. Había tamén cinco comerciantes³, o óptico Xavier Pardo, o viaxante Serafín Liste, o tipógrafo Luís Bomar, o prateiro Santiago Rey, o mecánico de coches Juan Silva, o xastre Evaristo Tomé, o funcionario de Correos Antonio Antas, o empregado de banca Luís de la Fuente e os dependentes de comercio Xosé Sampedro e Santiago Ulla. Os únicos empresarios de certo fuste eran Ramón Morandeira, dono do Gran Hotel Europa da rúa da Senra e da fonda La Lucense, e o pequeno fabricante de calzado (e escritor) Jesús San Luís Romero. Entre os 27 estudantes universitarios censados salientan Valentín Paz Andrade (presidente da Xuventude Escolar Nazionalista en 1920), Xesús Ferro Couselo, o propio Antonio Fraguas, Urbano LUGRÍS, Juan Rof Carballo, Salvador García-Fernández de Bodaño e os fundadores do Seminario de Estudos Galegos: Fermín e Luís Bouza Brey, Xosé Filgueira, Julián Magariños Negreira, Ramón Martínez López e Luís Tobío.

Nestes primeiros anos de militancia a pegada nas fontes da actuación de Fraguas como nacionalista é moi pequena. Sen embargo será dos poucos que se manterá firme no seu compromiso cando cheguen os malos tempos da Ditadura de Primo de Rivera, que provocou unha auténtica desbandada da maior parte das Irmandades, de xeito que só a da Coruña foi quen de manter a organización, aínda que moi diminuída, e seguir publicando *A Nosa Terra* se ben cunha cadencia que baixou de decenal a mensual. En Compostela, o forzado eclipse político e organizativo era parcialmente compensado pola actividade do Seminario de

³ Xosé Barral Martínez (droguería), Emilio Gutiérrez del Arroyo (mercería), Vicente López Ramos (camisería), José Sánchez Barberán, Laureano Seijo.

Estudos Galegos, no que Fraguas, que non formara parte do grupo fundador, ingresou en 1927. Á parte disto houbo na cidade un primeiro conato de reorganización a escala local, a Mocidade Cultural Galega de Santiago, que crearon Xavier Pardo, Manuel Beiras, Urbano LUGRÍS e algúns mozos máis en marzo de 1925 e que durou un par de anos con moi pouca actividade, fóra do intento de crear unha editorial que só publicou un par de títulos.⁴

Pero a verdadeira proba de que a vinculación galeguista de Fraguas, a diferenza de tantos outros, non se reducira nestes anos ao eido da erudición e da cultura chéganos un pouco despois, co primeiro intento de reorganizar o nacionalismo na clandestinidade. Ese intento tivo lugar entre decembro de 1928 e xaneiro de 1929 e coñecemos grazas a unha carta que o 3 de marzo de 1929 escribiu Ramón Otero Pedrayo ao xa moi enfermo Antón Losada Diéguez.⁵ Por iniciativa da Irmandade da Coruña reuníronse na casa de Camilo Díaz, na rúa das Hortas de Santiago, representantes desa Irmandade (Federico Zamora) e dos grupos de Ourense (Vicente Risco, Florentino López Cuevillas, Ramón Otero Pedrayo) e Santiago (Paulino Pedret, Camilo Díaz, Antonio Fraguas, Ramón Martínez López). Os reunidos acordaron fundar “unha organización nacionalista pura, sen parlamentarismo, nin regramentos, o máis segreda, rápida e eficaz posíbre”. Otero elaborou un programa ideolóxico –que non coñecemos– na liña risquiá a xulgarmos pola carta, e foi elixido provisoriamente “cabzaleiro supremo” o 10 de xaneiro. Nomeáronse presidentes locais na Coruña a Francisco Abelaira, xefe de contabilidade da Sociedad General Gallega de Electricidad, e en Santiago ao crego Paulino Pedret. Acto seguido fixéronse xestións para a reconstitución dos demais grupos locais.

Como vemos, as formulacións deste intento parecen continuístas verbo dos da ING. Tal continuísmo, unido ao predominio do sector católico-tradicionalista nos postos de responsabilidade, probablemente desanimou o sector pro-republicano dos irmandiños coruñeses, maioritario na cidade. Isto, sumado ás dificultades obxectivas e subxectivas que comporta sempre organizarse na clandestinidade, sobre todo para persoas que nada tiñan de revolucionarias, explica que o proxecto esmorecese a penas nado. O certo é

⁴ Vid. a carta da Mocidade Cultural Galega de Sant-Yago “ós irmáns nazionalistas de Viveiro” datada en Santiago o 24 de marzo de 1925 na que comunica a súa creación e pouco máis. Está asinada por Manuel Beiras, R. Urbano Losada e outra rúbrica ilexible. Parlamento de Galicia, Fondo Villar Ponte.

⁵ Arquivo Losada Diéguez, Pazo de Moldes.



A casa de Camilo Díaz na rúa das Hortas, na actualidade (foto M. Vilar).

que a nova organización non volve mencionarse na correspondencia posterior a marzo de 1929. E cara fóra tampouco non dá sinais de vida. O único panfleto nacionalista clandestino que coñecemos deses meses,⁶ con data 25 de xullo e asinado por unha Xuntanza Agrario Nazonalista, é moi probablemente obra do grupo de Madrid, encabezado por Fermín Fernández Penzol.

O fracaso do intento de 1928 débese sen dúbida a que as diferenzas internas seguían onde sempre, máxime cando a dirección da Irmandade da Coruña, a única que seguía existindo real e legalmente contra vento e marea, evoluía nunha traxectoria diverxente e non estaba disposta a repetir a experiencia de 1922-1923. En efecto, a maior parte desta Irmandade converxerá a primeiros de setembro de 1929 co grupo republicano coruñés de Santiago Casares Quiroga para formar a Organización Republicana Galega Autónoma (ORGA), da que o manifesto fundacional, feito público en outubro, deixaba claro que era ante todo unha forza republicano-autonomista, pero en absoluto nacionalista.

Fóra da Coruña, esta renuncia a continuar polo difícil camiño de construír organizacións políticas nidiamente nacionalistas provocou unha gran conmoción. Pero a maioría dos irmandiños do resto de Galicia, entre eles Fraguas, negouse a imitar o exemplo dos coruñeses e mantívose firme no propósito de reiniciar o labor interrompido en setembro de 1923 en canto a represión política aminorase o suficiente para facelo posible.

A dimisión de Miguel Primo de Rivera e a súa substitución polo xeneral Dámaso Berenguer en xaneiro de 1930 tornaron as condicións algo máis favorables para as forzas da oposición. Conscientes de que a ditadura estaba nas últimas, os novos gobernantes toleraron a actividade paralegal das forzas políticas. Nesta “ditablanda”, o nacionalismo galego reagromou con moita máis forza da que tiña antes. Durante ese ano e os tres primeiros meses do seguinte reconstituíronse case todo os grupos preexistentes⁷ con excepción de Ferrol e Vilalba e apareceron outros tantos en lugares onde non os houbera (Ribadeo, Noia, Valdeorras, Rianxo, entre outros). Uns grupos conservaron o nome de Irmandade, outros adoptaron siglas diferentes pero todos deixaban claro o seu carácter nacionalista.

6 *Ao pobo galego*. Asdo.: Xuntanza Agrario Nazonalista. S.l. [Madrid], Día de Galicia, s.i., 1929, 1 p. Gárdase un exemplar no Fondo Fermín Fernández Penzol da Fundación Penzol xunto co orixinal mecanografado. No texto facíase un chamamento á xuventude para que abandonase a pasividade e loitase por acabar cunha “esclavitude millor ou peor tapada”. Anunciaba que un fato de mozos agrupábase para reanudar o labor das organizacións nacionalistas anteriores, seguindo as orientacións do programa de Lugo que, con pequenas modificacións, continuaba a ser válido.

7 A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Santiago, Betanzos, Viveiro, Mondariz e Vilagarcía. Monforte, A Estrada.

Para intentar reunificar estas forzas, coruñeses incluídos, celebrouse a VI Asemblea Nacionalista o 26 e 27 de abril de 1930 na Coruña. Aínda que os acordos adoptados (creación dunha Irmandade da Fala de Galicia para o labor cultural e dun Partido Autonomista Agrario para a acción política) aparentaban que se acadara o obxectivo perseguido, eses acordos non se aplicaron e na práctica cada quen foise polo seu lado. Os comprometidos coa ORGA seguiron de momento esa vía, aínda que moitos, como Víctor Casas e Ánxel Casal, volverían ao rego nacionalista no abrente da República. E os demais proseguiron co esforzo de construír organizacións nacionalistas que puidesen loitar polo seu, sen hipotecas externas, na nova situación que se aveciñaba.

Esfuerzo que tivo os seus maiores froitos nas provincias de Ourense e Pontevedra, como demostran a ulterior formación do Partido Nazonalista Republicán na primeira e do Grupo Autonomista Galego de Vigo e o Partido Galeguista de Pontevedra na segunda, forzas que serán quen de conseguir os dous primeiros deputados nacionalistas en Madrid (Otero Pedrayo e Castelao) nas eleccións de 28 de xuño de 1931 ás Cortes Constituíntes da República.

A cidade de Santiago non foi allea a este rexurdir. Máis ou menos coincidindo coa VI Asemblea refundouse a Irmandade da Fala, acto no que, como era de esperar, Antonio Fraguas estivo presente. Fracasada a tentativa de reunificación, os nacionalistas composteláns quixeron marcar distancias co autonomismo da ORGA e adoptaron o nome de Asociación Nacionalista de Santiago. Cando se proclamou a República, unha parte deste grupo promoveu, xunto con algúns nacionalistas doutros lugares, a creación dunha organización de ámbito galego, Esquerda Galeguista, da que formou parte Antonio Fraguas, malia o seu fondo catolicismo, o que dá idea da radicalidade das súas posicións nacionalistas e democráticas nese momento.

En efecto, Esquerda Galeguista era, como o seu mesmo nome indica, un grupo ideoloxicamente máis homoxéneo cá Asociación Nacionalista, na que convivían galeguistas de mentalidade católico-conservadora, como o vello Manuel Banet Fontenla (que se instalara en Santiago procedente de Monforte), os cregos Paulino Pedret, Xosé M^a Cabada e Manuel García García ou a catedrática de Instituto María Pura Lorenzana, co sector máis esquerdista do nacionalismo (Lois Tobío, Ricardo Carballo Calero, Francisco Fernández del Riego).⁸ Algúns estudantes da ANS encadrábanse

8 Outros nomes a salientar de entre os 34 afiliados da ANS que logrei censar son Manuel Beiras García, Xesús Carro, Álvaro Cunqueiro, Camilo Díaz Baliño, Xan Xesús González (que a presidía en 1931), Sebastián González, Mario Fernández Granell, Xosé Mosquera (“O vello dos contos”), Isidro Parga Pondal e Luís Seoane.

tamén na EG (Carballo, Tobío, Seoane). Con vocación de actuar en toda Galicia, máis da metade dos seus magros efectivos residían en Santiago. Militaban tamén nela Ánxel Casal (de volta ao rego nacionalista), Álvaro das Casas (catedrático en Noia), Arturo Cuadrado, Xosé Eiroa e Primitivo Rodríguez Sanjurjo.⁹ De plantexamentos moi escorados cara á esquerda democrática e radicais de abondo na cuestión nacional tivo unha actuación política máis ben escasa, que non pasou alén da redacción e difusión dalgún manifesto e da decisión de absterse nas eleccións de 28 de xuño por desconfiar da pureza democrática e da vontade descentralizadora da nacente República.¹⁰

É posible, non obstante, que este abstencionismo electoral fose en realidade un modo de facer da necesidade virtude. Co groso dos galeguistas embarcados na ORGA, o resto do nacionalismo da provincia da Coruña non tiña nin de lonxe as forzas e a organización precisas para concorrer a esas eleccións. O feito de que case todos os abstencionistas de 1931 participasen con entusiasmo nas eleccións posteriores, xa baixo a sigla do Partido Galeguista, pese a que Constitución aprobada en decembro dese ano deixase moi claros os estreitos límites da descentralización legalmente posible, parece corroborar que esa decisión de EG, máis ca produto de fondas conviccións ideolóxicas, non era senón un modo digno de tapar as propias feblezas.

NO PARTIDO GALEGUISTA

En todo caso, pasadas esas eleccións e iniciados os procesos constituínte e autonómico, ficou máis evidente ca nunca a urxencia de unificar os numerosos grupos nacionalistas nun partido moderno e eficaz, único modo de competir con certas posibilidades no novo escenario político para a consecución do gran obxectivo táctico do momento: a autonomía de Galicia. Como sabemos, desta vez a unificación fíxose e fíxose ben. A fundación do Partido Galeguista na que foi asemade VII Asemblea das Irmandades e I Asemblea do PG (Pontevedra, 5-6 de decembro de 1931) marcou realmente un decisivo punto de inflexión no devir do nacionalismo galego.

9 A composición socioprofesional dos membros da EG que conseguín identificar era: 11 estudantes, 5 avogados, 2 catedráticos de Instituto, 1 profesor de Universidade, 1 impresor, 1 escultor, 1 perito agrícola, 1 mestre, 1 empregado e 1 médico.


10 "Temos a obriga de confesar que o problema galego vaise tornando pra nós incompatible cos homes da Hespaña". O manifesto, datado en Santiago o 14 de xuño de 1931 (*A Nosa Terra*, nº 285, 1-VII-1931), reivindicaba como propio o proxecto de Estatuto aprobado na Asemblea de 4 de xuño na Coruña.



Antonio Fraguas, na súa condición de afiliado á Esquerda Galeguista, foi un dos fundadores do novo Partido, aínda que non estivo presente na asemblea. Fiel ao seu perfil de soldado non aparece moito nas fontes, pero os poucos rexistros que se conservan indican que non era precisamente un militante inactivo. Aínda que polo seu carácter máis ben tímido non lle prestaba moito a tribuna tampouco non fuxía dela sempre que fose preciso. E así, por exemplo, vémolos de orador nun mitin en Maside xunto con Víctor Casas, Leuter González Salgado, Ramón Otero Pedrayo e Castelao.¹¹ Sen dúbida tampouco non foi alleo ao proselitismo que permitiu constituír en abril de 1932 o Grupo Galeguista no seu natal Cotobade, concretamente na parroquia de Viascón, que logo medraría por outras parroquias do municipio, nomeadamente pola de Carballedo, onde xurdiría en 1934 un grupo das Mocidades Galeguistas.¹²


11 *A Nosa Terra*, nº 296, agosto 32, p. 4.

12 No libro de Rexistro de Socios do Partido Galeguista (AHP de Pontevedra) aparecen censados en Cotobade 30 afiliados: 6 estudantes de ensino medio, 1 estudante universitario, 1 escolante, 1 empregado, 1 mestre canteiro, 2 canteiros, 1 albanel, 1 panadeiro, 1 xastre, 2 carpinteiros, 2 ferreiros, 1 zapateiro, 2 mecánicos, 2 obreiros, 2 labregos e 4 dos que non se menciona a profesión.



"Pasados moitos anos rompemos o cerco e erguemos a nosa voz por Don Manuel Portela Valladares e Don Joaquín Núñez de Couto, natural de Cotobade e profesor en Ourense (...) O mitin foi sonado pero non houbo resposta, ninguén dixo ren. Axiña viría a dictadura de Primo de Rivera".

Pero quizais a súa actividade pública máis notable como nacionalista foi ser un dos primeiros locutores de radio en Galicia. E a cousa esixe unha explicación algo demorada. Aínda que o obxectivo programático do Partido Galeguista no que atinxía á vinculación de Galicia co Estado español seguía a ser o fixado en Lugo en 1918, isto é, a creación dun Estado galego federado aos demais nunha Federación española ou ibérica, a aprobación da Constitución de 1931 non deixaba máis camiño real que unha autonomía non demasiado ampla. Camiño ademais non doado, pois os requisitos esixidos eran duros de abondo.¹³



Manifiesto da Liga Compostelana Pro-Estatuto, redactado por Alexandre Bóveda, que foi emitido por "Unión Radio Galicia".


Isto colocaba o PG perante un dilema: non aceptar esa dura rebaixa e converterse nunha forza anti-sistema ou aceptala como obxectivo táctico xogando dentro do sistema para, unha vez conseguido, continuar loitando pola meta estratéxica. A opción elixida foi

13 O art. 12 da Constitución establecía: "Para la aprobación del Estatuto de la región autónoma se requieren las siguientes condiciones:

- Que lo proponga la mayoría de sus Ayuntamientos o, cuando menos, aquellos cuyos Municipios comprendan las dos terceras partes del Censo electoral de la región.
- Que lo acepten, por el procedimiento que señale la ley Electoral, por lo menos las dos terceras partes de los electores inscritos en el Censo de la región. Si el plebiscito fuera negativo, no podrá renovarse la propuesta hasta transcurridos cinco años.
- Que lo aprueben las Cortes.

Los Estatutos regionales serán aprobados por el Congreso siempre que se ajusten al Presente Título y no contengan, en caso alguno, preceptos contrarios a la Constitución, y tampoco a las leyes orgánicas del Estado en las materias no transmisibles al poder regional, sin perjuicio de la facultad que a las Cortes reconocen los artículos 15 y 16".

a segunda e de feito as mellores enerxías do PG durante toda a súa curta existencia foron dedicadas a conseguir a autonomía para Galicia. Foi a súa teimosía a que venceu as resistencias das demais forzas políticas, incluídas as que se declaraban autonomistas como a ORGA. Grazas a esta insistencia, e coa inestimable axuda do conservador Enrique Rajoy Leloup, concelleiro de Santiago, o proceso autonómico, iniciado en xuño de 1931 pero interrompido axiña so pretexto de que cumpría agardar á aprobación da Constitución, empezou a desatascarse na primavera de 1932. Logo de moitos avatares foi posible reunir finalmente o 17 de decembro de 1932, na Facultade de Medicina de Santiago, a asemblea de municipios de que falaba o Art. 12.



Para estimular o apático autonomismo da sociedade, o PG apuntouse axiña aos que daquela eran novísimos medios de difusión. Segundo o informe da dirección do partido á III Asemblea¹⁴ (Ourense, 13-14 de xaneiro de 1934), "o Partido mandou filmar unha película de propaganda da Autonomía que foi pasada en case todos os cines de Galiza e da que se conservan dúas copias para utilizar no intre oportuno". Pero estaba claro que o principal medio emerxente de propaganda era a radio. Conscientes disto, militantes nacionalistas xogaron, xunto con algúns republicanos, un papel capital na creación da primeira emisora galega, da que o nacemento estivo moi ligado ao proceso autonómico. En efecto, co gallo da Asemblea de Municipios que había de aprobar o proxecto de Estatuto, algúns membros do Comité da Autonomía, con Raimundo López Pol, alcalde republicano de Santiago, á cabeza, pensaron en radiar o evento a toda España, pero finalmente renunciouse á idea polo seu elevado custe (18.000 ptas.). Non obstante, o alcalde solicitou da Compañía Telefónica que fixese

14 Memoria que o Consello presenta a III Asambrea do Partido, mecanografiado. 6 pp. holandesa. Nadal de 1933. Parlamento de Galicia-Fondo Villar Ponte.

Al pueblo de Santiago

Momentos decisivos de la Historia de Galicia, nos deciden a acudir a nuestros convecinos que conscientes de la trascendencia de los problemas que plantea la constitución autónoma del pueblo gallego, no pueden permanecer al margen de estas cuestiones.

Es, pues, llegado el momento de actuar de una manera íntima y decisiva al fin de las autoridades y organismos oficiales, que tan acertadamente vienen trabajando en pro de lo que es postulado más de nuestro país.

A este fin un grupo de santiagués, empeñado resque los temas de su patria, que en todo momento sabe reclamar un puesto de vanguardia en la defensa de los intereses regionales, hizo un llamamiento a todos aquellos elementos que no se vean obligados a actuar por su carácter político o social y sin embargo el peso de sus deberes sociales, llamamiento que dio por resultado la constitución de **La Liga Compostelana Pro Estatuto**, que hoy se presenta al pueblo en la seguridad de que no habrá de faltarle su apoyo moral, más eficaz que el económico, con ser muy útil y tan indigesto como éste.

Quiera la nación entera, al recibir a este movimiento, más que esperanzas, realidades, y siente avivados sus entusiasmos por el éxito de las primeras gestiones en favor del establecimiento de una estación radiodifusora, instalada y dirigida por UNIÓN-RADIO, que actuará sobre todo la región, llevando a ella los ecos de la vibrante tertulia de nuestro pueblo ante el resurgimiento de Galicia.

Este éxito alcanzado por la iniciativa de unos cuantos y llevado a la práctica con el concurso de unos pocos — ya que premuras de tiempo no permitían una actuación más amplia — a la parca vez que demuestra lo que se puede hacer, a impulsos del entusiasmo, con el concurso de todos, nos pone en condiciones de desarrollar una labor que Galicia sabrá agradecer.

Con la vida puesta en el ideal de nuestra patria, con el acento que pone la fe en las convicciones suyas, que salgan al fin al margen los papeles creaciones, acometamos la empresa de cooperar al fin que perseguimos: que los gallegos, conscientes de su dignidad, en la seguridad de que no habrá de faltarles la asistencia moral y material de los santiagués para que muy pronto puedan ser realidad los anhelos de nuestra región.

Por Galicia y su autonomía, es el lema de nuestra actuación.
Santiago, 6 de Enero de 1933.

Liga Compostelana Pro Estatuto.

Paradeo—45321440

unha emisión especial da sesión final de 19 de decembro para os galegos de Buenos Aires e esta accedeu a facelo gratuitamente en colaboración cunha emisora arxentina. Deste modo tivo lugar a primeira emisión dende Galicia pola que os emigrantes puideron escoitar o himno galego, as badaladas da catedral e a salutación que lles comunicaba o final feliz da Asemblea.

O éxito da experiencia levou a que a Liga Compostelana Pro-Estatuto¹⁵, asociación na que os nacionalistas de Santiago tiñan unha nutrida presenza, aunase esforzos con outras entidades locais para crear, a principios de xaneiro de 1933, a primeira emisora galega: EAJ-4 Unión Radio Galicia, integrada na SER. Instalou a súa redacción no primeiro andar do nº 5 da Praza da Universidade e emitía

a través dunha antena chantada en San Domingos de Bonaval. O teor galeguista de Radio Galicia era moi claro tanto polo primeiro equipo de persoas que a levaron adiante como polos contidos das emisións que estaban orientados preferentemente a facer propaganda a prol da autonomía. Os locutores habituais eran Antonio Fraguas, Ramón Valenzuela e Xosé Mosquera, o popular “vello dos contos”, un nacionalista de dereitas ao que ás veces acompañaba un rapaz, Ángel Porto Anido, que andando o tempo sería alcalde franquista da cidade. E o principal redactor era Manuel Beiras García, entre cuxos papeis, depositados no Museo do Pobo Galego, aínda se conservan numerosos guións do emitido.

Pola súa parte, Antonio Fraguas mantívose en todo momento fiel á disciplina orgánica e á vontade maioritaria do movemento. Por iso, cando a división interna entre tradicionalistas e demócratas reagromou con forza a partir de 1934, el puxo sempre a lealdade ao partido por riba de calquera convicción relixiosa ou calquera

¹⁵ Vid. o folleto de presentación da Liga *Al Pueblo de Santiago*, 6 de xaneiro de 1933, Imp. Paredes. Museo do Pobo Galego, Fondo Manuel Beiras, Carp. 1.3.3.

amizade persoal. E así, cando a entrada do Partido Galeguista na Fronte Popular provocou en Ourense a segunda escisión pola dereita,¹⁶ Antonio Fraguas non escoitou a quen clamaban en nome dun catolicismo que debía ser ingrediente obrigado do nacionalismo galego. E non seguiu a senda dos seus compañeiros de aventura radiofónica, Manuel Beiras e Xosé Mosquera, que si abandonaron o Partido Galeguista para engrosar as magras hostes da Dereita Galeguista encabezada por Vicente Risco e Xosé Filgueira.¹⁷

Todo o contrario. Xusto neses meses Antonio Fraguas pasou a ocupar o único posto directivo que tivo no Partido Galeguista, o de Secretario Xeral do Grupo Galeguista da Estrada, vila na que estaba destinado como profesor do Instituto. Era esta daquela unha das agrupacións locais máis nutridas do partido no ámbito semiurbano, pois conseguira medrar considerablemente, aínda que non tanto como a de Rianxo, ata acadar os 120 afiliados. Pese a isto non tiña local propio e usaba para as súas reunións a sede de Unión Republicana.¹⁸ No Grupo Galeguista, os sectores sociais superiores mantiñan un peso importante, pero xa non maioritario (21,6%).¹⁹ En realidade, a distribución social estaba moi equilibrada, agás no que atinxía aos labregos que só aportaban 3 afiliados nunha comarca de fonda tradición agrarista: 19,2% de estudantes, 18,3% de artesáns e autónomos²⁰, 12,5% de docentes e 6,25% de empregados.

Dende alí Fraguas participou na campaña do referéndum do Estatuto e puido saborear o gran paso adiante que a consulta significou no camiño da autonomía. Mais por pouco tempo, como



En “Unión Radio Galicia” de Santiago de Compostela (1932).

¹⁶ A primeira, protagonizada por un pequeno grupo de afiliados de Pontevedra, tivera lugar en abril de 1935 cando a IV Asemblea do PG aprobou unha alianza coa esquerda republicana para poder conseguir unha autonomía que as dereitas españolas facían imposible.

¹⁷ Os escindidos composteláns saíron á palestra pública cunha folla, *Á opinión galega*, na que explicaban a súa postura e achegaban un boletín de adhesión. Ademais das sinaturas de Beiras e Mosquera, aparecía en primeiro lugar a do vello Manuel Banet Fontenla seguida doutras tres. Museo do Pobo Galego, Fondo Manuel Beiras, Carp. 1.3.3.

¹⁸ Tal afirma o oficio do alcalde franquista ao xuíz de Caldas, datado o 10 de maio de 1937, no que informa da composición da directiva do grupo. Museo do Pobo Galego, Fondo Antonio Fraguas, Carp. Nº 64.

¹⁹ 10 comerciantes, 6 empresarios, 2 notarios, 1 xuíz, 1 avogado, 4 médicos, 1 enxeñeiro e o secretario do Concello.

²⁰ 6 xastres, 2 choferes, 5 modistas, 1 marmorista, 2 zapateiros, 2 ebanistas, 3 mecánicos e 1 ferreiro.

En cumplimiento de su oficio de 30 del anterior, tengo el deber de informarle que el Grupo Galleguista de esta Villa, no se sabe que tuviera domicilio, pero se reunía en el local de Unión Republicana: La Directiva de dicho Grupo a partir del 16 de Febrero de 1936, estuvo formada del siguiente modo:

Secretario General: D. Antonio Fraguas Fraguas, id. de actas: D. Segismundo Blasco Fuentes, id. de Organización: Emilio Pereiras Rial, id. de Finanzas: José Varela Fuente, Vocales: Maximino Vila, Ayudantes: Jesús Constanza Martínez, id. Ángel Seforán Sánchez, id. Domingo Blasco Pardo, id. Manuel Bay Saijo.

La actuación de dicha Directiva se ha analizado por su intervención directa y entusiasta en las alocuciones generales de Fomento; en las de Compromiso para Presidente de la República y en las del Plebiscito para el Estatuto Gallego, sin que se sepa hayan tomado parte activa en los sucesos de Julio, contrarios al Movimiento Nacional, salvador de España.

Dice grande a V. S. muchos años.
 IVIVA ESPAÑA!
 La Estrada, 20 de Mayo de 1937.
 EL ALCALDE-DELEGADO CIVIL:

590

Sr. Juan de Primera Instancia a Instrucción de
 CÁDIZ DE REYES.-

ben sabemos. A penas tres semanas despois da ledicia chegou a traxedia. Dentro do que cabe, Fraguas non saíu demasiado malparado, malia soportar vexacións humillantes e a inevitable "depuración" como funcionario que o afastou temporalmente da docencia. É moi indicativo da súa proverbial bonhomía que ata os seus peores inimigos o tratasen con respecto. E así nos informes da Falanxe local e do Alcalde para o expediente de depuración hai un tratamento mesmo eloxioso,²¹ algo que sen dúbida contribuíu a que o castigo polo seu pecado nacionalista fose relativamente leve, para o que se estilaba entre os vitoriosos *nacionais*.

Pero nada disto podía salvarlo de entrar como todos na longa noite de pedra, de ter que renunciar á súa actividade como nacionalista, aínda que nunca renunciara ás súas ideas nin ao seu amor por Galicia. Pero aquí temos que poñer punto final a esta modesta contribución, forzosamente breve, pois debe cinguirse a unha faceta da súa vida, a militancia en organizacións nacionalistas, que quedou brutalmente tronzada para sempre aquel verán de 1936.

21 "Era elemento de orden, de excelente moralidad y nunca ha ejercido influencia sobre sus alumnos ni utilizado la clase o aula para ninguna clase de propaganda, antes al contrario era muy querido de sus alumnos, y de los afiliados a la Falange".

Falange Española Tradicionalista y de las J. O. N. S.

Delegación Provincial de Información e Investigación LA CORUÑA

GUILLERMO TOGORES Y DÍAZ DEL RÍO, DELEGADO PROVINCIAL DE INFORMACION E INVESTIGACION DE F. E. T. Y DE LAS J. O. N. S. DE LA CORUÑA

Nº 4.489.

CERTIFICO: Que de los datos obrantes en esta Delegación Provincial resulta que, ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS; hijo de Manuel y de Teresa, de treinta y siete años de edad, casado, Licenciado en Filosofía y Letras, natural de Loureiro (Pontevedra) y vecino de Santiago de Compostela; con anterioridad al Movimiento estuvo afiliado al Partido Galleguista; manifestándose como separatista gallego en la zona astélica. Durante el Movimiento no prestó ningún servicio al mismo. Fue sancionado con dos años de separación por la Dirección de Institutos.- La captación Religiosa al igual que la de su vida pública y privada, es buena.- No pertenece a F.E.T. y de las J.O.N.S., no constando, por lo tanto, su adhesión al Movimiento.

Y para que conste a efectos de tomar parte en oposiciones, a petición del interesado, expido y firmo la presente certificación con el Visto Bueno del Jefe Provincial del Movimiento, en La Coruña a diez de Mayo de mil novecientos cuarenta y tres.- Este certificado solamente es utilizable a los efectos expresados y su validez caduca a los tres meses de su expedición.

Vs. Bs.
 EL JEFE PROVINCIAL

SALUDO A FRANCO:
 ¡¡ARRIBA ESPAÑA!!



Na rodeira do Seminario de Estudos Galegos

Carlos García Martínez

I. NO AFÁN GALEGUISTA

Antonio Fraguas chega a Santiago o 30 de setembro de 1924. Acomódase de entrada nunha pensión da rúa do Hórreo e matricúlase por oficial no Preparatorio para a sección de Historia na Facultade de Filosofía e Letras. O tronso ate o caserón da Universidade, cabe o cumio do vello castro, lévao a traspasar de cotío a Porta da Mámoa¹. Non sabía por entón aquel mozote franco da Terra de Montes que andando o tempo os peculiares monumentos megalíticos, dos que en Compostela a toponimia perpetuaba a memoria, serían causa das súas angueiras arqueolóxicas.

Atrás deixaba os cursos pontevedreses de formación no “Instituto General y Técnico”. Na boa vila terá o seu inicial achegamento ao galeguismo. Antón Losada Diéguez desempeña no centro de ensino dende 1919 a súa cátedra. Deste maxisterio fará gala Fraguas con frecuencia: “o mestre que máis influíu en moitos dos que fomos seus alumnos”. Será el “que ó saber das nosas inquietudes nos alenta a traballar e díxonos que había que recoller lendas, cantigas, contos e todo canto tivera que ver coa historia de Galicia e coa súa cultura”².

E inquedanzas non lle faltaban.

En Pontevedra, xunto co seu fraternal amigo Sebastián González García-Paz e outros condiscípulos, crean en abril de 1924 a Sociedade da Lingua. Laboriosos temas de estudo como obxecto: a confección dun dicionario; o acopio dos brasóns da urbe; e unha investigación da economía das repoboacións forestais. Sobrálalles afouteza a aqueles rapaces, que tiñan na biblioteca familiar de Sebastián González tertulia e a súa peculiar academia³.

Entre os profesores do Instituto, dous tamén sobranceiros: Castelao e Sobrino Buhigas, o naturalista pescudador dos petroglifos. Con eles e mais con Losada haberá coincidir no Seminario de Estudos Galegos. Coñecemento por entón de Cabanillas, Amado Carballo e Valentín Paz Andrade. Tamén os primeiros libros en galego adquiridos.

O compromiso co Seminario de Estudos Galegos

Con 19 anos non é pouco o que Fraguas trae no seu fardel a Compostela, que reborda ademais xenerosidade e ilusión. Sabía xa do SEG, que nacera en outubro de 1923, case un ano antes de crearen en Pontevedra a súa Sociedade da Lingua. Segundo

¹ GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *Antonio Fraguas. Profesor, xeógrafo, historiador, antropólogo, galego de ben*. Ir Indo. Vigo, 1998, p. 13

² FRAGUAS FRAGUAS, A.: Sebastián González García-Paz. Notas da súa vida e do seu tempo. *Grial*, nº 21, 1968, p. 337.

³ *Id.* p. 336.

o seu testemuño, é no propio curso 1924-25 cando ten o seu primeiro contacto coa institución. Asiste retraído somentes a unha xuntanza na Facultade de Dereito; “as sesións do Seminario parecíanme totalmente alleas por non coñecer a ninguén, e por iso preferín non ir”⁴.

No seguinte curso 1925-26 instálase xa en Santiago Sebastián González, que fixera por libre o Preparatorio na sección de Historia. Ámbolos dous acorren a algunhas sesións que teñen lugar no edificio da Praza da Universidade. Nesa altura o SEG non dispuña aínda de locais propios; “sentabámonos detrás de todo e atendiamos o desenrolo das sesións que moi ben podían ser o ingreso dalgún membro ou traballos de socios e formación do ficheiro bibliográfico”⁵.



Con Sebastián González García-Paz (c. 1931)



O vello caserón da praza da Universidade.

Por mediación de Losada Diéguez, a relación ha ser máis activa e acoden xa con frecuencia ao local que dende a primavera de 1926 ocupa no Colexio de Sanclemente e que lle tiña cedido a “Sociedad Económica de Amigos del País”. “No local había a estantería da Biblioteca, uns grandes ficheiros e unha mesa alargada, cunhas vistosas sillas antigas e a máquina de escribir...

⁴ *Id.* p. 344.

⁵ *Ibidem.*

As primeiras labours foron de facer fichas de todas as revistas, de documentos e monumentos⁶. Agora o mozote relaciónase cos asiduos do Seminario, o presidente, don Salvador Cabeza de León, Arias Sanjurjo, Carro García –que sería conselleiro constante de moitos deles–, Bouza Brey, Filgueira, Martínez López, Lois Tobío... Don Salvador fora elixido presidente o 3 de outubro de 1925, sucedendo a don Armando Cotarelo Valledor. Era, segundo Fraguas, “home acolledor, bondadoso e moi simpático, cunha gran vocación pola investigación, e iba tódolos días ó local pra presidir deste xeito a velada que celebrabamos no pequeno local. Non deixaba de vir tamén don Xoaquín Arias Sanjurjo coa súa diaria carga de libros, que donaba á biblioteca do Seminario, traídos nun paquete ou nunha bolsa⁷”.

Fraguas foi proposto como socio activo do Seminario na Comisión Directora do 15 de outubro de 1927, proposta que é admitida na sesión do 5 de novembro do mesmo ano, producíndose o ingreso efectivo o 5 de novembro de 1928 co traballo “O castro de Soutolongo⁸”.

Neste mesmo ano obtén a licenciatura en Filosofía e Letras. Por oposición acadará unha auxiliaría de Xeografía e Historia na mesma Facultade, que desempeñará ata 1933, cando accede á cátedra de ensino medio na Estrada.

Pertence á que se pode chamar segunda promoción do Seminario⁹ xunto con Sebastián González, Ricardo Carballo Calero, Alfonso Vázquez Martínez e os irmáns Lorenzo Fernández.

Intégrase na sección de Etnografía e Folklore, dirixida por Vicente Risco, e na de Xeografía, que rexe Otero Pedrayo, colaborando adoito coa de Prehistoria da man de Florentino López Cuevillas. Aos tres coñéceos en Santiago arredor de 1924. Deixemos que sexa o propio Fraguas quen nos fale do seu primeiro encontro coa tríade ourensá: “Un día iríamos nós tamén ó Seminario e unha mañán fría e con raxeiradas, conocín a Otero Pedrayo, Floro Cuevillas e Vicente Risco. Foi no estudio de Camilo Díaz, na rúa das Hortas. Estaban facendo a recollida e traducción das Fontes prá Historia de Galiza. Saudábanse entón cos versos da *Ora marítima*:

*Terrae patentis orbis efusse jacet,
Orbique rursus unda circumfunditur*¹⁰

6 Ó redor dos setenta e cinco anos do Seminario de Estudos Galegos, en *El Correo Gallego*, setembro, 1998.

7 FRAGUAS FRAGUAS, A.: Sebastián González..., cit.

8 Soutolongo é freguesía do Concello de Lalín, ao SO. da vila. Fraguas comeza o catálogo de castros de Deza en 1928. O traballo de ingreso debe corresponder a un castro da referida parroquia.

9 TOBÍO, L.: As décadas de T. L., *Edicións do Castro, Serie Documentos*, Sada, 1994, p. 131.

10 FRAGUAS FRAGUAS, A.: *Lembranza dunha xeneración. NÓS*, nº 145, 1970, p. 38. As “Fontes orixinaes pr’a Hestoria de Galiza” foi un proxecto de *Nós* da man de Otero, Risco e Cuevillas para

O motivo deste contacto cos ourensáns debeu ser a incorporación de Fraguas ás Irmandades da Fala, a proposta de Ramón Martínez López, que se levou a cabo no taller de Díaz Balaño, acto no que o reciben Risco, que era o conselleiro supremo¹¹, Cuevillas e Otero. Dende aquela a súa amizade e relación cos mestres ourensáns ha ser constante. Primeiro no Seminario e logo no Instituto Padre Sarmiento. Como outros compañeiros do Seminario, formouse no seu maxisterio, e os tres han deixar especial pegada no seu quefacer nos eidos da xeografía, a arqueoloxía e a etnografía.

Ao contrario có seu entrañable amigo Sebastián González, Fraguas non atinxiu un especial relevo no organigrama do SEG. No ámbito directivo só aparece en 1931 na comisión directora como secretario de actas suplente, sendo o titular Carballo Calero, a quen substitúe por escasamente un mes en 1932¹².

No mesmo ano no que fai efectivo o seu ingreso, 1928, é nomeado bibliotecario do Seminario¹³.

No ano 1930 prodúcese un cambio importante na vida do Seminario. A Universidade, co beneplácito do Ministerio, cédelle varias dependencias no pazo de Fonseca. No salón artesoadado ubícanse as coleccións de arte e etnográficas, que constitúen o museo da institución, no que ha colaborar o propio don Antonio. A biblioteca, con mellor instalación agora, ten xa importantes fondos nos que sobrancean as doazóns de Arias Sanjurjo. A estas alturas acolle uns catro mil volumes, interesan-



A biblioteca do SEG en Fonseca.

traducir ao galego, convenientemente anotados, os textos de diversos autores sobor de Galiza. Principiou polas “Fontes da Hestoria antiga” e, en concreto, coa *Ora marítima* de Rufo Festo Avieno, autor do século IV da nosa era, que contén textos do século VI a. de C., que se insire no *Nós* número 17 de maio de 1923 e 18 de xuño do mesmo ano. É probable que no ano 1924 proseguiran a recolleita e tradución dos autores gregos, de seguir o testemuño de Fraguas. De feito, só saíu publicada a *Ora marítima*. O Seminario, no curso 1931-32, empeza cos traballos para o estudo das fontes da historia de Galiza.

11 GONZÁLEZ PÉREZ, C.: Op. cit., p. 18. Véxase tamén FRAGUAS FRAGUAS, A.: *A Xeografía no Seminario de Estudos Galegos*. En Testemuños e perspectivas en homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos. Edicións do Castro, Sada, 1978, p. 41.

12 MATO, A.: *O Seminario de Estudos Galegos*. Publicacións do S.E.G., Edicións do Castro, Sada, 2001, p. 91-92.

13 Id. p. 183.



O museo do SEG (c. 1932).

tes coleccións de revistas, fornecidas moitas por intercambio, así como exemplares raros da bibliografía galega. Como bibliotecario, impulsou tamén a formación dunha hemeroteca. A tal fin e mediante unha circular solicitouse dos xornais de Galiza o envío de exemplares para a mesma, respondendo todos positivamente¹⁴.

No comezo do curso 1933-34 Fraguas continúa a dirixir a biblioteca. Trasládase ao instituto da Estrada, como titular

por oposición da cátedra de Xeografía e Historia. Esta ausencia motiva que pase a formar parte –como era o previsto– do consello permanente do SEG, cesando como bibliotecario, posto no que o sucede Ángel Ramos Colemán¹⁵.

O traballo nas seccións

Como queda dito, Fraguas adscribiuse ás seccións de Xeografía e de Etnografía e Folklore, mais colaborou tamén, como era usual, con algunhas outras, entre elas as de Prehistoria, Arqueoloxía e Historia da Arte e Historia.

Nesta última, que dirixe dende 1926 don Salustiano Portela Pazos, o seu ilustre conterráneo, por entón dignidade de Tesoureiro do Cabido compostelán, e dende 1930 ate a súa morte don Salvador Cabeza de León, é de salientar o papel de don Antonio no Ficheiro de bibliografía de Galiza. Foi esta a empresa máis cobizada do SEG nos cursos 1923-24 e 1925-26, os “intres heroicos” da institución. O rexistro tiña que recoller os libros impresos en Galiza, por galegos ou sobor de temática referida a aquela. Este labor libresco nos primeiros cursos era obrigado e previo a calquera outro para unha institución que tiña por obxecto o estudo de todas as manifestacións da cultura galega e como finalidade a formación de investigadores e a divulgación do resultado dos seus traballos¹⁶. Precisábase dun *corpus* bibliográfico que colixise coa meirande amplitude o publicado ate entón cos contidos atrás indicados. Fraguas laborou arreo neste ficheiro¹⁷. A súa concepción

chegou a ser preceptiva para os socios residentes en Compostela: “En las reuniones semanales que habrán de celebrarse, leerán sus autores los trabajos de entrada y será obligación de todos los socios, excepto los corresponsales, un mínimo de cinco papeletas para la formación de la bibliografía y Diccionario Gallego”¹⁸. Cara á primavera de 1924 contaba xa cunhas cinco mil entradas.

Deica 1926 esta laboría comprendíase na sección de Historia, xunto coa numismática e a paleografía¹⁹. Neste ano acada status de sección específica, desenvolvendo un traballo coordinado con todas as demais. Vai ser o seu director don Salvador Cabeza de León²⁰. Coa reforma das seccións, proposta por Sebastián González en 1930, elimínase a de Bibliografía, que se integra de novo en Historia²¹, pero por pouco tempo, posto que o consello director do Seminario, en sesión do 29 de outubro de 1932, recrea e desígnase como director ao propio Fraguas²². Os anos de traballo continuo no ficheiro bibliográfico referendaban esta escolla.

Así mesmo, no ámbito da sección de Historia ha principiar os seus estudos verbo do Colexio de Fonseca e dos seus colexiais. No libro *Dez cursos de traballo* faise referencia ás tarefas daquela no campo da historia do ensino, na que baixo a guía de don Salvador Cabeza e de don Armando Cotarelo encetan a investigación sobor dos colexios os socios Sres. González García-Paz, Fraguas e Vázquez Martínez. Daqueles traballos saíran a tese de doutoramento do primeiro encol do Colexio de Sanclemente de Pasantes e a de Fraguas verbo co Colexio de Fonseca²³.

No que fai á sección de Arqueoloxía e Historia da Arte, que dirixía don Xesús Carro, foi contada a colaboración de don Antonio, cando menos na información de que dispoñemos. No opúsculo mencionado refírese de forma xenérica a preparación duns traballos documentais encol do Renacemento en Galiza, dirixidos polos nomeados socios e nos que participaban os seus alumnos da Facultade de Filosofía e Letras²⁴.

Non é moito maior a información que posuímos no que atinxe ao seu papel na sección de Xeografía, que dirixe Otero. Nesta disciplina, á que dedicará algunha publicación logo da guerra, non temos constancia de ningún título na súa bibliografía nos tempos

14 FRAGUAS, *El Correo Gallego*, cit..

15 MATO, A.: Op. cit., p. 92 e 186.

16 *Dez cursos de traballo. 1923-1934*. Seminario de Estudos Galegos, Compostela, 1934, p. 9.

17 FILGUEIRA VALVERDE, X. F.: *Testemuñas e perspectivas...* p. 34.

18 *Galicia* de Vigo, 23 de outubro de 1923 (información enviada por Taibo desde Santiago).

19 *Dez cursos...* p. 32.

20 MATO, A.: Op. cit., p. 254.

21 Id. p. 264.

22 Id. p. 89 e 270.

23 *Dez cursos...* p. 36. Sebastián González acadou o doutoramento en Madrid, en 1930, e Antonio Fraguas doutorouse en Madrid en 1948.

24 Id. p. 41.

Antonio Fraguas Fraguas

do Seminario. O plano de traballo da sección partillábase nas seguintes áreas de estudo: cartas xeográficas; xeografía histórica; edición de descrições de Galiza; e estudos específicos. A parte, claro é, do concurso nos traballos de conxunto. Filgueira apunta que foi un dos iniciadores dos estudos de xeografía histórica a través dos topónimos²⁵, e así se constata na relación que se insire nos *Dez cursos...*, onde se apón a Fraguas, Martínez López e Xurxo Lorenzo a realización de traballos deste tipo²⁶. Na mesma fonte menciónase con respecto aos estudos específicos ou particulares, os levados a cabo por Antonio Fraguas relativos ás “Rías baixas” e ás “Terras de media-montaña de Cotobade”, que non foron publicadas, segundo el mesmo ten manifestado²⁷. No fondo Fraguas do Museo do Pobo Galego gárdase un bo feixe de cuartillas sobor de diversos aspectos da terra de Cotobade, parte das que puideran corresponder ao estudo mencionado. Non temos, pola contra, referencia do outro traballo, pero entra no posible que ambos os dous fosen aproveitados para o seu libro *Geografía de Galicia*, editado en 1953²⁸.

A sección de Prehistoria de Floro Cuevillas ha ser unha das que máis contará co seu concurso, e singularmente nas xeiras do Seminario que comezan en 1926 e que referiremos máis adiante. Mais cómpre subliñar que, seguindo as pautas desta sección, no tocante ao plano de catalogación dos castros, encara cos seus alumnos a partir do traslado como catedrático ao instituto da Estrada, o inventario dos existentes naquela comarca.

A súa bibliografía erudita anterior a 1936 cingúese, a máis do artigo dedicado aos megálitos do Saviñao (1930), aos catro escritos de temática etnográfica, contributo ao traballo da sección de Etnografía e Folklore e a dúas recensións de senllas publicacións etnográficas²⁹. O primeiro, que lle dedica ao Seminario, é sobor do Antroido na parte sur das terras de Cotobade (1930)³⁰, que se encadra nunha das liñas de pescuda que desenvolve a Sección relativa aos costumes e, entre eles, ao mundo do entroido. Apúntase xa nestes inicios como etnógrafo unha certa inclinación do noso autor ao campo do Folklore, que será manifesta na súa produción posterior. Así, “O culto dos mortos”, conferencia pronunciada no

25 FILGUEIRA VALVERDE, X. F.: *Testemuñas e perspectivas...* p. 33.

26 *Dez cursos...* p. 54.

27 No libro de González Pérez, p. 19.

28 Fondo Fraguas, MPG.

29 No *NÓS* (nº 95, 1931, p. 218) aparecen dúas recensións, unha dun libro de Claudio Basto, Traje á Vianesa (1930) e outra dun artigo de Fernando de Castro Pires de Lima, O ceroto. (Vilanova de Famalicão. Rev. de Guimarães, 1931).

30 FRAGUAS FRAGUAS, A.: O entroido en Cotobade. *NÓS*, nº 77, 1930, p. 84-94.



O entroido nas terras do Sul de Cotobade

Este estudo en col do entroido, que ademais ó noso Seminario de Estudos Galegos, comprenda somentes a parte sul das terras de Cotobade, as freguesas de Augasantas, Valdego, Loureiro, Rebordelo, Carballido, Caroy, Corredoira, Berela e Almofrey, na intelixencia de que no val do Lárez fomos arredoradas polo noso amigo o gran folclorista Xesé Núñez Búa.

Nas deranditas freguesas hai unha certa uniformidade con respecto ás manifestacións do entroido. N-outras formas da vida humana desecorolan a seu dinamismo independentemente unhas das outras, aquí sucede o contrario os autos son en todas semellantes. N-algunhas van desaparecendo moitas notas propias d'estes días de ledicia, pero queda inda en todas c'as, o que ten un aire único, tradicional e que mostra maior interés pola etnografía.

En toda esta parte a que facemos referencia as manifestacións do carnaval revélanse fora e dentro da casa. Púedese pra dentro andan os potos e rapazas máis engrasadas que de costume, o fogar é grande como se fora da do patrón, están as familias xuntas, e lémbrause dos que se atopan lonxe, en terras de fora. Trindan os vellos descaando que pra outro ano se celebre a festa con ledicia e paz na compañía de quen Deus quixer; estas verbas escítanase caldamente; a emoción calma o barullo por un instante. Fora da casa a moridade procura os atalégos pra poder saír de troula, levan os futeles debaixo do brazo, e unha paleira de mimosa na máo. As rapazas van ledas mostrando unha sorriso de satisfacción; a liberdade que lle concedo a careta dalle forzas pra coller do brazo os rapaces máis cobiza-

dos, axe bailarín á sua vontade con aquel que a sua maxinación puxo tantas veces a seu carón. Os mozos fan das suas, os rapaces correrán tras eles insultandós nas ladearas dos canchais; e os vellos laian pola saúde da mocidade, considerando o que eles fixeran nos seus tempos.

* Toda composición do entroido nestas terras recibe o nome de *monada*, *entroido* ou *narrogafas*, empregando indifrentemente calquer d'estes tres nomes. O nome de entroido emprégase coma sinónimo de goleso, tamón, en xeral cousa que come moito. Así cando algún animal come a frota da herba e torna moi cheo pra casa ouvimos un dito deste xeito: *anda que bove entroidado!* O mesmo cando o lloco morto algún ser máo mo dulle: *foi entroidado, non foi mais mal.* Tamén queda na chola ben fixa, a factura do entroido, en recordo ó moito que se come aqueles días. De vez en cando é rematar unha persoa de veat despois d'espreguizarse, balanceio entre dentes: *Vaiá Diá! o pigre vai farto com'os chicho venel como si fora martes d'entroido.*

O entroido non dura máis que dende sábado deira martes, moi rara vez se deu o caso de haber monadas o domingo de piñara. O martes d'entroido fina o serón e non hai mais festa deira domingo de páscoa; a causa de non haber festas é o medo que tofan as rapazas de que a prego da parroquia lle bote o carneiro ou o burro cando vaian á doutrina pola coresta.

AS COMIDAS

O entroido ten a sua comida especial, en total as casas hai fartura i-en todas se rega

Ateneo de Vigo (1931)³¹ ou “As lendas da fonte Pormás” (1932)³², se ben en “O Folklore de Armeses – Llistanco”, parroquia e lugar do concello de Maside (1931)³³, á par d'algunhas lendas e do

31 FRAGUAS FRAGUAS, A.: O culto dos mortos. *NÓS*, nº 87, 1931, p. 42-46.

32 FRAGUAS FRAGUAS, A.: As lendas de Fonte Pormás. *NÓS*, nº 108, 1932, p. 218-221.

33 FRAGUAS FRAGUAS, A.: O Folklore de Armeses-Llistanco. *NÓS*, nº 96, 1931, p. 221-227. Armeses é parroquia do Concello ourensá de Maside, e Llistanco é un lugar daquela. O traballo recolle só elementos folclóricos de Llistanco anunciando, o autor a ampliación en outras xeiras.

cancioneiro recadado inclúe uns breves apuntamentos sobor dos muíños con deseños e nomenclatura. Estes traballos etnográficos viron a luz no *Nós*, revista receptora de gran parte do labor dos membros do Seminario³⁴.

Outros traballos iniciados por esta Sección e nos que tomou parte Antonio Fraguas foron o arquivo do folklore, que recollía cantigas, contos, refráns, medicina popular, etcétera, e que conta-ba xa cunha recadádiva de máis de catro mil cantigas, e a recollida do folklore arqueolóxico arredor das mámoas e castros que catalogaba a sección de Prehistoria e na que colaborou activamente coas campañas do Saviñao, Deza e Melide.

AS XEIRAS DE ESTUDO

Como é ben sabido, unha das accións máis significativas do Seminario de Estudos Galegos na súa tarefa de esculca da realidade galega foi a das xeiras de estudos de conxunto de freguesías ou comarcas. Este tipo de actividade, que habería singularizar a súa laboría, achegaba ao campo de investigación como novidade o traballo en equipo e interdisciplinar e un enfoque integral da área a analizar.

Ate o ano 1926 o SEG concentra a súa actividade, como xa se indicou, na bibliografía, no traballo de gabinete ou nas sesións académicas. No curso 1925-26 organízase en seccións autónomas pero coordinadas, abrindo así novas perspectivas de funcionamento. As seccións serán a forza motriz das futuras xeiras. De par da formación teórica, os traballos de campo deparaban o coñecemento directo da realidade a estudar. Filgueira Valverde ten feito acaí-do retrato destas campañas: “Logo viñeran as xeiras das bisbarras, como obra conxunta de tódalas seccións. Iniciáronse no ano 1926. Foron dispostas, como estudos de conxunto, dende os máis variados aspectos, pro, tamén, como ocasión de xuntoiros ‘interareas’, que levasen azos non soio ao coñecemento da Terra, senón á amistosa comunicación entre os membros do centro, estreitando un íntimo e familiar intercambio de ideas, de xeito que uns tomasen interés nas angueiras dos outros, quebrando, humanisticamente, as sebes da especialidade. Deste xeito, a Prehistoria non sería algo lonxano pra os que catalogaban vexetaes ou aves; o paleógrafo podería parolar, sobre o terreo, co xeógrafo; o arquitecto tiña algo que adeprender dos prehistoriadores, e todos, dos artistas e dos poetas. A pé, polos duros camiños da montana, nas tabernas da

³⁴ Namentres non saíu a revista da institución, *Arquivos*, os socios publicaban as súas achegas ao labor do SEG no Boletín da Real Academia Gallega e, fundamentalmente, no *NÓS*.



4ª Xuntanza do SEG (Pontevedra, 1928). Sentados, Parga Pondal, Moralejo, Carro, Cabeza de León, Arias Sanjurjo, Álvarez Limeses e Novás Guillán; de pé, Pedrayo, Losada, Cuevillas, Risco, Carballo, Filgueira, Glez. García-Paz, Pintos Fonseca, Fraguas e Ossorio F. Tafall.

veiramar, nos mesóns dos feirantes, fumos descubrindo o noso pobo, cursando galegitude. E, tamén, foron caíndo as muradelas da fachenda, do protagonismo, do afán polo descubrimento persoal e pola posesión escursiva do dato, negras chatas da erudición miúda. As xeiras fixeron do Seminario unha hirmandade³⁵.

No verán de 1926 comeza a primeira xeira nas terras de Lemos, desprazándose a Monforte membros das seccións de Xeografía, Etnografía, Prehistoria e Arqueoloxía. Contan co mecenado de Xaquín Arias Sanjurjo, socio activo e un dos primeiros benfeitores da institución. A esta seguiranlle as de O Carballiño e o Ribeiro, en 1927, Deza, que comeza en 1928, Melide, en 1929, e Fisterra xa en 1936; ou as levadas a cabo en freguesías concretas ou polo traballo dunha sección, como Vila de Calvos (1930), Velle (1934) ou Saviñao (1928).

Fraguas estréase nesta actividade coa sección de Prehistoria na Terra do Saviñao. Esta campaña de inventario de sepulcros mega-

³⁵ FILGUEIRA VALVERDE, X.F.: Limiar, en *Terra de Melide* (ed. facsímil). Edicións do Castro, Sada, 1978, p. VII e VIII.

líticos e de catalogación de castros, fora financiada pola “Comisión de Estudios de Galicia”, creada en Madrid baixo os auspicios da “Junta para la Ampliación de Estudios”. Un dos seus impulsores era o doutor don Xoán López Suárez, coñecido como *Xan de Forcados*, pola parroquia da que era natural. A súa mediación foi clave para a axuda da Comisión, e así consta no traballo que publican no tomo V de *Arquivos*, asinado por Cuevillas, Fraguas e Pura Lorenzana, verbo das mámoas do Saviñao. “Pra D. Xoán López Suárez, doctor en meiciña, e máis doctor aínda en iniciativas, en actividade i-en galeguismo”. O papel de Xan de Forcados nas investigacións da sección de Prehistoria no Saviñao foi, pois, evidente, e o seu interese nelas foi á par da hospitalidade dende a súa casa de Lamaquebrada. Traballo, hospitalidade e anécdotas que con señardade gustaba de recordar don Antonio.

A catalogación dos castros do Saviñao desenvólvese durante os meses de xullo e agosto de 1928, continuando en curtas estadias nos anos 1934 e 1935. A dilación entre as estadias foi motivada polas campañas que abre o SEG en Lobeira, Deza e Melide. Con

todo, en 1934 dise que a catalogación está disposta para o prelo, asignándolle o número VI do catálogo de castros de Galiza, iniciado en 1928 co val de Vilamarín, seguido dos correspondentes á terra de Celanova, do Carballiño, de Melide e Lobeira. Logo do Saviñao saírían o da terra de Deza e o de Santiago. Deza ficaría inédito³⁶. O de Santiago aparecería en 1940³⁷ e o do Saviñao publicase en 1953 nas Actas do III Congreso Nacional de Arqueoloxía, que se celebra en Galiza³⁸. A demora na publicación do catálogo, redactado cara a 1935, viría dada pola escaseza de medios económicos do Seminario e, fundamentalmente, pola guerra.


O número de castros catalogados ascendeu a trinta, cantidade que se distribúe en corenta e seis freguesías. A densidade é parella á constatada noutras áreas catalogadas polo SEG no interior do país. Ao respecto dos castros do Saviñao, fanse polos autores unhas atinadas consideracións verbo da distribución e ubicación, da posible correlación castro-parroquia, da evolución dos hábitats e do

seu abandono. En suma, bosquexase unha interesante focaxe para explicar a xénese e a ocupación do territorio dende os asentamentos castrexos.

No que atinxe aos sepulcros megalíticos, o seu recoñecemento realízase ao mesmo tempo ca o inventario dos castros. En agosto de 1929 fanse traballos máis demorados co exame e mensura da anta de Abuime, sepulcro de corredor dos de meirande comprimento entre os rexistrados en Lugo e Ourense, e a escavación na necrópole de Monte da Mora, composta por once mámoas, na que se asoellaron un machado pulido, tres puntas de seta, pedras de muíño plano, lascas, cerámicas lisas e seis doas de colar de bariscita. A máis das reseñadas, anotan a existencia doutros grupos na comarca³⁹.

O estudo da terra de Deza foi, sen dúbida, o máis ambicioso dos acometidos polo SEG. Deu comezo na primavera de 1928, rematando os traballos en 1934. Mágoa que ficase inédito este extraordinario labor e se perdera moito do mesmo. A esta xeira, facendo centro na vila de Lalín, concorreron todas as seccións, incluso as de Ciencias e Pedagogía, e concertou o grupo máis numeroso e completo de investigadores.

Fraguas, xunto con Sebastián González, acudirá a Lalín o 4 de maio de 1928. Teñen a encomenda da catalogación dos castros. Na cuarta asemblea do Seminario, que tivera lugar en Pontevedra en abril dese ano, Cuevillas presentara un novo programa de catalogación que se poñería en práctica na terra de Deza. O prehistoriador ourensán encárgalles a Fraguas e González a súa aplicación nos xacementos castrexos. “Cumplimos a orden dada polo mestre: xuntámonos en Lalín o 4 de maio de 1928 e comezamos a catalogación dos castros no medio de curiosas anécdotas e de algunha que outra molladura, que nos obrigaba a secar a roupa diante do forno ou diante do lume da taberna, onde nos servían despois unha abundantísima comida. Cuevillas, a requerimento dos directores do Casino de Lalín, pronunciou unha conferencia



36 GARCÍA MARTÍNEZ, C.: Algunhas notas sobre o Seminario de Estudos Galegos e a Terra do Saviñao. *A Fala. Revista Socio-Cultural do Saviñao*, nº 11, 1995, p. 52-57.

37 BOUZA BREY, F.: Castros de la comarca compostelana. *Archivo Español de Arqueología*, T. XIV, Madrid, 1940, p. 539 e ss.

38 LÓPEZ CUEVILLAS, F. e FRAGUAS FRAGUAS, A.: *Los castros de la tierra de Saviñao*. III Congreso Nacional de Arqueología. Galicia. Zaragoza, 1955, p. 273-331.

39 LÓPEZ CUEVILLAS, F. e FRAGUAS FRAGUAS, A. e LORENZANA, M^a P.: Mámoas de Saviñao. A anta de Abuime e a necrópole do Monte da Mora. *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, T. V, Santiago de Compostela, 1930, p. 63-90.

sobre a Prehistoria galega: os castros e as mámoas. Unha noite chamamos á porta de don Ramón Aller. Ibamos saudalo e mais a pregarlle que nos ensinase o ceo polo telescopio. Don Ramón, coa amabilidade que o caracterizaba, enseñounos todo o ouservatorio, onde abundaban aparatos feitos por el, e de remate poidemos ver a lúa e unhas cantas estrelas que don Ramón coñecía como se foran veciños da súa porta. Aquel día dixéranos un canteiro que traballaba no cemiterio: don Ramón é o home que máis sabe do mundo. Paréceme que tiña razón”⁴⁰.

Por referencias inferimos que o traballo da sección de Prehistoria en Deza foi cumprido. A zona xa tiña ofrecido interesantes datos. Así, a sepultura do Monte das Cabras, en Rodeiro, na que se asoellara un puñal de cobre con espeto e tres puntas de xavelina do tipo Palmela⁴¹, ou o tesouro de Agolada, exhumado en 1920 ao abrir a caixa da estrada de Lalín a Agolada, perto do castro de Goiás, con dous brazaletes macizos de ouro e unha gargantilla de tiras tamén de ouro⁴², acubilladas probablemente nunha vasilla cerámica. Nas sucesivas campañas rexistráronse un bo número de castros, correspondentes á terra de Deza ao completo e parte das de Dozón, Camba, Trasdeza e Agolada; inventariáronse dez grupos con máis de cincuenta mámoas –en terra abastada delas–, explorando algunhas, e localizáronse petroglifos como os de Pena Cabaleira en Agolada, con cruciformes, combinacións circulares e unha espiral. Para a publicación conxunta que recollese a laboría das distintas seccións Cuevillas tiña distribuída a tarefa: Sebastián González estudaría os vestixios megalíticos e a arte rupestre; Fraguas encargárase do catálogo de castros; e el escribiría encol dos achados do Monte das Cabras e do tesouro de Agolada. Os tres asinarían o traballo⁴³.

Como xa referimos, a xeira que concitara as maiores expectativas de todas as programadas non chegou a publicarse. Parte dos materiais perdeuse, outros viron a luz parcialmente en traballos posteriores dalgúns dos participantes. Cabe mencionar neste sentido os artigos de Cuevillas⁴⁴ e as non poucas mencións que aparecen na súa *Prehistoria*⁴⁵. En 1947 aínda confía na edición do catálogo xeral dos castros lalinenses.

40 FRAGUAS FRAGUAS, A.: *Sebastián González...* p. 347.

41 LÓPEZ CUEVILLAS, F.: Prehistoria, en *Historia de Galiza*. Ed. Galicia, Buenos Aires, 1973, p. 126.

42 LÓPEZ CUEVILLAS, F.: Novos eisemprios de ourivesaría prehistórica galega. Nota encol do tesouro da Golada. *Butlletí de l'Associació Catalana d'Antropologia, Etnografía i Prehistòria*, IV, 110, 1926. Tamén: La orfebrería prehistórica de Pontevedra. El tesoro de Golada. *El Museo de Pontevedra*, I, 1942, p. 57-60.

43 FRAGUAS FRAGUAS, A.: *Sebastián González...* p. 347.

44 LÓPEZ CUEVILLAS, F.: Particularidades curiosas de algunos castros de la comarca de Lalín. *B.M.Arq.Or.*, T. III, 1947, p. 47-52, e Insculturas en la Agolada, *C.E.G.*, XIII, 41, 1958, p. 269.

45 LÓPEZ CUEVILLAS, F.: *Prehistoria...*, esp. no capítulo de A Cultura Castrexa.

En 1929 efectúanse os traballos da terra de Melide. A proposta do estudo partiu de Antonio Taboada Roca, nado na vila, socio activo do SEG dende 1926, vocacional estudoso da heráldica e da historia e ardido valedor da xeira. Viña avalada a escolla tamén “pol-o seu recoñecido intrés arqueolóxico e histórico e pol-a posición central na Galicia, ben que cumprido un dos fins da nosa institución, total-as rexións galegas terán de ser estudadas miudamente”⁴⁶. Serán tres laboriosas campañas para dar cimo a unha das obras emblemáticas do Seminario. A primeira ten lugar no mes de xuño e nela participan Cuevillas, Risco, Otero, Tobío, Fraguas, Xosé Pena, César Torres e Leuter González Salgado. Á segunda, ao longo do mes de agosto, acoden Cuevillas, Fraguas, González García-Paz, Camps Cazorla (discípulo de don Manuel Gómez Moreno) e Xosé Ramón e Fernández-Oxea. Na última, que se desenvolve no mes de setembro, traballan Risco, Carro, González García-Paz e Fraguas. Xunto con eles, en todas tres, os anfitrións melidenses, Antonio Taboada Roca, Alfredo Álvarez, Víctor Rodríguez e Amador Rodríguez Martínez. A máis, hai que anotar algunhas visitas como as de Eduardo Torner e Xesús Val, para dispor o seu folklora musical, e que con Emilio Camps, viñan



Na xeira da Terra de Deza. No grupo figuran, entre outros, Pedrayo, Iglesias Vilarelle, Parga Pondal, Ossorio F. Tafall, Risco, Glez. García-Paz, Taboada Roca, Pedret, Carro, Filgueira e Cuevillas. Fraguas é o primeiro da segunda fila pola esquerda

46 VV.AA.: *Terra de Melide*. Ed. Nós, Santiago, 1933; prólogo.

esta encomenda estaba integrada por A. Fraguas, I. Parga Pondal, X. Filgueira, Xaquín Lorenzo e A. Vázquez Martínez⁴⁹. Estimábase que o primeiro manual saíse do prelo no ano 1935, e sería o de Historia, dirixido por Vicente Risco, e sabemos que algunhas seccións estaban a preparar o que lles correspondía, como é o caso da de Etnografía e Folklore e a de Xeografía⁵⁰. Non obstante, baixo o carimbo do Seminario non saíu ningún.

Outra iniciativa na que participou Fraguas, tendente á divulgación do labor do SEG, foron os cursos de extensión escolar. Entre o 28 de xullo e o 26 de agosto de 1935 ha ter lugar un en Pontevedra, organizado por Filgueira. Estruturábase en tres apartados: os cursos xerais, que tiñan por obxecto as ciencias aplicadas á economía galega (contaron coa intervención, entre outros, de De la Sota, Gallástegui, Odriozola, Iglesias, Fernández Osorio...); leccións para o maxisterio, cunha sección verbo de Galiza e a súa cultura, na que participa Fraguas cunha conferencia encol do folklore⁵¹ (tamén Filgueira, Pedret, Otero, Carro, González García-Paz, Bal...) e outra dedicada aos profesores, con intervención de Álvarez Limeses, Roxerius...; e, en terceiro lugar, as conferencias maxistras pronunciadas por Cotarelo, Castelao, Risco, Cuevillas, Martín Cardoso... Ao parecer, o éxito deste curso foi considerable.

Esta intervención de Fraguas no curso de extensión escolar no verán de 1935 é a última referencia que del temos en relación co Seminario. Escasamente un ano máis tarde o golpe militar talla a traxectoria do SEG e pon final con asaño a un dos momentos máis anovadores e fructíferos da recente historia de Galiza. Moitos dos seus membros han padecer os efectos: asasinados uns, exiliados outros e non poucos represaliados⁵². Os bens do centro serán incautados, sufrindo severas perdas e, logo dunha serie de vicisitudes, acabarán na Universidade de Santiago⁵³.

É tempo de executar o *Dies irae fadal do Seminario de Estudos Galegos*⁵⁴. Antonio Fraguas soportará con enteireza a represión de que é obxecto.

49 MATO, A.: Op. cit., p. 103-104.

50 *Dez cursos de traballo...* p. 55 e 59.

51 FILGUEIRA VALVERDE, X., e FRAGUAS FRAGUAS, A.: *Seminario de Estudos Galegos (1923-1973). Cincuentenario da súa creación*. 27ª Exposición. Instituto Padre Sarmiento de Estudos Gallegos, 1973, p. 15-16.

52 Os datos sobor dos fusilados, paseados ou represaliados, encóntranse en MATO, A., op. cit., p. 233-236.

53 Para todo o relacionado coa incautación dos bens do SEG, véxase DÍAZ PARDO, I., *Galicia hoy y el resto del mundo*, O Castro-Sada, 1987, e MATO, A., op. cit., p. 132.

54 *A Estadea ou pranto polo Seminario de Estudos Galegos. Poema datado en setembro de 1936 de R. Otero Pedrayo*, col. Alicerces do Museo do Pobo Galego, nº 10, 1998, p. 34, ed. con estudo e notas de X. Alonso Montero.

II. DA ILUSIÓN TRONZADA Á SAÍDA DO ERMO

Pesie a súa curta andadura (1923-1936), o prestixio acadado polo Seminario de Estudos Galegos en ámbitos científicos e intelectuais foi manifesto. O seu traballo e publicacións afiuzábano. A desaparición sentírona de contado institucións e organismos docentes e investigadores cos que traera relación e intercambios. E non se fixeron esperar algunhas demandas das razóns da interrupción e mesmo da América galega pedíase con desasosego información ao respecto⁵⁵. Na prensa dos primeiros anos corenta algún artigo apuntaba a necesidade dun “instituto de estudos regionales”.

Estas circunstancias, entre outras, propiciaron a idea da creación dun centro que viñera substituír o desmantelado SEG. E na mesma debeu xogar fundamental papel Francisco Javier Sánchez Cantón, intelectual xa de recoñecido prestixio e respectado pola xerarquía do réxime. Conversacións mantidas en Madrid co ministro de Educación Nacional e presidente do C.S.I.C., Ibáñez Martín, co reitor da Universidade de Santiago, Legaz Lacambra, defensor tamén do proxecto, e con Alvareda Herrera, secretario xeral do Consejo, levaron ao acordo adoptado por este organismo, en sesión de 30 de novembro de 1943, de fundar o “Instituto de Estudos Gallegos”, ao que se lle daría o nome do insigne precursor frei Martiño Sarmiento⁵⁶. Sánchez Cantón consulta algunhas personalidades relevantes de Galiza e, especialmente, a membros do SEG que aquí permanecían. O 15 de febreiro de 1944 ten lugar en Santiago a xuntanza de constitución do novo centro, organicamente integrado no Patronato Menéndez Pelayo, que aglutinaba entón os centros de humanidades do C.S.I.C. Á reunión asisten o reitor da Universidade de Santiago e o secretario xeral do Consejo, así como Sánchez Cantón, Bouza Brey, Carro García, Filgueira Valverde, Pedret Casado, Cordero Carrete, Moralejo Laso e Zamora Vicente. Agás este último, catedrático de Filoloxía románica na Universidade, os demais foran membros do extinto Seminario. Pedrayo, Risco e Cuevillas, aos que tamén lles escribira Cantón, abrigan moi lóxicas reservas verbo da súa integración. A intervención de Bouza consegue vencelas e súmanse á empresa.

Fraguas, que por este tempo se acha en Santiago, non asiste á reunión constitutiva, pero será chamado para integrarse e figura xa no organigrama do Instituto, no que o director é Sánchez Cantón e o resto está integrado por Moralejo Laso como vicedirector, Cordero Carrete como secretario e dez directores de sección, que

55 LEGAZ LACAMBRA, L.: *El Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos*, Santiago, 1947, p. 14.

56 FILGUEIRA VALVERDE, X.: Id. p. 31.

manteñen en xeral a mesma nomenclatura cá do SEG: xeografía Otero Pedrayo; prehistoria López Cuevillas; historia Pedret Casado; arqueoloxía Bouza Brey; arte Filgueira Valverde; filoloxía Moralejo Laso, literatura Zamora Vicente; etnografía e folklore Martínez Risco; bibliografía e publicacións Sánchez Cantón, e a nova de estudos composteláns e peregrinacións Carro García. Como conservador está Carro, e como bibliotecario Fraguas⁵⁷.

O papel da nova institución enxergábase polos seus integrantes dende máis dunha perspectiva. Para a *oficial*, nacía para salvar o que merecía ser conservado do SEG: "... en lugar de ser una obra de inspiración puramente localista, los estudios gallegos debían integrarse en el ámbito de la investigación nacional conservado su propia fisonomía"⁵⁸; ou con ansia polo estudo dos "... temas peculiares con profundo amor hacia la tierra donde se nació o se vive y, después, un instrumento lleno de fervor entrañable puesto al servicio de la misión y grandeza de España"⁵⁹. Esta actitude, loxicamente, puido ser compartida por algúns dos seus membros, mais para outros o Instituto era unha das posibles vías para continuar as tarefas a prol de Galiza. Tería que ir evoluíndo, co tempo,



A biblioteca do Instituto P. Sarmiento.

57 Id. p. 7.
58 Id. p. 14.
59 Id. p. 27.

a mudanza da situación sociopolítica e o traballo, cara á tradición e o espírito do extinto Seminario. E nesta idea porfiaban.

Coa creación do Padre Sarmiento tentábase dende a esfera oficial encher o espazo deixado polo Seminario, ao menos nalgúns áreas. Non obstante, non pasou de ser un remedo daquel. As diferenzas eran moitas e significadas. A dependencia orgánica do C.S.I.C. impoñía as máis: obxectivos, estrutura de goberno, campos de estudo das seccións —pérdense as de ciencias e mesmo tamén as de pedagogía e ciencias sociais, xurídicas e económicas—, limitándose en consecuencia o ámbito de acción ás disciplinas históricas, literarias ou etnográficas, en aparencia pouco sospeitosas.

No que fai ao idioma, o galego, aínda que fose o vehículo de expresión, non foi utilizado nas publicacións ate a década dos sesenta, momento no que as circunstancias abrían perspectivas de reorientación do centro. Con todo, foise producindo un labor calado que aos poucos tomou corpo, acadando un notorio desenvolvemento.

Os locais nos que se vai ubicar o Instituto inaugúranse formalmente nun acto celebrado o 3 de setembro de 1946, coa intervención de Sánchez Cantón, Legaz Lacambra e Ibáñez Martín. Ocupan o edificio rehabilitado construído para librería do colexio de Santiago Alfeo, entre os de Fonseca e San Xerome. As intervencións recóllense nun opúsculo publicado en 1947 xunto cun texto de Filgueira verbo do Plano de estudos galegos ideado por frei Martiño Sarmiento, e outro de Fraguas sobor da construción e as vicisitudes do edificio. Completan o libríño a descrición das instalacións, os obxectos e coleccións instaladas —a gran maioría procedentes do SEG—, as súas publicacións aínda existentes e as novas do Instituto ate ese mesmo ano.

De sempre, cos libros

A elección de Fraguas para levar a biblioteca do Padre Sarmiento era obrigada, polos anos que desempeñara este cometido no SEG e polo seu coñecemento dos fondos que agora se incorporaban e que sufriran máis dun avatar.

Unha vez pechado o Seminario, a Universidade dispuxera o traslado dos fondos bibliográficos dende Fonseca á Facultade de Filosofía e Letras, que se fixo en penosas condicións, producíndose perdas, atal como teñen referido, entre outros, o propio Fraguas e Carro. "Se acarretó —dirá en carta don Xesús— en el mismo día por medio de un carricoche tirado por un penco y con cestas llevadas por mujeres. Los libros iban en montones, todos mezclados y cayendo por los suelos, sin cuidado alguno. Las gentes, ante

Antonio Fraguas Fraguas



No 70 aniversario de don Xesús Carro (1954). Desde a primeira fila e de esquerda a dereita, Pedret, Sánchez Cantón, Carro, Filgueira, Lorenzo, Moralejo, Otero Túniz, Vázquez Martínez, Bouza Brey, Ecuris Recamán, Ferro, o marqués de Figueroa, Varela Jácome, Loriente, Azcárate, Couceiro Freijomil, Cordero Carrete, Iglesia Alvariño, Iglesias Vilarelle, Iglesias Iglesias, González García-Paz, Fraguas, Cuevillas, Cerviño e Torres.

semejante espectáculo, quedaba pasmada y preguntaba de qué se trataba. Los mozos y porteros respondían: ‘Es la biblioteca de los galleguistas’⁶⁰.

Case dous anos estará o Instituto sen sede, o que non empeceu para a realización de estudos e investigacións –o primeiro número dos *Cuadernos de Estudios Gallegos* é de 1944–. Cara a finais de 1945 alúgase un baixo da casa número 6 da Rúa Nova, onde se instalan os fondos do Seminario: “... os libros que se salvaron do Movemento, que estaban na biblioteca da Universidade –e aínda alí faltaron libros–, levámoslos para un baixo da Rúa Nova. E alí comecei eu a catalogar o que había e tiña como lector investigando a D. Antonio Couceiro Freijomil, autor do Dicionario bio-bibliográfico”⁶¹. No local, pagado por anónimo doador, “... se levantaron rudimentarias estanterías de pino sin pintar, se instalaron mesas y sillas y se instalaron los un tanto disminuidos fondos de libros del SEG que –tras esa perdida inicial– habían

60 Carta de D. Xesús Carro a Xosé Ramón e Fernández-Oxea. MATO, A.: op. cit., p. 330-331.

61 FRAGUAS FRAGUAS, A.: Carta ao director de *Diario 16 de Galicia*, 1-III-1992. O baixo era na hoxe chamada “Casa da Balconada”. MATO, A.: Op. cit., p. 335.

sido guardados, para la conservación, en la Biblioteca General de la Universidad”⁶².

Unha vez arranxados os locais en Fonseca, procédese ao acomodo dos libros na planta noble, no salón que se dedica a biblioteca, de sólidas e sobrias estanterías de castiñeiro de duplo corpo separado por un balconciño, que en pouco tempo teñen que ampliarse. Neste espacio, no que andeis e moblaxe procuraban un ambiente con carácter –da distribución e amoblamento encargáranse Cantón, Filgueira, Carro, Cordero Carrete e Fraguas⁶³–, nunha pequena mesa, silandeiramente e con perseveranza, don Antonio catalogou, reordenou e acreceu os fondos bibliográficos. A man, con aquela súa caligrafía limpa e formada, fixo a descrición catalográfica en fichas por autores, por materias, e unha terceira destinada ao ficheiro topográfico⁶⁴.

Como bibliotecario, Fraguas aplicouse en facer medrar os fondos, ben por adquisición, limitada esta polos magros recursos económicos de que dispoñía o centro, ben solicitando de continuo á Sección de Cambio Internacional do Consejo a remisión dos libros publicados polos seus distintos centros, ou a través do intercambio dos *Cuadernos* e dos *Anejos* con outras publicacións periódicas. Algunhas doazóns, entre elas as dos colaboradores, veñen arriquecer a biblioteca. Á altura de 1954 o fondo bibliográfico duplica o inicial, que se cifraba en 2.000 libros de temática galega, ademais doutras publicacións e revistas periódicas⁶⁵. De par do aumento do número de libros, incrementouse o arquivo documental iniciando o de microfilmes.

Fraguas deixa o cargo en 1950 ao incorporarse en Lugo á cátedra de Xeografía e Historia do instituto masculino, tras superar as oposicións que novamente tivera que facer. No posto sucede Benito Varela Jácome e en 1959 cando, por traslado, pasa a desempeñar a cátedra no instituto Rosalía de Castro de Santiago, se lle encomenda outra volta a levanza da biblioteca.

Nela, por veces e fóra do seu horario, xurdía espontánea tertulia na que don Antonio nos agasallaba, conversador brillante e ameno que era, coa súa palabra diáfana e a súa capacidade para recrear vivencias e coñecementos, que empataban coa ricaz tradición da nosa narrativa oral, e era toda unha regalía escoitalo en tantos saberes. Tertulia que continuaba en ocasións na librería de

62 CORDERO CARRETE, F.: *El primer decenio del Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos (1944-1954)*. Santiago, 1954, p. 17. O anónimo pagador do local da rúa Nova era o propio Cordero Carrete.

63 Id. p. 18.

64 É de agardar que estas fichas manuais de catalogación se conserven no I.P.S.

65 CORDERO CARRETE, F.: *El primer decenio...*, p. 19.

Antonio Fraguas Fraguas

vello que abría Hernández na rúa do Vilar, onde se prodigaban leccións de bibliografía. A súa tarefa como bibliotecario sempre comprendeu o papel de orientación e asesoramento en cantas consultas se lle demandaban para as máis diversas investigacións, que eran atentamente cumprimentadas.

En 1973 deixa de forma definitiva a dirección da biblioteca. A causa será a xubilación de Felipe Ramón Cordero Carrete (1894-1988), un dos personaxes máis interesantes do centro, amigo de vello, que formara tamén no Seminario de Estudos Galegos e esteo primordial e benfeitor do Sarmiento, do que ocupou a secretaría dende a súa creación. Para a vacante propúxose ao C.S.I.C., por asenso dos membros, a don Antonio, que é nomeado para o cargo polo Ministro de Educación e Ciencia o 5 de abril de 1973⁶⁶. Os papeis e os traballos da administración non eran, certamente, da súa afección, pero cumpriu con esmero o cometido. No seu mandato coincidirá con Filgueira Valverde como director. Serán anos de tránsito que tamén afectarán á institución. Por oficio de 25 de marzo de 1976 deixa a secretaría por mor da xubilación⁶⁷.

O labor investigador

Fraguas será dos primeiros colaboradores do Sarmiento⁶⁸. Como tal é designado polo C.S.I.C. en 1946, converténdose nun dos máis activos. O seu primeiro contributo é deste ano, e se recolle no *Anejo* nº 1 dos *Cuadernos de Estudios Gallegos*, dedicado “a don Domingo Fontán y su mapa de Galicia en el centenario de la publicación”, co traballo titulado “Una página de la vida académica del Dr. Fontán”. Unha outra colaboración figura no opúsculo de 1947 xa referido sobor do edificio que alberga o Instituto en Fonseca.

En 1944 saíra á luz o primeiro número dos *Cuadernos*, a publicación periódica, tres fascículos ao ano, que asentará como unha das revistas máis acreditadas do panorama dos estudos galegos. Instituírse para acoller artigos das máis variadas materias, avances ou partes de monografías amplas, así como textos e documentos sobor de historia, arqueoloxía, etnografía, filoloxía ou literatura galegas. De par dispoñíase a serie *Anejos* para dar saída aos traballos monográficos.

66 O nomeamento é do 5 de abril de 1973, firmado polo Ministro de Educación y Ciencias, Villar Palasí.

67 Cesa nos cargos de secretario e xefe da sección de Etnografía e Folklore, por xubilación. Oficio do C.S.I.C. de 25 de marzo de 1976. Fondo A. Fraguas, MPG.

68 A fórmula utilizada para vincular a algúns membros do Sarmiento co “consejo”, foi a figura de colaborador que, contrato por medio, comprometíase a levar a cabo investigacións sobor dos temas por el propostos, dentro das liñas de traballo definidas polo Instituto.

Nas páxinas dos primeiros aparecerá parte notable do seu que-facer publicístico. A temática das colaboracións vai dende artigos de traza histórica, arqueolóxica ou biográfica ate os de contido etnográfico, con algún sobranceiro dentro da súa produción. O número de artigos rexistrados na revista é de quince. O último que sae á luz é en 1975, no tomo XIX (fascículos 87-88-89), segundo dos dous dedicados a Bouza Brey, “La villa y tierra de Padrón en el catastro de Ensenada”, que lle ofrenda ao seu amigo morto en 1973. A súa firma non voltará aparecer nos *Cuadernos*.

Os colaboradores ordinarios tiñan que presentar anualmente as súas propostas de traballos a desenvolver. Para o curso 1950-51 a relación que achega Fraguas comprende “El Colegio de Fonseca”, “El Colegio de San Jerónimo”, fundado tamén por Alonso de Fonseca III, “La Mahía”, “La tierra de Cotovad”, “La guerra de la independencia en Galicia” e “La corrida del gallo en Galicia”. Logo de certa espera, o primeiro sairá como *Anejo* nº 11 en 1956⁶⁹. Trátase de parte da súa tese de doutoramento, presentada na Universidade de Madrid o 16 de xuño de 1948. O traballo comezaráo, como xa queda referido, nos tempos do Seminario. O tribunal presidíao don Armando Cotarelo Valledor, o polígrafo e admirado mestre, e nel figuraban tamén Ciriaco Pérez Bustamante, catedrático e mestre seu que fora na Universidade de Santiago, e Francisco Javier Sánchez Cantón, catedrático da Universidade de Madrid e director do Sarmiento, así como Manuel Ferrandis Torres e Susana G. Rubio. Dos outros mencionados ningún foi publicado. De novo aparece mencionado o estudo sobor da súa terra de Cotobade, que é arela acariñada, iniciado denantes da guerra e que, polos materiais que figuran no seu fondo, dispoñíase como os traballos de conxunto realizados polo SEG. Para esta monografía todo fai pensar que seguiu recollendo materiais dende entón ate os derradeiros anos da súa vida. Noutra relación presentada no ano 52 volve incluír a terra de Cotobade, o Colexio de San Xerome e algúns dos seus colexiais, e unha “Contribución al estudio del mapa prehistórico de la provincia de Lugo”. A este último proxecto, que arrinca da súa estada naquela capital, deben corresponder os dous artigos publicados nos *Cuadernos* en 1953 e 1962⁷⁰.

En 1958 sae na serie dos *Anejos* o que fai o nº XII, “Los colegiales de Fonseca”, obxecto tamén da súa tese de doutoramento e que contén a relación dos colexiais que levaron manto e beca dende a fundación do centro no século XVI ate a supresión na metade do XIX. Con este libro remata a recompilación de datos

69 Escrito ao director do Instituto Padre Sarmiento, 3-XI-1951. Fondo A. Fraguas, MPG.

70 FRAGUAS FRAGUAS, A.: Apuntes sobre mámoas lucenses, *C.E.G.*, T. VIII, 1953, p. 3-10, e Castros de la comarca lucense, *C.E.G.*, T. XVII, 1962, p. 307-328.

encol do Colexio de Santiago Alfeo, que comezara nos anos do Seminario baixo a orientación de don Salvador Cabeza de León e don Armando Cotarelo Valledor.

Fraguas sucede a Risco na dirección da Sección de Etnografía e Folklore, que se renova a partir de 1971, proseguindo o proceso encerrado pola de Prehistoria e Etnografía. De par da entrada de novos membros defínense liñas de pescuda para activar o traballo etnográfico a desenvolver. En 1976 deixa a dirección por imperativo da xubilación. Non obstante, continúa activo, publicando traballos, dictando conferencias e asistindo a reunións e sesións científicas ate mediados da década seguinte e apoiando explicitamente en todo este tempo a remodelación que propiciou a integración da gran maioría dos estudosos e investigadores da etnografía e a antropoloxía en Galiza.

A actividade divulgadora

Como fixera o vello Seminario, o Instituto Padre Sarmiento levou adiante unha acción divulgadora que complementaba o traballo de investigación. Nesta liña hai que situar as exposicións anuais que, agás contadas excepcións, se dispoñían nos baixos do edificio sede en Fonseca no mes de xullo, en coincidencia coas festas do Apóstolo Santiago. Variada foi a súa temática, sempre relacionada coa laboría do centro, incluíndo tamén mostras conmemorativas da vida e obra de singulares persoeiros (Sarmiento, Fontán, Pardo Bazán, Noriega, Castelao...). Ían acompañadas de cadanseu folleto, que incluía textos alusivos ao motivo da mostra. Nesta faceta, Fraguas ha ter unha participación sinalada en oito das vintenove realizadas.

A primeira exposición versou sobor da imprenta en Santiago no ano 1948. Da cuarta, en 1951, baixo o título de “D^a Emilia Pardo Bazán con motivo del centenario de su nacimiento”, ocúpase don Antonio. Seguiranlle “La venera” en 1965, con Filgueira; “El traje regional gallego. Centenario del nacimiento de Noriega Varela”, con Naya Pérez e Carballo Calero, en xuño de 1969; “Amor Ruibal y su época”, con Gómez Ledo, tamén en 1969; con Filgueira “La bibliografía de F.J. Sánchez Cantón” (decembro 1971 – xaneiro 1972); “Fray Martín Sarmiento (1695-1772). Segundo centenario de su muerte”, en 1972, con Filgueira e Pensado Tomé; “Seminario de Estudios Galegos (1923-1973). Cincuentenario da súa fundación” en 1973, de novo con Filgueira. O desta exposición é o primeiro folleto no que se utiliza a lingua galega. Esta importante iniciativa, da que dan testemuño hoxe os folletos editados, rematou en 1975 con “Castelao e os estudos galegos. 25 anos do seu pasamento”, con textos así mesmo de Filgueira e Fraguas⁷¹.

71 27ª exposición. Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, 1973.

De moitas daba Fraguas ao xornal puntual artigo, comentando o seu porqué e a temática, para lograr a meirande difusión entre o público. Nas memorias anuais do centro reflectíase o número de visitas rexistradas, que eran anotadas manualmente e con asiduidade polo propio don Xesús Carro, adiantado que foi en enxergar as grandes posibilidades do turismo para a urbe e a quen tanto debe a súa promoción en Compostela.

Unha outra iniciativa na percura da acción divulgadora foi o proxecto da Galiza histórica, dirixido por Cantón e Filgueira, que propón o Sarmiento –logo de sopesalo no seu seo en reunións de decembro de 1947 e marzo de 1948– ao Patronato Menéndez Pelayo do C.S.I.C. en 1948. Tratábase de sintetizar en dous tomos en cuarta de 600 páxinas cada un e profusamente ilustrados o coñecemento naquela altura do pasado de Galiza. A publicación dirixiríase aos investigadores, estudosos e afeccionados. O primeiro tomo, *Galicia hasta 1480*, iniciábase coa historiografía galega e abranguía dende a prehistoria ao outono da idade media, con capítulos sobor da peregrinación, as letras e as artes. O segundo, *Galicia desde 1480 hasta 1868*, partía da Galiza dos Fonseca até a guerra civil do século XIX, con senllos capítulos dedicados ás artes e ás letras. Neste segundo tomo Fraguas tiña encomendada a guerra da independencia, traballo que, como se viu, estaba en preparación pola década dos anos cincuenta. Os autores eran colaboradores do Sarmiento, da Universidade de Santiago e doutras institucións⁷².

Unha ollada aos contidos do proxecto deixa entrever unha semellanza coa idea dos manuais do Seminario, se ben coa exclusión dalgunhas disciplinas das áreas sociais e das correspondentes ás de ciencias, e deixando fóra, significativamente, o derradeiro terzo do século XIX e o primeiro do XX. O proxecto non habería callar. Non obstante, retomárase pasado o tempo pero dende outra perspectiva, coa serie do mesmo nome que está aínda a publicarse.

III. E, AO FINAL, O RETORNO

Cara a finais da década dos sesenta do século pasado, o Sarmiento defronta unha situación de cambio. Son momentos nos que se albiscan transformacións no marco sociopolítico e nos que se activan demandas de significado galeguista que procuran alentar a conciencia de defensa e valorización da identidade galega. Neste

72 Copia da proposta da Galicia Histórica enviada ao Ilmo. Sr. Secretario do Patronato Menéndez Pelayo do C.S.I.C., abril de 1948. Fondo A. Fraguas, MPG. A parte encargada a F. López Cuevillas, ‘Edad del hierro’, foi a base de *La civilización céltica en Galicia* (Santiago, 1953); Bouza investigara nos suevos, publicando parte en Grial (nº 27, 1970) e Monteagudo tiña traballado tamén na súa parte de Prehistoria.

escenario agroman novas xeracións nas que a inquietude polo estudo da realidade do país é determinante. Da man de Fermín Bouza Brey, director da sección de Prehistoria e Arqueoloxía, co apoio de Sánchez Cantón, comezan a ingresar no centro mozos universitarios, garantindo así a continuidade xeracional e propiciando o anovamento dos planos de traballo. Algo despois, no inicio da década seguinte, súmase a sección de Etnografía e Folklore, dirixida por Fraguas, que validou tamén esta apertura. Ben sabía, como lle ensinara o Seminario, á fin “axuntamento de mestres e discípulos para aprender os saberes”, que a incorporación de xente nova e a súa formación era condición obrigada para a prosecución do labor investigador e da traxectoria do quefacer a prol de Galiza que con tanto empeño se tiña deseñado nos anos da preguerra. A renovación prosegue así mesmo noutras seccións do centro: Historia, Arte... O paradigma do Seminario de Estudos Galegos está agora explicitamente presente. O Instituto “Padre Sarmiento” debería encarreirarse cara aos presupostos daquel, axustados aos tempos presentes. A nova organización territorial do Estado abre camiños alentadores. Comeza entón un período de reflexión na liña de redefinir o Instituto para acomodalo ás novas perspectivas que se enxergaban coa instauración da autonomía. É un proceso largo no que as expectativas agardadas por moitos fóronse esvaecendo e que rematará nos primeiros anos da década dos noventa.



Imposición da Encomenda de Alfonso X o Sabio a D. Xesús Carro, o 19 de abril de 1965. Sentados, Pedrayo, Carro, Sánchez Cantón, Pedret e Moralejo; de pé, Filgueira, Armas, Cores, Carro Otero, Maroño, Otero Tüñez, Fernández Rodríguez, Varela Jácome, Fraguas, Bouza Brey, Chamoso e Cordero Carrete.

Entrementres, botaban a andar algunhas outras iniciativas que tiñan en común retomar a tradición interrompida e a reivindicación do SEG. Nelas haberá participar Antonio Fraguas.

En 1976 principiaba o proceso que levaría á constitución do Padroado do Museo do Pobo Galego e á inauguración das súas primeiras salas en outubro de 1977. O referente inmediato é o Seminario. En 1930 mostraba o seu museo etnográfico no salón artesoadado de Fonseca. Xaquín Lorenzo e Fraguas, que con afán traballaron naquel, concorren con entusiasmo e co seu consello a asentar a institución que nacía. Don Xaquín será o seu primeiro presidente, e don Antonio o seu primeiro director. Recuperábase unha vella idea que partira dos momentos seminais do galeguismo e que o SEG comezara a materializar. Na súa declaración de principios figuraba unha manifesta referencia ao espírito do Seminario como empresa de clara executoria no estudo e preservación do patrimonio cultural de Galiza.

O 14 de xullo de 1978 facíase pública unha declaración sobor da necesidade de restaurar o Seminario de Estudos Galegos, convocando a tal fin unha asemblea que ten lugar no auditorio do Museo do Pobo Galego o 28 do mesmo mes. Asisten antigos membros do SEG e un número importante de investigadores, estudiosos e intelectuais representantes dos distintos campos do saber e da creación. Encoméndaselle a unha comisión xestora a posta en funcionamento do novo Seminario. Fraguas, como o resto dos superviventes do antigo, serán designados conselleiros vitalicios. Outra volta iniciábase unha nova andaina.

Atrás quedaban os agravios de antano e abríanse camiños para a recuperación da memoria histórica. O acedo recordo tornábase nova ilusión. Foran derrotados, mais non vencidos.

Fraguas foi un home do SEG, co que se identificou plenamente. Nel iniciouse na investigación e nel atopou os seus mellores e máis prezados mestres. Como outros compañeiros que no seu seo se formaron, o seu labor non se cingiu a un só eido do coñecemento. Pola contra, abrangueu varios, como se colixe da súa extensa obra. Foi o seu un traballo calado, continuo, humilde, con teimosía e afastado de todo devezo de protagonismo e notoriedade, fraguado na irmandade que foi o Seminario. Un outro distintivo hai que sobrancear: os seus estudos, como todo o que sae da cerna do pobo, son sinxelos no seu rigor e resultan de interese e accesibles para todos.

Don Antonio entregou ao longo da súa vida a súa fecunda erudición con liberalidade. A mesma que aquel mozo franco da Terra de Montes traía no seu fardel cando, en 1924, arribou a Compostela.

Antonio Fraguas Fraguas



*Os doce mil fillos de don Antonio
(e unha manda
de afillados)*

María-Xosé Fernández Cerviño

Don Antonio Fraguas érguese como un dos esteos principais da fundación e desenvolvemento do Museo do Pobo Galego. Ao longo de vinte e catro anos a súa figura paterna foi guieiro e alento para un equipo de profesionais e colaboradores que, partindo do exíguo núcleo inicial, se foi configurando e desenvolvendo baixo a súa tutela.

El, xunto a Xaquín Lorenzo, Xosé Filgueira Valverde, Ramón Martínez López e Francisco Fernández del Riego, actuou como un dos nexos de unión directos co Seminario de Estudos Galegos, que desde o momento da concepción do Museo se constituíu en referente explícito da empresa nacente. Outros membros do Padroado que tamén foran socios do SEG, aínda que por razóns de distancia e idade non chegaron a ter participación activa na vida do Museo, foron Xesús Bal y Gay, Xosé Ramón e Fernández-Ojea e Xoán Rof Carballo.

Fraguas estivo presente na xornada do 24 de xaneiro de 1976, cando no Hostal dos Reis Católicos de Compostela se acordou constituír o Padroado que tiña como obxectivo a creación do Museo. A convocatoria da xuntanza partira do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, recollendo unha proposta dos colexiados Rafael Baltar e Manuel Gallego e do xerente e o bibliotecario da súa Comisión de Cultura, Xusto Beramendi e Carlos García Martínez, respectivamente.

Na mente dos promotores estaba presente unha longa historia de loita por ter un museo de Galicia, que arrinca de mediados do século XIX e que, despois de múltiples propostas e iniciativas que non acadaron plasmación práctica, callou en 1930 coa creación do museo etnográfico do Seminario de Estudos Galegos, que Xaquín Lorenzo dirixira entre 1932 e 1933, no breve período en que permanece en Compostela por mor dos seus estudos universitarios. Na recolleita de pezas para as súas coleccións tamén colaborou Fraguas, que a finais do 33 se incorporara como catedrático de Xeografía e Historia ao instituto elemental da Estrada¹.



O museo do Seminario de Estudos Galegos, en Fonseca (c. 1932)

¹ Naquel tempo, segundo narra C. González Pérez citando un artigo de *Faro de Vigo* do 24 de xuño de 1992, acariña Fraguas a idea de crear un museo comarcal na Torre de Guimarei, "museo co que eu soñei un día dándolle canto atopáramos nos castros onde fixemos pequenas catas... Bueno, os soños non son máis que iso, soños; pero quen sabe se outro día alguén soña ó redor da Torre de Guimarei". *Antonio Fraguas. Profesor, xeógrafo, historiador, antropólogo, Galego de ben*. Vigo: Ir Indo, 1998, 23-24.

O extinto Seminario era, pois, o precedente concreto ao que se remitían os mentores da iniciativa do Museo do Pobo Galego. Atendendo a esta relación, case filiación, que se procuraba, Fraguas e Lorenzo son elixidos como vocais da comisión xestora que presidía Rafael Baltar e da que tamén formaban parte Luciano García Alén, Modesto Rodríguez Figueiredo como asesor xurídico e Carlos García Martínez como secretario. Fraguas e Lorenzo participan activamente en todas as xestións levadas a termo con este propósito e, ao se constituír de forma oficial o 31 de xullo do mesmo ano, son elixidos respectivamente como Presidente e Vicepresidente primeiro do Padroado. Fraguas, nomeado por acordo da mesma sesión Director do centro, traballa arreo desde o comezo mesmo para facelo realidade.

Daquela, Fraguas dirixía o Museo Municipal de Santiago, instalado desde 1963 no edificio do antigo convento de Bonaval, onde ocupaba o que fora rectorio, unha sala da entreplanta, que acollía as pinturas de Concha Vázquez, e mais a planta primeira, onde se exhibían parte dos fondos do antigo Hospital Real, xunto con outros obxectos históricos de propiedade municipal, unha colección de imaxinaria relixiosa e varios modelos en escaiola de Asorey². En febreiro de 1985, despois de case doce anos no cargo, tivo que presentar a renuncia á dirección do Museo Municipal, por incompatibilidade da súa magra remuneración coa percepción da pensión de xubilación como catedrático de instituto.

Fraguas estaba impaciente por facer realidade un proxecto museolóxico no que vía a posibilidade de retomar a experiencia que se truncara coa supresión do Seminario. Tal esperanza queda patente nestas súas palabras, nun escrito dirixido ao Decano do Colexio de Arquitectos en resposta á convocatoria que tiña por finalidade a constitución do Padroado: «Paréceme que unha vez constituído o Padroado do Museo, ou denantes, debe ser escollido o lugar do seu emplazamento, edificio e xeito de organización. Coñecido o desenrollo é mester començar a recollida de ouxetos da CASA e dependencias moi relacionadas con ela: lagar, muíño, alpendres e canastros; O TRABALLO: pezas de labranza e oficios; A VESTIMENTA E O MUNDO DO PENSAMENTO. Todo con unha grande meticulosidade pra mostrar as diferentes variantes de unhas comarcas a outras. CUESTIONARIOS fundamentais servirán pra facer máis eficaz a recollida e catalogación dos ouxetos... Mais o primeiro de todo é començar... As suxerencias miñas responden a

² Nunha das campañas de rehabilitación que se levaron a cabo no edificio de Bonaval, as instalacións do Museo Municipal foron desmontadas, co propósito de instalalas nunha futura sede. Por motivos alleos á vontade do Concello, que non conseguiu ata o momento dispoñer dun inmoble axeitado, este proxecto aínda non se levou a cabo. Só as pinturas de Concha Vázquez seguen expostas nunha sala permanente adxacente ao andar do claustro.

Antonio Fraguas Fraguas

unha vella pretensión de uns cantos, daquela mozos, que maxiná-bamos Fonseca transformada en MUSEO do pobo galego»³.

As xestións do Padroado para conseguir un local no que instalar a institución frutifican co acordo plenario do Concello compostelán, a proposta do alcalde, Antonio Castro García, polo que se aproba a «cesión en uso del inmueble de Santo Domingo de Bonaval, edificio y huerta comprendidos, y excluído el templo propiamente dicho, a la Asociación Patronato do Museo do Pobo Galego, legalizada por el Ministerio de la Gobernación por Resolución de 5 de julio de 1976, para la instalación del Museo do Pobo Galego»⁴.



Inauguración do Museo do Pobo Galego, o 29 de outubro de 1977. De esquerda a dereita, Filgueira, Fraguas, Santiago Nogueira, Antonio Castro, Pío Cabanillas, Baltar e Lorenzo.

Preocupaba a don Antonio Fraguas abrir canto antes as portas do Museo, cunha mostra parcial dos contidos previstos, sen agardar a desenvolver completamente un proxecto que consideraba, de partida, moi ambicioso para a carencia de recursos con que a institución iniciaba a súa andaina. A estrutura funcional aprobada en xaneiro de 1976 abranguíu a antropoloxía física, o medio xeográfico, a casa e as construcións relacionadas con ela, oficios e artesanía, arte popular, ecotipos labregos e mariñeiros,

lingüística e literatura popular, etnografía espiritual e social, a música e a danza.

Así pois, a inauguración o 29 de outubro de 1977 das primeiras salas de oficios –cestaría, tecido e oleiros– foi para don Antonio motivo de fonda satisfacción. Andando o tempo, corresponderíalle presentar sucesivamente a sala do mar e a segunda de oficios (zoqueiros e latoeiros) en 1978, a sala do traxe ao ano seguinte, unha terceira sala de oficios (pedreiros e canteiros, mineiros, carboeiros, ferreiros e ferradores, carpinteiros, telleiros, zapateiros, albardeiros, afiadores e paraugueiros, cantorleiros e zarralleiros) e a do campo en 1982, as seccións de música e encaixe en 1986, a sala de hábitat e arquitectura popular en 1987, a sección de escultura en 1988, a sala de oficios urbanos (prateiros, picheiros,

³ Santiago, 10 de xaneiro de 1976.

⁴ Concello de Santiago de Compostela, Acta da sesión do 21 de febreiro de 1977.



“Foto de familia” na xornada inaugural do Museo

“Foto de familia” no 25 aniversario da inauguración do Museo.



acibecheiros e eborarios) en 1990, a remodelación das salas do mar e do campo un ano máis tarde, a sala de música e a remodelación da sala do traxe en 1994, e a sección de pintura en 1995.

Para quen repase as actas do padroado, pode resultar chocante que, estando presente na práctica totalidade das sesións, a ausencia de mención ás intervencións de don Antonio sexa case absoluta. En efecto, non era moi dado a intervir de viva voz nas sesións; o seu era un estilo de traballo calado, persistente, que non gustaba do protagonismo, por iso adoitaba delegar a presentación das memorias anuais no subdirector do Museo, Carlos García Martínez. Acaso, a parte do seu natural en certo modo reservado, en particular no tocante a aquelas cuestións persoais que, por dolorosas, nunca quixo lembrar e escusou entrar en detalles, don Antonio se sentiría irremediamente quebrantado polo hiato que, para os membros da súa xeración, supuxo a longa noite de pedra do franquismo. Isto o situaría nun plano un tanto expectante do compromiso de xentes máis mozas que pretendían recoller o testemuño da reivindicación da cultura e da identidade de Galicia que a guerra truncara, como se lle resultase difícil seguir o ritmo con que as cousas se ían desenvolvendo.

En calquera caso, está fóra de dúbida que a súa autoridade no plano intelectual e moral estaba presente e operativa no día a día do centro. Era moi consciente de que o Museo era unha empresa importante, unha iniciativa valiosa da sociedade civil na que callara un proxecto histórico, e asumía de modo responsable e desinteresado –posto que non percibía ningún tipo de compensación económica pola súa dedicación– os labores de dirección e representatividade. Tamén é certo que para el as xuntanzas e actos constituían outras tantas ocasións de compartir momentos entrañables, gratificantes tertulias e ágapes, con algúns dos seus amigos e compañeiros de tantos anos de angueiras consagradas á cultura de Galicia.

A actitude de don Antonio tiña, por outra parte, un punto de nostalxia, pois era consciente das aceleradas mudanzas que o país estaba a experimentar, afastándose rapidamente do carácter enxebre daquela terra dos seus mellores anos. Para el, a institución estaba chamada a recoller «o que foi Galicia, pois este país, por sorte ou por desgracia, xa non é como aparece neste museo. De aí a razón desta obra»⁵. As súas manifestacións máis frecuentes nas reunións eran para expresar a preocupación pola situación económica do centro, que ao seu parecer non contaba coas garantías de financiamento que el consideraba necesarias para asegurar

5 Entrevista de X.A. Neira Cruz en *La Voz de Galicia*, 26 agosto 1994.

o desenvolvemento e permanencia da institución. Quizais temía que unha empresa na que puxera tantas ilusións puidera verse de novo tronzada, como acontecera co Museo do Seminario.

De par da súa presenza cotiá, pódense mencionar de modo puntual algunhas intervencións en actividades organizadas polo Museo. En 1979 participou nun coloquio sobre as festas agrarias do Noroeste. En 1981, nun ciclo sobre Vicente Risco organizado a instancias de don Xaquín Lorenzo, don Antonio pronunciou unha conferencia sobre os “Primeiros pasos da etnografía galega”. En 1994, no curso “Recupera-la tradición oral. Un proxecto interactivo museo-escola”, impartiu unha lección sobre a literatura oral en Galicia. Ese mesmo ano o Museo editou, dentro da serie Alicerces, un opúsculo titulado *Do Entroido*, no que se recollían, en versión galega, tres textos publicados por Fraguas en diferentes revistas e momentos: “Máscaras e sermóns de Entroido en Cotobade”⁶, “Farsas de Entroido en Touro (A Coruña)”⁷ e “A farsa de Casadenaia (Antas de Ulla)”⁸. En 1989, no marco da exposición conmemorativa do centenario de Francisco Asorey, preparou o traballo introdutorio para o catálogo, “Asorey: tempo e historia”. Tamén redactou os textos liminares de varios catálogos de exposicións⁹ e publicacións monográficas¹⁰.

Facendo gala dunha infatigable vontade de traballo, nunca escusaba a súa presenza nos actos públicos. Asistía ás xuntanzas, ás cerimoniais e aos eventos representando ao

6 *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, II, 3, 1946.

7 *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XX, 1951.

8 *Boletín de la Real Academia Gallega*, XXVII, 1956.

9 *Compostela en cartas postais 1900-1950, Colección Uxío de la Riva Pol*, 1988; “A emoción da postal”, *Memoria de Galicia. Colección Mariela Lorente*, 1991; “Arturo Baltar no Museo do Pobo Galego”, *Retablos de Arturo Baltar*, 1991.

10 A. Vázquez Martínez, *Galicia e a seitura en Castela*, serie Alicerces nº 9, 1997; *Museo do Pobo Galego. 20 anos 1977-1997*, 1997.



Cos Reis de España e o presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga, no Museo do Pobo Galego (xuño 1991)

Antonio Fraguas Fraguas



Visita ao Museo do presidente da República portuguesa, Mário Soares (xullo 1991). En segundo plano, a Sra. Soares e Fraga Iribarne.

Museo, concedía entrevistas en todos os medios e recibía ao pé da entrada aos visitantes ilustres: os Reis de España, presidentes de gobernos estranxeiros e de comunidades autónomas, ministros, conselleiros e dignatarios de toda orde e procedencia percorrían na súa compañía, ilustrados polo seu fondo coñecemento da materia, sempre expresado de forma amena, as salas do Museo e o Panteón de Galegos Ilustres. E, case sen excepción, ata a fin dos seus días, asumiu, moitas veces de par do seu fraternal don Xaquín Lorenzo, a intervención inaugural en cantos actos se organi-

zaban no centro, xa fosen exposicións, congresos, cursos, conferencias, presentacións de libros... As súas palabras, concisas e acaídas, pronunciábaas como de improviso, sen ler, e por iso, ao non termos a prevención de gravalas, non se conservan rexistros delas.

Boa parte do labor intelectual de don Antonio como mentor e guieiro do Museo, quedou, xa que logo, espaxado como semente deitada a voleo nos oídos e nos corazóns do seu auditorio. Na memoria de todos os seus colaboradores permanece viva a súa calidez humana, a graza do seu verbo, a habilidade para enfiar referencias eruditas e populares e a xusteza das súas valoracións, que arrancaban sempre sincero aplauso do auditorio. Así era o seu estilo, herdeiro do método do Seminario: traballo en equipo, sen moito lugar para o lucimento individual, e cun esforzo encamiñado a unir, a concordar vontades e capacidades, a procurar o acordo e a boa avinza entre todos os individuos que participaban na tarefa, que era, á fin, o obxectivo común cara ao que todo se debía concertar.

Nunha entrevista, respondendo a unha pregunta sobre o que significaba para el o Museo, responde: «Son o presidente que ten alí un grupo de traballadores, sobre todo os que están ó pé, isto é, os que levan a factura, os que van facendo o museo; eu non son máis ca un mirón, un individuo que ve as cousas e que as aplaude porque as fan ben, porque as fan moi ben; eu non sería quen de facelo así, mais eles son capaces diso e de moito máis».¹¹

¹¹ Entrevista en *O Correo Galego*, 23 outubro 1998.



Inauguración da exposición "O Entroido" (febr. 1994)

Esa forma particular de ser e de traballar, accións que nel eran unha soa cousa, valeulle por parte de todos un respecto e un afecto próximos á veneración. O 26 de maio de 1984 foille imposta a insignia de ouro do Museo, que un ano antes el mesmo entregara a don Xaquín Lorenzo.

Ao falecer este, en xullo de 1989, Fraguas é elixido como novo Presidente do Padroado, cargo que simultanea coa dirección.



Xaquín Lorenzo imponse a Antonio Fraguas a insignia de ouro do MPG, o 26 de maio de 1984.

O LEGADO FRAGUAS

O 17 de decembro de 1994 tivo lugar no Museo o acto de recepción oficial da súa biblioteca. Naquela xornada deixou inscrita no libro de ouro esta dedicatoria: «No día que deixamos o noso "tesouro", a sinxela biblioteca co pensamento na nosa terra e na nosa cultura».

No mes de maio anterior tomara a decisión da doazón, e non quixo demorar máis do necesario o facela efectiva. Así, Rosa



Asinando no libro de ouro do Museo o día da recepción da súa biblioteca (foto Margen)

Méndez e Ana Fernández, responsable e colaboradora, respectivamente, da Biblioteca do Museo, foron á súa casa facer o inventario dos libros, embalalos e preparar o traslado. A tarefa, máis laboriosa do previsto polo gran número de volumes e revistas que reunira ao longo da súa vida de amator afervado, requiriu tres meses de traballo en xornada completa. Na súa casa do número 36 da rúa de Montero Ríos, os libros repartíanse por todas as estancias ocupando desde o chan ata o teito, sen deixar oco libre. As bibliotecarias descubrían baixo as pías máis recentes outras anteriores, e aínda outras máis antigas. Segundo refiren, don Antonio, para aproveitar o espazo, tiña un sistema moi curioso: xuntaba un lote de libros ou folletos de similar tamaño, facía un atado cun cordel e os poñía logo nos estantes, quedando a metade no andel e a outra metade suspendida no aire. Daquela recoñecía que non sabía cántos libros tiña a súa “humilde e sinxela colección”, que nunca o soubera.

Naturalmente, don Antonio sentía mágoa ao se desprender deste tesouro fomentado ao longo de tantos anos de dedicación entusiasta; os libros eran como os fillos que non tivera. Nunca deixaba de agradecer á súa muller, Teresa Martínez, a comprensión e xenerosidade que mostraba co seu costume de dedicar

todos os cartos que podía aforrar para mercar máis libros. Recoñecía que, fóra do tabaco, que abandonara ao chegar á madurez, non tivera outro vicio que a bibliofilia, paixón alentada, segundo contaba, polo que fora bibliotecario da Universidade compostelá, Xosé María de Bustamante.

Dos libros extraeu boa parte do seu saber humanístico. Mais non era a súa unha cultura simplemente erudita, senón que estaba fondamente arraigada na sabedoría popular, aquela que aprendeu de neno na aldea de Insuela e que logo foi acrecentando coa ciencia académica no instituto de Pontevedra e nas aulas da fonte limpa de Compostela. Este inmenso legado intelectual está espallado entre milleiros de discípulos que recibiron as súas leccións na Estrada, en Lugo ou en Santiago, entre os que tivemos a fortuna de traballar ao seu carón, e mesmo entre as innumerables persoas que nalgunha ocasión puideron falar con el –don Antonio nunca parecía ter présa, e non escatimaba o tempo para unha conversa, para responder unha consulta ou deitar un comentario acaído–, de escoitar as súas charlas semanais en EAJ-4, Radio Galicia, ou as súas disertacións nos máis diversos escenarios, humildes ou prestixiosos.

Logo do que habemos de supoñer foi o íntimo trauma da separación do seu caudal bibliográfico, seguía adquirindo novos volumes, que mandaba sen falta para o Museo despois de os examinar, e asiduamente viña consultar a que, como é evidente, seguía sendo a súa biblioteca. Cando a idade lle foi tollendo a axilidade de movementos, recorría decote ao teléfono para solicitar, sempre dando referencia exacta mesmo do seu aspecto, aqueles títulos que precisaba para o seu traballo infatigable, que nunca abandonou. Ese patrimonio bibliográfico, completamente catalogado, está dispoñible para render servizo a quen queira explorar os seus patentes e ocultos tesouros, desde as grandes obras das ciencias humanas ata a rica colección de pequenas monografías, folletos e separatas que constitúen quizais o máis singular deste vastísimo repertorio, nin humilde, nin sinxelo. Porque 12.937 libros e folletos, 399 cabeceiras de publicacións periódicas, non son un fondo minguido¹². Para dar fe da calidade do seu contido, abonda citar a presenza dos nomes de Pallares y Gayoso, o P. Sarmiento, o P. Feijoo, o P. Flórez, Diego A. Zernadas, Ambrosio de Morales, Floridablanca, Pedro-Antonio Sánchez, Martínez Salazar, Vereá y Aguiar, Madoz, Varela de Montes, Neira de Mosquera... Entre o fondo antigo, a publicación con data máis temperá é *Empresas espirituales y morales*, de Juan Francisco Villava, editado en 1613. En canto á súa composición temática, non sorprenderá saber que

¹² Agradezo a Rosa Méndez, conservadora da Biblioteca do Museo do Pobo Galego, a precisa información na que se basean estas notas.

o maior continxente corresponde ás ciencias humanas, e tamén á lingua e a literatura galegas. Salienta o nutrido fondo de etnografía e antropoloxía de Portugal. Na colección de folletos hai un importante número de temática relixiosa e programas de festas. Entre as revistas non faltan as coleccións dos Boletíns das Comisións provinciais de Monumentos de Lugo e Ourense, o da Real Academia Gallega, os *Archivos* do Seminario de Estudos Galegos, *Galicia, Vida Gallega*, os *Cuadernos de Estudios Gallegos*, *El Museo de Pontevedra*, a *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, *Grial*, *Compostellanum*, *Encrucillada*... Os volumes están cheos de marcas, notas, apuntes e mesmo reseñas periodísticas; moitos deles aparecen dedicados polos seus autores, sempre con palabras de afecto e respecto.

A máis dos libros, desde os primeiros anos, foron chegando pouco a pouco ao Museo moitas pequenas e queridas cousas da súa propiedade. Na súa dilatada e fecunda existencia foi acumulando tamén un considerable acervo de documentos e obxectos relevantes, froito do seu traballo docente e intelectual. As pezas superan o número de duascenas; entre elas, abundan as de carácter etnográfico, xunto con algúns materiais arqueolóxicos (fundamentalmente obxectos líticos e fragmentos cerámicos) e de arte (debuxos e gravados). Dous obxectos particularmente entrañables son o candil de aceite que alumeou as súas primeiras letras, e o bastón con puño de prata que lle axudou a sustentar o peso dos derradeiros anos.

Despois da súa defunción, a familia fixo entrega do seu fondo documental. Organizado e arquivado polos servizos bibliotecarios do Museo, reúne un avultado repertorio, non só de carácter persoal, senón tamén coleccións facticias e documentos alleos. Acostumaba conservar copia da súa correspondencia, da que se desprende unha vez máis o espazo que na súa vida ocupaba a bibliofilia. Mantiña relación epistolar con libeiros de Galicia e Portugal, que lle procuraban novidades ou libros de vello, e moitas das súas cartas tiñan por obxecto o envío ou o acuse de recibo de libros e artigos. Cabe tamén salienta que a maioría das súas colaboracións en prensa, que gardaba, ocupábanse de dar conta das novidades bibliográficas.

Entre estes documentos hai un que, pola súa singularidade, merece unha mención expresa. Unha carpeta, rotulada a man co título *Vita nostra*, contén dezaseis folios manuscritos baixo o epígrafe “Notas da miña vida e do meu tempo”, nos que en forma de narración en primeira persoa vai debullando as lembranzas dos vinte primeiros anos, na aldea natal de Insuela, parroquia de Santiago de Loureiro, Cotobade, en Pontevedra durante os cursos

de bacharelato, e a chegada a Santiago para estudar Filosofía e Letras. Nun estilo directo e sinxelo, alleo a culteranas pretensións literarias, como sempre foi propio da súa prosa, Fraguas fala da súa familia –o amor pola nai abnegada e polas outras mulleres da casa, o afecto reverente pola figura do pai emigrante, que morreu aínda novo–, dos seus mestres, dos compañeiros de xogos e dos condiscípulos do instituto. Parte deste texto foi publicado, coas mesmas ou parecidas palabras, pola revista *Grial*¹³. A narración editada dá cabo no momento en que aproba o ingreso e os dous primeiros cursos do bacharelato, e remata con estas palabras: “A Providencia velou por min e a pesar de guerras e posguerras aquí estamos con máis de noventa e un anos”. Isto revela que estas notas retrospectivas foron redactadas xa nos derradeiros tempos da súa vida.

Enlazando co momento en que remata o texto de *Grial*, prosegue o manuscrito falando dos seus mellores amigos dos anos pontevedreses: Sebastián González García-Paz, Alfonso Moure, o poeta Luís Brey Bouza. Lembra a vida cotiá da cidade do Lérez, os seus mestres –Ramón Sobrino, Antonio Losada–, as excursións dominicais na procura de minerais e plantas, os “burros” do entroido, o Corpus, a fundación da efémera Sociedade da Lingua, coetánea do Seminario de Estudos Galegos. Daqueles tempos de estudante datan as primeiras manifestacións da súa paixón bibliófila: “... cando tiña algún carto mercaba un libro nun quiosco que me facía rebaixa”. Da vida universitaria ocúpase nos últimos parágrafos, que se interrompen abruptamente ao comezo do segundo curso, nada máis dar conta do seu contento pola incorporación ás aulas compostelás do seu grande amigo Sebastián González, do comezo dos traballos de investigación e dos novos profesores.

A FUNDACIÓN ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

Desde 1998 víñase falando no Museo de constituír unha fundación dedicada a don Antonio Fraguas. A proposta viña vinculada a unha suxestión da Consellaría de Cultura, Comunicación Social e Turismo, que consideraba necesario que o Museo contase cunha institución que tutelase, desde o punto de vista financeiro, a súa actividade. A achega dos recursos económicos era, como xa queda dito, unha preocupación constante de don Antonio, que receba que a insuficiencia e irregularidade das contribucións das institucións patrocinadoras chegase a comprometer a continuidade do labor da institución.

13 “O lugar e a casa onde nacín”. *Grial*, 144, 1999.



Visita oficial da Mesa do Parlamento de Galicia (feb. 1998). De esquerda a dereita, Bautista Álvarez, Pedrosa Vicente, Caamaño, García Leira, Fraguas, García Martínez (de costas), García Alén e Delgado Arce.

As posturas na Xunta Reitora e no Padroado non eran unánimes, e o asunto debateuse en sucesivas xuntanzas; desde a Consellaría tampouco se axilizou demasiado o trámite de consulta para a elaboración duns estatutos. O propio don Antonio, coa súa humildade característica, non mostraba grande entusiasmo pola iniciativa. Con todo, había concordancia na oportunidade de dar nacemento a unha institución que perpetuase a súa memoria e o seu legado intelectual. Finalmente, o 29 de maio de 1999, a asemblea do Padroado aproba a creación da Fundación Antonio Fraguas Fraguas. A Comisión promotora será a Xunta Reitora do Museo, quedando facultado o seu Presidente, Luciano García Alén, para os trámites pertinentes. En xuño seguinte a Xunta Reitora aprobaba os estatutos e a carta fundacional, que foi asinada nun acto celebrado o 9 de agosto na casa de don Antonio. A iniciativa sustentábase na seguinte exposición de motivos:

A figura de D. Antonio Fraguas Fraguas, o seu legado intelectual, moral e material, destinado e orientado ó coñecemento, difusión e desenvolvemento dos trazos e contidos da cultura galega, xustifica e ampara a creación dunha entidade cultural que proxecte, conserve e

dinamice o patrimonio material e inmaterial que D. Antonio Fraguas e toda a xeración por el representada, crearon e rescataron para a conservación futura da memoria de Galicia.

O dereito de fundación, contemplado na lexislación do Estado español e na propia de Galicia, permite o seu exercicio coa finalidade única, neste caso, de dotar de canle e vertebración adecuadas o amplo e complexo legado que, por vontade expresa de D. Antonio Fraguas, debe servir para incrementa-la investigación, a divulgación e a conservación dos lugares da memoria que configuran a historia e a antropoloxía de Galicia.

Por desexo igualmente expresado de D. Antonio Fraguas, a Fundación que aquí se constitúe terá como espazo e referencia singularizadas o Museo do Pobo Galego, legado el mesmo do labor de D. Antonio Fraguas e doutros ilustres patróns deste Museo e produto referencial por eles querido para representar, sintetizar e edificar imaxes, sentidos e significados da tradición cultural de Galicia.

Así mesmo, as necesidades de desenvolvemento desta institución e a crecente demanda de participación da sociedade civil e do mundo empresarial no patrocinio cultural, aconsellan busca-la forma de abri-lo museo a estas novas realidades.



Sinatura da constitución da Fundación Antonio Fraguas Fraguas. De pé, Pérez Varela, García Martínez e Sánchez Bugallo. (Foto Margen)

A Fundación Antonio Fraguas Fraguas xorde neste marco coma merecida homenaxe a todos aqueles que loitaron por unha institución, que hoxe se materializa no Museo, que fose lugar de encontro dos galegos e centro de conservación e estudo da cultura de Galicia, na idea de que se constituía nun instrumento que permita, mediante a achega de fondos ó Museo do Pobo Galego, cumprir debidamente os seus fins.

Os trámites para a posta en marcha da Fundación seguirán adiante xa sen el. En cumprimento das disposicións estatutarias, o Padroado do Museo do Pobo Galego, en asemblea do 16 de decembro de 2000, aproba por unanimidade, a proposta da Xunta Reitora, a elección dos vocais do Padroado da Fundación, que se constituíu o 16 de xullo de 2001, integrado polas seguintes persoas.

- Presidente de Honra, o Presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga Iribarne
- Presidente, o do Padroado do Museo do Pobo Galego, Isaac Díaz Pardo
- Vicepresidente primeiro, o Conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Xesús Pérez Varela
- Vicepresidente segundo, o Alcalde de Santiago de Compostela, Xosé A. Sánchez Bugallo
- Vicepresidente terceiro, o Presidente da Xunta Reitora do Museo, Justo Beramendi González
- Vocais, Carlos García Martínez, Director do Museo, Xerardo Estévez Fernández, Luciano García Alén, Xosé-Antonio Gómez Segade, Xosé-Manuel González Reboledo, José-Carlos Martínez Cimadevila, Francisco Puy Muñoz, a Fundación Caixa Galicia e mais Caixanova.

Consonte o propósito fundacional, a entidade orientou os seus primeiros esforzos a procurar recursos para financiar a montaxe dunha nova sala do Museo, *A sociedade, memoria e tradición*, que abriu as súas portas en xuño de 2005 contando co patrocinio da Consellaría de Cultura, Comunicación Social e Turismo a través da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, a Fundación Caixa Galicia e Caixanova. Este acto foi, formalmente, o primeiro dos programados para conmemorar o centenario do fundador.

Tamén foi froito da xestión da Fundación a instalación do ascensor, unha axuda técnica que durante anos viñan demandando os visitantes e os patróns de maior idade, como Antonio Rodríguez Fraiz e o mesmo Fraguas, que atopaban nas diferenzas de nivel existentes no edificio, que só se podían salvar mediante

escaleiras, unha barreira considerable á mobilidade. A instalación foi xestionada pola Consellaría de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

Desde 2003, a Fundación vén convocando anualmente o Proxecto Didáctico Antonio Fraguas, un certame entre os centros escolares de Galicia encamiñado a promover a realización de traballos de pescuda sobre o patrimonio etnográfico, antropolóxico, xeográfico, histórico e artístico do entorno inmediato, co que se pretende alentar entre a comunidade escolar un labor sistemático orientado á educación patrimonial, ao coñecemento do medio e á posta en valor dos máis diversos elementos do noso acervo cultural. Ao tempo, o proxecto pretende rememorar a figura de don Antonio Fraguas Fraguas na súa dobre vertente de pedagogo e etnógrafo.

EPÍLOGO

Don Antonio –así quería que o chamasen, puntualizando que o seu patrón non era santo Antón, senón Antonio de Padua, que se celebra o 13 de xuño, aniversario sempre lembrado do pasamento do seu pai– fixo que todos no Museo nos consideráramos



Co persoal e colaboradores do Museo, na festa do seu 90 aniversario.

de certo xeito parte da súa familia, e como en familia celebrabamos cada ano, o día dos Inocentes, o seu aniversario. Cando fixo os oitenta, por subscrición entre os patróns e traballadores, foi obsequiado cunha edición facsimilar do *Beato* de Girona. O 22 de decembro de 1995, en vésperas do seu nonaxésimo aniversario, o Museo rendeu unha homenaxe na que actuou como mantedor Francisco Fernández del Riego e, como agasallo, se lle entregou unha talla en acibeche do Apóstolo Santiago, ao que tanta devoción lle profesaba.

O seu vigor e ánimo ían devalando ostensiblemente desde que, en 1996, perdera a súa dona. Sen prexuízo disto, segue visitando asiduamente os arquivos da cidade e reclamando libros da súa biblioteca para escribir artigos e preparar conferencias e discursos.

En asemblea do 29 de maio de 1999, o Padroado toma conta da súa dimisión irrevogable da dirección do Museo, por motivos de saúde. Acórdase nomealo director honorario, pasando a ser director en funcións o que era subdirector, Carlos García Martínez.

A vida de don Antonio extínguese o 5 de novembro de 1999. Cumprindo a súa vontade, a capela ardente instálase no auditorio do Museo, que fora para el un segundo fogar durante máis de dúas décadas. As honras fúnebres celébranse ao día seguinte na igrexa de Bonaval, Panteón de Galegos Ilustres, no medio dunha sentida manifestación de dó de todos os sectores sociais e culturais, tanto oficiais como populares. A terra do cemiterio compostelán de Boisaca recíbeo, baixo unha gran lousa de granito do país, entre Ramón del Valle-Inclán e Aurelio Aguirre.



Ofrenda floral no primeiro cabodano do seu pasamento (foto Margen).



*A religiosidade de don
Antonio Fraguas*

Manuel Xesús Precedo Lafuente

Pídenme que escriba sobre a relixiosidade de don Antonio Fraguas no centenario do seu nacemento, unha dobre vinda, xa que á primeira presenza física e independente no mundo, a nacementa biolóxica, engadíase inmediatamente naqueles tempos a rexeneración espiritual polo bautismo. Certo é que a relixiosidade dunha persoa é un feito persoal que se manifesta na adhesión a Cristo pola fe; pero ten sempre unha manifestación pública, porque o home é por natureza un ser social. Hai, polo tanto, unha connotación externa que se pon de manifesto na vida de cada día: no comportamento, nos feitos e, no caso dun escritor, na súa produción literaria, como sucede con don Antonio Fraguas, mestre de profesión e mestre nas súas actitudes. O tema da relixiosidade das persoas non é novo, porque se adoita estudalo en moitos persoeiros, aínda que, ás veces, sexa un tema que só se pode prender con alfinetes, porque a obxectividade é tan pequena que non admite costuras firmes. Non é tal o caso de Fraguas, un home de fe e de vida.

FILLO DE EMIGRANTE

Como tantos galegos, medrou en anos e en formación don Antonio Fraguas privado da presenza de seu pai, emigrante en América en procura dunhas posibilidades económicas que non era posible obter na súa terra. A situación dos fillos de emigrantes ten as súas eivas, pero ten tamén as súas vantaxes, sobre todo se queremos coñecer as orixes do pensamento relixioso e da praxe cristiá dun home. Descoñecendo cal era a actitude relixiosa do pai de Fraguas, que posiblemente era positiva, a ausencia paterna e a compañía permanente da nai garante unha maior vivencia cristiá, porque as mulleres son as que procuraron manter as tradicións cristiás nos seus fogares ao longo do tempo.

Nacera don Antón na parroquia de Santiago de Loureiro, testemuña toponímica da abundancia desta laureácea tan estimada en Galicia polas súas múltiples aplicacións culinarias en terras galegas, os seus servizos para fumar os chourizos e aromatizalos e constituír os seus ramallos un compañeiro inevitable dos rapaces galegos no domingo de Ramos, para poder despois conservar na casa e nas leiras este sacramental, ao que moitas veces se lle atribuíu un compoñente máxico. Como dixeran, a parroquia ten por patrón a Santiago, un motivo máis para explicar a querenza xacobeá de don Antonio, como veremos máis adiante.

Non hai comarca galega que non teña lembranzas do pasado monacal vixente nos santuarios, nas tradicións e na mesma topo-

nimia. Esta memoria dos monxes está presente na terra que viu nacer a don Antonio. O concello e o arciprestado aos que corresponde Santiago de Loureiro levan o nome de Cotobade, terra tamén natal dun gran amigo de Fraguas, o deán Portela Pazos, dous paisanos que atoparon na investigación histórica a realización das súas inxerencias galegas. Non hai ningunha entidade de poboación que leve agora o nome da xurisdición civil e eclesiástica. Pero, sen dúbida, o topónimo ten moito que ver coas posesións do mosteiro tamén pontevedrés de Armenteira. De feito, o abade de Armenteira ou un frade por el comisionado celebraba en Borela, freguesía cotobadense, a festa de San Martiño como acto litúrxico e como lembranza da influencia do cenobio na comarca de Cotobade. E iso aínda despois de que Fernando II, o promotor do Pórtico da Gloria compostelán, cedera o castro de Cotobade á igrexa compostelá.

RELIXIOSIDADE FAMILIAR

Máis dunha vez escoitei de labios de Fraguas o espírito relixioso que recibira cos consellos e coas maneiras familiares a propósito da relixión cristiá. Como tantas parroquias rurais, a de Santiago de Loureiro tiña unhas fondas tradicións herdadas de xeracións anteriores, que non se romperon nin coa precedente a Fraguas nin coa súa propia. Na parroquia de Loureiro honrábbase cada ano a Santiago, o patrón da parroquia, e ao Cristo da Agonía, e, na capela propia da advocación mariana, á Virxe das Neves, proxección esta da titular de Santa María a Maior de Roma, que lembra unha fermosa tradición de hai moitos séculos, cando no mes de agosto dous anciáns esposos, desexosos de erguer unha capela en honra de Nosa Señora, viron o sinal divino de aprobación do seu voto e de indicación do lugar preciso na aparición dun espazo cuberto de neve ao erguerse na mañá do día cinco de tan caloroso mes.

A celebración do Cristo da Agonía tiña lugar ao peche da Semana Santa no domingo de Pascua. A Semana da Dor, como tamén se chama a eses días nos que cada ano revivimos os cristiáns os misterios da morte e da resurrección de Xesús, non só era



Saíndo da igrexa

recordo dos sufrimentos do Fillo de Deus, senón tamén imaxe dos que tiñan que padecer os labradores duna parroquia rural, como Loureiro, das angurias cando as condicións climáticas facían dudar de que o duro traballo da terra puidera traer a colleita desexada e necesaria para a subsistencia familiar, a soidade das mulleres privadas do home pola emigración e dos nenos que, como Fraguas, habían medrar sen a presenza paterna.



Fraguas era asiduo nas procesións da Semana Santa compostelá.

Pero a festa do Cristo da Agonía e a Semana Santa son tamén símbolo de outras celebracións relixiosas que tiñan lugar cada ano e que ían formando aos nenos e ás nenas nunha mentalidade de devoción e piedade que sempre deixaban pegada. Podemos pensar en moitas convocatorias da igrexa parroquial, das que son símbolo, por limitarnos a algúns exemplos, a preparación para a pascua do Natal coas chamadas “xornadas”, que viñan ser evocación das etapas de María e Xosé cara a Belén, da fuxida de Herodes indo vivir en Exipto, do retorno a Palestina e do definitivo asentamento en Galilea, na localidade de Nazaret, ou tamén as celebracións fúnebres por veciños da parroquia defuntos nunha manifestación de solidariedade humana e de fraternidade cristiá, que aínda hoxe seguen a ser distintivo dos galegos.

O problema para un neno ou nena dunha freguesía rural galega era a separación, aínda que fose temporal, do ambiente familiar, ao arredarse do exemplo dos maiores, ao sentirse coaccionado polos usos e costumes de adolescentes e xoves non crentes, indiferentes ou simplemente deixados. O ambiente no que transcorreron os anos de formación de Fraguas en secundaria e en universitaria nin foron influenciados pola rúa, xa que distaban moito dos nosos aqueles tempos, nin a personalidade de don Antonio era proclive a deixarse influír polo ambiente. Tería, como calquera, dúbidas, debilitacións, pero superounas todas, e podemos afirmar que mantivo, enriquecéndoo cada día, o talante relixioso que fora formando xunto a súa nai e na escola no fogar de Loureiro.

RELIXIOSIDADE XACOBEOA

Ao falar da actitude cristiá de Fraguas, véñeme á memoria o noso Pórtico da Gloria, xa mencionado nestas páxinas. Temos na obra xenial do mestre Mateo unha representación xeral da Igrexa, seguindo, entre outras fontes literarias, a epístola de San Paulo aos fieis de Éfeso, presidida pola figura de Cristo morto e resuci-

tado; pero a imaxe que segue en tamaño á do Salvador é a de Santiago o Maior. En outras palabras, a Igrexa universal, concretada, para Compostela –e para España– no Apóstolo que, segundo a tradición, trouxo a mensaxe do Evanxeo a terras ibéricas.

A relixiosidade de don Antonio podemos dicir que seguía esta liña. Era un crente católico, que é o mesmo ca universal; pero sentíase fundamente herdeiro da predicación de Santiago, recoñecéndose nesta devoción xacobeo debedor do fillo do Zebedeo. Tiven ocasión de aprezo no meu trato persoal con don Antonio e no repaso dalgunhas das súas obras históricas. A primeira vez que iniciamos unha época de frecuentes reunións foi con ocasión da nosa incorporación á Confraría do apóstolo Santiago, presidida daquela polo profesor Lucas Álvarez. Na pequena dependencia catedralicia que acollía as nosas xuntanzas mensuais puideren apreciar de preto o seu sentido cristián-xacobeo.

Naquel momento xa coñecía eu unha publicación de don Antonio sobre o feito xacobeo, o culto a Santiago, as peregrinacións, a literatura xacobeo, etc., e iso que se trataba dun folleto no que Fraguas resumiu de maneira maxistral todo o moito que sabía da materia, sobre a que escribiu o caderno de divulgación da serie “Temas Españoles”, de titularidade estatal. Debo dicir que foi para min o principio con outros libros e artigos para poder redactar a biografía de Santiago e a historia do santuario compostelán e das peregrinacións a Compostela que leva a miña firma.

Esta preparación a través da lectura atopou, en conversas con don Antonio, unha valiosa ampliación. E é de xustiza dicir que a Fraguas, cando se lle preguntaba algo, facía unha declaración de humildade, manifestando que non era na materia a autoridade que se buscaba. Cando se



Diploma de irmán maior da Arquicofradía do Apóstolo Santiago



Nomeamento como vocal da Comisión diocesana de Arte Sacra



Santiago de Compostela, na colección
Temas Españoles (1957)

remataba a conversa, o maxisterio fraguano quedaba acreditado con creces.

Cumpriu perfectamente don Antonio as dúas obrigacións fundamentais da súa pertenza á Arquiconfraría santiaguista: a promoción e a práctica do culto a Santiago o Maior. A bibliografía de Fraguas contén un bo número de títulos sobre a figura do Apóstolo e a proxección mundial dos feitos da súa predicación ibérica e da súa sepultura en Compostela, dúas tradicións avaladas pola inquedanza investigadora de don Antonio e o agarimoso tratamento deses temas. A devoción de Fraguas levábo cada día á Catedral, onde sempre se lle podía ver como un humilde cristián. Co paso dos anos, cando a perspectiva histórica deixa ver aos amigos mortos cunha claridade superior á que nos achegaba en vida a esas persoas, lémbreme o profesor Fraguas a figura do arrependido cobrador de tributos da parábola evanxélica, que o pon en contraste coa do soberbio fariseo que

pregaba a Deus non confesando os seus defectos, senón esixindo a retribución das que el consideraba boas obras.

FESTAS CRISTIÁS E TRADICIÓN POPULARES

Non se limitou Fraguas a escribir artigos ou libros enteiros, que non chegan a todo o mundo. Penso que tampouco escribía para ensinar aos demais, porque esa pretensión non se conxugaba ben co seu natural modesto. Os periódicos, que chegan a tantos fogares sen o requisito de que os posibles lectores sexan intelectuais, acolleron orixinais coa firma de don Antonio. Sen preten-lo, foi mestre de moita xente con comentarios, informacións e interpretacións de tradicións relixiosas ou pagás con transfondo relixioso.

As inquedanzas galeguistas de Fraguas levárono a traballar sobre asuntos como o traxe galego, sobre o cal ten un espléndido libro, as festas populares do entroido, o culto aos mortos, as aparicións dos mesmos e un longo etcétera de crenzas e de prácticas

enraizadas na nosa terra dende os máis lonxanos tempos foron asuntos vencellados á súa pluma ultra nonaxenaria.

Como historiador, informaba sinceramente do fondo relixioso que fora berce de prácticas cúlteras e da perseveranza das mesmas na historia secular do pobo galego. Como home de orixe rural, precisamente dunha comarca con moitos vestixios históricos, ilustrados polos costumes e usos que se foron transmitindo de xeración en xeración, coñecía de primeira man as representacións anuais de cada unha das festas folklóricas que se ían sucedendo dentro de cada ano, e reflectíaas con todos os detalles nos seus comentarios.

Xa se sabe que a Igrexa, dende os comezos da evanxelización, procurou cristianizar os inevitables usos pagáns de tódolos pobos, e non o fixo menos na nosa Galicia. Unhas veces intentaba borrar a memoria do feito e da súa actualización pagá, outras, vendo que o arraigo nas xentes non permitía o borrón e conta nova, proxectando sobre as tradicións unha luminosidade cristiá que servira para esmorecer a lembranza precristiá. Don Antonio Fraguas, etnólogo e antropólogo ao mesmo tempo, refería todo con exactitude, pero, como crente profundo, levaba no mesmo artigo a auga ao muíño cristián.

Cómpre lembrar o concepto que Fraguas tiña do home porque así entenderemos mellor as súas consideracións sobre o arraigado culto aos mortos en Galicia. Non condenaba os costumes patrios de temor ante a enfermidade e a morte. Vía neles unha oportunidade para poñer de manifesto o seu convencemento da unidade e transcendencia do ser humano, facéndose eco, sen citalo, do pensamento de Santo Agostiño: “fixéchesnos, Señor, para Ti, e o noso corazón está inqueda mentres no descansa en Ti”.

GALEGUISTA EXEMPLAR

Fraguas falaba e escribía en Lingua Galega, cando as circunstancias –o medio ou os destinatarios dos seus traballos– non esixían outra linguaxe. Non facía do idioma un sacramento obrigatorio porque sabía perfectamente que o importante é o que se quere comunicar, e non tanto o vehículo expresivo empregado. Por natureza e por convencemento era galego e non deixaba de proclamar a propia galegitude, que nalgún momento causoulle



Co arcebispo cardeal Quiroga Palacios e Cordero Carrete na exposición do traxe galego do Instituto P. Sarmiento (1969).



No auditorio da Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago

probas verdadeiramente difíciles de esquecer; pero, como historiador e como cristián, estaba sempre aberto á universalidade católica, sen que ningún suceso mundial lle fose alleo. Como San Paulos, e non digamos como o noso Santiago, sentíase cidadán do mundo. Facía realidade o dito de Terencio “porque son home, non xulgo estraño nada humano”; pero sublimado o pensamento do poeta latino pola mundialidade da mensaxe cristiá.

E cristián é o amor á patria en todas as dimensións desta palabra, dende o lugar que nos viu nacer ata calquera parte do mundo, ao que estamos vencellados por natureza e por vocación. O cristianismo ten unha palabra para falar do interese de cada persoa pola patria. Esa palabra é piedade. Trátase dun vocábulo polisémico, que comprende tres dimensións fundamentais nas que ten que orientarse o corazón humano: Deus, os homes e a Patria. Noutras palabras, afecto a Deus como creador, conservador e meta de cada home; aos homes, como irmáns por natureza e por fe; á Patria, en senso amplo, pero coa gradación ou xerarquía posible en calquera afección humana, acentuando o cariño segundo os casos.

O galeguismo de Fraguas, a súa piedade para a rexión galega, está presente en toda a súa vida e en toda a súa obra. Quen firma esta comunicación tivo o privilexio de compartir con don Antonio, uns cantos anos, o traballo na Real Sociedad Económica de Santiago, entidade xurdida no século XVIII coa finalidade de impulsar o desenvolvemento de Galicia. Unha vontade de persoei-

ros composteláns daquel momento, entre os que se atopaban dous membros do clero catedralicio, que intentaba xungirse á apertura e ao desenvolvemento promovido pola Ilustración para a mellora das condicións de vida en España e nas súas rexións. Tarefa que non esqueceron os directivos da Económica na súa bisecular historia. Fraguas, como socio e como bibliotecario, non tirou nunca a toalla. Subido ao ring das súas competencias, colaborou, deica á súa morte, na finalidade social marcada polos devanceiros ilustrados. Especial manifestación de estima a Galicia mostrada por don Antonio.

SAN FRAGUAS

O título do derradeiro apartado da miña colaboración non é un ilexítimo adianto dun posible xuízo pontificio sobre a vida de don Antonio, unha decisión improbable, que a quen subscribe, en troques, lle parecería moi xusta. Responde só á opinión que alumnos e alumnas de Fraguas ou “San Fraguas” manifestaban cando falaban del. Chamábanlle San Antonio Fraguas ou San Fraguas, pola benignidade na avaliación dos exames e pola dedicación que prestaba a calquera que se achegaba a el en procura dunha información ou dunha orientación.

É verdade, e polo tanto o autor destas páxinas non quere que o cariño a Fraguas o leve a unha canonización para a que non ten poderes, que da santidade dos homes só pode vulgar Deus, ou a Igrexa asistida polo Espírito Santo, ao final duna seria investigación. *De internis solus Deus*, reza o axioma eclesiástico expresado na lingua do Lacio. Pero os homes non por iso deixamos de calificar a existencia de algunhas persoas que nos impresionaron pola vivencia da súa fe.

Apoiado neste dereito, coñecendo como coñecín e tratei moitos anos –oxalá fosen máis, porque do bo non se cansa nunca un- a don Antonio, quero deixar testemuño da persoal veneración e admiración que tiveron por Fraguas. Traballador, humilde, indulxente, piadoso, cumpridor das súas obrigas, aberto a calquera tipo de axuda, marido exemplar que compartiu a unidade do amor matrimonial con dona Teresa tantos anos, recibindo con igual ánimo as pesadas cruces das probas da vida e os momentos gozosos, que tamén foron moitos, deixounos a todos os que o tratamos unha estela de bondade que nacía dun corazón humano, cristián, cheo do amor que xorde da fe e da relixiosidade. Co debido respecto ás decisións eclesiásticas, tómomeme a liberdade de dicir que Fraguas foi –e é definitivamente– un santo.

Antonio Fraguas Fraguas



Bibliografía

*Rosa M^a Méndez García
coa colaboración de
Patricia Gómez España
e Sandra Vázquez Gómez*

BIBLIOGRAFÍA¹

1929

- Unha serán na catedral. *A Nosa Terra*, nº 261. A Coruña. pp. 9-10.

1930

- c/ LOPEZ CUEVILLAS, F.; LORENZANA, M^a P., Mámoas do Saviñao. *ASEG*, T. V. Santiago. pp. 67-91.

- O Entroido nas terras do sul de Cotobade. *Nós*, nº 77. Santiago. pp. 84-94.

1931

- *O Culto ós mortos*. Ateneo de Vigo. Nós. Santiago.

- Do folk-lore de Armeses-Listanco. *Nós*, nº 96. Santiago. pp. 221-227.

- As léndas da Fonte Pormás. *Nós*, nº 108, Santiago. pp. 218-221.

- ** CASTRO PIRES DE LIMA, Fernando de, O Ceroto. *Nós*, nº 95. Santiago. pp. 218-219

- ** GOMES DE ALMEIDA CRESPO, J., Aspecto sanitario da emigración no Minho. *Nós*, nº 95. Santiago. p.219

- ** BASTO, C., Traje a vianesa. *Nós*, nº 95. Santiago.

1933

- [Catalogación de castros]. *Terra de Melide*. Seminario de Estudos Galegos. Santiago. pp. 65-108.

- O pazo. *Universitarios*, nº 2. Santiago. p. 9.

- Noite. *Cristal*, nº 8. Pontevedra. p. 11.

- Domingo de ramos na aldea. *Cristal*, nº10. Pontevedra. p. 23.

1935

- Nos cantamos?. *Logos*, nº 47. Pontevedra. pp. 95-96.

1943-1944

- Juegos infantiles de Loureiro de Cotovade. *BCPMO*, T. XIV. Ourense. pp. 95-102.

1945

- El lobo en las tierras de Cotovad. *BCPMO*, T. XV. Ourense. pp. 129-137.

- Tristezas románticas. *Gelmírez: hojas de otoño a primavera*, nº 1. Santiago. pp. 25-26.

1946

- Una página de la vida académica del Doctor Fontán. *D. Domingo Fontán y su mapa de Galicia en el primer centenario de su publicación*. IPSEG (CEG -Anejo I) Santiago. pp. 119-124.

- Máscaras y sermones del carnaval en Cotobad. *RDTP*, T. II. Madrid. pp. 435-457.

- Notas de azabachería compostelana. *MP*, T. IV, Pontevedra. pp. 61-68.

- Dous romances de Galicia. *RG*, vol. LVI. Guimarães. pp. 117-121.

- El “garotíño”. *RG*, vol. LVI, nº 3-4. Guimarães. pp. 309-314.

- Escritos no coleccionados de Rosalia de Castro (VII). *CEG*, T. II. Santiago. pp. 477-478.

1947

- El edificio. *El Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos*. IPSEG. Santiago. pp. 45-79.

- Contribución al estudio de la Navidad en Galicia: Nadales, Aninovos, Xaneiras y Reyes. *RDTP*, T. III. Madrid. pp. 401-446.

1948

- Contribución al estudio del “columpio” en Galicia. *RPF*, vol. I, T. II. Coimbra. pp. 463-474.

- Notas del folklor de boda en Galicia. *TAE*, vol. XI. Porto. pp. 306-328.

- Colaboradores gallegos de Madoz. *MP*, T.V. Pontevedra. pp. 173-174.

1949

- Fiestas populares de Galicia: fiadeiros. *CEG*, T. IV. Santiago. pp. 397-427.

1950

- Pastor Díaz en el colegio de Fonseca. *BCPML*, T. IV, nº 34. Lugo. pp. 69-72.

1951

- El Título del Bachiller Pedro de Vitoria, primer catedrático del Estudio. *CEG*, T. VI. Santiago. pp. 279-282.

- La Iglesia de Santa María de Janza. *MP*, T. VI. Pontevedra. pp. 119-135.

- Farsas de carnaval en Touro (Coruña). *CEG*, T. VI. Santiago. pp. 431-441.

- Apuntes para la historia del Hospital de Ribadiso da Ponte (Arzúa-Coruña). *Lar*, nº 213. Buenos Aires. pp. 61-62.

¹ Non están incluídos nesta selección os artigos de prensa, os pregóns e programas de festa e as voces da Gran Enciclopedia Galega.

* Limiares e presentacións

** Reseñas e recensións bibliográficas

*** Catálogos de exposicións

- Tradición jacobea en Lugo. *CBAGAS*, nº [22]. Santiago. pp. 5-6.

- ** VARELA JÁCOME, B., Historia de la literatura gallega. *BCPML*, T.IV, nº 35. Lugo. p. 239.

- ** GÓMEZ VILAVELLA, J., Castrovverde: bosquejo histórico geográfico. *BCPML*, T. IV, nº 35. Lugo. p. 239.

- *** *4ª exposición dedicada a la Condesa Pardo Bazán con motivo del centenario de su nacimiento*. IPSEG. Santiago.

1952

- Aportación al estudio de la dote. *Lar*, nº 224-225. Buenos Aires. pp. 63-64

- ** FERRO COUSELO, J., Los petroglifos de Término y las inscultura rupestres de Galicia. *BCPML*, T. V. Lugo. pp. 127-128.

- ** TROITINO MARIÑO, M., La Bula “Apostolici Ministerii” en Santiago. *BCPML*, T. V. Lugo. pp. 127-128.

1953

- *Geografía de Galicia*. Porto y Cía. Santiago.

- Apuntes sobre mámoas lucenses. *CEG*, T. VIII. Santiago. pp. 142-146.

- Una impresión del viaje de los Reyes Católicos a Galicia. *BCPML*, T. V. Lugo. pp. 3-10.

- Espera en rumbosa puente. *Lar*, nº 236-237. Buenos Aires. p.16.

- La danza popular. *Galicia: Rev. Centro Gallego*, nº 7. Caracas. p. 18.

- Notas sobre el fuego en Galicia: la farsa Dulcinea o la quema de la Pascua. *Homenaje a César Morán Bardón. Zephyrus*, T. IV. Salamanca. pp. 401-415.

- ** GARCÍA SISO, J., Reseña Estadística de la provincia de Lugo. *BCPML*, T. V. Lugo. pp. 320-321.

- ** VÁZQUEZ SACO, F., Los escudos de Sarria. *BCPML*, T. V. Lugo. p. 321.

1954

- Apuntes para la historia de la Primera Enseñanza en el valle de Quiroga (Lugo). *BCPML*, T. VI, nº 41-44. Lugo. pp. 8-14.

- Músicos y cantores populares. *Lar*, nº 248-250. Buenos Aires. pp. 11-12.

- El tizón de Navidad. *Airiños*, nº 13. Buenos Aires. p. 14.

- ** ESPINOSA RODRIGUEZ, J., Apuntes gráficos sobre Heráldica Gallega. *BCPML*, T. VI, nº 41-44. Lugo. p. 106.

- ** VÁZQUEZ SACO, F. e VÁZQUEZ SEIJAS, M., Inscripciones romanas de Galicia, II, provincia de Lugo.

BCPML, T. VI, nº 41-44. Lugo. pp.106-107.

- ** TABOADA ROCA, M., Semblanzas de juristas Gallegos, que no deben permanecer en el olvido. *BCPML*, T. VI. Lugo. p. 201.

- ** CARRO GARCIA, J., Coronica de Santa María de Iria, (códice gallego del siglo XV). *BCPML*, T. VI. Lugo. pp. 202-203.

- ** COUCEIRO FREIJOMIL, A., Diccionario Bio-bibliográfico de escritores. *BCPML*, T. VI. Lugo. p. 203.

- ** La Revista “Compostellanum” *BCPML*, T. VI. Lugo. pp. 203-204.

1955

- c/LÓPEZ CUEVILLAS, F., Los castros de la Tierra del Saviñao. *III Congreso Nacional de Arqueología, 1953*. Zaragoza. pp. 273-332.

- Grupo dolménico de Monte Orgoso. *III Congreso Nacional de Arqueología, 1953*. Zaragoza. pp. 409-410.

- Petroglifos del monte Pedreira, en Carballedo (Pontevedra). *III Congreso Nacional de Arqueología, 1953*. Zaragoza. pp. 411-412.

- El molino de Paula. *Lar*, nº 260-262. Buenos Aires. pp. 35-36.

- La Madamita de Castro Pedro. *VG*, nº 670/4. Lugo. p. 43.

- El Colegio de Santiago Alfeo. *VG*, nº 671/5. Vigo. p. 24.

- El nacimiento del Miño y sus leyendas. *VG*, nº 674/8. Vigo. p. 12.

- Recuerdos de Navidad. *VG*, nº 676/10. Vigo. p.16.

- **VÁLGOMA Y DÍAZ VARELA, D., Santiago de Compostela visto por peregrinos y visitantes extranjeros.

Compostela, nº 32. Santiago. p. 23.

1956

- *Historia del Colegio de Fonseca*. CEG (Anejo XI). Santiago.

- Un mapa en relieve de Galicia del Dr. Salvador Parga Pondal. *EG*, nº 62. Madrid. pp. 85-87

- Don Gumersindo Laverde y Ruiz, catedrático del Instituto de Lugo. *CEG*, T. XI. Santiago. pp. 307-312.

- La farsa de Casadenaya (Antas de Ulla). *BRAG*, T. 27. A Coruña. pp. 162-166.

- Siempre los caminos. *Lar*, nº 272-274. Buenos Aires. pp. 25 e 28.

- Motivos del Carballino. *VG*, nº 716/20. Lugo. p.11.

1957

- *Santiago de Compostela*. Publicaciones españolas. Madrid.

- Aportación al estudio folklórico del castaño, la castaña y el magosto. *R.G.*, vol. LXVII. Guimarães. pp. 443-458.

- El aguinaldo de Reyes. *VG*, nº 718/22. Lugo. p. 17.

- El sermón de Duarria (Lugo). *VG*, nº 721/25. Lugo. p. 18.
- La noche de San Juan. *VG*, nº 723/27. Lugo. p. 35
- Fiesta Real en Lugo. *VG*, nº 727/ 31. Lugo. p. 4-5.
- El paisaje del Ribero. *VG*, nº 728/32. Lugo. p. 4-5.
- Costumbres de fin de año. *VG*, nº 729/33. Lugo. p. 4.
- Tres hombres de la feria. *Lar*, nº 284-286. Buenos Aires. pp. 36 e 38.
- El funeral por Carlos II en la ciudad de Lugo. *BCPMO*, T. XIX. Ourense. pp.131-138.
- 1958**
- *Los Colegiales de Fonseca*. CEG (Anejo XII). Santiago.
- Paisaxe e historia nas conversas de D. Ramón Otero Pedrayo. *Ramón Otero Pedrayo: a súa vida e a súa obra*. Caracas. pp. 15-17.
- El Belén. *Asociación de Belenistas de Lugo*. Lugo. p. 3.
- Posibilidades del paisaje gallego: El paisaje en el cine. *VG*, nº 730/34. Lugo. pp. 20-21
- El traje tradicional en la artesanía gallega. *VG*, nº 731/35. Lugo. pp. 12-13.
- La perla de la ría. *VG*, nº 732/36. Lugo. pp. 16-17.
- Tradición y recuerdo de la Semana Santa campesina. *VG*, nº 733/37. Lugo. pp. 22-23.
- El libro y la enseñanza. *VG*, nº 734/38. Lugo. p. 29
- El Miño y Orense. *VG*, nº 735/39. Lugo. pp. 16-17.
- De Lugo a Vigo por Lalín. *VG*, nº 736/40. Lugo. p. 23
- En torno a las rías de Ferrol, Ares y La Coruña. *VG*, nº 737/41. Lugo. pp. 8-11.
- Caminos de Pontevedra. *VG*, nº 738/42. Lugo. pp. 9-11.
- La ronda por la muralla. *VG*, nº 73/43. Lugo. pp. 8-9.
- Algunos dichos del vino. *VG*, nº 740/44. Lugo. pp. 26-27.
- Cementerios campesinos. *VG*, nº 741/45. Lugo. pp. 26-27.
- 1959**
- La mutación del paisaje. *VG*, nº 742-743/46-47. Lugo. pp. 38-39.
- Al comienzo de la Ría. *VG*, nº 744/48. Lugo. pp. 20-21.
- Paisaje de valle y de ribera. *VG*, nº 745/49. Lugo. pp. 16-17.
- De Bayona a Tuy por la Guardia. *VG*, nº 746/50. Lugo. pp. 7-9.
- Hacia el paisaje de las cumbres orensanas. *VG*, nº 747/51. Lugo. pp. 7-9.
- Viejos estudios compostelanos. *VG*, nº 748/52. Lugo. pp. 24-25.
- En torno a la Costa de la Muerte. *VG*, nº 749/53. Lugo. pp. 15-17.
- Fiestas pontevedresas. *VG*, nº 750/54. Lugo. pp. 16-17.
- Sobre el recuerdo lucense. *VG*, nº 751/55. Lugo. pp. 19-20.
- Tierras de Portugal. *VG*, nº 752-753/ 56-57. Lugo. pp. 42-43.
- El conde de Covelo. *Lar*, nº 302. Buenos Aires. pp. 17-18.
- 1960**
- Notas en torno al maíz. *Colóquio de estudos etnográficos "Dr. José Leite de Vasconcelos"*. Porto, 1958, vol. III, pp. 151-158.
- Apuntes sobre la Iglesia de Santiago de Loureiro. *BCPMO*, T. XX. Ourense. pp. 345-359.
- La antigua casa de la Carnicería en Santiago. *CEG*, T. XV, nº 47. Santiago. pp. 349-352.
- La virgen en el cancionero popular gallego. *MP*, T. XIV, pp. 67-88.
- Predicción del tiempo y cosechas en el saber popular. *VG*, nº 754/58. Lugo. pp. 21-22.
- El litoral lucense. *VG*, nº 757/61. Lugo. pp. 4-5.
- De Orense a Viana por Verín y la Gudiña. *VG*, nº 758/62. Lugo. pp. 9-11.
- Arte en Compostela: M^a del C. Mariño Taboada. *VG*, nº 758/62. Lugo. p. 42.
- En el noroeste galaico. *VG*, nº 760/64. Lugo. pp. 20-21.
- Arte en Compostela: Exposición de pintura. *VG*, nº 760/64. Lugo. p. 61.
- Arte en Compostela: exposición Suárez Ferreiro...*VG*, nº 761/65. Lugo. p. 15.
- Arte en Compostela: Fernández Sánchez...*VG*, nº 762-763/66-67. Lugo. p. 5.
- La pintura en los museos y colecciones particulares. *VG*, nº 764-765/68-69. Lugo. p. 11.
- El crucero de Barreiros. *Lar*, nº 304. Buenos Aires. pp. 37-38.
- 1961**
- Notas sobre el recibimiento del Arzobispo Don Maximiliano de Austria. *Compostellanum*, vol. VI, nº 2. Santiago. pp. 333/157-343/167.
- Arte en Compostela: Gonzalo R. de la Cuesta...*VG*, nº 766/70. Lugo. p. 61.
- Arte en Compostela: Roberto González del Blanco...*VG*, nº 768/72. Lugo. pp. 13-15.
- Los antiguos gremios del mar. *VG*, nº 771-772/75-76. Lugo. pp. 23-25 e 28.

- Arte en Compostela: Antonio Moragón...*VG*, nº 771-772/75-76. Lugo. p. 109.
- 1962**
- Restos dolménicos próximos a la ciudad de Lugo. *Homenaje al profesor Cayetano de Mergelina*. 1961. Murcia. pp. 343-350.
- Castros de la comarca lucense. *CEG*, T. XVII. Santiago. pp. 307-328.
- 1963**
- Aportación al estudio del teatro popular en Galicia: la farsa de Ribadulla. *1º Congreso de Etnografía y Folklore*. Braga. 1956, vol. II. Lisboa. pp. 233-239.
- Tres temas relacionados con Santiago en el Congreso Etnográfico de Santo Tirso (Portugal). *Compostellanum*, vol. VIII, nº 4. Santiago. pp. 343/719-346/722.
- Decir de historiadores. *EF*, nº 1383. Santiago. pp. 327-331.
- 1964**
- Sangüesa y la peregrinación a Compostela. *Compostellanum*, vol. IX, nº 2. Santiago. pp. 329-330/161-162.
- 1965**
- Algunos dichos y creencias acerca de los animales. *Actas do Congresso Internacional de Etnografía, Santo Tirso, 1963*. vol. III, Lisboa. pp. 231-253.
- Influencia de la emigración al Brasil en tierras de Galicia. *Actas do V Coloquio Internacional de Estudos Luso-Brasileiros, vol. I, pp. 5-15*. Coimbra.
- Origen de la Universidad compostelana. *Dios lo quiere*, nº 109. Vitoria. pp. 7-9
- *** La exposición. *La Venera, 18ª exp.* IPSEG. Santiago. pp. 16-25.
- 1966**
- Manuel Murgía en Valladolid. *Abrente*. Valladolid. p. 37.
- "Compostellanum" y la semana de estudios jacobeos. *CBAGAS*, nº 71. Santiago. pp. 159-160. (reed.)
- El milagro del ahorcado. *RE*, vol. VI, nº 12. Porto. pp. 494-498.
- ** HISTORIA DE GALIZA, Otero Pedrayo, R., (dir). *Revista de Etnografía*, vol. VI, nº 11. Porto. pp. 249-252.
- 1967**
- Emoción y recuerdo de la Ribera Sagrada. *Congresso de estudos da comemoração do XIII centenario da morte de S. Frutuoso, 1966*. Brácará Augusta, vol. XXI, T. I. Braga. pp. 287-297.
- ** OLIVEIRA, E. Veiga de, Instrumentos musicais populares portugueses. *Revista de Etnografía*, vol. IX, nº 18. Porto. pp. 465-473.
- ** GALLEGO DE MIGUEL, A., El arte del hierro en Galicia. *Revista de Etnografía*, vol. VIII, nº 16. Porto. pp. 486-492.
- 1968**
- Emplazamiento de ferias en Galicia a fines del siglo XVIII. *CEG*, T. XXIII. Santiago. pp. 200-223.
- Notas sobre el paso de los franceses por Lugo. *CEG*, T. XXIII. Santiago. pp. 337-346.
- Sebastián González García-Paz: Notas da súa vida e do seu tempo. *Grial*, nº 21, Santiago. pp. 334-357.
- Caminos de peregrinación. *CBAGAS*, nº 72. Santiago. pp. 5-7 e 13.
- Vida y obra de Lago González. *CBAGAS*, nº 73. Santiago. pp. 3-8.
- ** CARRE ALVARELLOS, L., Contos populares da Galiza. *Revista de Etnografía*. vol. XI, nº 22. Porto. pp. 458-466.
- 1969**
- Notas de artistas en tierras lucenses. *CEG*, T. XXIV. Santiago. pp. 110-125.
- Algunos seres fantásticos de nuestra tierra. *Revista de Etnografía*, vol. XII, nº 24. Porto. pp. 371-377.
- Centenario de un sabio. *CBAGAS*, nº 74. Santiago. pp. 4-6.
- ** PIRES DE LIMA, F. Castro. Ensaíos etnográficos. *Revista de Etnografía*, T. II, nº 24. Porto. pp. 493-499.
- *** La exposición. *El traje regional gallego, 22ª exp.* IPSEG. Santiago. pp. 13-21.
- *** La exposición. *Amor Ruibal y su época, 22ª exp.* IPSEG. Santiago. pp. 15-20.
- 1970**
- Don Paulino Pedret Casado. *CEG*, T. XXV. Santiago. pp. 5-19.
- Derechos de paso por el puente de Rábade. *CEG*, T. XXV. Santiago. pp. 245-253.
- Santiago y su tierra en el catastro del Marqués de la Ensenada. *CEG*, T. XXV. Santiago. pp. 299-310.
- Lembranza de unha xeneración. *Cincuentenario Nós. Boletín Mensual de Cultura Galega*. Santiago. pp. 37-38.
- Aquilino Iglesia Alvariño. *BRAG*, T. XXX, nº 352. A Coruña. pp. 454-460.
- La Puerta Santa de la Catedral de Santiago. *RE*, vol. XV, nº 29. Porto. pp. 123-163.
- Don José Couselo Bouzas. *CBAGAS*, nº 75. Santiago. pp. 8-10.
- ** FILGUEIRA VALVERDE, J., El viaje a Galicia de Urrabieta Vierge (1880). *Grial*, nº 28. Vigo. pp. 245-246.
- ** RODRÍGUEZ LÓPEZ, J., Supersticiones de Galicia y preocupaciones vulgares, *Grial*, nº 29. Vigo. pp. 369-370.

1971

- Un silvato de piedra y otros objetos. *CEG*, T. XXVI. Santiago. pp. 117-119.
- Perfeutiño de Rebordelo: peregrino del cielo. *Mundo Gallego*, nº 29. Madrid. pp. 11-12.

1972

- Notas del Padre Sarmiento. *CEG*, T. XXVII. Santiago. pp. 355-367
- *** La exposición. *La bibliografía de F. J. Sánchez Cantón, 25ª exp.* IPSEG. Santiago. pp.17-20.
- *** La exposición del Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos. *Fray Martín Sarmiento 1695-1772... , 26ª exp.* IPSEG. Santiago. pp. 9-16.

1973

- *La Galicia Insólita: Tradiciones gallegas.* Librigal. A Coruña.
- Galicia: semblante de una tierra. *Atenea*, nº 1-2. Mayagüez (Puerto Rico). pp. 21-34
- Un libro de historias. *CBAGAS*, nº 76. Santiago. pp. 142-145.
- *** La exposición. *Seminario de Estudos Galegos (1923-1973)...27ª exp.* IPSEG. Santiago. pp. 19-28.

1974

- *Lugo.* Bibliófilos gallegos. Santiago.
- La Sociedad de "Amigos del Arte" de Santiago de Compostela: Apuntes para su historia. *Abrente*, nº 6. A Coruña. pp. 39-61.

1975

- La condesa de Pardo Bazán y el folklore. *RIJCEC*, nº 10-11, A Coruña. pp. 55-96.
- Preocupación polo tempo e os astros na creencia popular. *Boletín Auriense*, T.V. Ourense. pp. 257-269.
- La Villa y Tierra de Padrón en el Catastro de Ensenada. *CEG*, T. XXIX. Santiago. pp. 250-262.
- Castelao en Cotobade. *BRAG*, T. 32, nº 357. A Coruña. pp. 54-59.
- La vida colegial compostelana: Los hombres y las instituciones. *Liceo franciscano*, nº 82-84. Santiago. pp. 189-214.
- *** A exposición. *Castelao e os estudos galegos, 30ª exp.* IPSEG. Santiago. pp. 22-29.

1976

- *Santiago de Compostela.* (2º ed). Publicaciones españolas. Madrid.
- Literatura popular en torno al casamiento, embarazo y parto. *RDTP*, T. XXXII. Madrid. pp. 185-196.
- Galicia: esquemas de historia incompleta I. *Oscus*, nº 30. Madrid. pp. 8-11.
- * PORTELA PAZOS, Salustiano; *O cañón de pau.* Concello de Cotovade.
- * RAMÓN Y BALLESTEROS, Francisco, *Viejas historias gallegas.*
- * No camiño dos setenta. *Bibliografía, cursos, conferencias y currículo de José Filgueira Valverde.* Pontevedra. pp. 7-10.

1977

- Lembrando a Paulino Pedret Casado. *BRAG*, T. 32, nº 359. A Coruña. pp. 321-334.
- Castelao. *A Nosa Terra*, (extra 5-6). Vigo. pp. 65-74.

1978

- A xeografía no Seminario de Estudos Galegos. *Testemuñas e perspectivas en homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos.* Ed. do Castro. Sada. pp. 41-46.
- Geografía de un lugar. *Miscelánea de Geografía de Galicia en Homenaje a Otero Pedrayo*, Universidade de Santiago. pp. 85-101.
- Algunas creencias sobre el mar. *BBPMM*, nº 22, pp. 127-133.
- Don Antonio López Ferreiro: un home de letras. *Follas e papeles*, nº esp. Betanzos.

1979

- *Manuel Murguía: o patriarca.* Vigo (ed. patrocinada polo Banco do Noroeste)
- Algunas cantigas del mar. *BBPMM*, nº 23, pp. 27-52.
- Unha sociedade agraria. *RGEA*, nº 1. Santiago. pp. 211-217.
- * Unha folla para un libro. PRADO DIAZ, A., *Lembranzas dun tempo: versos románticos.* Santiago. pp. 9-12.

1980

- El siglo XIX. *La Universidad de Santiago.* Universidade de Santiago. pp. 57-65.
- Galicia. A terra e o mar: A xeografía. *Historia de Galicia, vol.I.* Cupsa/Planeta. pp. 5-30
- Literatura oral en Galicia. *Evolución cultural de Galicia: ciclo de conferencias.* Caja de Ahorros municipal de Vigo.
- O.M.I. Sr. D. Salustiano Portela Pazos. *BRAG*, T.33, nº 360. A Coruña. pp. 490-496.

1981

- D. Roberto González del Blanco: apuntes sobre su vida y su obra. *Homenaje a pintores compostelanos*, D. P. da Coruña, pp. 51-74.
- Os nadales. *Outeiro*, nº 3. A Coruña. pp. 21-22.
- Vicente Risco: o viaxeiro. *Ourense: Rev. da D.P. de Ourense.* pp. 25-28.
- * En el umbral del puerto. ROMANI, A., *La pesca de bajura en Galicia.* Sada: Ediciós do Castro. pp. 11-18.
- * SANDE CORRAL, M.A., *Poemas.* Ed. Autor. A Coruña. pp. 9-10.

1982

- Tres festas na provincia da Coruña. *Outeiro*, nº 5. A Coruña. p. 24.
- O mes das benditas almas. *Outeiro*, nº 6. A Coruña. p. 37.
- Don Ramón Otero Pedrayo: o xeógrafo. *Dorna*, nº 4. Santiago. p. 17-21.
- Homes de letras da Ría de Arousa. *Ría de Arousa*, nº 0. Santiago. pp. 39-41.
- * Denantes de coller pra canteira. RODRÍGUEZ FRAIZ, A., *Canteiros e artistas de Terra de Montes e Ribeiras do Lérez.* D. P. de Pontevedra.

1983

- A emoción da banda popular. *Homenaxe as bandas.* Concello de Santiago. pp. 11-14.
- A "Pena Cadeira" e dúas pedras máis. *Brigantium*, vol. 4. A Coruña. pp. 221-226.
- El Santuario de la Peregrina en Compostela. *MP*, T. XXXVII. Pontevedra. pp. 331-354.
- Letras galegas. *Outeiro*, nº 8. A Coruña. p. 21.

1984

- Antropoloxía. *Galicia Eterna.* Ed. Nauta, T. II. Barcelona. pp. 325-403.
- Os maíos. *Outeiro*, nº 12. A Coruña. pp. 30-31.
- Castelao na súa xeneración. *Outeiro*, nº 13. A Coruña. pp. 19-20.
- Larear con Don Vicente Risco. *Outeiro*, nº 14. A Coruña. pp. 41-42.
- Don Antonio Losada Diéguez. *Outeiro*, nº 15. A Coruña. pp. 59-60.
- O río Alfofre. *Tiempo de Ocio*, nº 1. Pontevedra. p. 61.
- * COTARELO VALLEDOR, A. *Cancioneiro da Agulla.* Galaxia. Vigo. pp. 9-15

1985

- *El traje gallego.* Fundación Pedro Barrié de La Maza. A Coruña.
- *Aportacións ó cancionero de Cotobade.* Fundación Otero Pedrayo. Traslaba (Ourense).
- Diversións de tempos pasados. *Outeiro*, nº 16. A Coruña. pp. 38-39.
- Victorino García Martí: o cabaleiro da Pobra. *Outeiro*, nº 17. A Coruña. pp. 66-67.
- Curiosas costumes na poesía de Rosalía. *Galicia: Revista del Centro Gallego de Buenos Aires*, nº 637. pp. 28-29.
- * NÚÑEZ LENDOIRO, J. R. *El antroído en la Mariñas dos Condes.* Betanzos. Ed. do autor.

1986

- *Aquilino Iglesia Alvariño: vida y obra: escolma de textos.* Real Academia Galega. A Coruña.
- *Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago: Primera época 1784-1813-1821.* Real Sociedad Económica de Amigos del País. Santiago.
- Fole nos cernes de Galicia. *Os escritores lucenses arredor de Fole.* Concello de Lugo. pp. 79-82.
- Las costumbres populares gallegas en la literatura de Rosalía. *Cursos superiores de verano en Galicia, 1985.* Fundación Alfredo Brañas. Santiago. pp. 33-52.
- O inqueda proceder de Freire Castrillón. *Memoria Anual de la Real Sociedad Económica de Amigos del País*, nº 1. Santiago.
- Aquilino Iglesia Alvariño: o poeta de Seivane. *Outeiro*, nº 20. A Coruña. pp. 65-66.
- Anxel Fole. *Outeiro*, nº 21. A Coruña. pp. 53-55.
- Repaso ós "queixumes" de Pondal. *Outeiro*, nº 22. A Coruña. pp. 59-61.
- Don Florentino López Alonso Cuevillas. *Outeiro*, nº 23. A Coruña. pp. 61-63.
- As almas do Purgatorio. *Encrucillada*, vol. X, nº 49. Vigo. pp. 5-22.
- A primeira emigración de Castelao. *Anduriña*, nº 4. Santiago. pp. 19-20.

1987

- El proceso histórico de España y Galicia en el período de elaboración del Estatuto del 36. *Cursos Superiores de Verano en Galicia...*, 1986. Fundación Alfredo Brañas. Santiago. pp. 343-353.
- Francisca Herrera y Garrido (1869-1950). *Outeiro*, nº 24. A Coruña. pp. 59-62.
- A festa do Carmen. *Outeiro*, nº 25. A Coruña. pp. 31-32.
- A vendimia. *Outeiro*, nº 26. A Coruña. pp. 66-67.
- A Navidade. *Outeiro*, nº 27. A Coruña. pp. 80-82.
- El culto a las animas en Loureiro de Cotobade, *Gallaecia*, nº 9-10, Santiago. pp. 271-278.
- * FERNÁNDEZ PENEDO, L.; *Historia viva del instituto de Lugo.* D.P. de Lugo. pp. 9-13.
- * CASTRO IGLESIAS, D. F., *Villancicos do Nadal.* Santiago. Ed. Autor.
- * SIRO. *Castelao.* Nova Galicia. A Coruña.
- * RODRÍGUEZ PEREZ, D., *Caminando entre enigmas.* Ed. do autor. Vigo

1988

- *Romarías e santuarios.* Galaxia. Vigo.
- O teatro en Santiago. *Teatro Principal.* Concello de Santiago. pp. 21-45.

- Don Ramón, o xeógrafo das paisaxes. *Outeiro*, nº 28, A Coruña. pp. 34-36.
- Don Xosé Filgueira Valverde, un pontevedrés ilustre. *Galicia en Madrid*, nº 26. Madrid. pp. 14-17.
- Otero Pedrayo en Compostela. *Axub: Asoc. xuv. Bosco*, nº 6, Santiago. pp. 3-5.
- * GIL DE BERNABÉ LÓPEZ, M., *Galicia Artesana*. Everest. León. pp. 5-9.
- *** *Compostela en cartas postais 1900-1950. Col. Uxío de La Riva Pol.* Museo do Pobo Galego. Santiago.
- 1989**
- *Romarías e santuarios*. (2ª ed.) Galaxia. Vigo.
- *Celso Emilio Ferreiro*. Real Academia Galega. A Coruña.
- Castela e o Seminario de Estudos Galegos. *Congreso Castela, 1986*. vol. 1. Santiago. pp. 43-48.
- O Río Miño: realidade, lenda e literarura. *Conferencias sobre el Río Miño*. Caixa Ourense. pp. 67-83.
- Comentarios de antropoloxía na obra de Xosé M^a Castroviejo. *Galicia en Madrid*, nº 31. Madrid. pp. 17-21.
- Abrir camiños fluviais. *Memoria Anual de la Real Sociedade Económica do País (1987-1988)*. Santiago. pp. 97-99.
- Don Francisco Asorey. *Arte Galicia*, nº 21. Ferrol. p. 102.
- O vilancico na noite campesíña. *Santa Susana/El Pilar: Bol. Parroquial*, nº 11. Santiago.
- * *Tarxetas postais. Santiago de Compostela*. Gran Enciclopedia Gallega. Santiago. pp. 7-28.
- * GARCÍA RAMOS, A., *Arqueología jurídico-consuetudinaria-económica de la región gallega* (ed. facs.). Santiago.
- *** Asorey: tempo e historia. *Centenario Francisco Asorey*, Museo do Pobo Galego. Santiago. pp. 13-16.
- 1990**
- *La Galicia insolita: tradiciones gallegas*. (2ª ed.) Edición do Castro. Sada.
- Don Antonio Couceiro Freijomil: o historiador. *Homenaje al polígrafo eumes Don Antonio Couceiro Freijomil...* D.P. da Coruña. pp. 125-128.
- Sinodales de Tuy: notas antropolóxicas. *Gallaeciae 1º Congreso, A Guarda 1988*. D.P. de Pontevedra, pp. 195-201. (En portada 1989, D.L. 1990)
- D. Ramón Otero Pedrayo: notas dun lector. *Identidade e territorio: Simposio Internacional de Antropoloxía. Centenario de Otero Pedrayo, Santiago. 1988*. Santiago. pp. 237-244.
- A Sociedade Económica informa da emigración. *Memoria anual de la Real Sociedade Económica de Amigos del País (1988-1989)* Santiago. pp. 125-129.
- * VÁZQUEZ GALLEGU, J., *Tradiciones, mitos, creencias y curanderismo en la medicina popular gallega*. D. P. de Lugo. pp. 9-12.
- 1991**
- Galicia. *El Auto religioso en España*. Comunidad de Madrid. pp. 179-184.
- En percura do galeguismo silencioso. *Galicia en Madrid*, nº 38. Madrid. pp.13-20.
- * SIERRA PONCE DE LEÓN, Vicente. *El camino de la esperanza*. D.P. de Pontevedra.
- * LISTE FERNÁNDEZ, A., *Funcionalidad y estética en el Museo Etnográfico Liste*. D.P. de Pontevedra.
- *** A emoción da postal. *Memoria de Galicia: colección Mariela Lorente*, Museo do Pobo Galego. Santiago.
- *** Arturo Baltar no Museo do Pobo Galego. *Retablos de Arturo Baltar*. Museo do Pobo Galego. Santiago.
- 1992**
- *Galicia máxica*. El Correo Gallego (Biblioteca 114, nº 49). Santiago
- *Carnaval e outras festas*. El Correo Gallego (Biblioteca 114, nº 76). Santiago.
- *Romarías e Santuarios*. (3ª ed.) Diario 16. Vigo.
- La antigua Galicia. *La Antigua y La Nueva Galicia: caminos del mundo...* Cámara Nacional de Comercio de Guadalajara (México). pp. 16-81.
- O cambio familiar. *I Congreso Internacional da Cultura Galega, 1990*. Consello da Cultura Galega. Santiago. pp. 309-312.
- Pasado, presente y futuro del castaño. *Especies frondosas en la repoblación de Galicia*. Lugo. pp. 101-108.
- O que eu sabía das serpes. *Boletín Auriense*, T. XXII. Ourense. pp. 87-97.
- * GÓMEZ VILABELLA, X.M., *Historias intra da bisbarra: Baleira-Castroverde-Pol.* D.P. de Lugo. pp. 5-6.
- * FIDALGO SANTAMARINA, X. A., *O afixador*. Vigo. pp. 7-9.
- *** Apuntamentos sobre a súa vida e a súa obra. *Roberto González del Blanco*. Santiago. (Reed.)
- 1993**
- *O conto do Serafín. O santuario de Franqueira*. Castromil (Contos do Castromil, nº 27). Santiago.
- *La puerta Santa*. Edición do Castro. Sada.
- *Santiago de Compostela*. Consorcio de Santiago. (reed. 1957)
- Dende o ano 1931 deica hoxe. *Rolda de Amigos derredor de Francisco Fernández del Riego*. Edición do Castro. Sada. pp. 57-59.
- Desde o Antroido á Pascua: vida e costumes a comenzo de século. [1989] *Homenagem a J. R. dos Santos Júnior*, vol. II. Lisboa. pp. 205-210.

- Leyendas y tradiciones del Camino de Santiago. *Congreso de Reales Sociedades Económicas de Amigos del País. 1993*. Santiago. pp 197-202
- Alberto Vieira Braga: ilustre antropólogo. *RG*, vol. 103. Guimarães. pp. 35-43.
- Variantes de alguns contos. *RG*, vol. 103. Guimarães. pp. 131-140.
- * GONZALEZ GARCÍA-PAZ, Sebastián, *O Colexio de San Clemente de Pasantes de Compostela*. Universidade de Santiago. pp. 9-14.
- * A xeito de prólogo: Semana Santa en Compostela. *Semana Santa en Compostela, 31 de marzo/11 de abril*.
- * GONZALEZ CONDE, D., *Mi Lamosa añorada*. Pontevedra. pp. 3-4.
- 1994**
- *Do entroido*. Museo do Pobo Galego (Alicerces, 6). Santiago (reed.)
- Necesidade destas forzas xornalísticas para dar fe de vida. *Douscentos galegos de hoxe no xornal da Galicia que vén*. Santiago. p. 54.
- As Mariás no meu recordo. *As Mariás*. Santiago. pp. 9-10.
- Don Fermín Bouza Brey Trillo de Figueroa. *Simposio Internacional de Antropoloxía: In memoriam Fermín Bouza-Brey 1992*. Santiago. pp. 15-23.
- Santiago de Compostela, paradigma secular de la hospitalidad. *La convivencia social en el Xacobeo 93*. Santiago. pp. 20-21
- * *Simposio Internacional de Antropoloxía: In memoriam Fermín Bouza-Brey 1992*. Consello da Cultura Galega. Santiago.
- 1995**
- *O Colexio de Fonseca*. (reed.) Consorcio de Santiago/IPSEG/ Universidade de Santiago.
- *Romarías e santuarios*. Galaxia. Vigo (nova ed.)
- *A festa popular en Galica*. Edición do Castro. Sada.
- *** Hevia no seu labor artístico. *Segundo Hevia: Acuarelas Os camiños de Santiago en Iberia*. Santiago. pp. 19-25.
- Peregrinaxe a Santiago e as romarías de Galicia: Lendas e tradicións. *Romarías e peregrinacións: actas do Simposio de Antropoloxía 1993*. Consello da Cultura Galega. Santiago. pp. 7-15. (tamén coord.)
- Do cancionero á mesa posta. *Ciencia y Humanismo en la Alimentación*. Real Academia Galega de Ciencias-Caixa Ourense. Santiago. pp. 81-100.
- O cancionero popular nas Rías Baixas. *Las Rías Bajas y el Arco Atlántico: cursos de conferencias*. Pontevedra. pp. 139-157
- Dos Maios e dos San Xoáns. *FEGAMP*, nº 9. Santiago. pp. 19-25.
- O pantalón chamado cirolas. *Raigame*, nº 1. Ourense. pp. 7-10.
- Notas del Padre Sarmiento, *Estudios adicados a Fr. Martín Sarmiento*. IPSEG, Santiago. pp. 383-396. (reed.)
- 1996**
- *As cousas de Antonio de Insuela*. El Correo Gallego. Santiago.
- *A festa popular en Galicia (reed.)*. Edición do Castro. Sada.
- A mitoloxía da auga. *As augas de Galicia*. Consello da Cultura Galega. Santiago. pp. 9-40.
- Insuela, un lugar antigo e os nomes da parroquia. *Humanitas: estudos en homenaxe ó prof. Dr. Carlos Alonso del Real*, Universidade de Santiago, pp. 457-459.
- Reimóndez Portela. Estradense ilustre. *Manuel Reimóndez Portela na lembranza*. Edición do Castro. Sada. pp. 83-87.
- Peixeiros, peixe e peixeiros. *La pesca en Galicia: presente y futuro. Curso de conferencias, 1995*. Real Academia Galega de Ciencias, pp. 81-89.
- Lembranza de Don Xaquín Lorenzo Fernández. *Tecnoloxía tradicional: dimensión patrimonial e valoración antropolóxica: Simposio Internacional. In Memoriam Xaquín Lorenzo, Ourense, 1994*. Santiago. pp. 13-19.
- Discurso de Benvida a Camilo José Cela como novo membro da Real Academia Galega de Ciencias *Acto de ingreso del Excmo. Prof. Dr. D. Camilo José Cela en la Real Academia Gallega de Ciencias...* Santiago.
- O madrugador de don Pedro. *Glaucofis: Bol. I.E.V.*, nº 2. Vigo. pp. 37-39.
- *c/ FIDALGO SANTAMARIÑA X. A., Nota introductoria. *Tecnoloxía tradicional: dimensión patrimonial e valoración antropolóxica: Simposio Internacional. In Memoriam Xaquín Lorenzo, Ourense, 1994*. Santiago. pp. 9-11.
- *GONZALEZ REBOREDO, X. M./ GONZALEZ PEREZ, C. *Sociedade e tecnoloxía tradicional do val de Ancares*. Consello da Cultura Galega. Santiago. pp. 7-12.
- 1997**
- O folclore na obra de Sarmiento. *O Padre Sarmiento e o seu tempo: Actas do congreso, Santiago 1995*. Vol. II. Consello da Cultura Galega-Universidade de Santiago. pp. 207-217.
- O muíño nas terras do sul de Cotobade. *Iª Jornadas nacionales sobre molinología, 1995*. Santiago. pp. 13-17.
- A emoción poética ó redor de Vigo. *Glaucofis: Bol. I.E.V.*, nº 3. Vigo. pp. 227-230.
- * VÁZQUEZ MARTÍNEZ, A., *Galicia e a seitura en Castela*. Museo do Pobo Galego. Alicerces 9. Santiago. pp. 5-7.
- * *Museo do Pobo Galego, 20 anos 1977-1997*. Museo do Pobo Galego. Santiago.

1998

- *Cantigueiro de Cotobade*. (reed.) Edición do Castro. Sada.
- Festa equinoccial. *23 letras para un país*, O Correo Galego. Santiago. pp. 29-32.
- Lembrando a Manuel Fabeiro. *Día das letras galegas*, Sociedad Liceo. Grupo filatélico. Noia. pp. 13-14.
- */ CALO LOURIDO, F. Presentación. *Antropoloxía mariñeira. Simposio Internacional de Antropoloxía. In memoriam Xosé Filgueira Valverde, Pontevedra 1997*. Consello da Cultura Galega. pp. 11-12.
- Don Xosé Fernando Filgueira Valverde. *Antropoloxía mariñeira. Simp. Inter. de Antropoloxía. In memoriam Xosé Filgueira Valverde, Pontevedra 1997*. Consello da Cultura Galega. pp. 13-14.
- Lenda e poesía popular nas nosas rías, no noso mar. *Antropoloxía mariñeira. Simposio Internacional de Antropoloxía. In memoriam Xosé Filgueira Valverde, Pontevedra 1997*. Consello da Cultura Galega. pp. 335-348.
- Antropoloxos de comenzos de século: Don Manuel Vidal Rodríguez e Don Francisco Potel Pardal. *Museo de Pontevedra*, T. LII. Pontevedra. pp. 135-162.
- Ángel Ilarri un amante de Vigo e do seu mar. *Rev. Castrelos*, nº 11. Vigo. pp. 13-14.
- Terra de Montes e terras veciñas. *Cotaredo*, nº 1. Forcarei. pp. 8-10.
- Recuerdo del molino y moler: algo de las “muiñadas” de Antonio de Insuela. *Molinum*, nº 1. Madrid. pp. 5-7.

1999

- “Laudatio” de Castelaio (reed.). *Presencia de Castelaio na Academia: textos inéditos e outras páxinas*. Real Academia Galega. A Coruña. pp. 29-31.
- As festas populares. *Circular polo Saviñao*, Círculo Saviñao, pp. 171-177.
- As augas misteriosas. *Las aguas de la Provincia de Ourense: Curso de conferencias*. Real Academia de Ciencias. pp. 115-126.
- O lugar e a casa onde nacín. *Grial*, T. 37, nº 144. Vigo. pp. 621-629.
- * SEIJAS GARCIA, M^a Otilia, *Esto era y no era: cuentos al atardecer*. Noroeste. Santiago. pp. 7-9.
- * MARTINEZ CASTRO, Oscar. *Antropografía e antropoxeografía*. Santiago. pp. 7-11.

2000

- Manuel Vázquez Seijas. *BRAG*, nº 361. A Coruña. pp. 288-289.
- Xaquín Lorenzo Fernández. *BRAG*, nº 361. A Coruña. pp. 297-299.
- * SOBRINO BUHIGAS, R., *Corpus petrogliphorum gallaecia* (ed.facs) O Castro. Sada

ABREVIATURAS EMPREGADAS

- ASEG, *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*
- BBPMM, *Boletim da Biblioteca Publica Municipal de Matosinhos*
- BCPML, *Boletín Comisión Provincial de Monumentos de Lugo*
- BCPMO, *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Ourense*
- BRAG, *Boletín de la Real Academia Gallega*
- CBAGAS, *Compostela: Bol. de la Archicofradía del Glorioso Apóstol Santiago*
- CEG, *Cuadernos de Estudios Gallegos*
- EF, *El Eco Franciscano*
- EG, *Estudios Geográficos*
- FEGAMP, *Federación Galega de Municipios e Provincias*
- IPSEG, *Instituto Padre Sarmiento de Estudos Gallegos*
- MP, *El Museo de Pontevedra*
- RDTP, *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*
- RE, *Revista de Etnografía*
- RG, *Revista de Guimarães*
- RGEA, *Revista Galega de Estudios Agrarios*
- RIJCEC, *Revista del Instituto “José Cornide” de Estudios Coruñeses*
- RPF, *Revista Portuguesa de Filología*
- SEG, *Seminario de Estudos Galegos*
- TAE, *Trabalhos de Antropologia e Etnologia*
- VG, *Vida Gallega*

*Rematouse a impresión
o 28 de decembro de 2006,
101 aniversario do nacemento
de don Antonio Fraguas Fraguas*

